

TRES DÉCADAS DE TELEVISIÓN EN GALICIA

Cronoloxía e posicións perante o desafío dun novo modelo audiovisual

Coordinador:
XOSÉ LÓPEZ GARCÍA



SECCIÓN DE COMUNICACIÓN

I. INTRODUCCIÓN

II. AS TELEVISIÓNS PÚBLICAS: TVE-G E TVG

1. O MODELO PÚBLICO DE TELEVISIÓN

- 1.1. O marco lexislativo da televisión pública
 - 1.1.1. O réxime xurídico da televisión
 - 1.1.2. Composición da Televisión de Galicia
 - 1.1.3. Financiamento da Televisión de Galicia
 - 1.1.4. Desenvolvementos lexislativos en Galicia: a Lei do audiovisual 6/1999
 - 1.1.5. Iniciativas para a reforma do marco lexislativo das televisións públicas
 - 1.1.6. O control da televisión: o exemplo do Consello do Audiovisual Catalán
- 1.2. O financiamento da televisión pública
 - 1.2.1. Modelos iniciais de televisión: Europa fronte a Estados Unidos
 - 1.2.2. Orixe das televisións públicas
 - 1.2.3. As televisións autonómicas
 - 1.2.4. O nacemento da televisión pública galega
 - 1.2.5. O déficit permanente
 - 1.2.6. O mercado publicitario
 - 1.2.7. Os convenios de colaboración
 - 1.2.8. O futuro do servizo público de televisión
- 1.3. A opinión dos expertos
 - 1.3.1. Lexislación
 - 1.3.2. Financiamento

2. PROGRAMACIÓN E AUDIENCIAS

- 2.1. Programación
 - 2.1.1. Televisión Española en Galicia
 - 2.1.2. Televisión de Galicia
 - 2.1.2.1. Informativos
 - 2.1.2.2. Deportes
 - 2.1.2.3. Formatos habituais
 - 2.1.2.4. Programas culturais
 - 2.1.2.5. Programación infantil
 - 2.1.2.6. Xéneros dialogais
 - 2.1.2.7. Variedades e concursos
 - 2.1.2.8. Ficción e documentais
- 2.2. Audiencias
 - 2.2.1. Recepción da televisión en Galicia
 - 2.2.2. Audiencia da Televisión Española en Galicia
 - 2.2.3. Análise comparativa da audiencia da TVG nos anos 1990 e 2000

- 2.2.3.1. Consumo de TVG en 1990
- 2.2.3.2. Datos de consumo da TVG de 2000
- 2.2.3.3. Análise comparativa
- 2.3. A opinión dos expertos
 - 2.3.1. Sobre a programación
 - 2.3.2. Sobre as audiencias

3. INFRAESTRUTURAS E PERSOAL

- 3.1. Televisión Española en Galicia
 - 3.1.1. Medios técnicos de TVE-Galicia (2002)
 - 3.1.2. Persoal TVE-Galicia
- 3.2. Televisión de Galicia
 - 3.2.1. Medios de produción de contidos da TVG (2002)
 - 3.2.2. Tecnoloxía de emisión da TVG
 - 3.2.3. Persoal da TVG
 - 3.2.4. A opinión dos expertos
- 3.3. Sistema audiovisual en Galicia
 - 3.3.1. O audiovisual no organigrama da Xunta de Galicia
 - 3.3.1.1. Dirección Xeral de Comunicación e Audiovisual
 - 3.3.1.2. Centro Galego de Artes da Imaxe
 - 3.3.1.3. Consorcio Audiovisual de Galicia
 - 3.3.2. Asociacións do sector audiovisual
 - 3.3.2.1. O binomio AGAPI-AEGA
 - 3.3.2.2. Academia Galega do Audiovisual
 - 3.3.2.3. Clúster do Audiovisual Galego
 - 3.3.2.4. Outras

4. A LINGUA GALEGA NA TELEVISIÓN

- 4.1. Introducción
- 4.2. Obxecto de estudo
- 4.3. Lexislación sobre o uso do galego na televisión
- 4.4. O caso da lingua en TVE-G
- 4.5. O caso da lingua na TVG
 - 4.5.1. Informativos
 - 4.5.2. Outros xéneros e ficción galega
 - 4.5.3. Dobraxa
 - 4.5.4. Publicidade
 - 4.5.5. Locutores e demais emisores en lingua galega
 - 4.5.6. Cuestións de formación. A contratación e a lingua como criterio
 - 4.5.7. Recepción: como os receptores perciben o galego que lles falan na televisión
 - 4.5.8. A lingua nas televisións catalás e vascas
 - 4.5.8.1. O catalán na televisión catalá
 - 4.5.8.2. O éuscaro na televisión vasca
- 4.6. A opinión dos expertos

III. AS OUTRAS TELEVISIÓNS

1. A TELEVISIÓN PRIVADA EN GALICIA

- 1.1. A fin dun monopolio
- 1.2. Antena 3 Televisión
- 1.3. Telecinco
- 1.4. Canal Plus

2. A TELEVISIÓN LOCAL EN GALICIA

- 2.1. Orixes e normativa da televisión local
- 2.2. Tipoloxía de televisións locais
- 2.3. Mapa das televisións locais en Galicia
- 2.4. Programación das televisións locais en Galicia
- 2.5. O proxecto Tele Voz
- 2.6. A televisión por cable e a televisión dixital. Un futuro posible?
- 2.7. Censo de televisións locais activas de Galicia
- 2.8. A opinión dos expertos

3. TELEVISIÓN POR CABLE E DIXITAL

- 3.1. A televisión por cable en Galicia
- 3.2. O servizo de televisión de R

IV. O FUTURO DA TELEVISIÓN EN GALICIA

1. O DEBATE SOBRE O MODELO DE TELEVISIÓN PÚBLICA

- 1.1. Un modelo esgotado?
- 1.2. A «anomalía audiovisual» española
- 1.3. Perspectivas de reforma para o modelo
 - 1.3.1. As propostas de Moragas e Prado
 - 1.3.2. As propostas da patronal Uteca
 - 1.3.3. O Consello para a Reforma dos Medios de Comunicación do Estado
 - 1.3.4. O debate no caso da Compañía de Radio Televisión de Galicia
 - 1.3.4.1. A iniciativa CRTVG Plural
- 1.4. A opinión dos partidos do Parlamento de Galicia sobre o modelo de televisión pública para Galicia

2. O DEBATE SOBRE A SEGUNDA CANLE DA TVG

- 2.1. As segundas canles en España
- 2.2. Unha vella proposta que volve estar de actualidade

2.3. A opinión dos expertos consultados polo Consello da Cultura Galega

ANEXO

Informe do réxime xurídico da televisión galega (Enrique Gómez-Reino y Carnota)

DOCUMENTACIÓN BIBLIOGRÁFICA E HEMEROGRÁFICA

CRONOLOXÍA DA HISTORIA DA TELEVISIÓN EN GALICIA

GLOSARIO DE TERMOS

EPÍLOGO

I. INTRODUCCIÓN

Na implantación da televisión en Galicia hai varios fitos de singular relevancia que fan imposible a selección dunha data única para conmemorar o inicio dunha historia particular do medio no país. Deste xeito, podemos falar de 44 anos de evolución se tomamos como referencia a primeira recepción do sinal no Centro Emisor do Pedroso, concretamente o 1 de setembro de 1961; serían 43 desde que se fai a primeira emisión desde Galicia co gallo das festas do Apóstolo de 1962; outro fito destacable podería ser a inauguración do Centro Territorial de Televisión Española en Galicia en 1971, que supón o inicio dunha recepción e programación estables que irán ampliándose até a súa situación actual; ou, finalmente, un momento altamente significativo puidera ser a apertura da Radio Televisión de Galicia (RTVG), a primeira canle pública de noso, xestionada polo goberno autonómico, o 24 de xullo de 1985.

Todas estas datas de referencia teñen en común a súa alta significación social xa que teñen que ver co servizo público, quizais unha das vertentes da comunicación televisiva máis estudadas pola súa relevancia e proximidade ao cidadán. Con todo, a historia da televisión en Galicia presenta momentos pouco coñecidos pero non por iso menos importantes, nos que aplicación do medio non é exclusivamente a comunicación de masas: o curso 1968/1969 o profesor, e antigo reitor, da Universidade de Santiago Ángel Jorge Echeverri comezou a empregar circuítos pechados de televisión para impartir aos seus alumnos clases de anatomía. Era a primeira vez que o medio televisivo se aplicaba ao ensino no Estado.

Con todo, fixamos o arranque desta memoria da televisión en Galicia na data da creación do Centro Territorial de TVE en Galicia xa que este evento supón o inicio da produción dunha serie de programas propios, en galego, que falan dunha realidade que só fora retratada na pequena pantalla de xeito anecdótico. O 25 de xullo de 1974 iníciase as emisións de *Panorama de Galicia*, o primeiro programa en galego que lles permitirá aos galegos o coñecemento de primeira man da actualidade do país. Esta é a data escollida e por iso o estudo que presentamos ten como título *Tres décadas de televisión en Galicia*. Un símbolo do comezo da relación do noso país cun medio que, na actualidade, é un dos principais elementos socializadores e o maior contador de historias existente.

En todo caso, tanto este último coma calquera dos fitos aludidos serven non tanto para fixaren efemérides como para nos daren unha idea do percorrido que a televisión galega tivo até a actualidade, na que está sometida a transformacións tecnolóxicas e empresariais que van mudar o mapa das comunicacións nos vindeiros anos. Cómpre facermos memoria para nos enfrontar aos retos que se producen no sector televisivo, no que a competencia e a necesidade de investimento son cruciais.

Por todos estes motivos, estamos en disposición de establecemos unha primeira cronoloxía da televisión en Galicia, ademais de sumar as opinións de moitos dos implicados no proceso e de expertos no sector en Galicia. Este traballo non quere ser máis ca unha guía dos momentos máis relevantes desde a implantación do medio no país, coa intención de chamarmos a atención sobre as súas particularidades, que inflúen na evolución que xa se está producindo. O debate sobre estas cuestións, que constitúe a cerna do mesmo estudo, é inherente á súa natureza pública e, polo tanto, será enriquecedor.

Metodoloxía

A Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega traballou cun modelo de investigación que combina dous métodos propios das ciencias sociais que sitúan o seu foco de atención no debate e no intercambio de ideas entre expertos. Dunha banda, tomáronse certos elementos de traballo do método Delphi; doutra, empregouse o modelo de grupos de discusión.

O método Delphi parte da confección dun cuestionario que se envía a un panel de expertos para que cadaquén remita a súa resposta; a continuación, envíanse todas as respostas obtidas a cada un dos membros do panel, que responderán de novo, mantendo ou modificando a súa opinión. Procúrase deste xeito unha retroalimentación de opinións que favoreza o consenso e permita extraer resultados cuantitativos mellor obxectivados. O presente traballo valeuse en parte deste método, mais variándoo da seguinte maneira: o Delphi esixe o anonimato dos participantes e mais das respostas emitidas; porén, neste caso non houbo anonimato, posto que os informes previos se combinaron con grupos de discusión nos que participaron os expertos consultados. Así, dado que non existiu confidencialidade das súas opinións, non podemos dicir que o Delphi sexa o modelo de investigación elixido, senón un modelo base do que partiu un proceso metodolóxico

específico e diferenciado. Doutro xeito, mentres que o Delphi ofrece datos estritamente cuantitativos, o método aquí empregado valeuse de datos cuantitativos que orientaron a obtención doutros cualitativos.

Os informes que se presentaron aos expertos para a preparación das xuntanzas foron redactados na propia Sección de Comunicación. Foron elaborados por medio da consulta ás fontes bibliográficas e hemerográficas existentes, todas elas de elevado valor documental. En calquera caso, dada a súa escaseza, só permitiron unha primeira achega, obxectiva na medida da propia obxectividade das fontes, para unha posterior interpretación por parte dos implicados no proceso e expertos convocados. Todas estas fontes consultadas son referidas pola súa utilidade para aqueles investigadores que desexen afondar en aspectos determinados desta historia do medio televisivo.

O traballo dividiuse en sete áreas de traballo, non só en función da súa operatividade, senón tamén por entendermos que constitúen partes diferenciadas do traballo na televisión e que, polo tanto, poden gozar de certa autonomía no seu estudo. Estas áreas son: programación, audiencias, infraestruturas (que comprenden tanto os medios materiais e técnicos, como os cadros de persoal), lingua, financiamento, lexislación e televisión local. Quixemos, en primeiro lugar, facer unha distinción cos medios locais xa que, malia contaren con todos os elementos que estudamos naquelas televisións de implantación autonómica, poden entenderse como un tema á parte debido ás súas particularidades legais e empresariais.

Cada unha destas áreas correspóndese con cadanseu informe previo e debate do grupo de expertos. Estes expertos foron elixidos baseándose en dous criterios fundamentais: dunha banda, a súa participación no proceso de construción da televisión en Galicia, en calquera dos ámbitos consignados, e, da outra, o seu recoñecido traballo de investigación sobre os medios en Galicia. Temos, xa que logo, participantes no proceso político de construción da televisión pública no país, responsables –históricos ou actuais– dos distintos medios, investigadores do medio universitario ou participantes nos que se dá a coincidencia de traballaren na televisión, ademais de investigaren e reflexionaren sobre ela. O interese posto na participación de fontes tan diversas ten que ver coa procura dunha visión calidoscópica dun mesmo fenómeno.

Hai que engadir un último grupo de discusión, no que se convocaron a representantes das forzas políticas maioritarias no Parlamento galego, para o debate sobre o modelo de televisión pública. Con este tema non se corresponde ningún informe específico xa que se entende que o abordan, de maneira transversal, o resto dos informes, nomeadamente os dedicados ao financiamento e á lexislación do medio.

Este foi o marco inicial do estudo, que se foi articulando arredor dos eixes propostos. A medida que se foron recadando máis datos –por medio da bibliografía amentada e de consultas a responsables de distintos medios– fixéronse evidentes novas necesidades do traballo, que teñen a súa resposta na súa organización final, na que se fai unha distinción entre medios públicos e privados, e na inclusión dun apartado específico sobre o sistema audiovisual galego (apartado 3.3.).

Por último, é preciso deixar constancia de que este proxecto contou coa colaboración desinteresada dun grupo de persoas, pertencentes ao sector profesional da comunicación en Galicia, que actuaron como fontes de valiosa información e facilitaron desta maneira o labor de investigación. Por este motivo, a Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega quere expresarlles o seu agradecemento a Ignacio Capeáns, (director de Antena 3 Galicia e Onda Cero Galicia), Montserrat Sedes (responsable de Producción de Atlas Galicia), José Francisco Sánchez (director de Comunicación e Formación da Corporación Voz de Galicia), Tomás Fernández (xefe do Servizo de Documentación de Radiotelevisión de Galicia), Joaquín Alonso (director técnico de Retegal) e Malú Bergantiños (Departamento de Comunicación de R).

II. AS TELEVISIÓNS PÚBLICAS: TVE-G E TVG

1. O MODELO PÚBLICO DE TELEVISIÓN

1.1. O marco legislativo da televisión pública

1.1.1. O réxime xurídico da televisión

O réxime xurídico da televisión queda enmarcado no ordenamento xurídico español pola declaración da televisión de Servizo Público esencial cunha titularidade que lle corresponde ao Estado, segundo se establece no Estatuto Jurídico de Radio y Televisión aprobado pola Lei 4/1980, do 10 de xaneiro.

No marco das posibilidades contempladas pola lexislación vixente, o establecemento dun sistema de medios públicos ao servizo da cidadanía foi unha das inquietudes do goberno galego, de xeito que o pleno parlamentario se manifestaba en favor dunha terceira canle o 23 de setembro de 1982.

A posibilidade do desenvolvemento dun aparato mediático propio, no que se defendan e difundan os valores culturais e lingüísticos galegos, está recollida no Estatuto de Autonomía, na Disposición Transitoria 6ª:

No que respecta á televisión, a aplicación do apartado tres do artigo trinta e catro do presente Estatuto supón que o Estado outorgará en réxime de concesión á Comunidade Autónoma de Galicia a utilización dunha terceira canle, de titularidade estatal, que debe crearse especificamente para a súa emisión no territorio de Galicia, nos termos que prevexa a citada concesión.

Até a posta en funcionamento efectivo desta nova canle de televisión, Radiotelevisión Española (RTVE) articulará a través da súa organización en Galicia un réxime transitorio de programación específica para o territorio de Galicia, que Televisión Española emitirá pola segunda cadea (UHF).

O custo da programación específica de televisión á que se refire o parágrafo anterior, entenderase como base para a subvención que se lle puidera conceder á Comunidade Autónoma de Galicia, durante os dous primeiros anos de funcionamento da nova canle á que se refire esta disposición transitoria.

O 9 de decembro de 1983, o Parlamento de Galicia aprobou a creación da devandita terceira canle mediante unha proposición de lei que se tería que ratificar nas Cortes Xerais. Con todo, este intento non chegou a ser tomado en consideración xa que o goberno central presentara un proxecto de lei para regular esta materia (Lei 46/1983, que posibilitaba a posta en funcionamento dunha terceira canle de titularidade estatal en réxime de concesión ás comunidades autónomas). Esta Lei viña articular a posibilidade apuntada na Constitución española no artigo 149.1.27, no capítulo de Competencias Exclusivas do Estado:

Normas básicas de réxime de prensa, radio e televisión e, en xeral, de todos os medios de comunicación social, sen perda das facultades que no seu desenvolvemento e execución lles corresponden ás Comunidades Autónomas.

Deste xeito, dítase a Lei 9/1984, do 11 de xullo, que contempla a creación da RTVG, configurándoa como un ente de dereito público ao que lle corresponde a regulación e a xestión dos servizos de radio e de televisión competencia da Comunidade Autónoma. Para a xestión mercantil do servizo público de televisión créase en 1985 a sociedade anónima Televisión de Galicia, S.A. Ambas as dúas están rexidas por un administrador único ou director xerente.

Este marco normativo complétase coas disposicións estatais contidas na Lei 31/1987 de ordenación das telecomunicacións que derrogan ou modifican determinados preceptos do Estatuto de Radio y Televisión. Tamén coa Lei 12/97 de liberación das telecomunicacións e coa Lei 17/97 pola que se incorpora ao dereito español a directiva 95/47 da CEE sobre o uso das normas para a transmisión de sinais de televisión e liberalización do sector. En relación co exercicio da actividade da radiodifusión televisiva están en vigor, en primeiro lugar, a Lei 25/94, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a directiva europea 89/552/CEE –a de «Televisión sen Fronteiras»–, modificada logo pola lei 22/99, pola que se incorpora ao ordenamento español a directiva 97/36/CEE; en segundo lugar, a Lei 34/1988, Xeral de publicidade.

No ámbito local, as emisións de televisión de cobertura limitada a este espazo territorial, tamén con natureza de servizo público, réxese pola Lei 41/95, da televisión local por ondas terrestres. A xestión destas televisións pódese realizar por si ou por particulares

mediante concesión administrativa, correspondendo en ambos os dous casos ás comunidades autónomas o outorgamento das correspondentes concesións para a prestación do servizo.

En canto ás leis ditadas en Galicia, podemos tomar en consideración a Lei 6/1999, do 1 de setembro, lei do audiovisual galego, da que falaremos máis polo miúdo.

1.1.2. Composición da Televisión de Galicia

O modelo organizativo da Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG) está tomado, como ocorreu co resto de terceiras canles cedidas aos poderes autonómicos, de Radio Televisión Española (RTVE). Segundo o profesor Luís Álvarez Pousa (1993: 337) as televisións autonómicas «vencellaron tanto a súa sorte ao modelo da RTVE, que non poden desligarse da quebra na que deu aquel». Con todo, debemos aclarar que esta imitación só se produciu no que respecta á estrutura organizativa da Televisión e ao tipo de xestión e financiamento. Na Lei 46/1983 dispónse, no artigo 2º, que o Estado fornecerá a cada comunidade autónoma das infraestruturas necesarias para a emisión da terceira canle cedida:

O Estado proporcionará a cada Comunidade Autónoma a infraestrutura técnica dunha rede para a difusión da terceira canle.

A tal fin, porase en funcionamento a rede de emisións, enlaces e reemisores que garantan a cobertura do territorio afectado, salvagardando o respecto ás obrigas derivadas dos acordos, convenios internacionais e resolucións e directrices de órganos internacionais aos cales España pertence.

Esta intención non chegou a cumprirse, de xeito que o goberno galego tivo que desenvolver o seu propio sistema de comunicacións para a emisión, sen poder contar coa rede que establecera TVE nos anos precedentes.

Polo que respecta á administración e dirección do centro, a CRTVG si segue fielmente o esquema estatal: un Director Xeral, directores de cada ente (RG e TVG), un Consello de Administración e o Consello Asesor da Compañía e das súas sociedades.

O *Director Xeral* conta con importantes competencias derivadas da lei de constitución da TVG. Entre elas, destacan as seguintes: cumprir e facer cumprir o disposto na lei e nas demais normas que regulan a Compañía, así como os acordos do Consello de

Administración, coa suficiente antelación, o plan anual de traballo, a memoria económica anual e anteproxectos de orzamentos da Compañía e das súas sociedades; organizar a dirección e nomear con criterios de profesionalidade o persoal directivo da Compañía e das súas sociedades, notificando con carácter previo os nomeamentos ao Consello de Administración; ordenar a programación de conformidade cos principios básicos aprobados polo Consello de Administración.

Estas atribucións foron consideradas excesivas por diversas voces, sobre todo da propia armazón da televisión, e concreouse unha proposición de lei de iniciativa popular para a modificación da lei 9/1984, que completaremos máis adiante.

Pola súa parte, o *Consello de Administración* está composto por doce membros, elixidos en cada lexislatura polo Parlamento de Galicia mediante maioría de dous terzos da cámara, por proposta dos respectivos grupos parlamentarios segundo a súa representación, entre persoas de acreditado prestixio profesional. A condición de membro do Consello de Administración é incompatible con calquera clase de vencello directo ou indirecto con empresas do sector audiovisual e coa prestación de servizos ou relación laboral en activo coa CRTVG, coa RTVE ou coas sociedades de ambos os dous entes. As competencias que se lle atribúen na lei de constitución da Compañía (artigos 7, 17 e 19) clasifícanse en consulta e asesoramento, xestión e planificación e, finalmente, programación.

O *Consello Asesor* da CRTVG e as súas sociedades teñen encomendadas por lei as funcións de emitir opinións ou ditames cando lle fosen expresamente requiridos polo Consello de Administración e en todo caso no exercicio das competencias que sobre programación lle corresponden, conforme ao artigo 9 da Lei 9/1984. Porén, todas estas atribucións non chegaron nunca a exercerse posto que, 18 anos despois de que esta lei entrara en funcionamento, o Consello Asesor segue sen existir, de xeito que é o de RTVE o que se ocupa destas funcións.

Na páxina web da TVG (<http://www.crtvg.es>) recóllese a seguinte información sobre este organismo:

B.- Consello Asesor:

As dúas sociedades da Compañía de Radio - Televisión de Galicia contan cun consello asesor. Aínda que este organismo non ten competencias decisorias, asesora emitindo opinión ou ditame cando lle sexa requirido. O Consello está composto por diversos vocais elixidos entre os traballadores das dúas

sociedades, xestores dos servizos públicos, representantes da Administración Autónoma, Consello da Cultura Galega, universidades, Parlamento e deputacións provinciais.

Por outra banda, a programación está sometida a control parlamentario, segundo recolle o artigo 20 da Lei de creación da Compañía da Radio Televisión de Galicia, a través dunha comisión parlamentaria. Esta componse de deputados dos distintos grupos, seguindo o esquema de representatividade política de cada lexislatura. Segundo o *Informe Fiscalizador* do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio económico de 1997, este control resulta ser político e está «encomendado ás institucións da democracia representativa do pluralismo ideolóxico» e, segundo este ente fiscalizador, ese control «non debe ser substituído por outros controis profesionais ou de democracia case directa» (Consello de Contas de Galicia, 1999: 14). Polo que respecta ao control que sobre a programación ten que exercer o Consello de Administración, o citado *Informe Fiscalizador* apunta que no exercicio económico de 1997 o Consello de Administración «celebrou 36 reunións, das que 23 foron ordinarias e trece extraordinarias» (Consello de Contas de Galicia, 1999: 22). Das propostas de resolución sometidas a votación nas reunións ordinarias, só tres foron relativas aos contidos de programación de dous espazos puntuais emitidos o ano anterior.

Se consideramos o número de propostas como índice de eficacia –di o informe– debemos conseguentemente concluír a reducida operatividade das reunións ordinarias como sistema eficaz de control. (...) [As trece sesións extraordinarias] deron lugar, paradoxalmente, a un número maior de propostas de resolución, pero non obstante non nos consta que se adoptara ningunha resolución relativa á ordenación dos espazos de televisión para garantir o dereito de antena dos grupos sociais máis representativos (Consello de Contas de Galicia, 1999: 23).

1.1.3. Financiamento da Televisión de Galicia

O *Informe Fiscalizador* do Consello de Contas correspondente ao exercicio económico de 1997 recolle o seguinte extracto respecto das fontes de financiamento da Televisión de Galicia:

[O] funcionamento efectivo da televisión pública financiarase mediante subvencións consignadas no orzamento da Comunidade Autónoma, a través da comercialización e da venda dos seus produtos e coa participación no mercado da publicidade. Non se contempla a posibilidade de establecemento dunha taxa ou canon sobre a tenencia de receptores que inicialmente só gravaría a dos televisores en cor, a diferenza do previsto para a televisión pública estatal. Tampouco se sinala que a participación no mercado da publicidade debe ser limitada, aspecto que foi engadido pola lei de creación da Compañía (Consello de Contas de Galicia, 1999: 13).

O mesmo texto advirte, por outra banda, que este modelo presenta as seguintes deficiencias:

- As relativas ás subvencións consignadas nos orzamentos da Comunidade Autónoma: como se sabe son os parlamentarios os que aproban os créditos orzamentarios anuais sometidos aos principios de especialidade nos seus aspectos cuantitativo, cualitativo e temporal, pero son os executivos quen autorizan, comprometen gastos e recoñecen obrigas con cargo aos créditos consignados no orzamento aprobado. Polo tanto, correspóndelle ao executivo a concesión e o pago das subvencións sen prexuízo de que teñan asignación nominativa nos orzamentos xerais de cada Comunidade Autónoma e resulten excluídas do requisito de convocatoria pública.
- As relativas á participación limitada no mercado da publicidade: cómpre sinalar que no momento da aprobación do Estatuto da Radio e da Televisión no 1980, para o caso da televisión esta limitación puidera ter sentido en relación cos restantes medios de comunicación que se financiaban total ou parcialmente vía publicidade, fundamentalmente prensa escrita e radio. Daquela, a oferta televisiva estaba formada polas dúas canles de TVE, que mediante a súa transmisión por ondas terrestres tiñan unha cobertura territorial limitada. A aparición das televisións públicas autonómicas a partir de 1983 vén ampliar a oferta televisiva nalgúñas Comunidades. En 1988, coa chegada das sociedades anónimas concesionarias privadas, esta oferta continúa incrementándose coa particularidade de que o seu financiamento conséguese case exclusivamente do mercado da publicidade. Máis recentemente a aparición das televisións locais, así como os avances tecnolóxicos, configuran unha oferta televisiva moi distinta da existente no momento de implantación da terceira canle. As televisións que transmiten en aberto, ao financiarse total ou parcialmente con ingresos procedentes do mercado da publicidade, vense abocadas a desenvolver programacións semellantes co fin de incrementar as audiencias e conseguintemente os ingresos por publicidade. Fórzase así á programación das cadeas públicas a tomar unha orientación comercial distanciándose do cumprimento das funcións de servizo público que debe presidir as súas actividades.
- As relativas á comercialización e á venda dos seus produtos: consideramos que non existe concreta definición dos mesmos. Ao estar subvencionados con carácter xeral no suposto de comercialización en réxime de competencia cos doutras cadeas non subvencionadas, pódense producir situacións que

distorsionen este mercado. Non obstante, pola súa escasa relevancia nos ingresos totais, e ao non suscitar excesivos conflitos até o de agora, non se considera preciso profundar na súa problemática (Consello de Contas de Galicia, 1999: 11-12).

1.1.4. Desenvolvementos lexislativos en Galicia: a Lei do audiovisual 6/1999

A Lei 6/1999, do 1 de setembro, partía co obxectivo de «artellar os mecanismos para que todos os galegos poidan ter acceso audiovisual que favoreza o aumento e a mellora das súas capacidades e posibilidades de información e comunicación», o mesmo que establecer uns principios inspiradores do sector audiovisual galego, tendo en conta a importancia económica e social do sector. A profesora Margarita Ledo (2001a: 75) indica que a lei «recoñece a importancia do sector, a necesidade de desenvolver a investigación e o ensino universitario e profesional, amais de remarcar o apoio á produción, difusión e comercialización de cinema e de vídeo en galego a prol da consecución da normalización cultural e lingüística». A LAG fala asemade, explicitamente, do papel «dos produtos audiovisuais na construción da imaxe de Galicia (...)».

A normativa conta con catro capítulos: un primeiro de disposición xerais; o segundo dedicado ás actividades de fomento do sector audiovisual; un terceiro sobre a exhibición da produción audiovisual e, finalmente, o cuarto que concirne ao desenvolvemento do Consello Asesor das Telecomunicacións e do Audiovisual de Galicia.

Esta Lei, aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia, non tivo aínda o desenvolvemento institucional preciso. Se ben moitas das súas disposicións non recollen intervencións concretas da administración, si hai algúns puntos que non chegaron a concretarse:

En primeiro lugar, tal e como recolle o capítulo 2º, artigo 9, da devandita Lei, contéplase a creación do *Consorcio Audiovisual de Galicia*, un organismo que había servir para «a potenciación institucional das accións tendentes ao desenvolvemento do sector audiovisual». O 21 de novembro de 2002 constitúese este Consorcio, que se describe como unha «entidade de dereito público de carácter interadministrativo», e que conta cun patrimonio propio. O Consorcio, que ten como director xerente a Ignacio Varela Ramos, non ten desenvolvidas as súas características, tales como organigrama e o plan de traballo, na presente Lei.

Por outra parte, tamén se describe na Lei, concretamente no capítulo 4º, o *Consello Asesor das Telecomunicacións e do Audiovisual*, un organismo que segue sen funcionar.

O primeiro intento de regulación deste órgano é o «decreto 307/1995, do 13 de xullo, polo que se crea o Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual e se establece a súa composición e o seu réxime de funcionamento». As funcións iniciais previstas neste decreto eran as seguintes:

Artigo segundo

- a.-Propoñerlle ao goberno de Galicia cantas medidas considere oportunas no ámbito das telecomunicacións e do audiovisual.
- b.-Coñecer e informar as liñas estratéxicas de actuación recollidas no libro branco das telecomunicacións, así coma no futuro libro branco do audiovisual de Galicia, que puxera en marcha a Secretaría Xeral de Comunicación.
- c.-Coñecer e emitir un informe sobre os proxectos lexislativos e regulamentarios en materia de telecomunicación e audiovisual, que sexan competencia da Xunta de Galicia.
- d.-Emitir informes sobre os temas relacionados coas telecomunicacións e audiovisual que o presidente do consello someta á súa consulta.
- e.-Calquera outra función que, no mesmo marco das súas competencias, se lle atribúa por algunha disposición legal ou regulamentaria.

Posteriormente, emítense a Orde do 17 de novembro de 1999 pola que se aproba o Regulamento de funcionamento do Consello e o Decreto 276/1999, do 21 de outubro, polo que se regula a composición e as funcións do Consello Asesor. Neste último decreto, o artigo 3º, define a composición do Consello, que ten como presidente previsto ao Presidente da Xunta de Galicia. Así mesmo, como indicamos con anterioridade, a propia Lei 6/1999 se ocupa nun dos seus capítulos da organización deste instrumento para o fomento, estudo e arbitraje do panorama audiovisual galego.

Até finais de 2002, é dicir, tres anos despois da aprobación da Lei, o Consello das Telecomunicacións e do Audiovisual só chegara a reunirse nunha ocasión na súa totalidade, é dicir, máis de noventa membros, dos que un 40% están designados entre responsables da

Administración, segundo nos indicou Xosé María Palmeiro¹, daquela decano do Colexio de Xornalistas de Galicia e un dos persoeiros que conformaron este organismo.

1.1.5. Iniciativas para a reforma do marco lexislativo das televisión públicas

A composición e funcionamento da TVG foi abundantemente criticada dende a súa constitución por parte de distintos colectivos. Os medios de comunicación escrita fixéronse con certa frecuencia eco de tales queixas, de xeito que podemos atopar noticias e artigos de opinión con este contido, sobre todo nos primeiros anos de funcionamento da canle autonómica.

A tentativa máis sólida foi a que deu lugar á «Proposición de Lei de iniciativa popular de modificación da Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía de Radio–Televisión de Galicia», presentada no ano 2001. Esta iniciativa lexislativa foi promovida por traballadores da TVG coa intención de acadar uns «medios de comunicación públicos veraces, plurais e democráticos». Esta aspiración fora xa requirida polo Valedor do Pobo, que propuña a creación dun Consello do Audiovisual independente do poder político, como do que dispón Cataluña dende o ano 2000.

A intención desta Proposición de Lei era a modificación dos artigos 10 e 12 da Lei vixente 9/1984 de creación de Radio Televisión de Galicia. A redacción quedaría do seguinte xeito:

Artigo 10

- 1.- O director xeral da Compañía é o órgano executivo da entidade pública e será elixido polo Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos e para un período de cinco anos, oído o Consello de Administración. Producida a elección o Director Xeral será nomeado por decreto da Xunta.
- 2.- Sen prexuízo das causas de cese establecidas na presente Lei, o seu mandato será de cinco anos e non estará limitado polo comezo ou final dunha lexislatura. Cando o seu mandato remate, continuará no cargo até que o Parlamento de Galicia elixa un novo Director Xeral.
- 3.- O cargo de Director Xeral estará afectado polas mesmas incompatibilidades que as sinaladas para os membros do Consello de Administración. Tamén se considerará causa de incompatibilidade a vinculación con entidades públicas ou privadas de medios de comunicación.

¹ Este dato obtívose en entrevista persoal con Xosé María Palmeiro, decano do Colexio de Xornalistas de Galicia até maio de 2004, o día 25 de novembro de 2002.

4.- O Director Xeral asistirá ás reunións do Consello de Administración con voz e voto, pero carecerá deles cando trate de asuntos que o afecten persoalmente.

Artigo 12

1.- Nos supostos de cese, dimisión, renuncia, morte, incapacidade, ou incompatibilidade sobrevida procederase inmediatamente á designación do novo Director Xeral polo procedemento establecido na presente Lei.

2.- O cese do Director Xeral será acordado polo Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos, por iniciativa propia, oído o Consello de Administración. A Xunta de Galicia tamén lle pode propoñer ao Parlamento o cese do Director Xeral, así como o Consello de Administración, por maioría de dous terzos. O cese do Director Xeral farase efectivo por decreto da Xunta, despois de ser acordado polo Parlamento, e ten que estar motivado nalgunha das seguintes causas:

- a.- Imposibilidade física ou enfermidade superior na súa duración a seis meses continuos.
- b.- Incompetencia manifesta ou actuación contraria aos criterios, principios ou obxectivos aos que se refire a presente Lei.
- c.- Condena por delito doloso.

Esta iniciativa popular foi rexeitada no Parlamento de Galicia o 14 de maio de 2002, cos votos en contra dos deputados do PP e a favor da oposición constituída polo BNG e o PSdeG-PSOE.

1.1.6. O control da televisión: o exemplo do Consello do Audiovisual Catalán

O goberno catalán, perante a inexistencia dun organismo que puidera controlar o medio televisivo, constituíu por lei –Lei 2/2000 do 4 de maio–, o Consell de l’Audiovisual. Este organismo fora creado no marco da Lei 8/1996 e presentaba carencias que foron corrixidas nesta segunda proposta reguladora. O Consell convértese na primeira autoridade de control audiovisual, independente do goberno da Generalitat, que trata de asegurar o pluralismo dos medios, o cumprimento das distintas leis que rexen o sector, así como a existencia dun servizo público de calidade.

No artigo primeiro da devandita lei exprésanse a natureza e as finalidades do organismo:

1. O Consell de l’Audiovisual de Cataluña é un ente público de carácter institucional que, como autoridade independente dotada de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, tanto

no ámbito político coma no privado, actúa con plena independencia das administracións públicas no exercicio das súas funcións. O Consell, que ten autonomía orgánica e funcional, réxese polo disposto na presente Lei, polas disposicións que a desenvolven e polo seu estatuto orgánico e de funcionamento.

2. O Consell, no marco das competencias da Generalitat, vixía polo respecto dos dereitos e liberdades que, no ámbito dos medios de comunicación audiovisual de radiodifusión sonora, televisión e calquera outro sistema de transmisión de son ou imaxe, son recoñecidos na Constitución e no Estatuto de Autonomía, e, especialmente, garante o cumprimento da normativa reguladora da programación e da publicidade, e das condicións das concesións, así coma o cumprimento da eficacia e observancia da normativa europea e dos tratados internacionais relativos á materia. O Consell vixía, así mesmo, polo pluralismo político, relixioso, social, lingüístico e cultural no conxunto do sistema audiovisual en Cataluña, vixía pola neutralidade e honestidade informativas, e preserva o cumprimento das normas relativas ao uso da lingua catalá e o impulso do aranés.

O Consell de l'Audiovisual encárgase, polo tanto, de controlar tanto a calidade como a legalidade dos produtos emitidos en Cataluña, unha función que queda sen cubrir no resto do Estado español, no que as distintas leis do audiovisual non garanten unha actuación limpa dos organismos públicos e privados que se ocupan do sector. Trátase dunha seria carencia, especialmente ao poñer o caso español en relación co resto de Europa, onde a meirande parte dos Estados contan cun organismo de control sobre o audiovisual².

Por outra banda, o Consell conta con outros organismos asociados que contribúen ao coidado dos contidos audiovisuais, como, por exemplo, a Oficina de Defensa da Audiencia, para que todo aquilo que afecte á programación e á publicidade poida ser obxecto de queixa.

Un dos temas principais sobre o debate dos medios de comunicación cataláns ten que ver cos medios de titularidade pública. A era dixital reclama unha nova demarcación para eles, de xeito que se definan novas funcións e mecanismos de control.

² O Consell de l'Audiovisual de Cataluña ten ligazóns na súa páxina web con organismos de control dos seguintes países: Sudáfrica, Alemaña, Australia, Bélxica, Canadá, Chile, Colombia, Dinamarca, Estados Unidos, Francia, Gran Bretaña, Grecia, Hong-Kong, Irlanda, Israel, Italia, Luxemburgo, Malaisia, Malta, Nova Celandia, Países Baixos, Polonia, Portugal, República Eslovaca e Suíza.

Neste sentido, Miquel de Moragas e Emili Prado³ defenden a idea de que o sistema actual do audiovisual precisa de medios públicos, para o que dan tres argumentos principais:

- 1.- O libre mercado non garante, suficientemente, as funcións políticas, sociais e culturais que lle corresponden á televisión nas democracias modernas.
- 2.- Non existe garantía dunha estrita correspondencia entre os espazos delimitados polo mercado audiovisual e as «comunidades» (lingüísticas, culturais, nacionais, etc.).
- 3.- Non queda garantida a igualdade efectiva de oportunidades no acceso aos servizos e aos bens culturais derivados das innovacións tecnolóxicas (Moragas e Prado, 2000: 3).

Por outra banda, Moragas e Prado sosteñen que os medios públicos teñen que se manter sobre catro piares: a misión de servizo público, o financiamento, o control dunha autoridade independente do poder político e a supervisión parlamentaria.

Sendo aínda decano do Colexio de Xornalistas de Galicia, Xosé María Palmeiro consideraba «oportuna a creación dun foro sobre os medios de titularidade pública galega, de xeito que asociacións, representantes da cidadanía e outros organismos debatan sobre o futuro dos mesmos.»⁴

1.2. O financiamento da televisión pública

1.2.1. Modelos iniciais de televisión: Europa fronte a Estados Unidos

A maioría dos sistemas televisivos de todo o mundo naceron e conformáronse nos anos 40 e 50 como modelos públicos, directamente dependentes dos Estados e con carácter de monopolio. A este respecto indica Enrique Bustamante (1999: 31) que «a xestión dun recurso escaso como eran as frecuencias hercianas, a conciencia sobre a importancia político –cultural da radiotelevisión, ou o consenso sobre a necesidade de preservar ese

³ Moragas, M. e Prado, E.: «Repensar la televisión pública en el contexto digital». Documento en liña accesible na web: <http://www.portalcomunicacion.com/observa/polis/tvp.pdf>

⁴ Ver nota 1.

aparato da presión comercial foron frecuentemente as principais razóns alegadas, cando non simplemente a inexistencia de grupos privados fortes e interesados no sector».

Bustamante explica deste xeito que «en case toda Europa occidental se constitúe así un modelo específico de televisión estatal de servizo público, caracterizado por uns obxectivos pedagóxicos de oferta de programas, financiamento dominante a través dun imposto *ad hoc* (canon) e por unha sempre relativa pero progresiva autonomización da xestión respecto dos gobernos». Polo tanto, temos en Europa un triplo monopolio público: de produción, de programación (contidos) e de difusión (do sinal).

O modelo dos Estados Unidos é, dende o comezo mesmo, totalmente antitético, cunha base financeira asentada no sistema comercial en man das grandes empresas e cuns resultados contrarios aos de servizo público cara aos que sempre se camiñou en Europa.

1.2.2. Orixe das televisións públicas

A meirande parte dos países europeos saían da Guerra Mundial cunha soberanía nacional e cun sistema político debilitado. Para restaurar o consenso e recuperar a identidade nacional era precisa unha televisión estatal centralizada e o seu acceso á poboación. A famosa triloxía de formar –informar– entreter foi compatible cun control político efectivo dos gobernos do poder que exercían a súa visión paternalista en combinación cunha perspectiva elitista da cultura, baseada nos patróns da clase media –alta. Pero a crise do sistema público estaba preto e preto estaba tamén a transición dunha regulamentación estatal a outra empresarial. Exemplos de distintos modelos de desregulamento nacional témolos nos casos de Reino Unido, Francia, Italia e Alemaña.

Tamén en España, o Estatuto da Radio e Televisión establece dende o momento mesmo de nacer, no 1980, que «o ente público RTVE se vai financiar con cargo aos orzamentos xerais do Estado e mediante os ingresos e rendementos das actividades que realice», pero tamén «mediante subvencións consignadas nos orzamentos xerais do Estado, a comercialización e a venda dos seus produtos, unha participación limitada no mercado da publicidade e, no seu caso, mediante unha taxa ou canon sobre a tenencia de receptores...»⁵.

⁵ Artigo 32 do Estatuto de Radio e Televisión.

Respecto a estes medios de financiamento, Muñoz Machado (1998: 43) apunta que «nunca se utilizou a taxa ou canon sobre a tenencia de receptores (...). Emplegouse inicialmente a provinte dos Presupostos Xerais do Estado de forma case absoluta (...) e acudiu selectivamente ao mercado da publicidade (...). Pero, pouco a pouco, a publicidade converteuse na forma de financiamento ordinaria da televisión pública, até o punto de que en 1985 chega a desaparecer a contribución provinte dos Presupostos Xerais do Estado»⁶ nunha dinámica insólita en toda Europa occidental.

Ademais, dende os anos oitenta sucédense outra serie de acontecementos desreguladores manifestos: «entre 1983 e 1989 xorden as emisoras autonómicas, tamén oficiais. E a partir de 1989 autorízanse tres canles de televisión privadas. Dun modo alegal e máis ou menos tolerado, tamén se implantan na última década máis de mil emisoras de televisión local... » (2001: 94). Esta serie de feitos consagrarán, xa definitivamente, un sistema absolutamente comercial e competitivo.

Mentres descenden os recursos das televisións públicas e se disparan os gastos debido ao incremento da programación e pola inflación dos custos ocasionada pola competencia en moitos tipos de programas, as televisións públicas vense obrigadas a incrementar a súa dependencia da publicidade o que, en competencia cos operadores privados, resulta condicionante clave da súa produción.

1.2.3. As televisións autonómicas

Malia ter unha estrutura a escala de TVE, semella evidente que as televisións autonómicas teñen un tipo de financiamento distinto, «tanto polas fortes necesidades de investimento que esixe a creación *ex novo* dunha canle aínda de cobertura limitada, como polas dificultades xurdidas na busca dunha audiencia fiel fronte á competencia asentada do prolongado monopolio da televisión pública central». Con todo, os estudos de diversos autores sobre este tema indican o contrario: que «o modelo televisivo claramente comercializado e conformado polos imperativos publicitarios nunha alta proporción, rexe con tanta forza nas autonómicas como en TVE» (Bustamante e Zallo, 1988: 147).

⁶ A respecto da implantación do canon, Manuel Palacio (2001) indica que non chegou a cobrarse porque non o permitiron a administración franquista e a picaresca cidadá.

Como xa mencionamos no apartado 1.1.3, o Informe Fiscalizador do Consello de Contas do exercicio de 1997 lembra que o financiamento da televisión pública galega ten de levarse a cabo «mediante subvencións consignadas no orzamento da comunidade autónoma, a través da comercialización e venda dos seus produtos e coa participación no mercado da publicidade». Non se contempla a opción do pagamento por tenencia de receptores, nin tampouco que «a participación no mercado da publicidade deba ser limitada, aspecto que foi engadido pola lei de creación da Compañía» (Consello de Contas de Galicia, 1999: 13). Transcorridos máis de quince anos da súa posta en marcha e tendo en conta a evolución do sector televisivo, este modelo presenta, a xuízo do organismo fiscalizador, diversas deficiencias en relación coas fontes de financiamento:

- As relativas ás subvencións consignadas nos orzamentos da comunidade autónoma.
- As relativas á participación limitada no mercado da publicidade.
- As relativas á comercialización e á venda dos seus produtos (Consello de Contas de Galicia, 1999: 11-12).

No que atinxe aos gastos que supoñen a contratación de persoal e mais aos de produción propia da canle ocuparémonos de maneira máis extensa nos apartados sobre infraestruturas e sobre programación, respectivamente.

Retomando o aspecto do financiamento das canles autonómicas, observamos que hai unha incorporación clara do patrocinio como elemento de financiamento xunto coa clásica publicidade. Na TVG, por exemplo, «as disposicións sobre o patrocinio da súa programación son moi semellantes ás do caso vasco. (...) Esixe que a publicidade quede claramente diferenciada como tal dos programas. Agora ben, “queda excluída a publicidade de programas ou a que teña como soporte os sinais horarios”. Está prohibida (...) nesta emisora a publicidade de tabaco e de alcohol (de máis de vinte graos)» (Corredoira, 1991).

Na TVG os contratos de publicidade non se distinguen dos de patrocinios. De feito, formalízanse mediante as Ordes de Difusión, modelo oficial e tipificado. Contratan, por iso, as axencias coa Dirección Comercial, aínda que, en supostos de publicidade especial, cabe que a TVG contrate directamente co anunciante. Na TVG o patrocinio é pois un contrato

autorizado que permite supostos de pactos atípicos, ao arbitrio das partes, o lle permite á xerencia a flexibilidade para financiar certas emisións.

Con todo, a utilización do patrocinio na televisión é un recurso de moita capacidade para a obtención dunha boa imaxe corporativa, así como para a diversificación e o maior éxito das campañas publicitarias convencionais.

1.2.4. O nacemento da televisión pública galega

A creación dunha terceira canle de televisión para Galicia foi unha prioridade para a cámara autonómica galega dende o seu comezo. Tanto é así que en setembro de 1982 aprobaba por unanimidade unha proposición de lei instando á creación dunha televisión galega. Pero será o 11 de xullo de 1984 cando o Parlamento de Galicia aprobe o proxecto de Lei de Creación da Compañía de Radio e de Televisión de Galicia. No capítulo V indicábase que o financiamento da entidade se faría con cargo aos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma e mediante ingresos e rendementos das súas actividades (*El Correo Gallego*, 1985).

Nunha información publicada no xornal *El Correo Gallego* o día 25 de xullo do ano 1985, o daquela director xeral de Medios de Comunicación Social, Tomás Fernández, anunciaba que culminaba

un proceso que dende o punto de vista orzamentario se iniciara coa chamada Lei de Insuficiencias, en virtude da cal e por unanimidade se consignaran os primeiros 1200 millóns de pesetas (7 215 875 €) para o proxecto televisivo. Como se sabe, os até daquela minguados presupostos da Comunidade Autónoma apenas deixaban opción para desenvolver unha política de investimentos propia, tida conta de que unha altísima porcentaxe das transferencias económicas que chegaban de Madrid viñan afectadas para un fin determinado e era imposible subtraelas para outras atencións. Esta situación de presuposto coutado rachou en boa medida coa Lei de Insuficiencias, aprobada polo Parlamento galego e publicada no DOG o 3 de agosto do 1984. Na exposición de motivos do devandito texto legal sinalábase que dentro das cuestións que debían ter un tratamento institucional non se podía «esquecer a defensa, apoio e promoción de todo o que contribuíse a reforzar a nosa propia e peculiar idiosincrasia. O Goberno cre que estes obxectivos (dos que non se pode abdicar) habíanse ver en boa medida favorecidos se ás accións que xa se veñen desenvolvendo neste ámbito se une o concurso decidido dos medios de comunicación e, moi especialmente, da Televisión». É dicir: en canto as dispoñibilidades económicas o permitiron, o Goberno galego deulle resposta á demanda social e institucional de poñer en marcha a canle propia de televisión.

A canle autonómica foi inaugurada oficialmente o día 24 de xullo de 1985 nun acto ao aire libre nas inmediacións do centro de produción e emisión de San Marcos.

1.2.5. O déficit permanente⁷

A terceira canle de televisión para Galicia comezou con 1200 millóns de pesetas (7 215 875 euros) recibidos a través da Lei de Insuficiencias e con preto de 1300 millóns (7 813 157 euros) correspondentes aos presupostos para 1985. Nos anos seguintes continuou o incremento de presuposto de maneira progresiva. O despegue orzamentario produciuse no 88, cando o Consello de Administración propuxo un orzamento de 8197 millóns de pesetas (49 264 962 euros), o que supoñía duplicar o do ano anterior. Un dos membros do Consello de Administración, Eliseo Cerviño, apuntaba en declaracións a *La Voz de Galicia* que este importante incremento estaba «xustificado de cheo por unha exposición nidiamente empresarial» e que non significaría un aumento importante de persoal. Os presupostos terían que recibir posteriormente a aprobación da Xunta e, finalmente, do Parlamento. A proposta que aprobou o Consello de Administración significaba unha subvención a cargo dos presupostos autonómicos de 7247 millóns de pesetas (43 577 871 euros), fronte aos 3280 millóns de pesetas (19 723 391 euros) do exercicio anterior. Os incrementos máis importantes que se prevían nestes presupostos referíanse aos investimentos en produción propia, que suporían até un 70% do total⁸.

Co comezo da década dos 90 o principal reto que tiña que afrontar a televisión galega era o elevado déficit acumulado ao longo de 5 anos de funcionamento. En abril deste mesmo ano o portavoz do goberno, Vázquez Portomeñe, cifrábao en máis de 4200 millóns de pesetas (25 242 508 euros). O primeiro paso para afrontar esta débeda foi a moderación dos presupostos.

No ano 93 principiaba o plan de axuste que obrigaba á CRTVG a reducir o ritmo de renovación dos equipos e materiais técnicos, pero estes recortes non impediron que o déficit seguise medrando. O 15 de abril do ano 1994, *La Voz de Galicia* recollía unhas

⁷ Os datos económicos, agás nos que se indica outra fonte, están tirados de Cendán Fraga, A. (1998): *A Televisión en Galicia*, Santiago de Compostela, Lea.

⁸ *La Voz de Galicia*, 9 de setembro de 1987.

declaracións do entón director xeral da Compañía de Radio Televisión de Galicia, Ramón Villot, quen afirmaba que o endebedamento da entidade ascendía a 8420 millóns de pesetas (50 605 219 euros) a finais do ano anterior. Villot indicaba que esta débeda bancaria se dividía en 4270 millóns de pesetas (25 663 217 euros) nun préstamo a longo prazo e en 4150 millóns (24 942 002 euros) en créditos a curto prazo. A oposición parlamentaria consideraba preocupante esta situación do ente audiovisual. Segundo o director xeral, a política de austeridade e de aproveitamento de recursos permitiría facerlle fronte a esta situación. Villot explicaba ademais que en dez ou en doce anos agardaba amortizar a débeda. No exercicio do 93, grazas a unha partida aprobada polo Parlamento de 1000 millóns (6 010 121 euros), non houbera déficit. E nese ano 95 destináranse 800 millóns de pesetas (4 808 097 euros) para a súa amortización. O deputado socialista Santos Oujo Bello sinalaba que, segundo os datos que manexaba o PSdeG-PSOE, o endebedamento medrara un 11% respecto ao 92 e acadaba a cifra de 7600 millóns de pesetas (45 700 541 euros).

O plan de saneamento non tardou en dar os seus froitos e a CRTVG reduciu o déficit por primeira vez na súa historia en 1995. Ao ano seguinte, 1996, pechou cun superávit de 80 millóns de pesetas (480 810 euros) e amortizou o pasivo bancario en preto de 1200 millóns de pesetas (7 212 145 euros), que, sumados aos 800 millóns de pesetas (4 808 097 euros) reducidos en 1995, deixaban en 7200 millóns (43 272 817 euros) as débedas acumuladas pola Compañía. Mais, nese mesmo ano, os membros do Consello de Administración da CRTVG designados polo PSOE acusaron a dirección da canle de manipular os datos do balance económico do 96. Segundo estes conselleiros, a dirección do ente «falsea a realidade e manipula as cifras cando din que a empresa tivo un superávit de oitenta millóns»⁹. Na súa opinión, agochábaselle á sociedade que a CRTVG recibía anualmente unha subvención de máis de 8000 millóns de pesetas (48 080 968 euros) das arcas da Administración. Lembraban que o presuposto da compañía para o 96 fora de 12 332 millóns de pesetas (74 116 813 euros) mentres que os ingresos por publicidade só acadaran os 1740 millóns de pesetas (10 457 611 euros).

Francisco Campos, director xeral da CRTVG no ano 1997, afirmaba, nunha entrevista publicada no *Anuario da Televisión 1999*, que «a posta en marcha da plataforma Vía Digital, os cambios de accionariado das canles privadas e a lei que regula a

⁹ *La Voz de Galicia*, 20 de maio de 1997.

posibilidade de privatizar total ou parcialmente as canles autonómicas marcaron a tónica do panorama televisivo de 1997» (GECA Consultores, 2000). No terreo das finanzas aseguraba que «por terceiro ano consecutivo pechamos as contas sen déficit e cun superávit de 150 millóns (de pesetas)». Nesta publicación indícase que o ente público galego tivo uns beneficios no 95 de

110 millóns de pesetas (661 455 euros) e no 96 rexistrou un superávit de 78 millóns de pesetas (469 032 euros)» (GECA Consultores, 2000). O *Anuario* explica que a política de disciplina orzamentaria imposta pola CRTVG permitíralle pechar os tres últimos anos sen déficit. O ente público destinara 700 millóns de pesetas (4 207 085 euros) a amortizar a súa débeda, que ascendía a 6000 millóns de pesetas (36 060 726 euros) no 97. Ademais, tiña previsto eliminar as cargas da compañía no ano 2002. Tamén se sinala que «o capital circulante do ente público se reduce de 952 millóns de pesetas (5 721 635 euros) no 94 a 179 millóns de pesetas (1 075 812 euros) no 97. Porén, o *cash flow* (beneficio máis amortizacións) aumenta de 982 millóns de pesetas (5 901 939 euros) no 95 a 1018 millóns de pesetas (6 118 303 euros) dous anos despois. Pola súa parte, os ingresos publicitarios da compañía medran un 10% no 97, en comparación co exercicio precedente (GECA Consultores, 2000).

Nunha análise semellante e máis recente incluída en *El Anuario de la Televisión 2004* (GECA, 2004), as declaracións de Francisco Campos céntranse en destacar a liña de «saneamento financeiro» que está a levar a CRTVG nos últimos anos, a cal lles permitiu «pechar o exercicio [2002-2003] unha vez máis sen déficit, ao tempo que reducir a débeda histórica acumulada até o ano 1994». Pola contra, o propio anuario advirte sobre unha crise publicitaria que tamén afecta á Televisión de Galicia, que pecha o exercicio 2002 cunha cifra de negocio de 21,2 millóns de euros, co que nin sequera supera a cifra do ano 2001 (21,3 millóns de euros). Alén diso, Campos indica que o resto dos ingresos obtidos medran lixeiramente aínda que iso só supón que os ingresos de explotación pasen dun 26,5 millóns en 2001 a 26,6 millóns en 2002, mentres que os gastos medran en practicamente todas as partidas (GECA, 2004: 350-351).

Pero o déficit non é un problema exclusivo da televisión galega, senón que afecta a todas as canles autonómicas. É por iso que, entrando o ano 1998, as Administracións autonómicas comezaban a estudar unha fórmula de viabilidade para as canles públicas que fose capaz de

adelgazar unha débeda próxima aos cen mil millóns de pesetas. Fondos propios negativos, endebedamento crecente e investimentos estancados provocaran a grave situación destas cadeas, que lles custaban a cada cidadán de seis comunidades 3759'42 pesetas anuais (22'6 euros). As perdas diarias das autonómicas situábanse en 268 493 151 pesetas (1 613 676 euros). Cun custo total de 65 443 millóns de pesetas (393 320 351 euros), as principais canles recibiran unhas subvencións de 58 523 millóns de pesetas (351 730 314 euros). A pesar disto, seguían sendo un saco sen fondo¹⁰.

As cadeas autonómicas mantiñan o seu esforzo orzamentario por axustarse ás contas aprobadas polos gobernos autonómicos, agás a valenciana Canal 9 e a catalá CCRTV, que emite TV3, e Canal 33. As demais obtiveran resultados positivos de explotación con parte da súa débeda acumulada. Telemadrid, TVG, Euskal Telebista (ETB) e Canal Sur (RTVA) reducirían nese ano 97 as achegas das súas comunidades autónomas. A TVG, cuns beneficios de 150 millóns de pesetas (901 518 euros), aínda mantiña unha débeda acumulada de 6000 millóns de pesetas (36 060 726 euros), que prevía reducir a 4000 millóns de pesetas (24 040 484 euros) no vindeiro exercicio.

Nos anos 2001 e 2002, TVG gasta catro veces máis que o que ingresa por publicidade, o que supón unhas perdas de 79,5 millóns de euros. Con todo, «as achegas realizadas pola Xunta de Galicia (74,3 millóns de euros) compensan os números vermellos e fan que o balance da cadea remate cun pequeno superávit de 113 000 euros. Así mesmo, realízase unha provisión extraordinaria de 5,2 millóns de euros» (GECA, 2004: 351).

1.2.6. O mercado publicitario

O medio televisivo concentra a maior parte do investimento publicitario dos medios de comunicación. Concretamente, segundo Zenith Media, o ano 2003 concentrou o 41,5% deste investimento. Ao longo da década dos 90 asistimos a un crecemento imparable do investimento publicitario en televisión, que ten a súa maior subida en 1998, cun incremento do 19,5%.

Aínda que o 2000 é o primeiro ano en que diminúe o tempo dedicado á publicidade nas televisións, alcánzase o teito económico, que supón 2323 millóns de euros, un 10,3 %

¹⁰ *La Voz de Galicia*, 5 de decembro de 1998.

máis que no ano anterior. Esta tendencia á alza no investimento dáse tamén nas autonómicas, que medraban no 2000 «un 5'5% respecto ao 99 no mercado publicitario. O mercado catalán da televisión seguía sendo o que máis diñeiro movía, aínda que o seu crecemento estaba por baixo da media. Os mercados madrileño e valenciano foron, neste ano, os que máis aumentaron. Andalucía, pese ao seu baixo crecemento, era a terceira en importancia. TVG e EITB medraban arredor da media»¹¹. No anuario da televisión de GECA referente á tempada 2002-2003, destácase a especial característica do sistema televisivo español, posto que na competencia polo mercado participan directamente catro cadeas. A competencia polo liderado non só lle afecta ás tres grandes televisións nacionais –TVE1, Telecinco e Antena3– senón tamén en relación á FORTA. Esta canle

participa activamente no repartimento global, a pesar da súa desvantaxe territorial (o 23,5% dos españois non ten acceso a unha canle autonómica) e queda só a 5,6 puntos da líder TVE1. Isto explícase porque, a pesar de que TVE1 mantén o seu primeiro posto, tamén rexistra o dato máis baixo da súa historia, un 23,9% de cota de pantalla. A competencia endurecese tempada tras tempada (...) a diferenza entre as tres principais cadeas e a FORTA é máis curta ca nunca.

Polo que respecta ao caso concreto da TVG, a tendencia alcista no investimento publicitario vén xa dende anos anteriores, no paso de 1997 a 1998 traducíase, por exemplo, nun incremento do 16'64% (Corominas, 2000). O director xeral da CRTVG, Francisco Campos, defende na entrevista publicada polo estudo de GECA do 2004 o dereito das televisións públicas de participaren na «torta publicitaria» en función do peso específico que cada canle teña dentro da sociedade.

Porén, estes datos, que se traducen en importantes beneficios para as canles, vense freados en 2001, primeiro ano en que o investimento publicitario descende (concretamente, segundo datos de Infoadex, un 7,4%). Esta caída, que obrigou os medios a facer axustes de persoal e de investimento en produción de contidos, afecta tamén ás canles autonómicas, que facturan un 3,4% menos no 2002 ca no 2001, segundo as previsións feitas por Infoadex. A TVG, que tampouco fica allea a estas oscilacións no mercado, factura un 5,5% menos neste período, e é a terceira canle que máis perde, por detrás de Canal 9 (8%) e Telemadrid (6,1%).

¹¹ Análise da publicidade, ano 2000. Fonte: SOFRES.

A tempada 2002/03 implica, globalmente, unha leve recuperación do mercado publicitario que non afecta por igual a todas as canles. Mentres que as canles privadas estatais amosan un receso no investimento dos anunciantes, TVE experimenta unha subida dun 10%, resposta directa ao fenómeno *Operación Triunfo*. Polo que respecta ás canles autonómicas lemos no *Anuario de la televisión 2004*: «Os ingresos por este capítulo seguen un camiño distinto ao da televisión estatal. No caso de TV3 e ETB – como marcas representativas dun grupo de canles – e TVG, o incremento é notablemente máis moderado pero positivo. Pola contra, as canles de Madrid, Andalucía e a Comunidade Valenciana suman porcentaxes negativas» (Pérez Ruiz, 2004: 148-149). A TVG, pola súa banda, acusa os efectos da crise publicitaria e apenas aumenta a cifra de negocio de 21,1 millóns de euros de 2002 (21,3 en 2003).

Con todo, malia as baixadas das cifras económicas, o espectador galego, igual que o do resto do Estado, asiste á saturación do medio cos insertos publicitarios. A baixada do tempo publicitario de 2000 non deixa de ser anecdótica e o tempo dedicado aos anunciantes vólvese incrementar en 2002 nun 11%, segundo datos da consultora Infoadex (en Pérez Ruiz, 2004: 149). As tres emisoras nacionais máis competitivas – TVE1, Telecinco e Antena 3 – dedican o 22,1% do seu tempo total de emisión á publicidade, porcentaxe que aínda aumenta no período de máxima audiencia, chegando a un 24,1%. Deste xeito, a cuarta parte dos contidos que se emiten na televisión entre as 21 horas e as 24 horas son anuncios.

Un recurso moi empregado na Televisión de Galicia nos seus programas de produción propia en directo como *Supermartes* –que competiu con *Los Serrano* de Telecinco na temporada 2003-2004– ou *Luar*, é aproveitar o directo para cambiar a escaleta do guión en función da publicidade das outras canles. Manuel Abad, realizador do programa *Luar*¹², explica como un descanso publicitario nas privadas pode facer que «Os Tonechos» saian antes ou despois, para empregar nese momento a súa mellor estratexia de captación da audiencia que fuxe dos anuncios nas outras canles. Deste xeito, estes programas acadan picos de audiencia que poden chegar a ser moi elevados -especialmente no caso do *Luar*- e, en moitas ocasións, arrastrar espectadores ao espazo en cuestión.

¹² Explicacións ofrecidas por Manuel Abad, Xosé Arias, Xosé Ramón Gayoso e Xosé Manuel Piñeiro durante un curso de formación de monitores en audiovisual impartido na sede do Consorcio Audiovisual de Galicia entre os días 19 de xaneiro e 5 de marzo de 2004.

1.2.7. Os convenios de colaboración

A televisión galega aposta dende o principio pola colaboración, tanto con produtoras privadas e con institucións como con outras canles de televisión. Os convenios de colaboración son unha necesidade xa que os elevados custos de produción non permitirían levar adiante de maneira individual produtos altamente competitivos.

A Televisión de Galicia asina os primeiros acordos deste tipo a finais do ano 87: un deles coa Consellería de Educación para promover un curso de galego e outro coa televisión cubana para intercambiar programas e realizar coproducións.

Nos anos seguintes continúa esta política e asínanse convenios con diferentes canles de televisión estatais, como a desaparecida cadea por satélite Canal 10, e internacionais, como a británica BBC, a brasileira O Globo, e outras televisións de Gales, Escocia, Francia e Italia. Neste eido cómpre destacar tamén as relacións da TVG coas restantes canles autonómicas que forman a FORTA. Un bo exemplo dos contactos entre as terceiras canles é que no 1989 fixeron un programa conxunto para celebrar o remate do ano e no 1992 comezaron a comercializar de maneira conxunta espazos publicitarios.

En setembro de 1995 asinouse o primeiro convenio entre a Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI) e a TVG co propósito de conseguir un mellor desenvolvemento industrial e cultural do sector audiovisual en Galicia. Este acordo foi fixado nos seguintes termos:

- En cada exercicio, unha vez aprobados os orzamentos da TVG, procuraríase fixar un presuposto para investir en producións, en coproducións, en producións asociadas, en obras audiovisuais de ficción e en producións cinematográficas en lingua galega.
- AGAPI coñecería da TVG, ademais do presuposto xa mencionado, os xéneros e as temáticas nos que estea interesada prioritariamente a televisión dentro da súa estratexia de programación.
- Recibidos os proxectos, a TVG establecería con carácter anual a súa forma de participación nos proxectos presentados.
- Potenciar a difusión de audiovisuais producidos en Galicia.
- Constitución dunha comisión mixta de seguimento que tería como obxectivo o seguimento e o desenvolvemento do presente acordo (Asociación Galega de Produtoras Independentes, 2001: 21).

No ano 1998, a FORTA asina un convenio para fomentar a produción cinematográfica coa Federación de Asociaciones de Productoras Audiovisuales Españolas (FAPAE). As televisións integradas na FORTA comprometéronse a investir de 400 a 450 millóns de pesetas en películas para televisión.

En febreiro de 2000, a AGAPI e a TVG subscribiron o acordo que queda reflectido na seguinte cláusula:

No período que abrangue os anos 2000, 2001 e 2002, e sempre que as disponibilidades orzamentarias o permitan, TVG acordou investir até 1500 millóns de pesetas con destino á adquisición de dereitos de reprodución, coma de distribución e de comunicación pública de obras audiovisuais, así coma á coprodución das mesmas (Asociación Galega de Produtoras Independentes, 2001: 22).

En xaneiro de 2003 a Televisión de Galicia presentou o denominado «Plan de Cine, TV Movies, Series e Programas para a TVG do 2003» no que anuncia que destinará entre tres e catro millóns de euros á oferta pública de coprodución de produtos audiovisuais e de proxectos de desenvolvemento. Este programa arranca cunha planificación bianual, por canto unha parte dos proxectos están formulados para a súa realización no 2004.

1.2.8. O futuro do servizo público de televisión

Diversos autores téñense preguntado polo futuro do financiamento da televisión pública, tendo en conta a aparición de novos soportes, como a televisión dixital, a creación de grandes conglomerados mediáticos e o endebedamento constante do modelo proposto pola Compañía de RTVE. Se ben os debates son, acotío, sobre temas máis xerais, tamén hai algúns que se refiren en exclusiva ao sistema de financiamento.

Os profesores Miquel de Moragas e Emili Prado consideran na súa obra conxunta *La televisión pública a l'era digital* (Barcelona, Pòrtic-Centre d'Investigació de la Comunicació, 2000) que só co saneamento dos gastos da televisión pública se poderá facer fronte a esta etapa marcada polos cambios no sistema de medios. Faise preciso un financiamento estable e proporcional ás misións comunicativas encomendadas (que aínda están por definirse). Para estes autores, o sistema de financiamento máis axeitado é un sistema composto, formado por unha base ampla de financiamento a cargo dos presupostos

públicos, a publicidade e os ingresos das actividades comerciais e industriais. Para obter a parte de orzamento procedente da administración é absolutamente inviable implantar un canon, porque, á parte das moitas dificultades de competencias que suporía e da inexistencia dunha tradición desas características en España, é unha modalidade obsoleta e dificilmente adaptable a un novo escenario tecnolóxico de emisión e recepción. Non descartan a recadación de impostos finalistas sobre o consumo de comunicación de pago como fórmula para constituír a achega pública ao presuposto das televisións estatais e autonómicas. O volume da contribución administrativa debera de fixarse a partir do establecemento dun contrato programa e a posterior valoración económica da súa execución.

Por outra banda, ao dicir destes investigadores, a publicidade tería que ter un papel máis limitado no financiamento de televisión pública ca o que tivo até o de agora. E, polo tanto, deberan establecerse novos límites de saturación, así como novas formas máis restritivas para a inserción de publicidade nos programas, respectando deste xeito as obras audiovisuais.

Estas limitacións na inserción publicitaria, que evitarían a competencia feroz entre os medios públicos e os privados, tamén reducirían os ingresos que, seguindo a liña proposta por Moragas e Prado, poderían suplirse coa venda de servizos audiovisuais e industriais. A tendencia da TVG nos últimos anos é incentivar a produción, ben sexa propia ou por medio de coprodución, de seriados e filmes para televisión. Este podería ser o camiño a seguir para acadar o superávit económico da canle.

1.3. A opinión dos expertos

1.3.1. Lexislación

O marco legal das televisións públicas en Galicia foi o tema do debate que a Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega celebrou na sede da institución en Santiago de Compostela o 30 de setembro de 2003. Xosé María García Palmeiro, daquela decano do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, moderou unha mesa redonda na que participaron Roberto Luís Blanco Valdés, profesor de Dereito Constitucional da

Universidade de Santiago de Compostela, Xosé Luís Barreiro Rivas, profesor de Ciencia Política na USC e ex vicepresidente da Xunta de Galicia e máximo impulsor da CRTVG, Xosé Manuel Vega, xornalista da TVG e portavoz da iniciativa CRTVG Plural, e Luís Guerra, director de Asuntos Legais da Televisión de Galicia.

García Palmeiro animou os convidados a preguntarse «se o modelo que regula os medios públicos de radio e televisión é axeitado ou non» e «se é posible modificalo nalgunha medida». Tamén propuxo debater sobre a iniciativa lexislativa popular propiciada polos traballadores da CRTVG para cambiar en parte o marco legal vixente. O moderador preguntou así mesmo polas posibilidades de reformar o marco regulador da televisión pública no Estatuto e pola conveniencia de crear en Galicia un Consello do Audiovisual a imitación do catalán.

Xosé Luís Barreiro Rivas opina que o elemento lexislativo non é o responsable dos males da televisión pública: «Se me dixeran que puxera dez defectos no funcionamento actual das televisións (...) ningún deles tería como causa o elemento lexislativo». Este profesor asegura que «coa mesma lei, pódese facer outra televisión» e exemplifica a súa teoría coa metáfora dun partido de fútbol: que un xogador faga unha boa ou unha mala actuación non depende do regulamento. De aí que para Barreiro Rivas «a idea de que a televisión funciona mal porque está mal lexislada é un conto chino e unha inmoralidade», porque se está liberando os profesionais –especialmente os directivos- da responsabilidade da súa acción á fronte do medio. A xuízo do profesor, o marco legal vixente permite a independencia dos máximos responsables da televisión pública. O que ocorre é que se someten aos ditames do Goberno porque se queren manter no posto. «Se quixera, o director podería actuar con absoluta independencia, o único que pasaría é que o cesarían ao final do mandato», asegura Barreiro Rivas. «Pero se o que el [o director] vai buscar é que non o cesen ao final do mandato», continúa o profesor, «xa se lle pode dar toda a independencia legal, que xa se coidará el de deixar ben clariño para quen traballa e cales son os seus méritos para que o volvan elixir».

Xosé Luís Barreiro cre que, no momento de se poñer en marcha a CRTVG, fíxose unha mala interpretación do Estatuto Xurídico de Radio e Televisión de 1980, que se considerou como unha «lei marco que condicionaba estritamente o desenvolvemento das televisións autonómicas» e, como consecuencia, respectouse case ao pé da letra. Barreiro

cre que, de se crearen hoxe, as televisións autonómicas non seguirían a pauta marcada por esa normativa. «Unha Comunidade Autónoma que crease a súa televisión hoxe podería crear un modelo netamente distinto a pesar de que a lei de 1980 é a mesma», afirma. En calquera caso, o profesor cre que este marco legal, «herdeiro dun tempo», mantívose até os nosos días pola dificultade de artellar un modelo alternativo. «Non é tan fácil inventar outros modelos», di. Pódense variar cuestións puntuais como a elección do Consello de Administración, pero «dar naquelas claves que cambian substancialmente o funcionamento do modelo é moi difícil».

O moderador chamou a atención sobre a invariabilidade da regulación en materia de televisión ao longo dos anos, a pesar das «transformacións que sacudiron o sector da comunicación» nos últimos tempos.

Xosé Manuel Vega, xornalista da TVG e portavoz de CRTVG Plural, recolleu o símil de Barreiro Rivas para sinalar a excepcionalidade española en materia de lexislación audiovisual: «co mesmo regulamento de fútbol pódese (...) xogar ben ou mal, pero o regulamento é o mesmo en toda Europa e en todo o mundo». Porén, «España é o único país da Unión Europea onde o regulamento xurídico lle concede ao partido gañador das eleccións facer impunemente o que queira coa televisión pública para manipular e desinformar os espectadores». Vega sinala ademais que «ningún dos chamados controis externos previstos no actual ordenamento xurídico, incluído o control parlamentario, significan un contrapeso capaz de ofrecer unha mínima resistencia ao dominio absoluto que sobre a televisión pública exerce o partido gañador das eleccións». Entón, Vega discrepa de Barreiro ao considerar que a lexislación actual non pode impoñer ao partido gobernante que «deixe de abusar» da televisión pública xa que «lle concede a súa posesión». Esta situación, segundo este xornalista, conduciu a que se espallase un «falso dilema»: defender a privatización das televisións públicas, xa que só funcionan como instrumentos de propaganda ao servizo do partido que goberna. Contra este razoamento, Vega advirte que as televisións privadas, «concentradas en oligopolios empresariais», non son «ningunha garantía de pluralismo nin de prestar un servizo público básico».

Como vía de solución para o descrédito da televisión pública española, Xosé Manuel Vega propón dirixir a mirada cara a outros modelos europeos, como o inglés ou o alemán, máis resistentes á inxerencia governamental. O xornalista defende a idea de que

«as garantías xurídicas non son en si condición suficiente para garantir a función de servizo público da televisión, pero si son condición inescusable». O voceiro da iniciativa CRTVG Plural explicou as intencións da mesma. Tratábase dunha proposta de reforma lexislativa que conseguiu reunir o número de sinaturas suficiente para ser presentada no Parlamento de Galicia. A iniciativa, rexeitada finalmente polo pleno da cámara en maio de 2002, pretendía modificar o modelo de elección do director xeral da CRTVG. Propoñía que fose unha maioría parlamentaria de dous terzos, e non o executivo, quen nomease á persoa que fose ocupar o cargo. O director xeral exerceríao durante cinco anos, de maneira que o seu mandato non coincidiría coa lexislatura. Ademais, «os grupos sociais máis relevantes e outras institucións básicas, como a Universidade ou o Consello da Cultura Galega», estarían representadas no Consello de Administración.

Xosé Manuel Vega pensa que, ademais de cambiar o marco legal da televisión pública, «o lexislador debería reflexionar, nunha fase posterior, sobre a pertinencia de crear un Consello da Información e da Comunicación de Galicia, máis ca un Consello do Audiovisual, que debería velar e emitir ditames sobre o compromiso por parte de todos os medios de comunicación galegos, públicos e privados, da obriga que teñen de transmitir información veraz e plural».

Roberto Luís Blanco Valdés, profesor de Dereito Constitucional, empezou a súa intervención sinalando a relevancia social do medio televisivo, o que considera «un instrumento de socialización fundamental» de grande influencia entre os máis novos. No caso particular da TVG, Blanco Valdés opina que foi «decisiva» para o fomento da lingua e da cultura galegas, «moito máis importante» en termos de normalización «que a introdución do galego no proceso educativo», ademais de constituír o punto de apoio sobre o que se ergueu a produción audiovisual autóctona. Por outra banda, a televisión pública galega foi tamén, ao seu xuízo, un elemento clave na normalización da vida política autonómica, no feito de converter a Autonomía «nun dato completamente cotián».

Para Roberto Blanco, dous son os elementos que definen o modelo da televisión pública en España. En primeiro lugar, o financiamento mixto, que a fai concorrer en condicións de «competencia desleal» coas privadas no mercado publicitario. As canles públicas xogan coa vantaxe de contaren co respaldo dos fondos públicos, mentres que as privadas están obrigadas a competir cos seus propios recursos. O preocupante de todo isto,

para Blanco Valdés, é que esta competencia levou as televisións públicas a loitar pola audiencia e, en consecuencia, a banalizar os seus contidos: «dende o punto de vista do entretemento, de lecer, combinado cun aceptable nivel cultural, a televisión está nuns niveis de calidade moi inferiores aos que son esixibles cos medios técnicos hoxe dispoñibles».

O outro elemento que a xuízo de Blanco Valdés caracteriza o modelo da televisión pública española é a súa «dependencia funcional do poder executivo». Existe algunha maneira de solucionar estas dúas eivas? O profesor amósase partidario dun cambio na lexislación como primeiro paso para substituír «a cultura da televisión» que veu amparando até o día de hoxe os dous defectos aludidos, por un modelo imparcial e de calidade que esixiría «non só un novo modelo de acordo parlamentario, senón tamén (...) un novo modelo de esixencia sobre as condicións que un debe reunir para poder ser director da televisión», lembrando casos nas televisións públicas en España nos que a dirección xeral estivo en mans dunha persoa non relacionada cos medios de comunicación.

Luís Guerra, director de Asuntos Legais da Televisión de Galicia, remitiuse á súa experiencia de 18 anos dentro da televisión para admitir que, ás veces, non se cumpre o marco legal no referente á selección dos membros do Consello de Administración, que deben ser persoas «de recoñecido prestixio profesional» e que, nestas ocasións, proceden dunha «elección máis ben de carácter político». Con todo, el maniféstase menos partidario de modificar o marco legal que de velar por que se cumpra o que xa existe.

Guerra sostén que a elección por maioría de dous terzos do Parlamento defendida por Xosé Manuel Vega xa se demostrou ineficaz en Andalucía, onde non se logrou alcanzar tal maioría. Así e todo, Guerra manifestou o seu desexo de que a elección do máximo responsable dos medios públicos viñera precedida dun exhaustivo exame da súa capacidade profesional por parte do Parlamento, que despois o elixiría por unha maioría simple. Nesta liña, Roberto Blanco apuntou que podería ser interesante importar as «audiencias durísimas» ás que son sometidos os responsables das axencias institucionais en Estados Unidos. Xosé Manuel Vega, doutro lado, afirmou que un sistema de filtros coma ese non funcionaría en Galicia, xa que esta necesita dun «cambio de cultura política».

A este respecto, Xosé Luís Barreiro apunta que «un cambio de cultura política non equivale a un cambio lexislativo», senón que o segundo debe vir precedido do primeiro. Na súa opinión, «o cambio lexislativo sobre este asunto (...) facilitaría o cumprimento dun

modelo que fora mellor», pero sucede que «non o garante». Deste modo, Barreiro non considera que un cambio na lexislación fose resultar estéril, senón que, «tal e como está agora mesmo o problema, non o melloraría en nada». E cre, a propósito da proposta de modificación da elección parlamentaria do director xeral, que a maioría cualificada resultaría sempre inviable e, de confiar a elección a outros órganos de representacións distintos do Parlamento, nunca se lograría evitar que dende aqueles se exercese un dominio sobre o nomeamento.

Por outra banda, Barreiro Rivas expresou a súa sorpresa polo feito de que os defectos da televisión se lle imputen ao poder político e non ao director xeral da CRTVG. Dende o seu punto de vista, mesmo no caso de que fose nomeado con maioría parlamentaria de dous terzos, o problema da politización persistiría e o cidadán non tería «garantía de que o van informar ben dun proceso, por exemplo, no que os dous partidos maioritarios están de acordo». Como medida máis práctica, o profesor propón que se descoloque a duración da dirección xeral do mandato parlamentario e que se impida a reelección do director xeral, xa que ao seu parecer «o traballar para a reelección é a principal fonte de vencellamento» co goberno. Roberto Blanco Valdés, pola contra, amósase escéptico ante tal medida, xa que non liberaría ao director xeral de sucumbir á manipulación a fin de acadar outro nomeamento de relevancia contra a fin do seu mandato.

Para rematar, Xosé Manuel Vega, portavoz de CRTVG Plural, tivo palabras para o asunto da creación dun Consello Audiovisual. Para Vega, este órgano, que sería designado por maioría parlamentaria, só tería sentido no caso de adquirir competencias executivas, é dicir, de ter a facultade de nomear o director xeral da CRTVG, quen habería ter de responder ante ese «órgano reitor da televisión».

No texto que leva por título «Informe do réxime xurídico da televisión galega», reproducido integramente no anexo incluído contra o final deste traballo, o catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela Enrique Gómez-Reino y Carnota apunta que a Lei de Creación de Radio – Televisión de Galicia veu reproducir mimeticamente os preceptos da norma estatal, o Estatuto da Radio e da Televisión de 1980. Malia que esta norma concedía ás comunidades autónomas un amplo espazo para desenvolveren a súa propia competencia normativa, en Galicia deixouse pasar «unha boa

oportunidade para deseñar (...) unha estrutura organizativa máis acorde coa realidade e intereses propios desta Comunidade». Ademais, continúa Gómez-Reino, este mimetismo levou a unha consecuencia máis grave, como é o uso partidista que da canle fixeron os distintos gobernos:

[A]s esixencias legais da elección dos membros do Consello de Administración do ente público estatal e dos autonómicos, entre «persoas de relevantes méritos profesionais» (art. 7.1 da Lei 4/1980) ou de «persoas de acreditado prestixio profesional» (artigo 4.1 da Lei galega e catalá de radio e televisión), ou fórmulas semellantes, convertéronse, na práctica, nun repartimento de cotas partidistas en función da representación parlamentaria, coma se a realidade social non fora moito máis rica, diversa ou plural. A representación destes órganos de xestión dun servizo público debe ser preponderantemente social e cultural, pero nunca estritamente política.

A necesidade dunha modificación normativa que aumente, por unha banda, as cotas de organización interna da CRTVG e que introduza, pola outra, un modelo de xestión máis apropiado para un ente público de comunicación, guían o texto de Enrique Gómez-Reino anexo a este traballo. O artigo reflexiona tamén sobre o dereito de antena en períodos non electorais e a obriga de xestionalo de maneira democrática, pública e conforme a dereito.

1.3.2. Financiamento

A Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega celebrou o 21 de outubro de 2003 unha mesa redonda sobre o financiamento dos medios públicos. O lugar do debate foi a sede do Consello en Santiago de Compostela. Participaron Eduardo Gutiérrez, deputado do BNG no Parlamento de Galicia e membro da Comisión de Control da CRTVG na mesma cámara, José Luis Méndez Romeu, deputado do PSdeG-PSOE no Parlamento galego e membro da Comisión de Control da CRTVG, e Miguel Tüñez, profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago e membro do Consello Asesor de RTVE-Galicia¹³. O encontro estivo moderado por Miguel Anxo

¹³ Tamén foran convidados Manuel Vázquez, director económico da CRTVG, e un representante do Partido Popular para garantir o equilibrio de forzas políticas na mesa, mais ningún deles puido comparecer finalmente. A raíz disto, a Sección de Comunicación decidiu celebrar unha nova mesa redonda convidando a un representante de cada un dos partidos con

Fernández, historiador e membro da Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega.

José Luis Méndez Romeu comezou a súa intervención describindo o panorama actual da televisión pública. Ao seu xuízo, a televisión pública está a operar con conceptos herdados dun contexto moi diferente ao actual: «En vinte anos cambiaron moitas cousas, entre elas a propia televisión –tecnicamente, en contidos, o seu papel na sociedade, etcétera– e, así e todo, seguimos xogando cunha categoría mental propia da época do monopolio, que é o concepto de servizo público». Cando nace a televisión en Galicia, hérdase a tradición europea que consideraba como funcións da televisión as de «informar, formar e entreter», ás que se lle engade no caso galego o fomento da lingua do país. A estas funcións, que constituían o «servizo público» da televisión, engádeselle outra teoría: a que vía na televisión pública un garante da «pluralidade informativa». Porén, segundo Méndez Romeu, «non hai ningunha evidencia de que na meirande parte dos países europeos o pluralismo informativo existente sexa maior que nos Estados Unidos, onde a televisión pública é absolutamente anecdótica».

A situación actual difire moito daquela na que viu a luz a televisión pública europea. «Non só porque hai canles privadas», apunta Méndez Romeu, «senón porque tamén hai diferentes modos de visión: as televisións locais, as televisións de pago, as canles por satélite, etcétera». «Polo tanto» sentencia o deputado socialista, «o abano de opcións, non só de ocio, senón tamén informativas e formativas tense trocado». A irrupción das televisións privadas arrastrou ás públicas á loita pola audiencia, o que derivou nunha marxinación dos contidos que antes simbolizaban o servizo público nas canles de titularidade estatal. Chegouse así a un punto no que o único factor que define a televisión pública en Galicia e en calquera outro lugar de Europa é, segundo Méndez Romeu, a dependencia do poder político. O desenvolvemento en Europa de «pretendidas autoridades audiovisuais» durante os últimos dez anos deu lugar a comisións que, «como moito, emiten informes», pero que «en ningún momento teñen capacidade de control real sobre os contidos», en palabras do deputado socialista.

presenza no Parlamento de Galicia, mesa que reuniu a José Luis Iravedra (PP), Eduardo Rodríguez (BNG) e Margarita Pérez (PSdeG-PSOE) e versou sobre o modelo de televisión pública polo que avogan os seus respectivos grupos. O resumo do debate está incluído no apartado 2.3 do bloque IV.

Eduardo Gutiérrez, deputado do BNG no Parlamento de Galicia, considera que a chave da supervivencia da televisión pública en Galicia está no equilibrio entre «o servizo público e o carácter xeralista». Remitiu ás directivas europeas e ao antigo informe do Valedor do Pobo que avogaban pola implantación da figura do «contrato-programa»: só os programas considerados de servizo público se financiarían con cargo aos fondos da Administración. Gutiérrez apuntou que, se ben a programación de servizo público era unha base moi sólida da televisión galega nos seus inicios, esta experimentou unha evolución na que a perspectiva de negocio foi gañando predominancia. Lembra, no entanto, que o seu grupo non avoga pola desaparición da programación de entretemento para a todos os públicos –esta debe formar parte dunha programación xeralista para facela sostible– nin demanda que «en horas de máxima audiencia se deban poñer programas de libros». Para o BNG, o entretemento debe seguir sendo unha das características da televisión de titularidade pública, pero é preciso recuperar a preocupación inicial por exercer con garantías a misión dunha canle pública. E facelo, recordou Gutiérrez, tendo en conta que o servizo público «é algo máis» ca emitir exclusivamente en lingua galega.

Miguel Túñez, profesor de Xornalismo na Universidade de Santiago, opina que coa chegada das televisións privadas se produciu unha «inversión de tendencia ou de referencia dominante». Segundo Túñez, «as públicas, que estaban antes, non souberon defender o seu espazo e impoñerlles as regras do xogo ás privadas». Ben ao contrario, foron as acabadas de chegar as que fixeron valer o principio da loita pola audiencia. Foi así como o entretemento desprazou as funcións de informar e entreter.

Para Túñez a loita pola audiencia non só responde a unha razón comercial (a máis telespectadores, máis ingresos por publicidade) senón que tamén agocha unha razón política. «Debaixo desa desculpa de loitar pola audiencia», advirte o profesor, «polo que se está loitando realmente é por unha cantidade de receptores aos que lles facer chegar unha mensaxe» que posúe «unha compoñente ideolóxica». Así, a audiencia faise dobremente rendible: gáñanse cartos e gáñase un público ao que se lle transmite «unha determinada visión do mundo e da sociedade», en palabras de Túñez.

O moderador, Miguel Anxo Fernández, formuloulles unha pregunta aos asistentes: «Por que os cataláns se identifican máis ca os galegos coa súa televisión, á marxe do poder político que goberna?». «Porque a [televisión] catalá responde a un modelo catalán»,

responde Eduardo Gutiérrez. Segundo o deputado do Bloque, os cataláns «poden discutir, dende o seu punto de vista, a súa sociedade», algo «imposible» na televisión galega, que crea unha imaxe da identidade cultural demasiado fraca e non plural. O profesor Miguel Tüñez cre que, a diferenza do que ocorreu en Galicia, en Cataluña construíuse «un espazo catalán de comunicación», unha tarefa que «non se pode deseñar nunha mesa, senón que é labor de todos os axentes que participan na comunicación». As diferenzas entre as televisións galega e catalá condénsanse para Tüñez na seguinte figura: «TV3 *fala* en catalán e a TVG *emite* en galego».

A proposta do moderador, os compoñentes da mesa redonda debateron se a política de redución de déficit da TVG vai en detrimento da calidade dos contidos. Eduardo Gutiérrez pensa que o director xeral da CRTVG utiliza «o paulatino saneamento das contas da Compañía» para cometer «todo tipo de tropelías na programación», lembrando que a forma en que a compañía presenta as súas contas no Parlamento caracterízase pola súa «opacidade». O deputado do BNG amósase partidario de modificar o modelo da televisión pública comezando polos seus sistemas actuais de control. Pola súa banda, José Luis Méndez Romeu cre que cómpre manter a eliminación da débeda como unha prioridade, xa que «acaba sendo unha espada de Damocles sobre calquera compañía», e pon o exemplo da débeda de Televisión Española, que ao seu xuízo é xa «un problema de Estado». Méndez Romeu opina que os programas de ocio e entretemento «deben aspirar a financiarse no mercado publicitario». Os contidos culturais e formativos poderían ser «obxecto de patrocinio», reservándose o financiamento público para os espazos informativos. O representante do PSOE entende que os xestores públicos deberían clarificar os obxectivos de cada un deses tramos da programación. «Respecto a outras actividades que se trata de que faga a televisión, como a potenciación do sector audiovisual en Galicia», Méndez Romeu avoga porque ese labor se faga a través dunha canle distinta que xa existe: a dirección xeral de Comunicación e Audiovisual. Na opinión deste deputado, «facér recaer sobre a televisión misións que, en senso estrito, non lle corresponden, o único que fai é contribuír a complicar máis a análise de algo que xa de por si é bastante complexo».

Antes de definir un modelo de financiamento, Miguel Tüñez pensa que hai que «definir un modelo de televisión», xa que ambas as dúas cuestións (financiamento e modelo) están inextricablemente unidas. «Para lanzarmos a televisión de servizo público»,

apunta o profesor, «o primeiro paso sería que as decisións e a xestión deixaran de ser unha potestade do Goberno», o que non significaría a eliminación dun control por parte das institucións, como ocorre con calquera servizo público.

Méndez Romeu albisca un futuro complicado para a Televisión de Galicia, cando menos en materia de financiamento. Segundo os seus datos, neste momento a publicidade representa o 18 por cento dos ingresos da TVG. Ao seu xuízo, o xurdimento de emisoras locais de televisión, «que tamén aspiran a ter un certo mercado publicitario local ou de carácter local», incrementará a dependencia das subvencións públicas. «Por iso creo», conclúe Méndez Romeu, «que o recurso á publicidade debería estar claramente limitado a un tipo de programas, a un tipo de obxectivos, e non formar parte do compromiso xenérico do financiamento do ente».

2. PROGRAMACIÓN E AUDIENCIAS

2.1. Programación

2.1.1. Televisión Española en Galicia

O centro rexional de TVE creouse en 1971 para desenvolver labores de delegación, coa función de subministrar informacións para os noticiarios nacionais, principalmente a través da participación nas conexións para todo o estado nos espazos *Gran Antena* (1972), *Primeira Edición* (1972–74) e *Panorama* (1974–76). Cando en agosto de 1974 comeza a emisión de *Panorama de Galicia*, estamos de novo diante dun programa exclusivamente informativo e para Galicia, de quince minutos de duración, que acadará os trinta minutos en xuño de 1975. O galego é o primeiro centro territorial que emite diariamente un espazo de ámbito e cobertura rexional. Valencia sería o segundo centro territorial que contase con programa propio. Con anterioridade, había un espazo semanal en catalán para Cataluña e Baleares.

Margarita Ledo, no seu repaso por «15 anos de Televisión» (2001a), destaca a importancia da creación deste programa na historia da televisión en Galicia: «*Panorama de Galicia*, dende o segundo andar do Casino de Cabaleiros, na compostelá Rúa do Vilar, foi a sede fundacional dos informativos en galego».

Na axenda informativa daquel 16 de agosto de 1974, a partir da que se elaborou a primeira escaleta de *Panorama de Galicia*, destacaba especialmente a nova da chegada do xeneral Franco ao aeroporto de Lavacolla para iniciar as súas vacacións en Galicia. Na crónica de televisión publicada en *La Voz de Galicia* (3 de setembro de 1974), asinada dende Madrid por José A. López Redondo, faise unha referencia aos inicios do centro territorial galego: «(...) comezou a funcionar dende a chegada de Franco ao Pazo de Meirás e dubídase de que o continúe facendo unha vez que o Caudillo remate a súa estancia naquel lugar, xa que os técnicos madrileños que agora reforzan o equipo normal do centro compostelán tamén marcharán»¹⁴.

¹⁴ López Redondo, J. A.: «Los centros regionales, olvidados», *La Voz de Galicia*, 3 de setembro de 1974.

Nestes primeiros anos, *Panorama de Galicia*, como único programa do centro rexional, contará con varias seccións nas que se abranguen diversos temas da realidade galega. Entre os anos 1975 e 1976 inclúese «A peneira», sección conducida por Perfecto Conde, na que se emitían reportaxes sobre etnografía e costumes galegos; *Xente*, sobre persoeiros de actualidade; e *Concellos*, con entrevistas e reportaxes. Un ano despois ábrese a sección *Adro da cultura*, que acabará por ser un programa autónomo. Tal como revelan os datos do Servizo de Documentación de TVE-G, en 1982 emítense xa dous espazos que acabarán tendo unha longa traxectoria e que buscan achegarse a unha temática estreitamente asociada á realidade social e económica de Galicia. Trátase de *O Agro* e *O Mar*. As cuestións culturais séguenlle achegando contidos ao espazo *Adro da cultura*, que segue emitíndose nestes primeiros anos oitenta.

Cando en 1983 chegue á dirección Alexandre Crieiro, váiselle dar un forte pulo ao centro territorial, que se concretará na posta en antena de diferentes espazos que diversifican a oferta, de xeito que se aposta por programas especializados de información e divulgación, cunha duración de media hora. O luns vai ser o día dedicado aos deportes, *Deportivo regional*, os martes emitírase o espazo *O Agro* e os mércores *O Mar*. Os temas culturais centran o espazo *O adro da cultura* (agora co artigo anteposto no título), que se emite os xoves, mentres que para os venres prográmase o debate *Nós. Cultural informativo*, ademais dos *Cadernos do venres* (1983-84), un programa tamén de contido informativo. A reforma proposta nesta etapa afecta mesmo ao xa clásico *Panorama de Galicia*, que pasa a denominarse *Telexornal 1*, colocado na grella a continuación dos espazos antes citados. Nas tardes, ás 18:00 h., repítese na segunda canle o programa especializado de cada día. En setembro, a hora de emisión desta repetición adiántase ás catro. Tamén neste mes, os xoves emítense *O Teatro*.

Esta mesma aposta pola diversidade mantense en 1984. Dáselle entrada a novos espazos que buscan, de novo, ocuparse de cuestións específicas galegas, tal é o caso de *Emigración*, os martes na segunda canle. Tamén neste ano, o *Telexornal* acompáñase cun espazo de reportaxes, *Galicia xa*, que se emite os xoves e se repite polas tardes, nunha emisión á que se lle engade unha segunda parte cun coloquio en directo. Neste período as horas de emisión complétanse con programas como *Do cinema galego*, *De aquí para allá*, *Dentro e fora*, *En galego*, *O hábitat*, *Da muller*, *Artes e tradicións populares* e *A nosa*

xente. Podémoslle engadir a estes produtos algúns outros programas emitidos sen periodicidade. Porén, como sinala Roque Durán (1989: 120-121), «non foi posible manter este nivel de produción propia, principalmente pola falta de medios técnicos e o desánimo que prendeu entre os traballadores do centro territorial».

Toda esta variedade desaparece nos anos 1985 e 1986. De dúas a tres da tarde, os espazos informativos antes descritos refúndense no chamado *Galicia hoxe*, no que supón unha mostra máis da inestabilidade que caracteriza dende un principio á programación do centro territorial, que tanto incrementa e diversifica a oferta como, de súpeto, a reduce ao mínimo imprescindible.

A oferta diversifícase de novo a mediados de 1986, coa chegada á dirección de Manuel Lombao e coa intención de competir directamente coa recentemente creada Televisión de Galicia. En setembro, retómase o Telexornal como unidade informativa básica, precedida polo espazo *Telegalicia*, unha fórmula que se repite no ano 1987, se ben con cambios horarios – outra constante nesta programación – que flutúa arredor das horas do mediodía.

O nome clásico de *Panorama de Galicia* retorna en 1988, nesta ocasión situada na segunda canle e distribuído en entregas realizadas nas cidades galegas: *A Terraza* (A Coruña), *Ferrolterra* (Ferrol), *A Muralla* (Lugo), *As Burgas* (Ourense), *A Ferrería* (Pontevedra), *Obradoiro* (Santiago) e *A Grúa* (Vigo). O Telexornal, pola súa parte, emítese simultaneamente en ambas as dúas canles. Ao ano seguinte engádeselle a este esquema un *Adianto informativo* de apenas tres minutos.

Polo que respecta aos programas non informativos do centro territorial, dende o ano 1986 a canle emite:

Rolda dos nenos (1986), espazo infantil.

Táboa Redonda (1986), debates.

O espello (1987), serie de oito capítulos de entre 14 e 27 minutos.

Medio ambiente (1986-87), 18 episodios.

Galicia enteira (1987), tres capítulos.

Canal 13 (1988-89), programa de humor satírico en 25 entregas.

Cantigas do viño e da taberna (1987), seis capítulos de 12 minutos cada un.

Composteláns (1989), primeira telenovela galega, de 39 episodios.

Limiar (1989), 20 capítulos de entre 11 e 24 minutos.

Museos galegos (1989), 8 ou 12 minutos para cada unha das 9 entregas.

Racha coas ondas (1989), musical de 12 programas de 20 minutos cada un.

Na década dos noventa continúan os cambios de todo tipo. A programación volve toda á primeira canle. *Panorama de Galicia* desaparece de novo como tal. Colócase polas tardes (nunha banda horaria que varía dende as 19:29 ás 20:15) unha segunda edición do Telexornal. O *Adianto Informativo* xa non aparece nas grellas a partir de 1992. Unicamente hai lugar para un informativo de media hora, que na primeira metade de 1994 figura tamén polas tardes, despois de tres anos de ausencia, aínda que con variacións constantes na hora de emisión, para non volver ás pantallas até setembro de 1995 e pola segunda canle.

En xuño de 1993 comeza o que se ía converter nun espazo clásico, de longa traxectoria, *Desde Galicia para el mundo*, concibido para a súa proxección cara ao exterior, dirixido ás colectividades galegas emigrantes a través da súa difusión pola canle internacional de TVE. Reportaxes de actualidade, entrevistas a persoeiros de relevo e seccións monográficas sobre os concellos de Galicia constitúen o paquete de contidos deste programa. Así mesmo, na semana do 11 ao 15 de abril deste ano, ensáíase un formato de informativo no que, en certa maneira, se recolle aquela proposta dos primeiros setenta (*Panorama e Primera Edición*) asentada sobre as conexións cos centros territoriais. Segundo a daquela directora dos servizos informativos de TVE, María Antonia Iglesias: «Como o seu nome indica, *Directo*, *directo* emitírase en directo e conectará coa realidade cotiá do país; estará moi a rente de chan e recollerá os problemas que preocupan a sociedade española» (*La Voz de Galicia*, 11 de abril de 1991) Estaban previstas tres desconexións diarias para a información puramente rexional. A súa presenza nas pantallas foi efémera, malia que TVE era naquel entón a única canle que dispuña dos medios técnicos e humanos necesarios para producir este tipo de espazos (María Antonia Iglesias: «As privadas non poden ou non queren asumir este tipo de retos e optan por outros programas que, na miña opinión, teñen menos conexión coa realidade do país»). Anos máis tarde, a participación conxunta da rede de centros territoriais, que achegan reportaxes de relevo de cada comunidade, danlle forma a *España en comunidad*, que se emite os sábados pola tarde na segunda canle.

Nos últimos anos, dende 1995, a programación acada certa estabilidade, estruturada sobre un esquema básico que incorpora dúas edicións do informativo territorial, nas bandas horarias de mediodía e última franxa da tarde; esta última, normalmente, situada na segunda canle. Van xurdindo, con todo, outros espazos; *Que serán*, nas tardes de luns e martes, con entrevistas en directo e concursos; en 2000 xorde un novo programa, *Galicia de cerca*, que se anuncia como «magacín de actualidade social de Galicia», ben antes ou ben despois do telexornal; unha vez máis, reaparece *Panorama de Galicia*, desta volta os sábados na segunda canle, na compañía de *Desde Galicia para el mundo*; anteposto á segunda edición do telexornal, aparece outro magacín, *Boa tarde*. A programación completouse con series de carácter documental sobre aspectos diversos de cultura e natureza galega, como o mar, a literatura ou o Camiño de Santiago.

En 2001 estréase, na franxa de tarde dos xoves, *A transición en Galicia*, serie de reportaxes que supón botar man do fondo de imaxes de arquivo do que dispón o centro territorial, privilexiado neste sentido en tanto que se trataba, naquela etapa histórica, da única emisora de televisión exclusivamente galega. Para a súa difusión a través da canle internacional, prográmanse as series de produción propia *Galegos en América e Europa* e *Espacios arquitectónicos*. Outros espazos que van saíndo ás ondas no novo século, sempre colocados na tarde da segunda canle, son *Vagalume*, sobre iniciativas empresariais emprendedoras, *Historia do fútbol galego* e *Repichoca*, dedicado ao folclore tradicional galego. Os deportes seguen a recibir unha atención especial, dando entrada mesmo a retransmisións en directo de partidos de fútbol de equipos galegos da 2ª División B, tal como acontece con outros centros territoriais nas tardes dos venres.

Polo que respecta ao 2002, a produción propia e en galego increméntase con varios espazos de curta duración, emitidos nas tardes da semana: *Parlamento de Galicia* (os luns), *Mercuria* (os martes), *Ao pé da letra* (os mércores) e *Kinoki* (os xoves).

A programación de TVE en Galicia véñse estruturando ao longo destes 30 anos arredor dos xéneros informativos, dende o básico e omnipresente telexornal (ou ben coa denominación clásica de *Panorama de Galicia*) até as diversas modalidades deste formato. Adóptanse, deste xeito, os códigos e os contidos do magacín (que incorporan as consabidas entrevistas, reportaxes e mesmo concursos), dos debates, dos divulgativos ou doutros programas especializados, inspirados en temas de índole galega, como poden ser o mar, o

agro, a emigración. Con todo, o gran problema ao que, agás excepcións, tivo que facer fronte esta programación foi a flutuación de horarios, os cambios da primeira á segunda canle, a pouca permanencia no tempo dalgúns dos espazos postos en antena e a suspensión de determinadas emisións por necesidades alleas, tal era o caso de retransmisións en directo de difusión estatal de acontecementos deportivos, sociais ou culturais. A desexable lealdade da audiencia viuse, obviamente, afectada pola dependencia do centro territorial galego respecto da programación estatal de TVE e das pautas que, tanto neste ámbito como en tantos outros, viñan marcadas dende a dirección central da televisión pública.

Margarita Ledo (2001) coincide con esta explicación e indica que unha característica da creación deste centro rexional foi a «debilidade descentralizadora» do proxecto. Segundo a súa opinión, «até o día de hoxe apenas mudou o seu esquema de programación: telexornal, deportes, magacíns e franxas horarias que a preparan para o enganche co circuíto estatal ao mediodía e cara á fin do serán». Ledo remata a súa reflexión destacando a importancia dos recursos tanto técnicos coma humanos deste centro territorial que, ao seu ver, non foron aproveitados. «Cunha redacción profesional de experiencia cumprida, co único arquivo de imaxes dos anos setenta, das negociacións da transición e da implantación da autonomía, TVE-Galicia nin acaba de rendibilizar este capital informativo nin a súa imaxe de marca consegue desprenderse das saias institucionais nese decorado en continuo».

2.1.2. Televisión de Galicia

A TVG iniciou as súas emisións no mes de xullo de 1985 como canle autonómica, preparada para cubrir o baleiro dunha programación feita integramente en galego e con temas propios do país, algo así como unha fiestra e un espello da nosa realidade. Así queda recollido nos Principios Xerais de Programación da canle, aprobados o 12 de maio de 1986 por unanimidade no Consello de Administración. Neste documento faise explícito o manifestado até agora:

Os programas de Radiotelevisión de Galicia e da TVG deben de responder á realidade social, cultural e económica do país. A programación ten que ser reflexo desa realidade e, como medios institucionais, cunha obriga de contribuír á transformación da mesma dende a identidade galega.

Unha identidade que non se entende como algo estático senón como un proceso aberto no que os medios de comunicación, radio e televisión, deben supoñer a incorporación da realidade social e cultura galega á dinámica das modernas sociedades desenvolvidas. E isto como o servizo é o xeito para garantir hoxe e no futuro a continuidade dunha comunidade cos seus sinais de identidade (en Maneiro Vila, 1989: 205).

Nos seus textos fundacionais (...) «reitérase o apoio de toda actividade que fomente a participación do cidadán galego no proceso de comunicación» e no concreto o Consello de Administración terá que responder pola presenza na oferta do «mundo cultural», da «realidade socioeconómica» ou verbo do incremento da produción propia, baseala en temática e autores galegos, con valor de universalidade para que «poida ter acollida noutros mercados, o que servirá como apoio aos investimentos que nese sentido se fagan en Galicia e como proxección no exterior da imaxe do propio país» (Ledo Andión, 2001a: 69).

Logo dunha traxectoria de case 20 anos estamos en disposición de tirar unhas primeiras conclusións sobre o tipo de produtos que se lle ofrecen á audiencia galega nesta canle. Con tal propósito, fixemos unha análise, que non pretende ser exhaustiva, senón indicativa das principais tendencias, observando os programas emitidos en dous meses de cada ano dende os inicios da televisión. Por unha banda, eliximos o mes de setembro, no que se inician as «temporadas» na industria televisiva, e o de marzo, no que xa se pode observar a continuidade das apostas da televisión ou a desaparición das mesmas. De cada unha destas etapas, anotamos todos os programas en antena, para elaborarmos un cadro no que se percibiran as principais direccións na programación. Buscaremos apoio tamén nos Principios Xerais de Programación, para comprobarmos se as principais premisas se van cumprindo nos distintos programas emitidos.

Neste esquema, con todo, temos que excluír os primeiros meses de emisión da canle. Até o 1 de setembro de 1985 a TVG estivo en período de probas, no que se emitían tres horas diarias de programación fraccionadas que aumentaban a fin de semana, coa intención de que os profesionais se foran facendo co medio. Porén, como indica Arturo Maneiro, «en realidade o asentamento definitivo das emisións non se pode datar antes de principios do ano 1986» (Maneiro Vila, 1989: 79). Nestes primeiros meses, a TVG emite un total de 150 horas, case todas de produtos de ficción españois. A partir do ano 1986 vaise enchendo a grella progresivamente até chegar ás 24 horas de emisión actuais.

Podemos falar, en primeiro lugar, da grande estabilidade que se pode observar na programación da TVG, que presenta un modelo de televisión de proximidade afincado na etnicidade. Despois dun breve período de asentamento dos programas, coa escolla dun estilo determinado, a Televisión de Galicia presenta grellas moi estables, organizadas nos horarios arredor dos informativos, que seguen o esquema do resto das canles de España. Observamos, dentro desta caste de inmovilismo de programas, tres liñas de programación bastante definidas.

Dunha banda, pódese destacar a importancia da oferta informativa na canle, que vertebra ademais a grella diaria.

Percíbese, en segundo lugar, un visible esforzo por ofrecerlle á audiencia os programas que identificamos, en trazos xerais, con aqueles que cumpren as funcións de «servizo público», un dos predicamentos fundamentais en toda canle de titularidade estatal ou autonómica.

Francisco Campos, director da canle, entende servizo público e programación de calidade do seguinte xeito: «Programa de servizo público é o que contribúe a enriquecer o coñecemento do espectador sobre calquera tema de interese xeral ou minoritario e non soamente a entretelo, ou ben, proporciónalle información sobre cuestións que non se dan nos informativos. Un programa de calidade debe ter un bo presentador ou presentadores, excelente realización, imaxe e son inmejorables e un decorado atractivo» (GECA Consultores, 1999: 69). Neste sentido, o director da TVG fala de que existen unha grande cantidade de programas de servizo público, aínda que a atención a Galicia e o propio está presente en todos os programas da televisión autonómica. A este respecto, atopamos a terceira liña de acción na programación da canle: en canto a TVG estivo facultada para se facer cargo de máis produción propia, as grellas pasan a dar entrada a unha grande cantidade de programas de entretemento, nos que música popular, humor e xéneros dialogais son preponderantes.

A este respecto, apunta Margarita Ledo que «co paso do tempo a tríade información-musicais-ficción mantense como eixo no que pivotan o resto dos contidos até que, en 1997, o deporte vai coller vantaxe fronte da información e tamén da ficción. (...) A produción propia chega ao 75%. Dende 1995 comézase a produción de ficción coa *sit-com Pratos Combinados* e en 1999, con *Mareas Vivas*, o galego coloquial entra nunha serie que

será, asemade, a primeira en circular dobrada ao castelán noutras televisións» (Ledo Andión, 2001a: 70).

Finalmente, tomamos como referencia neste informe a produción propia da TVG, xa que nos parece representativa do conxunto. Trátase, ademais, da tendencia de produción que segue a Televisión de Galicia nos últimos anos, nos que observamos un incremento de horas de emisión de produtos creados na propia canle. Lemos en *A comunicación en Galicia 2000*:

Segundo a terminoloxía estandarizada para identificar tipoloxicamente a produción, a TVG clasifica a mesma como Producción propia interna/externa e Producción allea. A Producción propia interna atinxe aqueles programas realizados cos recursos técnicos e profesionais da canle, con cargo aos orzamentos da TVG e, ocasionalmente, en colaboración con empresas comerciais ou con institucións. En xeral correspóndese con informativos, magazines, programas infantís e de servizo público e mais retransmisións. A Producción propia externa, producida na canle pero en parceria con privadas ou públicas alleas, é a máis significativa para as produtoras independentes. (Ledo Andión, 2001b: 94).

Deste xeito, o número de horas de emisión de produción propia pasou de ser 3231 en 1994 a 5813 catro anos despois. Isto supón que no ano 1997 a produción propia constituía o 69'63% do emitido, contra un 30'37% de produción allea (GECA Consultores, 1999: 59), sobre todo composta por longametraxes e, en menor medida, debuxos animados e series de ficción, segundo se pode ler no Informe Fiscalizador do Consello de Contas de Galicia 1997¹⁵. O ano seguinte, a porcentaxe de produción propia da canle e das produtoras contratadas ascende até un 75'2%, unha cifra que consideramos que medrou nos últimos anos, debido á tendencia da TVG a producir series de ficción e *tv movies*.

Falaremos máis polo miúdo das incidencias na programación dos distintos tipos de programas emitidos e, en particular, de posibles apostas que crebaron, en certo sentido, a

¹⁵ No Informe Fiscalizador (Consello de Contas de Galicia, 1999) analízase a cantidade de produción propia ou allea. Polo que respecta a esta última, recollemos o seguinte: «a pesar de que se está a producir unha minoración nas compras de produción allea (longametraxes, series, debuxos, documentais e telenovelas), seguen sendo superiores aos consumos do exercicio, o que supón un aumento das existencias con respecto aos anos anteriores»; da produción propia indícase que «as porcentaxes de produción propia da TVG, S.A. figuran entre as máis altas das televisións autonómicas, pero conséguese cun forte predominio da produción externa contratada»; p. 39.

continuidade facilmente observable da programación desta canle. Esta análise por xéneros obedece á elaboración dun cadro no que anotamos os programas emitidos nos meses estudados.

2.1.2.1. Informativos

Pódese dicir que se trata dun dos xéneros que máis horas ocupa nas grellas e no que a TVG fai un grande esforzo, á vista dos programas, para lle ofrecer servizos informativos ao cidadán. Esta é unha característica común a todas as canles xeralistas de España, pero, neste caso, ten como principal cometido o intento progresivo de lle achegar os temas á audiencia. Co paso do tempo vaise facendo unha estratificación da información segundo o espazo no que se producen as noticias, de xeito que se lle vai concedendo máis importancia aos programas de carácter comarcal e local, que contan con desconexións de seu.

Nos Principios Xerais de Programación maniféstase que a TVG ten a «obriga ineludible» de informar a sociedade galega, e de «ser cribles nos seus contidos informativos». Ademais, «a separación entre opinión e información é principio incuestionable e irrenunciable na RTG e na TVG. Nunca os profesionais da información destes medios poderán emitir opinión ou valoración ningunha sobre os feitos que lle transmitan aos cidadáns». Rexéitase, tamén, o uso do rumor e da especulación e a editorialización agochada. Búscase a divulgación pedagóxica, o respecto á fama e á vida privada das persoas, o rigor e a veracidade informativa.

O *Telexornal*, nas súas edicións – que na actualidade son tres – é o principal produto informativo da canle. Dende as primeiras edicións conformouse como unha peza insubstituíble da grella. Ten o formato máis clásico das canles xeralistas, normalmente cun único presentador, que varía segundo a franxa horaria, que exerce a condución das noticias.

A programación de informativos faise moi estable en horarios e áreas a partir do ano 1995, cando se crean o *Galicia* (1995), as desconexións locais (1996) e mais *A Revista* (1997). Hai certo interese da TVG por concentrar servizos informativos na franxa horaria do *access* e do *prime time* de mediodía, cando se emiten seguidos os programas xa citados. Nos últimos anos, o *Galicia* é o formato con máis éxito dos informativos, posiblemente

polo concepto de proximidade que presenta (conflitos moi locais e cotiáns) e polo horario, no que non compite na programación estatal con outro produto destas características.

A oferta informativa complementábase, de xeito menos constante, con programas de tarde, como o caso de *Galicia directa* (no que se aproveitaban as noticias do *Galicia* emitido ás 2 da tarde) e con formatos específicos de información especializada, que son os menos, como *Outra xeira* (1986-87), *Enfoques* (1989-90), *Informes TVG* (1991-94) e *Reporteiros* (1996-2001)¹⁶. Tamén atopamos microespazos informativos como *Europa*, *Parlamento*, *Información especial para xordos*, entre outros. A menor importancia que estes formatos máis especializados teñen na programación nótase nos cambios frecuentes na súa colocación na grella e na súa emisión en horarios moi afastados das máximas audiencias.

2.1.2.2. Deportes

Polo que respecta aos programas de deportes e retransmisións deportivas tamén percibimos a súa importancia na grella, sobre todo, os programas máis estables como *En xogo*, que se emite diariamente unido aos informativos e ás retransmisións de fútbol, que se ofrecen en todas as canles da FORTA, e supoñen unha boa porcentaxe da audiencia total das mesmas. A este respecto, os Principios Xerais de Programación indican: «A programación buscará tamén, non só con retransmisións, o fomento dos deportes, do seu coñecemento e a súa práctica como un xeito de contribución á mellora da calidade de vida dos galegos».

Con todo, habería que dicir que houbo unha tendencia clara na TVG cara á atención polo fútbol, de xeito que se foron abandonando as emisións doutros deportes como o tenis e

¹⁶ Do *Anuario de la televisión*, 1999: «TVG conta con dous programas de actualidade: *Reporteiros* e *O semanal*. Ambos os dous están dirixidos por Encina Ramos, quen ademais presenta o segundo deles. Este espazo empézase a emitir os venres de madrugada, tras o programa musical *Luar*. A metade de temporada, debido aos seus baixos resultados, *O semanal* pásase a programar os sábados en *access* sobremesa. Aumenta desa forma os seus resultados, ao acadar 17,6% puntos de share e 73 000 espectadores de media. *Reporteiros* é un espazo que deambula pola grella da canle autonómica galega», (GECA Consultores, 2000: 254). Malia os cambios que se producen ao longo da súa programación, isto dános unha idea da pouca estabilidade destes formatos na grella.

o baloncesto, que tiveran unha maior presenza na grella. Abandónase esa vontade formativa que lemos nos Principios, sexa polo éxito dos equipos galegos na Liga española, sexa porque as outras disciplinas comezaron a considerarse minoritarias. Os partidos de fútbol cobren unha boa cantidade de horas na programación, en especial nas fins de semana. Isto evita a necesidade de producir outros espazos ou ben repetir os xa emitidos.

2.1.2.3. Formatos habituais

No *Anuario de la televisión* (GECA Consultores, 2000: 185) chámalle formatos singulares a todos os programas de duración moi reducida que se definen do seguinte xeito: «Os formatos singulares cumpren, en moitas ocasións, unha función de «comodín». As cadeas recorren a eles para axustar a súa grella ou cubrir imprevistos, fronte á aparición de acontecementos puntuais, polo xeral de carácter deportivo e político». Atopamos, deste xeito, programas que se ocupan de materias de interese xeral como a saúde, a educación dos máis pequenos ou as actividades do sector primario. Vemos que existen na TVG numerosos programas deste tipo, sobre todo de temas como son agricultura e pesca, actividades moi importantes na economía galega. Estes microespazos teñen unha estabilidade en antena semellante á dos informativos, de xeito que permanecen case inalterados ao longo de 15 anos e, polo tanto, poñen en cuestión a definición que anteriormente demos dos formatos singulares en España, motivo polo cal denominámoslos aquí «formatos habituais». Mentres que noutras canles todos estes programas son eminentemente inestables, na TVG marcan os horario da grella. Temos como principais exemplos de formatos singulares *A saúde*, *O Agro*, *Labranza* ou *O Mar*. Non atopamos, así e todo, espazos dedicados a compras por correo nin a información sindical, co que si contan outras canles da FORTA.

Recollemos dos Principios Xerais de Programación: «A realidade socioeconómica terá tamén presenza na programación e dentro da autonomía que deben ter os profesionais búscanse os xeitos divulgativos ou formativos que contribúan á mellora da realidade galega». Consideramos, á vista do anterior, que este Principio de Programación se cumpre na TVG, sobre todo na atención ás actividades económicas do sector primario.

Tamén podemos incluír neste apartado os programas de aprendizaxe da lingua galega, entre os que destacamos *Cousas da lingua* e *Imos aló*, unha vez máis, escollidos por seren dos máis estables na grella. Con estes espazos cúmprese unha das funcións que se contemplaban na xestión legal da TVG: a defensa do galego e o seu uso como lingua case única na programación. Estes programas de lingua presentan unha formulación que os achega a outros xéneros como os concursos; se ben se trata de programas de divulgación e formación, permítense certas concesións ao entretemento.

Cómpre destacar que a TVG se está a manter á marxe dos programas de telerrealidade xurdidos con *Gran Hermano* en Telecinco, ou posteriormente *Operación Triunfo* en Televisión Española. Como se verá máis adiante, a opinión dos expertos explica esta ausencia na TVG debido a dous factores básicos: o perfil de audiencia desta canle, que está xa moi definido, e mais a pouca disposición dos programadores a arriscar demasiado con certo tipo de programas que non saben como van funcionar con esa audiencia. Deste xeito, a TVG non só non se ve afectada polo liderado dos formatos de telerrealidade que irrompe nas grellas de programación – denominada *killer format* ou «formato asasino» por Pérez Ornia – senón que ademais, a tendencia da «televisión retroalimentada» ou programas que basean os seus contidos en comentar estes programas de telerrealidade, tampouco se producen na canle autonómica. Segundo a análise de Pérez Ornia, presidente de GECA, a evolución da televisión no estado, por tempadas, foi a seguinte:

- 1990/1991: Monopolio de TVE
- 1991/1992: Monopolio de TVE e inicio da transición.
- 1992/1993: Cambio radical de tendencias
- 1993/1994: Evolución e asentamento de tendencias. Irrompe un novo xénero, as series de produción nacional. Os *realities* chegan ao seu esplendor.
- 1994/1995: Soben as series, baixa o *reality*.
- 1995/1999: Época dourada das series españolas.
- 1999/2000: Xorde a televisión acontecemento ou *docushow*. *Gran Hermano* chega a Telecinco e TVE1 marca o seu peor rexistro. TVG non ve afectada a súa programación.
- 2000/2001: Televisión acontecemento

- 2001/2002: Televisión acontecemento. Televisión Española recupera as súas marcas de audiencia coa chegada de *Operación Triunfo*, co éxito da serie *Cuéntame cómo pasó* e da retransmisión de Eurovisión.
- 2002/2003: Soben as series, baixa o *docushow*:
 - extraordinario éxito de *Cuéntame como pasó* e *Ana y los siete* (ambas as dúas en TVE1)
 - estréase con éxito *Los Serrano* (Telecinco)
 - éxito de *CSI* en Telecinco
 - os programas de «telepeche» reparten a audiencia sen destacar ningún: *Operación Triunfo* (TVE1), *Gran Hermano* (Telecinco), *Hotel Glam* (Telecinco), *La isla de los famosos* (Antena3) e *Popstars* (Telecinco).

Finalmente, excluímos da clasificación do *Anuario* aqueles programas dedicados á música xuvenil, que nós relacionamos directamente cos produtos culturais. É neste apartado deste informe onde citamos aqueles formatos en que a música, orientada a un público máis novo, é a protagonista.

2.1.2.4. Programas culturais

Agrupamos nesta epígrafe todos os programas que se ocupan da axenda cultural en Galicia, do cine, da literatura e da música pola escasa cantidade deles nas grellas da TVG. O máis importante para sinalar sobre estes produtos é, precisamente a súa escaseza e a súa marxinación en canto ás franxas horarias nas que se emiten. Porén, nos Principios Xerais de Programación exprésase o seguinte obxectivo:

Presenza do mundo cultural recollido de xeito específico como instrumento de promoción do nivel cultural da sociedade galega. E deberá de existir programación específica cultural dentro das características propias dos medios radio e televisión (en Maneiro Vila, 1989: 205).

Atopamos programas que se ocupan dos acontecementos culturais no país, como *Vivir aquí* (1988-91) ou *Etcétera* (1995-99); espazos nos que a música para os máis novos é

o motivo fundamental: *Atlántico* (1986), *Clan clip* (1989-90), *Clipmanía* (1992-94) e *Chambo* (1999-2000); outros nos que a música tradicional e clásica son as protagonistas como *Cancioneiro* (1986), *Radio onte* (1990), *Moderato cantábile* (1993-94) ou *Con música propia* (1995); programas de debate e distintos temas culturais, entre os que destacan *A trabe de ouro* (1987), *O cartafol* (1989-90) e *Entre a terra e a lúa* (1999-2000); finalmente, produtos nos que se presenta a actualidade cinematográfica con especial atención ao panorama galego: *Luces da cidade* (1990) e *Dezine* (1997), este último aínda en antena. Unha das últimas propostas é *Con C de Cultura*, un espazo de media hora de duración que se emite os sábados e os domingos despois do telexornal.

2.1.2.5. Programación infantil

Lemos nos Principios Xerais da Programación: «Ambos os dous medios terán programación específica dirixida á mocidade e á infancia para exercerem unha acción benéfica no desenvolvemento da súa personalidade e como cidadáns que terán que comprometerse coa realidade de Galicia, de España e da Europa na que empezamos a integrarnos» (en Maneiro Vila, 1989: 206).

Despois duns primeiros anos nos que as emisións de programas para os cativos non teñen máis estrutura que a franxa horaria fixa na que se emiten e a periodicidade dos produtos importados, a Televisión de Galicia comeza a apostar pola produción propia e o artellamento dunha oferta para cativos máis estable.

Ao longo dos anos 1990 e 1991 hai un primeiro intento de vertebración desta oferta televisiva infantil, por medio de *Tarde taina*. Tres anos despois iníciase un dos produtos con máis éxito e duradeiros na grella: *Xabarín Club*. Este macroespazo incorporou un sistema de fidelización pioneiro no Estado e que foi moi imitado noutras programacións infantís: un club de socios que alcanzou arredor de 100 000 membros, unha cantidade moi destacable se consideramos a composición da poboación galega, notablemente envellecida. Ocupou dende o inicio a franxa da tarde dos días laborables, orixinalmente reservada para os espectadores máis novos, e mesmo dispuña dun tramo prolongado durante a mañá dos sábados. Porén, o *Xabarín* foi vendo reducirse o seu tempo na franxa da tarde en favor dunha nova oferta a base de parladoiros de sobremesa e telenovelas, ata rematar por

desaparecer de todo –insistimos, na franxa de tarde– contra a fin da temporada 2003-2004. O espazo infantil só ocupa, na actualidade, a franxa primeira das mañás laborables e as dúas primeiras da mañá do sábado.

Tradicionalmente, o *Xabarín* conxugou a oferta de series e produtos importados con continuidade feita na propia TVG. Pódese dicir que é un dos programas máis veteranos da televisión. Este espazo entrou na grella de programación da TVG con moita forza hai dez anos xa que se trataba da única oferta televisiva en Galicia para un público infantil en horario de tarde. Na actualidade, a súa presenza na programación está máis limitada pola emisión da serie de animación *Shin Chan*, que foi retrasada até despois das sete da tarde tras un polémico debate na opinión pública a respecto da pertinencia dos contidos da serie para o público infantil, debate que chegou ao Parlamento de Galicia. En todo caso, o éxito de audiencia das series de animación emitidas durante a vida do *Xabarín Club* contribuíu notablemente á normalización do galego, como ten manifestado en numerosas ocasións a Mesa pola Normalización Lingüística. Ademais, as últimas longametraxes de animación realizadas a partir de series de animación emitidas pola TVG –*Doraemon* e *Shin Chan*– foron estreadas nos cines de toda Galicia exclusivamente na versión en galego.

2.1.2.6. Xéneros dialogais

Baixo esta epígrafe englobamos aqueles programas nos que as entrevistas, debates e parladoiros constitúen o núcleo dos mesmos, por máis que estes formatos inclúan tamén espazos máis propios dos programas de variedades. Estes programas, entre informativos e de entretemento, tiveron xa dende os inicios da televisión un lugar importante nas grellas, con produtos como *Entre nós* (1985-88), *Boa noite* (1985-86) e *Arestora* (1988-90), entre outros. Para estes programas, o mesmo que para os que os sucederon, hai unha política clara por parte da TVG que, por outra banda, é práctica habitual no resto das canles en España: búscase unha figura, un presentador de prestixio. Nos primeiros anos optouse por xornalistas como José Domingo Castaño ou Fidel Fernán, que foron sendo progresivamente substituídos por persoas máis relacionadas co mundo do espectáculo, como Teté Delgado (*Café café* en 1993, *Bis a vis* en 1997-98) ou Ana Kiro, quen merecería unha mención

especial por erixirse como a grande estrela do magacín feito en galego (*Toda unha vida*, (1996-97); *Tardes con Ana*, (1998-2001), *¡Que boa tarde!* (2002)¹⁷.

Máis preto dos programas de entrevistas atopamos os formatos nos que a emigración é o tema fundamental. Neles combínanse as entrevistas cos protagonistas de cada historia de encontro e pequenas dramatizacións ou reportaxes das mesmas. Un dos máis duradeiros é *Galeguidade* (1995-2001), substituído posteriormente por *Encontros*, aínda en antena.

A aparición destes programas vén tamén condicionada polas «modas» impostas dende as canles xeralistas, de xeito que nos derradeiros 90 proliferan espazos nos que se ocupan de noticias do corazón *De todo corazón* (1996-97), *Lola corazón* (1997), ou programas propios da prensa amarela. No 2001 asistimos a un rexurdir deste xénero, con formatos nos que se combina a crónica de sucesos coas noticias propias da prensa rosa, de aí que na TVG se adapte en programas como *Actual* (2002).

Entre programas máis convencionais, e polo tanto máis estables, como magacíns, programas de entrevistas con distintas temáticas, etc. atopamos outros espazos nos que tanto temas como formato presentan certas diferenzas a respecto dos produtos antes nomeados. Podemos falar, a este respecto, de programas de produción propia como *O mellor* (1986), programa de humor presentado por Manuel Rivas, *SOS* (1988), que

¹⁷ No *Anuario de la televisión, 1999* anotamos o seguinte comentario sobre o programa: «TVG apostou sempre pola produción propia na sobremesa, aínda que a este esforzo non lle correspondese en todas as ocasións o éxito. Os resultados corríxense a partir de marzo de 1998 coa estrea de *Tardes con Ana*, presentado pola carismática cantante galega Ana Kiro. O programa ten un formato mixto, pouco frecuente no panorama televisivo español. Ao igual que *Ana* ou *Digan lo que digan*, máximos abandeirados dos *talk shows*, presenta cada día un tema de discusión. Pero a diferenza deles, posúe seccións que o relacionan inequivocamente co xénero dos magacíns. O programa recorre a entrevistas e concursos e mesmo a música cobra unha grande importancia no seu formato. Non en balde *Tardes con Ana* dispón dunha banda propia, a Orquestra Cruceiro. Ademais, a presentadora aproveita a súa faceta como cantante para demostrarlle á audiencia as súas dotes musicais. *Tardes con Ana* pecha o curso cunha cota de pantalla do 21,5%. A transcendencia deste *share* non estriba tanto na súa superioridade respecto á media da TVG (17,5%) como na súa repercusión sobre a banda na que se asenta. Con anterioridade á súa estrea, a cadea alcanzaba na sobremesa dos días laborais un pobre 12% (entre as 15:00 e as 18:00). Unha porcentaxe que se eleva até o 19% entre o 16 de marzo de 1998 –a súa primeira emisión– e o peche da temporada (30 de xuño de 1998)» (GECA Consultores, 2000: 179-180).

provocou certa polémica no seu momento¹⁸, ou *Sitio distinto* (1990), dirixido por Antón Reixa. Este último constituíu unha alternativa en canto a temas e formato nunca máis repetida na TVG.

2.1.2.7. Variedades e concursos

Outro dos piares na loita pola audiencia na TVG constitúeno os programas que conxugan actuacións musicais con pequenos gags e entrevistas, emitidos, normalmente, no horario de *prime time* de noite (agás as repeticións dos mesmos, normalmente ao longo da fin de semana). Os concursos tamén constitúen unha baza importante na grella. Este tipo de programas son tamén coñecidos baixo a epígrafe «miscelánea» e, segundo Bernat López, Jaume Risquete e Enric Castelló, a alta porcentaxe deste tipo de programas na grella da TVG está en relación directa co baixo presuposto da canle, que só permite facer programas máis económicos (en Moragas *et al.*, 1999: 177).

O mesmo que acontecía nos programas baseados en xéneros dialogais, cóntase cun condutor de prestixio que conecte coa audiencia. Igual que nos casos anteriores, óptase polo continuísmo. Toda vez se comproba que a fórmula funciona, queda pouco lugar para a improvisación. Nos Principios Xerais da Programación indícase que «o entretemento e a diversión que lexitimamente busca a audiencia nestes medios de comunicación terá que estar tamén presente na RTG e na TVG e contarán con programación propia neste senso sen caeren no vulgarismo» (Maneiro Vila, 1989: 206).

Polo que respecta aos concursos podemos citar primeiras experiencias, con maior ou menor éxito, e aqueles formatos que, posteriormente, se consolidaron na grella. No primeiro dos casos, citamos espazos como *Saber e xogar* (1986), *Gran Casino* (1988-89), *Man con man* (1990-91) e *A reoca* (1990). Porén, é no ano 1992 cando comeza a andaina do concurso con máis aceptación por parte da audiencia, o *Supermartes*, que celebrou xa o

¹⁸ Segundo noticia titulada «Suspendido o programa “S.O.S.” por infrinxir a lexislación vixente», publicada en El Correo Gallego o 3 de setembro de 1988, o director da TVG, Xerardo Rodríguez, xustificou a retirada do programa argumentando que este atentaba contra o artigo 324 do Código Penal ao facer «uso indevido e público de uniformes militares e insignias».

décimo aniversario na grella. Do *Anuario da Televisión 1999* tomamos o seguinte comentario:

O concurso *Supermartes*, un dos formatos máis antigos da cadea galega, rexistra un *share* do 18,2%. Este resultado cobra un mérito especial se se teñen en conta as limitacións da súa banda de emisión. (...) *Supermartes* é unha excepción do *prime time* español. Nesta franxa triunfan concursos que, como *Lluvia de estrellas*, *¿Qué apostamos?* ou *La parodia nacional*, posúen unha elevada dose de espectáculo. Non obstante, os concursos entendidos en sentido estrito apenas teñen cabida na banda de máxima audiencia. O programa galego entra dentro desta categoría e destácase a contracorrente no *prime time*, sen apenas concesións á idea de espectáculo (GECA Consultores, 2000: 156).

O mesmo presentador, Xosé Manuel Piñeiro, conducía un concurso de karaoke, *O téquele, téquele* (1997-98) e o *Tequelexou* (2000-01), competición de baile. Este tipo de produtos emitíronse tamén noutras canles do estado, pero a súa duración en pantalla foi moito máis breve que os da TVG.

Pódense citar outros programas desta caste nos que o compoñente cultural é máis importante, pero que non tiveron unha duración semellante aos anteriormente nomeados: *Todos a bordo* (1999-2001), con preguntas e respostas de coñecemento xeral, e *Cousa, cousiña* (1996-97) con preguntas e respostas sobre a lingua e refráns, presentado por Fidel Fernán, que substituíu a Luís Iglesia Besteiro.

En canto ás variedades e espectáculos musicais notamos unha evolución moi semellante á do resto dos programas de entretemento; despois dun período de proba, no que se emiten programas como *Lúa nova* (1986), *Ruada* (1986), *Venres show* (1987), *Noite de estrelas* (1988-89) e *Entre amigos* (1990-92), comprobamos como todos estes ensaios dan lugar a unha síntese que se mantén en antena ininterrompidamente dende o ano 1993.

A fórmula *Luar* pódese considerar como un dos emblemas programáticos da canle, o seu produto con máis éxito de audiencia e un dos máis estables. Como falabamos con respecto a outros produtos, o presentador é unha peza importante e, neste caso, a condución de Xosé Ramón Gayoso resulta crucial. Está apoiado por un equipo de actores que interpretan personaxes no intermedio das actuacións, na discoteca *Dona Dana* de Touro. Nas últimas tempadas, o *Luar* está a apostar polo humor dos populares «Tonechos» – moitas veces acompañados por actores como Dorotea Bárcena, Mariana Carballal ou

Toñito de Poi – para se achegar, cando menos durante a súas actuacións intercaladas no programa, aos públicos mozos, aos nenos e á audiencia en xeral que non seguía o programa con asiduidade¹⁹. Tanto esta sección humorística coma o concurso «Vai de baile», no que varias parellas compiten a través do baile tradicional, incrementaron a audiencia deste programa considerablemente.

Polo que respecta aos contidos musicais, podemos dicir que se centra na música tradicional galega, interpretada por colectividades de todo o país, e no folclore que se fai no resto da Península, nomeadamente andaluz e portugués²⁰. Tamén do *Anuario de la televisión*: «Non é habitual que este tipo de contidos triunfen a escala nacional. Moi á contra, introducen un elemento de risco que leva á maioría das cadeas a omitilos ou, no seu defecto, a relegalos a bandas pouco decisivas dende o punto de vista do consumo. Xosé Ramón Gayoso, o presentador, converteuse nunha das máximas estrelas da TVG. Consegue que as noites dos venres sexan unha festa televisiva. Experto coñecedor do medio, sabe crear o clima perfecto para que o público asistente ao plató entre en interacción cos intérpretes e exprese sen ningún tipo de limitación o seu entusiasmo» (GECA Consultores, 2000: 156).

Podemos incluír unha categoría máis de programas de variedades: os que combinan humor en plató e as actuacións coas cámaras ocultas. Dende a case prehistoria deste formato, representada polo programa *Velaí* (1989), pasamos a outros máis estables como *Inocente, inocente* (1993-95), *A repanocha* (1996-99) e *Con perdón* (1996-98).

2.1.2.8. Ficción e documentais

¹⁹ Explicación ofrecida polo propio Xosé Ramón Gayoso nunha conferencia impartida no Curso de Formación de Monitores organizado polo Consorcio Audiovisual de Galicia entre xaneiro e marzo de 2003.

²⁰ Merecen unha mención especial aquelas edicións de *Luar* nas que se prolonga por motivos como a solidariedade. Atopamos unha referencia no *Anuario de la televisión* de 1999: «TVG inicia ás 22:08 horas do venres 5 de xuño de 1998 un especial do programa de música folclórica *Luar*, que se pecha ás 21:15 horas do domingo seguinte. A emisión preséntase baixo o título de *Luar da solidariedade* e ten como finalidade ofrecer o seu apoio ás ONG's galegas e, en xeral, a todas as organizacións altruístas que operan en Galicia. (...) O especial *Luar* ten unha grande acollida entre os espectadores galegos: alcanza unha audiencia media de 156 000 persoas e un *share* do 36,7%» (GECA Consultores, 2000: 200).

Faise necesaria unha certa madurez nunha televisión para que esta poida producir ficción de seu. No caso da TVG temos que agardar até 1994, ano no que se emite a serie, baseada no mundo literario de Álvaro Cunqueiro, *Os outros feirantes*.

Podemos dicir que dous anos despois iníciase unha pequena industria de ficcións seriadas, algunhas delas moi estables na programación: *A familia Pita* (1996-1997, 26 capítulos x 30'), *Pratos combinados* (1995-...), *Mareas vivas* (1998-2000, 91 capítulos x 55'), *Rías Baixas* (2000-...), *Galicia express* (2000, 90 capítulos x 27'), *Pequeno hotel* (2000), *Terra de Miranda* (2001-2002, 52 capítulos x 60'), *Avenida de América* (2002), *As leis de Celavella* (2003). Pódese dicir que, o mesmo que ocorría con outros xéneros, este aumento da produción obedece a unha tendencia, iniciada en España despois do enorme éxito de series como *Farmacia de guardia*. Dende o ano 2001 tamén se emiten *TV movies* ou telefilmes de produción galega, unha das áreas nas que máis traballan nestes momentos a TVG e moitas produtoras.

Estes produtos veñen encher un oco nas grellas da TVG que, dende os seus inicios, foi cuberto con series maiormente americanas e filmes, feitos para cine ou televisión. Destacan, pola cantidade e repetición das emisións, os *westerns* e as películas de Cantinflas.

Por outra banda, o caso dos documentais pode ser comparado co dos produtos de ficción. A falta ata o de agora dunha industria medianamente articulada e mais dun apoio de subvencións, a meirande parte dos documentais son importados; igual ca no resto de canles, a preferencia son os de natureza. Na TVG, con todo, pódense encontrar docuseries como os *Viaxeiros da luz* (1996), *Historias con data* (1990, 92, 94), *Chunda, chunda* (2000) ou *Vida nas mareas* (2000), *Terras de Merlín* (2002) e *As viaxeiras da lúa* (2003).

Un dos obxectivos da canle é incentivar a produción propia, tal e como se recolle nos Principios Xerais de Programación:

A RTG e a TVG buscarán o incremento da produción propia de programas e deste xeito deben de buscar a presenza dunha programación baseada en temática e autores galegos e con valor de universalidade para que esa produción propia poida ter acollida noutros mercados, o que servirá como apoio aos investimentos que neste sentido se fagan en Galicia como proxección exterior da imaxe do propio país (en Maneiro Vila, 1989: 206).

A este respecto, os plans da TVG son incrementar a produción da canle, seguindo as políticas de produción propia externa e a coprodución, sobre todo nos produtos de ficción, tanto seriados como *tv movies*.

Dende o éxito que tivera no seu día *Mareas Vivas*, a TVG aposta especialmente polas series de ficción e non dubida en emitilas no *prime time*, agás nas noites dos martes e dos venres, xa que se emiten os seus «programas estrela», *Supermartes* e *Luar*. O *prime time* é a segunda franxa horaria máis rendible – despois da oferta informativa da sobremesa (25,3%) –, oscilando entre un 19,5% pola semana e un 24,5% ou mesmo un 27,4% que pode chegar a conseguir durante a fin de semana. A ficción domina as grellas de programación no *prime time*, afírmase no *Anuario de la Televisión 2004*, o que permite comprender a aposta da TVG polas series de ficción de produción propia nesta franxa horaria. Esta aposta correspóndese co auxe experimentado en todas as canles estatais dende a temporada 2001/2002, a partir da cal se comezan a ver series como *Cuéntame cómo pasó* e *Ana y los siete* en TVE1, *Los Serrano* en Telecinco ou *Aquí no hay quien viva* en Antena 3, que lle devolven a este tipo de producións o éxito que comezara con *Farmacia de Guardia* e que sufriran os efectos do nacemento dos programas de telerrealidade como *Gran Hermano* ou *Operación Triunfo*.

A televisión galega enche as noites dos mércores con varios capítulos da comedia *Pratos Combinados*, mentres que os xoves aposta por *Rías Baixas*, unha historia de paixóns, herdanzas e intereses enfrontados no seo dunha familia de viticultores. Entre as últimas novidades da TVG para as noites dos luns atopamos, na temporada 2003-2004, *As leis de Celavella*. Ambientada nunha vila galega nos anos 20 e rodada en Betanzos, esta nova serie foi a grande triunfadora dos premios Mestre Mateo 2003, onde obtivo nove estatuíñas (mellor serie de televisión; dirección artística; guión; banda sonora; interpretación feminina; actor de repartimento; maquillaxe e perruquería; e deseño de vestiario).

2.2. Audiencias

2.2.1. Recepción da televisión en Galicia

O Plan Nacional de Televisión, elaborado no marco do primeiro Congreso Nacional de Ingenieros de Telecomunicaciones en 1955, supuxo o primeiro intento de establecer unha serie de pautas para o medio en España. A Galicia, a televisión chega entre os meses de setembro e outubro de 1961, coa cobertura inicial das principais cidades. Destes primeiros anos non se dispón de datos fiables de audiencia nin de tenencia de aparatos, xa que as fontes de vendedores e os datos dos que dispuña o Ministerio de Información e Turismo non casaban, tal e como indica Manuel Palacio (2001).

Así e todo, pódese dicir que o consumo de televisión en Galicia seguiu as pautas das etapas que Leo Bogart (1972) establece en *The age of television. A study of viewing habits and the impact of television of American life*, tendo en conta que a implantación do medio foi máis tardía que nos Estados Unidos. Bogart indica que existe unha primeira fase de consumo, que denomina «fase dos pioneiros», que coincide co proceso de implantación do medio. En España, segundo Callejo Gallego, «ter un aparato receptor era un signo de distinción, aínda non asumida como unha “necesidade”, o mesmo que a posesión de frigorífico, lavadora ou automóbil» (Callejo Gallego, 1995: 82-85). Nesa primeira época «quen tiña televisión era (...) [a] familia pioneira, de altas rendas e privilexiado patrimonio» (Callejo Gallego, 1995: 83). En Galicia, como no resto do Estado, esta fase de primeiros posuidores de televisores foi substituída pola «fase da taberna». Este segundo momento tivo un desenvolvemento moi distinto nas zonas rurais e nas urbanas. Seguindo a Callejo sabemos que «nas primeiras, a iniciativa tomárona os denominados *teleclubs*». A primeira destas asociacións fúndase en Zamora no ano 1964. Só seis anos despois, hai en Galicia 900 *teleclubs*, dos cales 300 se sitúan na provincia de Lugo. Este sistema de reunión da comunidade tivo moita importancia no rural e nos pequenos núcleos de poboación, de xeito que a menor número de habitantes, maior proliferación de *teleclubs* (o 40% deles en Galicia instaláronse en comunidades de menos de 250 membros). O réxime franquista, co patrocinio da Fundación Barrié de la Maza, fundou unha importante cantidade destes centros en Galicia, que tiñan distintos sistemas de propiedade²¹. Estas «unidades culturais»

²¹ Dos que había en 1970, 311 eran cedidos ou arrendados, 290 eran dos socios, 108 utilizaban como local social algún centro escolar e 42 eran de propiedade municipal. Este datos, como as cifras anteriores sobre os *teleclubs* en Galicia, están tirados de Cendán Fraga, A. (1998): *A televisión en Galicia*, Santiago de Compostela, Lea.

– así as denominou Pío Cabanillas, ministro de Información e Turismo – recibían premios e axudas económicas, xunto cunha dotación de material audiovisual.

De novo seguindo a Callejo, podemos dicir que a función principal dos *teleclubs* era o control social no marco da comunidade:

O control das emisións –evidentemente forte en período ditatorial – reforzábase co control grupal da recepción. A través do teleclub púñase de manifesto a etapa de articulación entre as dúas distintas ideoloxías que se intentaban impoñer no desenvolvemento da ditadura. Por unha banda, a dos «vencedores», (...) o principal motivo da fundación de *teleclubs* era directamente propagandístico: pechar calquera influencia exterior. Por outra banda, a corrente tecnocrática disposta a educar e formar o país co obxectivo de situalo entre os países capitalistas que avanzaban a pasos axigantados. Aposta pola formación, aínda que esixira certa apertura a contidos sempre mirados con receo dende o poder político (Callejo Gallego, 1995: 83).

Posteriormente, o uso público dos *teleclubs* vai sendo suplantado polo dos bares, nos que as relacións sociais que se conforman teñen máis que ver coa condición de televidente que coa de cidadán que asiste ao centro social da vila ou aldea para ser educado con imaxes. Ademais, os televisores comezan a aparecer nas casas, de xeito que o consumo de televisión vai pasando a un plano máis familiar, e posteriormente individual, coa implantación de varios receptores en cada unidade doméstica.

Deste xeito, nos anos 80, a meirande parte dos fogares galegos contan cun receptor de televisión de seu, de xeito que a socialización fronte á pantalla só funciona como unha forma de solidariedade cos veciños que non dispoñen de televisor. O *Mapa Cultural de Galicia* (Bouzada Fernández, X. *et al.* (dir.), 1991), con traballo de campo do ano 1989, presenta os seguintes datos no seu terceiro volume:

- Sen televisor na casa: 2'5%
- 1 aparello: 73'1%
- 2 aparellos: 20'1%
- 3 aparellos: 3'5%
- 4 ou máis aparellos: 0'8%

Só sete anos despois, en 1998, un 41'2% dos fogares galegos dispón de dous aparellos de televisión, mentres que o 0'5% deles non contan cun televisor.

Aínda que os primeiros estudos de consumo se comezan a realizar en España nos anos 60, o concepto de «audiencia» non comeza a utilizarse até a década dos 80, cando a oferta televisiva se amplía e nacen novos modos de atender o medio. En Galicia a situación cambia no panorama televisivo coa chegada da terceira canle, a Televisión de Galicia, en 1985, e das emisoras privadas –Telecinco, Antena 3 e Canal +– cinco anos máis tarde. Ademais, a oferta increméntase tamén coa entrada no mercado mediático das televisións locais. É difícil establecer a audiencia destas canles que, en todo caso, non supoñen máis dun 2,6 por cento, índice no que hai que considerar a audiencia das plataformas dixitais e das canles non españolas, segundo se indica no informe de Sofres de 2000. O repartimento das audiencias para o total dos sistemas de televisión no Estado, pode quedar resumido por José Ignacio Wert:

En 1991 as televisións privadas estaban en pleno proceso de implantación e entre as tres concitaban o 27 % da audiencia total. No ano 2000, a súa participación medrara até o 46%. Pero, se en lugar de tomar esa referencia temporal nos achegamos un pouco máis, para rexistrar xa a *madurez* do fenómeno da televisión privada, vemos que en 1994 xa se alcanzara o repartimento na taxa que rexistraron no ano 2000. Ou, dito doutro xeito, que cunha oferta xeralista estable, o repartimento da audiencia tamén rexistra unha básica estabilidade. En termos relativos, estaríamos por dicir que o cambio máis importante no último quinquenio foi a aparición dos famosos *outros* (é dicir, as cadeas cunha audiencia que non se reporta individualmente nos datos de audimetría que manexa a industria, entre os que se inclúen canles locais, canles estranxeiras que se reciben por satélite en recepción libre e, sobre todo, plataformas dixitais). Estes outros supuñan apenas o 0,5% do consumo en 1990 e dez anos máis tarde o seu share multiplicárase por 10. Claro está que o 0,5% multiplicado por 10 non pasa de ser o 5% (Wert, 2001).

Polo que se refire ao consumo de televisión, cómpre destacar que Galicia presenta uns índices inferiores aos da media española. Segundo os datos do Estudio General de Medios (EGM) e Sofres citados no informe *Audiovisual Galego 2003*, o consumo televisivo dos galegos oscila sobre o 90% do español (Varela Ramos *et al.*, 2003: 99). Así, tomando como referencia os datos de Sofres correspondentes aos anos 2001 e 2002, os

galegos pasan unha media de 190 minutos diante do televisor, fronte a os 208 minutos do resto dos españois.

Segundo o amentado informe, o repartimento da audiencia das canles de ámbito nacional é semellante ao doutras comunidades españolas. A cadea con máis cota de pantalla é TVE-1, que sostén o seu liderado cun *share* entre o 25 e o 30 por cento, se ben esta primacía, como sinalaremos máis adiante, pode estar en perigo. Cunha cota de pantalla que vai do 20 ao 25 por cento, Telecinco supera a súa rival Antena 3, que se sitúa preto do 20 por cento de *share*. A primacía de Telecinco sobre Antena 3 é unha constante que diferencia a Galicia da maioría das comunidades españolas. Outra particularidade do consumo da televisión en Galicia é a menor incidencia das «Outras Formas de Televisión», categoría coa que Sofres clasifica as plataformas dixitais e as televisión locais, que se sitúan entre un 4 e un 7 por cento de *share*.

Segundo o *Anuario SGAE 2004 de las artes escénicas, musicales y audiovisuales*, os espectadores galegos son dos menos «teleadictos» de todo o estado. «Os españois pasaron tres horas e media diarias fronte ao televisor (...) Os galegos e os canarios consomen unha media diaria de 191 e 192 minutos, respectivamente». Neste estudo indícase que «a pauta de consumo se dispara por riba da media nos meses invernaís, mentres que no verán descende por baixo das tres horas».

A Televisión de Galicia, segundo os datos de audiencia dos anos 2000-2004, mantense nunha cota de pantalla que oscila entre o 17 e o 20 por cento, o que a sitúa na loita polo terceiro posto con Antena 3 Televisión. Comparada coas outras televisións autonómicas, a TVG é unha canle moi competitiva no *prime time*, unha franxa na que adoita superar o 20 por cento de *share*. En horario de máxima audiencia, a TVG é a segunda canle autonómica con mellor comportamento, só superada pola catalá TV3.

Segundo os datos do *Anuario de la televisión 2004*, a Televisión de Galicia experimenta unha importante recuperación de audiencia durante a tempada 2002/2003: gaña 1,2 puntos e chega a un 17,5 por cento de cota de pantalla. «O espazo de entretemento *Luar* (28,8%) é o segundo espazo máis visto da tempada, por baixo da serie *Pratos Combinados* (26,2%). (...) O éxito da serie é tal que os capítulos repetidos convértense no terceiro espazo de maior audiencia da cadea» (GECA, 2004: 349). Neste informe indícase tamén que, grazas á atención que se lle presta ao público infantil e debido tamén á súa

programación tradicional, a Televisión de Galicia ten os seus principais apoios de audiencia nos espectadores de menos idade e nos de máis de 64 anos:

- espectadores de 4 a 12 anos: 21,8%
- espectadores de máis de 64 anos: 21,5%
- espectadores de entre 25 e 44 anos: 12,5%

Pero a audiencia dos programas da TVG non se limita ao espazo físico da autonomía. A versión internacional da canle, Galicia TV, que emite vía satélite dende 1997, conta cunha audiencia potencial de 16 millóns de fogares no continente americano, aos que lle hai que engadir os 250 000 galegos de primeira, segunda e terceira xeración que, repartidos por Europa, teñen a posibilidade de sintonizar a televisión da súa terra (Calviño Gil, 2002).


2.2.2. Audiencia da Televisión Española en Galicia

A pesar da fin do monopolio televisivo por parte de Televisión Española dende 1990, o liderado da primeira cadea estatal mantívose ao longo de toda a década. Con todo, os datos dos anos posteriores ao ano 2000 amosan sinais do declive desa primacía. No *Anuario de la televisión 2004* indícase que TVE1 foi a canle máis vista polos galegos durante a tempada 2002/2003, cun 26,6%, por diante de Telecinco (22,2%). Porén, os datos de audiencia do primeiro trimestre de 2004 sinalaban que TVE-1 perdera a primeira posición en favor de Telecinco. Así, o *share* de La Primera, un 23.6 por cento, está lixeiramente por debaixo da cota de pantalla acadada pola privada, un 24.6 por cento.

Pola súa parte, a segunda canle pública, La 2, mantense como a última das canles xeralistas, cunha cota de pantalla que oscila ao longo dos últimos anos entre o 5 e o 8 por cento, unha característica acorde coa súa vocación de canle para «inmensas minorías», por utilizar as palabras dun dos seus slogans corporativos.

No seguinte cadro amósase a evolución do *share* das cadeas xeralistas de emisión en aberto dende o ano 2000 até o primeiro trimestre de 2004. Pódese apreciar que o ano 2002 marca un punto de inflexión para La Primera e Telecinco. TVE-1 inicia unha caída de audiencia que a sitúa por debaixo do 25 por cento do *share*, mentres Telecinco segue unha traxectoria ascendente que a leva a consumir o *sorpasso* en 2004:

SHARE DO TOTAL DO DÍA EN GALICIA. DATOS CONSOLIDADOS



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos exhibidos na web do Centro Territorial de Televisión Española en Galicia: <http://www.rtve.es/tve/ccttprod/galicia/audiencia.html>


En calquera caso, aínda que os últimos datos fagan intuír unha erosión do liderado de TVE-1, o público galego mantense fiel aos informativos nacionais, isto é, TVE-1 e á segunda edición do *Telediario*, que acadan unha altísima cota de *share*, entre o 33 e o 37 por cento.

Outro dos programas máis consolidados na grella de TVE-1, de grande éxito en Galicia, é o magacín *Gente*, que combina a crónica de sucesos coa crónica rosa. Emítese no serán, xusto antes do *Telediario 2*, e consegue unha cota de pantalla semellante á dos informativos, manténdose nunha media dun 35 por cento de *share*.

Polo que se refire á produción propia do Centro Territorial de Televisión Española en Galicia, o programa de maior repercusión na audiencia é a revista semanal *Desde Galicia para el Mundo*, que tamén se emite pola canle internacional de Televisión Española. Atribúeselle unha notable audiencia en América Latina.

Non se pode dicir o mesmo dos informativos territoriais. Segundo datos do Servizo de Investigación de Audiencias de TVE, o telexornal serán de La Primera, que se emite de luns a venres de 14 a 14.30 horas, perde claramente a batalla fronte a Telecinco e a TVG.

DISTRIBUCIÓN DA COTA DE PANTALLA - INFORMATIVOS PRIMEIRA EDICIÓN (en %)
(1º trimestre 2004)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Sofres-TV e Servizo de Investigación de Audiencias de TVE.
Documento en liña: <http://www.rtve.es/tve/ccttprod/audien.pdf>


2.2.3. Análise comparativa da audiencia da TVG nos anos 1990 e 2000

2.2.3.1. Consumo de TVG en 1990


Consumo de TVG por sexos:




Consumo de TVG por idades:



Consumo de TVG por hábitat:




Consumo de TVG segundo niveis socioeconómicos:



Fonte: Maneiro Vila, A. e Cabaleiro Durán, A. (1993): *A TVG. Unha institución pública imprescindible para Galicia*, Santiago de Compostela, Lea (adxunta datos do EGM, 1990). Elaboración propia.


2.2.3.2. Datos de consumo da TVG de 2000

Consumo de TVG por sexo:




Fonte: Sofres 2000. Elaboración propia

Consumo de TVG por idades:




Fonte: Sofres 2000. Elaboración propia

Consumo de TVG por hábitat:



Fonte: Sofres 2000. Elaboración propia

Consumo de TVG por niveis socioeconómicos:



Fonte: Sofres 2000. Elaboración propia

2.2.3.3. Análise comparativa

Eliximos as audiencias dos anos 1990 e 2000 para podermos presentar as diferenzas e semellanzas do consumo de TVG en dez anos. Se ben as emisións da canle se iniciaron en 1985, consideramos que é na entrada da seguinte década cando podemos falar de audiencias máis ou menos estables e, ao tempo, de estudos da mesma de certa fiabilidade. Os datos dos que dispoñemos, presentados nos gráficos posteriores, proceden de fontes distintas –EGM no ano 1990, Sofres para 2000- que elaboran os seus estudos conforme a metodoloxías particulares e tampouco as variables estudadas coinciden exactamente. Con todo, consideramos que os datos expostos serven para facer unha avaliación aproximada da evolución da audiencia habitual da TVG:

1.-Non consideramos que exista unha variación notable no que respecta ao consumo que fan homes e mulleres dos programas da TVG nestes dez anos. En todo caso, os datos non revelan diferenzas con respecto ao resto do consumo televisivo segundo o sexo: o informe de Sofres de 2000 indica que ven a televisión un 43,3% de homes e o 56,7% de mulleres.

2.-No tocante á variable da idade no consumo televisivo, hai que ter en conta a diferenza na medición de datos exposta en cada unha das gráficas. Porén, malia que as franxas de idade escollidas en cada mostra representen tramos de idade diferentes, podemos

definir unha tendencia no consumo de TVG: o envellecemento da audiencia é notable se consideramos o 18,1% de maiores de 65 anos que vían esta canle en 1990 fronte á cifra do ano 2000, 33,3%. Con todo, son os espectadores de mediana idade, entre 45 e 64 anos, os que constitúen o grupo máis amplo no recuento total da audiencia (34,3%). Aínda así, o seu número decrece dende o ano 90 nun 4%.

A media de consumo de televisión dos maiores de 65 anos en España xira arredor das cinco horas e media, co cal este segmento de poboación constitúese como un dos máis coidados polas canles xeralistas. No caso da TVG vese que este grupo de idade se constitúe como unha audiencia fiel, de xeito que a programación tamén o é co seu público.

3.-O consumo segundo o conxunto de poboación no que vive a audiencia é máis difícil de medir. Non hai que esquecer que as clasificacións dos núcleos de poboación non teñen en conta a especificidade do hábitat galego, máis atomizado que o do resto do Estado, co cal, consideracións sobre o binomio rural-urbano non deben ser tomadas ao pé da letra.

Con todo, e seguindo os datos dos que dispomos, podemos comprobar que non se dan diferenzas manifestas entre o consumo de TVG nos anos 1990 e 2000. Se ben hai un descenso na audiencia que ve a canle no medio urbano, o rural segue a ser o espazo no que máis se consome TVG.

4.-Finalmente, polo que respecta á medición da audiencia tendo en conta o nivel socioeconómico dos espectadores, vémonos de novo na dificultade que supón contar con baremos distintos. Sérvennos, así e todo, para observar que é a clase baixa a que máis consome televisión, sen que se manifesten grandes movementos no intervalo temporal que consideramos. Esta afirmación vén ratificada no *Anuario de la Televisión 1999* no que lemos o seguinte «Este segmento repite, desta forma, o mesmo comportamento que as mulleres e os maiores de 64 anos, os máis entusiastas da televisión segundo as variables de sexo e idade, cun consumo tamén máis intenso de luns a venres que en sábados e domingos» (GECA Consultores, 2000: 99).

Por todo isto, podemos concluír que a audiencia da TVG, se cadra polo deseño de programación concibido na canle, foi tendendo cara a un perfil que podemos definir do seguinte xeito: muller, maior de 50 anos, habitante dun núcleo de poboación de menos de 20 000 persoas e cun nivel sociocultural medio baixo. Esta afirmación coincide coa


descripción do espectador tipo da Televisión de Galicia que fai o director de programación da canle, Carlos Carballo (Pereira Fariña, 2000: 125).

Investigadores como Anna Amorós e Miguel Túñez chegan a conclusións semellantes cando analizan os índices de audiencia dos anos 1994 e 1995:

(...) ao analizar os datos de Sofres no período de maio a setembro de 1994 e de 1995, obsérvase un lixeiro envellecemento da audiencia medida. (...) Unha primeira lectura deste dato permite suxerir a hipótese de que os principais grupos de consumo de televisión en galego están en zonas nas que a lingua se mantivo viva e en sectores poboacionais que contactaron con ela de nenos nunha situación de non conflito ou, se se quere, con ausencia de elementos disuasorios ou represores da súa utilización (Amorós e Túñez, 1996: 236).


Esta busca dun perfil de audiencia que resulte rendible economicamente contradí, en certo sentido, os valores de servizo público que debe ofrecer unha canle de adscrición autonómica como é a TVG. A este respecto, Francisco Campos indica que o *share* non é o principal elemento de medición do éxito dunha canle:

(...) o *share* non condiciona a xestión de maneira decisiva. E pode asegurar que en TVG se preparan co mesmo interese os espazos chamados de servizo público que os comerciais. Faise así porque é unha empresa pública, cuns principios legais de programación nos que se resalta a obriga de protexer, difundir e potenciar a cultura propia de Galicia, en especial a súa lingua vernácula (GECA Consultores, 1998: 60).




Fonte: Sofres

Audiencias das canles autonómicas en 1998



Fonte: Sofres 1998

Evolución da audiencia da TVG



Fonte: EGM 2001

2.3. A opinión dos expertos

A Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega convocou dúas mesas de debate con expertos, unha para cada un dos temas tratados neste capítulo: a programación e as audiencias.

2.3.1. Sobre a programación

Que contidos emiten as televisións (públicas e privadas) que operan en Galicia? Que características definen a historia da programación da televisión en Galicia? Que clase de produtos audiovisuais cómpre producir? Estes e outros temas foron os que guiaron o debate no que participaron Carlos Carballo, director de Programación da Televisión de Galicia, Pancho Casal, presidente de Continental Producciones, Xaime Fandiño, profesor de Comunicación Audiovisual e decano da Facultade de Ciencias Sociais e Comunicación da Universidade de Vigo, Ignacio Capeáns, director de Antena 3 Televisión Galicia, e Rafael Cid, xefe de Programas e Informativos do Centro Territorial de Televisión Española en Galicia. O encontro celebrouse na sede do Consello da Cultura Galega en Santiago de Compostela o 6 de outubro de 2003, e foi moderado por Miguel Anxo Fernández, historiador e membro da Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega.

O director de Programación da TVG, Carlos Carballo, destaca as series de ficción de produción galega como un dos produtos estrela da programación da canle autonómica. «Agora mesmo estamos emitindo sobre 500 horas de produción de series, pero houbo un momento, no exercicio 2000-2001, no que se chegaron a emitir 1100 horas de series de ficción galega». Estas series, a dicir de Carballo, presentan unha relación custo-beneficio moi competitiva, xa que obteñen tanta ou máis audiencia que as series da competencia e teñen un custo de produción notablemente inferior ao destas últimas. Segundo os cálculos do director de Programación da TVG, cada hora de ficción galega custa uns 20 000 euros, mentres que a hora de ficción das canles estatais está nuns 500 000 euros.

Pero, ademais de repercutir positivamente nas arcas do ente público grazas á receptividade da audiencia, as series de produción galega son para Carballo o mellor exemplo do papel da televisión pública galega como dinamizadora do sector audiovisual da comunidade. O responsable da Programación da TVG asegura que a porcentaxe de produción propia elévase até o 83 por cento. Dela é produción externa (contratada a produtoras independentes) o 43 por cento e interna (realizada cos medios de produción propios da canle) o 57, a maioría correspondente a informativos.

Con todo, Carlos Carballo indica que, de momento, estas series de ficción non son rendibles dende o punto de vista da comercialización externa, porque «non poden competir con series que superan seis ou sete veces o seu presuposto». Unha das solucións que propón o directivo da TVG é a de traballar en dobres producións, en galego e castelán –máis ca dobrar series como *Mareas Vivas*, que estaban pensadas só para a súa emisión en Galicia–, ou ben producir nun idioma para ser dobrado, pero con «contidos universais».

Na opinión de Xaime Fandiño, a política de programación da TVG, con tres días con series de ficción en horario de máxima audiencia, é axeitada. O actual decano de Ciencias Sociais pensa que a TVG «non debería gastar nin un só euro en cine americano», xa que a rendibilidade do mesmo en termos de audiencia é bastante inferior á das producións galegas. Segundo os seus cálculos, emitir tres series á semana supón producir entre 6 e 8 series de 26 capítulos ao ano. Con esta proposta, Fandiño calcula que xa non sería necesario «esgotar tanto o produto» aínda que a serie funcionase ben, como é o caso de *Pratos Combinados*.».

O produtor Pancho Casal considera positiva a xestión de Francisco Campos á fronte da CRTVG, xa que a súa chegada á dirección xeral do ente significou unha aposta pola produción audiovisual independente. Antes da etapa inaugurada por Campos, asegura Casal, «a Televisión de Galicia estaba totalmente de costas aos produtores». Con todo, a xuízo deste produtor, a situación aínda non é a ideal. «Na TVG o departamento de programas e o de produción é o mesmo, e iso non ten ningún sentido», apunta Casal. «Uns están preocupados polo que se emite ao día seguinte e outros teñen que encargarse do que se emitirá dentro de dous anos» Esta situación crea «un problema de interlocución cos produtores». Para Casal o correcto sería que houbera un departamento de programación e outro de produción allea, ou produción propia externa.

A exportación das series de ficción galegas foi outro dos temas do debate. Tanto Carlos Carballo como Pancho Casal amósanse partidarios de experimentar coa gravación de series en galego e castelán, adaptando os guións e aproveitando as mesmas infraestruturas de rodaxe. O director de Antena 3 Galicia, Ignacio Capeáns, cita o caso da serie *Nada es para siempre*, producida nas instalacións do Grupo Voz e emitida en Antena 3 para toda España, como un exemplo da capacidade do sector audiovisual galego para producir contidos vendibles alén da fronteira da autonomía. Pancho Casal e Rafael Cid

consideran necesario que á hora de comercializar as series non se limiten á tradución do guión senón que hai que facer un esforzo de adaptación de argumento, de expresións... para que as series teñan éxito tamén noutras comunidades.

Polo que se refire aos informativos, Carlos Carballo estima que este xénero supón o case 40 por cento da produción propia da TVG. Indica que, dende o punto de vista da ocupación dos recursos materiais e humanos, son os programas estrela; porén, dende o punto de vista dos resultados tamén teñen moita importancia as series de ficción das que se falaba anteriormente. Nacho Capeáns coincide con Carballo no papel dos informativos para unha cadea que, na súa opinión, é o de ser a «columna vertebral de toda a oferta televisiva», o produto que lle outorga «maior personalidade» á canle. Engade que no caso da TVG, os informativos do mediodía son «a franxa máis rendible da Televisión de Galicia».

No caso do Centro Territorial de Televisión Española en Galicia, o seu xefe de programas e informativos, Rafael Cid, calcula que tres cuartas partes da súa produción se corresponden co xénero dos informativos. Cid considera que a decidida aposta polos programas de información é un dos aspectos que máis contribúen a diferenciar a grella das televisións públicas das privadas. A voz máis crítica co aspecto formal dos informativos da televisión é a de Xaime Fandiño, que critica o «mimetismo» e o medo a organizar un informativo dunha maneira diferente á que é común nas televisións de ámbito estatal. Critica ademais a ausencia de programas de reportaxes na TVG e a deficiente dotación das súas delegacións en cidades como A Coruña e Vigo. Ao seu xuízo, este último aspecto impídelle á televisión autonómica atender correctamente a información local das principais cidades de Galicia.

A emisión dos partidos da Primeira División de fútbol está considerada como unha das mellores bazas da TVG para conseguir audiencia, pero a compra dos dereitos de emisión supón para as canles que integran a FORTA «un investimento económico elevadísimo», segundo reconece o propio Carlos Carballo. O director de programas da TVG entende que a presenza do fútbol na televisión autonómica pódelle parecer excesiva a determinados sectores da audiencia, pero xustifica esta política de programación na necesidade de rendibilizar o alto custo dos dereitos de emisión. «O feito de acceder a eses dereitos leva un investimento económico elevadísimo (...) e para rendibilizalo unha televisión ten dúas vías: unha é revender algunha parte deses dereitos (...) A outra é

rendibilizalo na emisión» pero non abonda coa emisión do partido senón que se precisa «rendibilizalo con algún programa máis como é o caso de *En xogo* ou *En xogo goles*».

No debate criticouse a identificación dos programas deportivos cos programas futbolísticos. Que ocorre cos outros deportes? Para Carlos Carballo, o monopolio futbolístico responde no fondo a unha vontade de servizo público: «unha televisión pública debe atender ás minorías, pero fundamentalmente ás maiorías, por unha cuestión de democracia e de pago de impostos». Na opinión de Rafael Cid, os deportes máis minoritarios terían o seu lugar ideal nunha segunda canle autonómica.

A dependencia de audiencias maioritarias semella ser tamén o principal atranco para experimentar novos formatos na programación. Segundo Ignacio Capeáns, «un programador é, *per se*, conservador. É dicir, o que funciona, mellor non tocalo». O director de Antena 3 Televisión en Galicia opina que os cambios nos contidos da emisión son difíciles de executar nunha televisión pública debido á súa «confección orgánica»; así e todo, engade que nas televisións privadas existe un condicionante decisivo que é a audiencia, «un produto que baixa dun 20 por cento non interesa». Carlos Carballo non concorda con esta última observación e considera que a capacidade de innovación depende dos equipos directivos da canle, non da titularidade (pública ou privada) da mesma. No que si coincide con Capeáns é no carácter conservador dos programadores, que están condicionados polas audiencias. A competencia polo número de espectadores é para Carballo unha batalla á que a televisión pública non pode renunciar, xa que, segundo o seu criterio, «non hai servizo público sen repercusión na audiencia». Insiste en que todas as televisións están condicionadas polos índices de audiencia posto que todas están competindo. E engade que «os experimentos hainos que facer con poucos custos e, en todo caso, en franxas [horarias] non demasiado competitivas».

A grella da Televisión de Galicia, na opinión de Ignacio Capeáns, está a deixar de lado «o espectador galego máis cualificado». Rafael Cid reconece que a actual política de programación da TVG é rendible, pero conclúe que a rendibilidade económica non a exime da obriga de «ir un pouco máis alá». Carballo remata explicando que cada cadea ten un perfil de público que non se pode variar de súpeto «porque o que se consegue variando totalmente a grella de programación da noite para a mañá é que os que tes marchen, e non necesariamente que os que non tes vaian vir».

2.3.2. Sobre as audiencias

Anxo Quintanilla, director da Televisión de Galicia, Octavio Rodríguez, daquela director do Centro Territorial de TVE en Galicia, Fermín Galindo, profesor da Universidade de Santiago e investigador en audiencias, e Xaime Fandiño, profesor de Comunicación Audiovisual e decano da Facultade de Ciencias Sociais e Comunicación da Universidade de Vigo, foron convocados pola Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega para debater sobre o carácter das audiencias televisivas na comunidade. A mesa redonda, celebrada na sede do Consello da Cultura en Santiago de Compostela o 1 de outubro de 2003, estivo moderada por Miguel Anxo Fernández, membro da devandita Sección de Comunicación e historiador.

Un dos temas máis polémicos do debate foi a fiabilidade do sistema de medición de audiencias. Os 315 audímetros que a empresa Sofres ten repartidos por toda Galicia, reflicten de verdade os gustos dos habitantes da comunidade? Está a poboación rural representada de máis na mostra, ou é que a audiencia urbana ten en realidade gustos semellantes aos dos habitantes das aldeas? É adecuado seguir falando dunha división entre o rural e o urbano cando se aborda o asunto das audiencias televisivas?

O director da TVG, Anxo Quintanilla, cre que o sistema de medición de audiencias de Sofres non é perfecto, pero considérao bastante fiable. A distribución dos audímetros que conforman a mostra dende a cal se infiren os gustos do total dos telespectadores segue os criterios sociolóxicos pertinentes, opina Quintanilla. Aínda que a dispersión da poboación que caracteriza o hábitat galego fai «máis complexa» a medición, o sistema é «correcto» segundo o seu criterio.

O director do Centro Territorial de Televisión Española en Galicia, Octavio Rodríguez, deposita a súa confianza na validez do sistema de Sofres. É máis, Galicia conta cunha vantaxe sobre outras comunidades que fai máis doada a lectura dos datos de audiencia: a anecdótica presenza das «outras televisións» (locais, satélite, cable).

Fermín Galindo, profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, considera que «os audímetros son seguramente a mellor medida de audiencia de calquera dos sectores da comunicación». Segundo o seu criterio, a medición da audiencia é máis

fiabile na televisión ca na prensa ou na radio. Explica que para as grandes audiencias son absolutamente fiables, para as pequenas medidas, as bandas horarias marxinais, audiencias puntuais cando fas un programa específico para unha comarca, entón «(...) seguramente non teñen tanta fiabilidade coma nos grandes datos». Octavio Rodríguez coincide con esta explicación: «hai momentos que non se poden medir, que a medida que dan é errada e iso prexudícanos e prexudica a programación» pois, segundo a súa opinión, con malos resultados de audiencia é moi complicado arriscar.

Xaime Fandiño tamén se amosa escéptico. O decano da facultade de Ciencias Sociais e Comunicación da Universidade de Vigo sostén que o sistema de Sofres pode ser válido para o conxunto do Estado, pero ofrece moitos problemas á hora de representar con fidelidade as preferencias dunha poboación tan dispersa como a galega.

Octavio Rodríguez define o perfil do telespectador galego: «muller, uns 50 anos de idade, residente dun municipio rural (con poboación inferior a 50 000 habitantes), de nivel económico medio baixo». Rodríguez cre que este seguirá sendo en boa medida o perfil das televisións xeralistas, o que as obrigará a manter unha programación familiar e diversificada. A actual abundancia de soportes alternativos (Internet e canles temáticas de pago) atraerá a un público máis novo que o espectador habitual das televisións tradicionais, que segundo Rodríguez seguirán conservando un perfil de audiencia semellante ao actual.

Xaime Fandiño ve no perfil da audiencia da televisión en Galicia un factor limitador. No caso concreto da TVG, Fandiño pregúntase até que punto a loita pola audiencia está a condicionar as innovacións na programación. Ao seu parecer, a aposta polo seguro fai que algúns sectores da audiencia eviten a televisión autonómica á hora de consumir televisión. A Fandiño preocúpalle pensar que, ao ter xa a TVG un perfil de audiencia consolidado e coñecer o tipo de formatos que funcionan, non se arrisque con outro tipo de produtos por medo á competencia coas outras cadeas. Nese sentido, Octavio Rodríguez propón apostar «por algo que sexa novo e que poida resultar», poñendo como exemplo programas de TVE-Galicia como *Mercuria* ou *Ao pé da letra*.

O moderador Miguel Anxo Fernández interpelou ao director da TVG: Non debería a canle pública galega emitir espazos máis acordes co concepto de «servizo público» en lugar de estar permanentemente preocupada pola cota de audiencia? «Esa é unha gran trampa», respondeu Quintanilla. Ao seu parecer, se a Televisión de Galicia chega algún día a

moverse nos índices de audiencia de canles como La 2 (un 7 por cento de *share*) a opinión pública reclamaría o seu peche. Ademais, o director da TVG considera que o esforzo da canle na produción de programas informativos de proximidade cadra bastante ben co ideal do servizo público. O mesmo se pode dicir, segundo Quintanilla, do éxito que para a lingua galega representa a consecución de audiencias masivas para unha programación que emite integramente na lingua propia da comunidade. De feito, explica que aínda que a programación que máis se podería axustar ao carácter de servizo público da canle é a matinal, na que se inclúen informativos e programas de temáticas específicas como *O Agro*, as telenovelas da sobremesa tamén teñen unha importancia fundamental. Na súa opinión, estes programas son esenciais na tarefa de normalización da lingua, «para perder ese complexo» e ver o galego como unha lingua que tamén se pode actualizar e modernizar.

Octavio Rodríguez pensa que a TVG podería dedicar unha segunda canle ao cumprimento do servizo público, e «dedicarse a sacar diñeiro» coa canle actual. A función social que se lle atribúe á televisión pública tamén se podería exercer a través dunha canle de televisión dixital terrestre (TDT), pero Rodríguez non albisca moitos cambios nun futuro inmediato. «O público galego é o que máis tarda en incorporarse ás novas tecnoloxías, e será o último en incorporarse a este sistema [o da TDT]», aventura.

Fermín Galindo considera un erro renunciar aos obxectivos de rendibilidade xa que «o produto audiovisual é un produto moi caro e ten que ser rendible». Anima, ademais, os directivos da TVG a apostar por outros mercados pois na súa opinión hai produtoras galegas que están a facer series e programas que poderían ser «exportables» a outras televisións.

Pola súa banda, Anxo Quintanilla entende que un dos grandes problemas da Televisión de Galicia é que dispón dunha única cadea mentres que outras televisións autonómicas dispoñen de dúas ou mesmo de tres. Explica que así a TVG está nunha situación de desvantaxe porque «nunha única cadea tenlle que dar satisfacción aos que prestan atención, aos que non prestan atención, aos que falan galego, aos que non falan galego, ao servizo público, ao sector» e ademais tratar de competir pola audiencia. Porén, non concorda coa proposta de Octavio Rodríguez que supuña contar cunha cadea de servizo público e con outra comercial. Segundo Quintanilla, a importancia de ter dúas canles é que hai máis posibilidades de contentar a unha parte do sector que critica os produtos que agora

non se están a facer por falta de espazo. A segunda canle, conclúe, «ten que ser un complemento da primeira».

3. INFRAESTRUTURAS E PERSOAL

3.1. Televisión Española en Galicia

O Plan Nacional de Televisión, saído do primeiro Congreso Nacional de Ingenieros de Telecomunicaciones en 1955, supuxo o primeiro intento de establecer unha serie de pautas e planificar o desenvolvemento do medio en España. Os catro anos precedentes a recente TVE comezara a emitir en probas dende o Paseo da Habana, pero non existía unha previsión para estender este servizo.

O Plan estaba centrado nos aspectos técnicos e propuña unha serie de etapas para o desenvolvemento da tecnoloxía. En primeiro lugar, contemplábase a creación de sendas emisoras en Madrid e Barcelona; unha fase posterior consistiría en enlazar Madrid e Barcelona entre si e co resto da rede europea de televisión; a terceira fase supuña a «instalación de emisoras de pequena potencia para lle dar servizo -ademais de Zaragoza e Sevilla, que se adscribían á segunda etapa- aos seguintes núcleos urbanos: Valencia, Málaga, San Sebastián, Bilbao, Santander, A Coruña, Vigo, Valladolid e os arquipélagos balear e canario» (Palacio, 2001: 35).

Deste xeito, as antenas comezan a espallarse polo Estado até que remata a instalación total da rede no 1964, coa cobertura das Illas Canarias. A Galicia, a televisión chega ao mesmo tempo que a Andalucía, entre os meses de setembro e outubro de 1961. O deseño desta rede, ademais de contemplar a cobertura das principais cidades, como se indica en liñas anteriores, seguía con certa fidelidade «a rede de estradas de 1855, primeira rede moderna que se fixo no Estado español» (Palacio, 2001: 49).

Polo que respecta ás instalacións específicas do territorio galego, o día 25 de xullo de 1971 inaugurouse o Centro Territorial de Televisión Española en Galicia. As dependencias desta unidade quedaron instaladas na compostelá rúa do Vilar até que en 1977 o Concello de Santiago lle cedeu á canle estatal un local no Pazo de Raxoi. Este primeiro estudio de TVE en Galicia, que ocupaba unha superficie de 150 metros cadrados, foi inaugurado oficialmente polo titular do Ministerio de Información e Turismo, Alfredo Sánchez Bella. Na adaptación dos estudos da rúa do Vilar participou Ignacio del Castillo Mora, director do Departamento de Estudos Técnicos de TVE, e Manuel Rodríguez

Martínez, director técnico adxunto de TVE, acudiu até Santiago de Compostela para inspeccionar as novas instalacións.

Televisión Española en Galicia comezou a súa andaina cun equipo técnico constituído por:

- Un enlace de microondas
- Un departamento de telecine
- Un video–tape
- Un laboratorio de montaxe e revelado
- Unha sección de mesturadores de vídeo e audio
- Unha unidade móbil
- Un servizo informativo equipado con tres cámaras fixas e pequenas cámaras de mudo e son.

Nesta primeira etapa (1971 - 1974) traballábase en cine negativo en 16 mm., mudo e en branco e negro. A delegación informativa de Santiago, con cámara en estudio, mandaba as imaxes á sede central en Madrid por avión. Ao longo destes tres anos, enviáronse crónicas e reportaxes sobre o país galego ao espazo *Panorama*, que se encargaba de recoller información de actualidade de diversos puntos do Estado.

En agosto de 1974 a unidade galega quedaba configurada como auténtico centro rexional. Cun cadro de persoal de 21 traballadores, comezou a emisión de informativos territoriais diarios en lingua galega co espazo *Panorama de Galicia*. Para realizar este programa chegaron dende Madrid novos aparellos, entre outros unha unidade de revelado, outra de telecine e unha terceira unidade móbil de telecámara. A primeira noticia que emitiu *Panorama de Galicia* foi a chegada do xeneral Franco ao aeroporto compostelán para pasar as súas vacacións en Meirás.

Co inicio das emisións dende o centro territorial tamén comezaron os problemas coa recepción das imaxes. No mes de agosto do 74, o norte da provincia de Lugo quedou sen cobertura. Entre os concellos nos que non se captaba o *Panorama de Galicia* atopábanse os da comarca de Lourenzá e os da costa noroeste de Lugo, que recibían directamente o sinal

dende a emisora asturiana, xa que catro dos seus repetidores non estaban enlazados co centro emisor de Santiago de Compostela.

O 3 de setembro de 1974, José A. López Redondo, baixo o título de «Los centros regionales, olvidados» denuncia no xornal *La Voz de Galicia* a situación na que se atopan as delegacións de Televisión Española. O crítico explica que tan só existen dous centros de produción de programas, Barcelona e Canarias, que contan con medios suficientes para elaborar espazos propios. O resto dos centros, segundo as fontes de López Redondo, nin sequera teñen capacidade para realizar ou emitir informativos rexionais pola falta de recursos técnicos e humanos. Tan só Valencia e Santiago de Compostela producen na práctica estes espazos informativos.

En referencia ao centro territorial galego, pon de manifesto as súas dúbidas respecto da continuidade das súas emisións. Comezou a funcionar coa chegada do xeneral Franco ao Pazo de Meirás e non cre que siga funcionando cando marche o mandatario, pois os técnicos madrileños que viñeron reforzar o equipo normal tamén han marchar.

Con todo, as hipóteses que predicían unha vida efémera para o *Panorama de Galicia* –e, por ende, para o centro territorial– non se cumpriron. O 27 de decembro de 1974 o espazo televisivo galego acadaría a súa emisión número 100. Seguiuse realizando durante o ano 75 e a partir do 16 de xuño incrementouse en 15 minutos a súa franxa horaria, de 14.00 a 14.30 horas, a pesar de que as condicións para levar adiante o programa non eran as óptimas. «O material era moi rudimentario e insuficiente, ao que lle había que engadir as carencias de persoal. Os telecines aínda non tiñan revelado en cor, e só tiñan catro estudos, cando para levar a cabo unha emisión eficiente fan falta oito (...). Un dos departamentos televisivos que máis soportaba estas penurias técnicas era o de electrónica, xa que seis persoas aguantaban un traballo para o que facían falla quince» (Cendán Fraga, 1998: 66).

Entre 1974 e 1977 seguiuse traballando con cine negativo, en branco e negro, pero xa con son magnético incorporado. A principal innovación técnica que se produciu nese período foi a emisión de imaxes en directo, que foron substituíndo de xeito paulatino ás de arquivo.

En setembro do 77 adxudicáronse as obras de adaptación dun local no Pazo de Raxoi para o centro de Televisión Española en Galicia, á espera de que se conseguise un

solar para unha construción nova. Quedou inaugurado oficialmente o día 25 de xullo de 1978 e coa instalación nos novos locais de Raxoi, tamén se estrearon novos aparellos para a produción e elaboración de programas. A principal novidade técnica foron as emisións en cor. Hai que sinalar que foi o galego o primeiro dos centros territoriais de TVE que adoptou este sistema. Isto foi posible grazas á incorporación dun novo telecine e de cámaras de vídeo, que viñeron substituír os vellos aparellos. Co cambio da delegación, produciuse a mellora da recepción televisiva dos tres programas integramente galegos que se emitían naquel entón: *Panorama de Galicia*, *Galicia quere saber* e *O adro da cultura*.

Entre 1978 e xullo de 1986, o centro territorial emprega o formato de cine positivo, branco e negro ou cor, con son en dobre banda (son magnético separado), pero xa en 1982 comezaran a empregarse os equipos ENG, coincidindo coa renovación tecnolóxica iniciada en Televisión Española por mor do Mundial de Fútbol.

A relación de material do centro territorial galego aparece enumerada no anuario 1982-83 de RTVE, publicado en 1983:

- Un plató
- Dúas cámaras estudio
- Dúas cámaras móbiles lixeiras ENG
- Dúas cámaras portátiles de ENG de 3 cámaras
- Unha unidade móbil de transmisión, tipo B, compartida con Asturias
- Dous magnetoscopios fixos dunha polgada, formato B
- Tres magnetoscopios portátiles dunha polgada, formato B
- Un telecine
- Tres cámaras de filmación mudas
- Seis cámaras de filmación consumido
- Un enlace móbil.

Nos primeiros anos 80, as instalacións televisivas continúan a ser o gran cabalo de batalla das distintas administracións. «O cambio das mesmas levado a cabo en 1978 unicamente solucionaría problemas de espazo, pero os equipos de transmisión continuaban

a ser moi rudimentarios. A isto último engadíase a falta de persoal, que seguía sen ser solucionada» (Cendán Fraga, 1998: 75).

Os soportes de cine e vídeo (maioritariamente o sistema dunha polgada) conviven para o rexistro de noticias entre os anos 1982 e 1986. Neste último ano implántase o sistema de vídeo U-MATIC ou $\frac{3}{4}$ de polgada e o soporte cine vaise abandonando dun xeito progresivo. Para o mes de decembro do 86, o vídeo é xa o sistema exclusivo empregado na captación de noticias.

O nacemento da TVG no ano 85 obrigou o centro territorial de TVE a potenciar a súa programación de cara a competir coa canle autonómica. Así, no ano 86, o 86% da súa actividade centrábase en programación rexional, mentres que o servizo que prestaba a TVE central tan só era do 14% da súa actividade. Pero aínda nesta etapa a cadea seguía a ter problemas de cobertura televisiva:

- As «zonas de sombra» que apareceran a finais dos sesenta e principios dos setenta e que se reproducirán mesmo na década dos 90. A rede de reemisores galegos, que dependían do ente público RTVE, seguía a prestar unha cobertura insuficiente. A rede de difusión das cadeas estatais constaba de cinco emisoras e de 52 reemisores. O principal problema radicaba en que as imaxes televisivas non cubrían integramente o territorio galego, sendo as máis afectadas as zonas de montaña da provincia de Lugo. En 18 concellos lucenses persistían as «zonas de sombra» e non se captaba ningunha das dúas canles televisivas.
- Interferencias televisivas por compartir reemisores e repetidores con outros centros rexionais, tal e como é o caso de Asturias.
- Deficientes instalacións eléctricas. En moitos puntos de Galicia, a televisión só se podía ver en horario de día, un problema practicamente exclusivo das zonas rurais.

Xorden entón novos intentos para solucionar os problemas derivados da complicada orografía galega. En xullo de 1984 créase o Plan de Cobertura dos Programas de TVE na provincia de Lugo coa intención de mellorar a recepción televisiva. Con este plan pretendíase eliminar as zonas de sombra, aumentar a cobertura da segunda cadea en poboacións superiores aos cincocentos habitantes e completar dun xeito definitivo a

cobertura da primeira canle. En marzo de 1985 RTVE e a Deputación Provincial de Lugo asinaron un convenio para a instalación de reemisores cos que se lle pretendía dar maior cobertura á primeira e segunda cadea de televisión na provincia.

No ano 78 xa se barallara a posibilidade de trasladar a programación territorial á segunda cadea. O principal problema estribaba na escasa cobertura do UHF na Comunidade Autónoma, polo que unha grande cantidade de poboación galega non podería acceder a esta programación. Aínda así, *Panorama de Galicia* víase dificultado nas súas emisións na Mariña luguesa polos sinais que procedían do repetidor de Gamoniteiro, instalado no occidente asturiano. No sur galego, a protagonista era a Radio Televisión Portuguesa que, en máis dunha ocasión, saía dos seus límites naturais de influencia e os habitantes fronteirizos captaban constantemente a través dos seus receptores de televisión os espazos ofrecidos pola RTP.

No aspecto técnico seguíanse a emitir un excesivo número de imaxes filmadas de arquivo, sendo practicamente imposible facer emisións en directo. «Os equipos técnicos dos que dispoñía TVE-Galicia en 1983 eran dous de xornalismo electrónico (ENG); catro cámaras de vídeo Ikegami HL 79 A; unha unidade móbil Piher, tipo B; dous magnetoscopios BCN 50; dúas cámaras de cine Beaulieu R16; cinco moviolas, un laboratorio propio PAKO, de Gevaert» (Cendán Fraga, 1998: 78).

Definitivamente, en novembro de 1987 a programación do centro territorial de TVE-Galicia, que abranguía a franxa horaria entre as 13 e as 15 horas, co programa *Telegalicia*, pasa, por orde da Dirección Xeral de RTVE, á segunda canle. Só quedaba na primeira o popular Telexornal, que tamén se emitía simultaneamente pola segunda de TVE. Esta canle televisiva non cubría totalmente a xeografía galega, polo que unha parte importante dos galegos quedaban á marxe da súa programación e noutros lugares o sinal era moi débil. Así, este cambio implicou unha perda de audiencia, porque a maioría dos telespectadores quedaron na primeira cadea. Cando se emitía o telexornal pola primeira canle dispuña de 70 estacións ao seu servizo (entre emisores e reemisores), mentres que cando o facía pola segunda cadea a través de UHF só contaba con 53 estacións emisoras e reemisoras. En calquera das dúas posibilidades contaba con dez instalacións de radioenlaces fixos por toda a xeografía.

A estes problemas de cobertura habería que lle engadir a escaseza de medios técnicos. Arturo Maneiro sinala que a finais da década dos 80 TVE-Galicia «conta cun cadro de persoal formado por 50 profesionais fixos e un número indeterminado de colaboradores habituais e ocasionais. Segundo a opinión do persoal deste centro, TVE-Galicia atópase nun estado de caos e decadencia. O material técnico está composto por tres cámaras de estudio. Para arrefrialas necesitan ventiladores, xa que é un material de refugallo que forma parte do primeiro lote de cámaras en cor que tivo TVE» (Maneiro Vila, 1989: 158).

En marzo de 1988, á fin dáse o primeiro paso para abandonar as dependencias de Raxoi coa compra dunha parcela de 23 000 metros cadrados en San Marcos. Tales eran as características do novo Centro Rexional, segundo datos facilitados polo director de TVE o 21 de marzo de 1988:

Primeira fase:

- Superficie útil da construción: 2000 metros cadrados.
- Un plató de 200 metros cadrados e outro de 100 metros cadrados.
- Áreas administrativas, técnicas, múltiples.
- Aumento cadro de persoal: 8 novos postos.
- Categoría do centro: tipo A.

Segunda fase:

- Un novo plató de 300 metros cadrados.

Calendarios de actuacións:

- Dous meses para que TVE prepare o proxecto.
- Dous meses de trámite de excepcionalidade de volume de construción, e acondicionar vieiros de acceso.
- Licitación e adxudicación no mes de xuño de 1988.
- Entrada de escavadoras no mes de xullo de 1988.

Entre 1986 e 1990, empréganse os sistemas de vídeo de 1 polgada e U-MATIC (ou $\frac{3}{4}$ de polgada). O segundo dos citados vai substituíndo progresivamente ao primeiro. En

1989 empézase a implantar o BETACAM e no ano 90 o vídeo BETACAM emprégase xa dun xeito exclusivo. O 15 de setembro de 1990 fanse gravacións de maneira sistemática dos telexornais emitidos. Dende 1986 fanse copias de emisión, pero sen as entradiñas do presentador. Tanto antes como despois desta data consérvanse as escaletas de emisión. O día 24 de xaneiro de 2001 iníciase a emisión en tecnoloxía dixital.

Nos anos en que conviviron os formatos de cine e de vídeo non había un criterio estrito para empregar un ou outro. Dependía das necesidades concretas de cada produción. Con todo, pódese establecer que, normalmente, se recorría ao cine para informativos xa que as delegacións carecían de cámaras de vídeo suficientes; en troques, o soporte videográfico era o usado nos programas en estudio, pois existía a posibilidade de empregar varias cámaras.

As obras de construción do centro de produción de programas de RTVE comezaron en agosto do ano 1988, en Bando, ao lado de onde se situaban as instalacións da Radiotelevisión de Galicia. O novo centro rexional de TVE-Galicia cumpriu as seguintes funcións:

- Leváronse a cabo as mesmas actividades que no centro anterior pero cunha mellora substancial na calidade das imaxes e no aumento da produción.
- Déuselle máis xogo aos equipos técnicos e conseguiuase unha maior calidade dos programas.

Nesta etapa a RTVE comparte instalacións de difusión coa TVG. O 21 de maio de 1991 inaugúrase o novo centro territorial en San Marcos aínda que as emisións comezaran xa o 29 de abril dese ano. Tres anos despois apróbase o Plan de Retevisión para Galicia 1994 - 1999 que consegue a instalación de 41 novos reemisores en núcleos galegos cunha poboación superior ao milleiro de habitantes. A primeira canle de TVE chegaba, en plena década dos 90, ao 92% dos galegos, mentres que a segunda o facía só ao 87% (desequilibrio urbano - rural).

3.1.1. Medios técnicos de TVE-Galicia (2002)

Centro Territorial de San Marcos (Santiago de Compostela):

- Un plató con 2 cámaras
- Un plató con 4 cámaras
- Tres cabinas de edición
- Unha cabina de posproducción
- Unha cabina de edición non lineal
- Catro reporteiros gráficos (ENG)
- Unha unidade móbil (catro cámaras, unha unidade de edición e un enlace de microondas)
- Dous controis de realización
- Un telecine
- Unha moviola

Unidade informativa de Vigo:

- Unha unidade de edición
- Dous reporteiros gráficos
- Un plató pequeno

Unidade informativa da Coruña:

- Unha unidade de edición
- Dous reporteiros gráficos
- Un plató pequeno

Correspondencia de Ourense:

- Unha edición en Lap-Top (sistema edición dixital portátil)
- Un reporteiro gráfico
- Un plató pequeno

Correspondencia de Lugo:

- Unha edición en Lap-Top
- Un reporteiro gráfico
- Un plató pequeno

Correspondencia de Ferrol:

- Unha edición en Lap-Top
- Un reporteiro gráfico
- Un plató pequeno (en construción)

Correspondencia de Pontevedra:

- Unha edición en Lap Top
- Un reporteiro gráfico
- Un plató pequeno

3.1.2. Persoal TVE-Galicia

No ano 1971, ano da creación da delegación territorial, o cadro de persoal estaba composto por sete profesionais. «En agosto de 1983 Televisión Española en Galicia contaba con 38 traballadores fixos e 27 colaboradores. Entre os primeiros, soamente oito deles eran xornalistas, catro administrativos, doce técnicos, tres doutras categorías e un directivo. Había a necesidade de dotar o centro de máis traballadores» (Cendán Fraga, 1998: 78).

Na actualidade, son 59 traballadores fixos, 10 contratos temporais en prácticas e 3 contratos artísticos (persoal que non se cingue ás categorías profesionais establecidas no convenio de Televisión Española).

O Centro Territorial de Televisión Española en Galicia contou con catorce directores ao longo da súa historia:

-1971/Agosto 1973: Celso Ferreiro>>Fernando Cubedo

-11 de setembro de 1971/1 de agosto de 1973: Luis Salguero

-1 de agosto de 1973/30 de novembro de 1976: Luis Mariñas Lage

- 1 de decembro de 1976/1 de febreiro de 1983: Eugenio Pena Leira
- 8 de febreiro de 1983/1 de outubro de 1984: Alexandre Cribeiro Rodríguez
- 3 de outubro de 1984/1 de abril de 1986: Orestes Cara García Benito
- 1 de maio de 1986/31 de decembro de 1987: Manuel Lombao Lombao
- 1 de xaneiro de 1988/30 de abril de 1989: José María Villot y Villot
- 1 de maio de 1989/31 de xaneiro de 1993: Domingo González González
- 1 de febreiro de 1993/6 de agosto de 1996: Gerardo Rodríguez Rodríguez
- 6 de agosto de 1996/19 de xuño de 1997: Xosé L. Blanco Campaña
- Xuño do 1997: David Formoso (en funcións)
- 11 de agosto de 1997/18 de xuño de 1998: Alfonso Cabaleiro Durán
- 14 de xullo de 1998 / 17 de xuño de 2004: José Octavio Rodríguez Nieto
- 18 de xuño de 2004: Domingo González González

3.2. Televisión de Galicia

A Compañía de Radio Televisión de Galicia é unha sociedade anónima de titularidade pública nacida ao amparo da Lei de Creación da CRTVG, aprobada polo Parlamento de Galicia o 11 de xullo de 1984. Os seus obxectivos son a posta en funcionamento, xestión e explotación dos medios de comunicación en lingua galega, a Televisión de Galicia e a Radio Galega, contribuíndo á normalización lingüística e á cohesión do tecido social e xeográfico do país.

O 25 de maio de 1985 decrétase a concesión da terceira canle a Galicia. A Lei da Terceira Canle (LTC), no seu artigo segundo, establecía que sería o Estado quen lle proporcionaría a cada Comunidade Autónoma a infraestrutura dunha rede para a difusión da terceira canle. Porén, as televisións autonómicas tiveron que construír as súas propias redes de difusión no ámbito territorial.

O día 8 de outubro de 1984 comeza a construción da TVG. Malia as dificultades do proxecto, construíuse nun tempo moi curto. A complicada orografía galega e o empeño de cubrir a maior parte da poboación dende o primeiro momento, obrigaban á construción de grandes centros emisores situados en puntos de difícil acceso. O edificio proxectado dispuña de dúas plantas cunha superficie total de 6.832 metros cadrados, e unha superficie

urbanizada de 5540 metros cadrados. «Contaba con tres estudos (producción, informativos e continuidade), área técnica anexa e as oficinas da propia televisión. Nas súas instalacións iniciais contaba con dous estudos de 150 e 300 metros cadrados respectivamente. Así mesmo, proxectábase a construción dun terceiro, de 600 metros cadrados, que estaría dedicado ás grandes producións dramáticas. Dispoñía tamén dos medios máis modernos, incluíndo antenas de recepción de satélites» (Cendán Fraga, 1998: 118).

Apunta Arturo Maneiro que máis tarde se comprobaría que moitas das instalacións non estaban adecuadas ás necesidades e funcións que ían exercer, polo que se acometeron constantes modificacións. En xuño do 85 adquiriron unha unidade móbil. Instaláronse, ademais, os 15 primeiros reemisores da rede de difusión da TVG, estando xa en funcionamento seis centros emisores, que cubrían inicialmente o 60% da poboación galega:

-Bailadora (A Coruña): canal 25. Cobre a parte Oeste da Coruña, Betanzos, Ferrol e as súas respectivas zonas de influencia.

-Xistral (Lugo): canal 31. Cobre Vilalba e a zona norte da provincia de Lugo, así como as súas zonas de influencia.

-Páramo (Lugo): canal 60. Cobre Lugo, Sarria e as súas zonas de influencia.

-Meda (Ourense): canal 50. Cobre parte de Ourense, Monforte, O Carballiño e as súas zonas de influencia.

-Domaio (Pontevedra): canal 37. Cobre Vigo e a súa ría e, parcialmente, as rías de Pontevedra e o sur de Arousa.

-Pedroso: canal 42. Cobre Santiago e a súa zona de influencia.

Reemisores:

A Coruña 37, Ourense 33, Pontevedra 27, Vilagarcía 27, Carballo 61, Cariño-Ortigueira 47, Tui 28, Viveiro 48, Noia 26, As Pontes 52, Nigrán 48, Bueu 50, Tomiño 26, Xinzo de Limia 53 e Verín 58.

O período que comprende entre o 24 de xullo e o 1 de setembro do 85 é coñecido como etapa experimental e estivo caracterizada pola escaseza de medios técnicos. O primeiro de setembro de 1985 comezou a programación regular da TVG. En novembro,

entraron en servizo tres novos repetidores (Carballo, Noia e As Pontes). A principios de decembro do 85, a TVG cubría o 61% da Comunidade Autónoma. É de sinalar que Ourense capital non tivo repetidor até finais do ano 85. No 1986 xa se pode falar dun funcionamento pleno e dunha dotación tecnolóxica e de infraestruturas reducida, mais completa e adaptada ás necesidades da canle no momento.

Durante o período 1988 – 1989, a CRTVG amplía as súas instalacións. O novo edificio da CRTVG, anexo ao centro de produción de programas da TVG, en San Marcos, foi inaugurado en decembro de 1988. Nestas novas instalacións situáronse varios servizos da compañía televisiva da canle autonómica, nunha superficie de 800 metros cadrados. En maio de 1989 púñase en funcionamento a nova torre de comunicacións de enlaces fixos, enmarcada nun moderno sistema de redes de enlaces que viña substituír o sistema que se viñera utilizando dende 1985, localizado no Monte Pedroso. Cunha altura superior aos 50 metros permitía a mellora na imaxe televisiva, tanto na súa recepción como na calidade da mesma.

A finais de 1989, a TVG contaba cunha nova unidade móbil para a produción de programas. Entre os medios técnicos dos que dispuña destacaban dous conxuntos de cámaras, tres estudos de alto nivel e tres exteriores, todos os sistemas de procesado de sinal imaxe-real, imaxe-electrónica, con dous magnetoscopios, xunto a un sistema de distribución e equipamento interno, cun control central de vídeo, outro de son e un terceiro de control técnico.

A cobertura da TVG estaba fixada ao comezo dos 90 no 82% do territorio galego, onde se concentraba máis do 90% da súa audiencia. En xullo de 1992, o presidente da Xunta, Manuel Fraga, presidía a sinatura de 13 convenios de cooperación entre a Secretaría Xeral de Comunicación e outros tantos concellos, para a posta en marcha de novos centros reemisores de TVG. O Goberno galego instalaría neste ano un total de 80 microemisores que permitirían que o sinal de TVG chegase aos puntos máis recónditos da xeografía galega. A finais de 1992 a TVG contaba con 103 centros de difusión, o que supuxo un incremento de case o 50% con relación a 1991, ano no que só tiña 66.

«Ao longo de 1993 estaba prevista a instalación de trinta novos reemisores e 300 microemisores de baixa potencia e pequena cobertura. Inaugúranse repetidores nos seguintes meses (...). O 14 de xullo de 1993 a S. X. de Comunicación asina un convenio

con 145 concellos para a instalación de 225 microemisores rurais que darían cobertura á TVG (...). En agosto de 1995 a TVG dispuña xa de 133 reemisores espallados por toda a xeografía galega e 600 microreemisores, o que facía que a canle galega se convertese na primeira emisora televisiva en Galicia, no que atinxe ao ámbito de cobertura. As cifras oficiais: 99,7%. Retevisión ofrecía unha cobertura do 91,5% para TVE-1, o 86,5% para TVE-2 e o 61,74% para as canles privadas (...). Continúan as melloras de cobertura e a Xunta de Galicia investiu preto de catrocentos millóns de pesetas, no que salientaba a construción de cadanseu centro radioeléctrico na localidade coruñesa de Ortigueira e en Lugo» (Cendán Fraga, 1998: 167-170). En setembro de 1991 ponse en marcha a nova unidade informativa da TVG en Vigo. Con anterioridade xa se puxera en funcionamento a da Coruña.

Unha vez solucionados os problemas de recepción do sinal televisivo, restaba mellorar a calidade das imaxes e a produción de contidos. «Para aumentar a capacidade de realizar programas en Galicia, a TVG iniciará a reforma do estudio 300 de San Marcos para dar cabida a máis espazos. Dentro da súa remodelación incluíase tamén o equipo de iluminación, reforzando o equipo de luces, o que permitiría facer xogos visuais, inéditos até aquel entón na Televisión de Galicia. O equipo de son melloraríase coa instalación dunha mesa de son que contaba con 24 pistas de mono e dez de estéreo» (Cendán Fraga, 1998: 175).

En 1994 a TVG comeza, de xeito experimental, coas emisións dual-estéreo a través do reemisor da Bailadora, preto de Ferrol, e o do Pedroso, en Santiago de Compostela, cubrindo a práctica totalidade da provincia da Coruña e norte de Pontevedra (alcanzaría a toda Galicia a principios do 95). O espectador que tivese un receptor de televisión dotado con este sistema podería elixir o son da versión orixinal, coas voces dos actores ou ben a versión dobrada ao galego. Convértese na primeira canle autonómica do estado español que emite regularmente vía satélite. Distribúe o seu sinal por primeira vez a través da rede de fibra óptica de telefonía en novembro do 94, dende o IV Salón da Enerxía e Desenvolvemento Rural de Silleda.

En outubro do 95 púxose en funcionamento un teletexto en galego. Neste mesmo ano, a Dirección Xeral da XIII Comisión Europea seleccionou a TVG para participar no seu Plan de Acción no que atinxe á introdución de servizos avanzados de televisión. Estrearía o

sistema Pal Plus, formato de pantalla ancha, en outubro de 1995. Tamén incorporaba un sistema de dixitalización que contribuía a mellorar a calidade da emisión e recepción das imaxes.

«En 1996 a CRTVG dispúñase a adquirir unha unidade móbil dixital de Pal Plus e formato de pantalla ancha. A devandita unidade móbil estaría montada sobre un camión de 12 metros de lonxitude e tería un equipamento de cinco cámaras para producir programas en formatos 16/9 e 4/3 indistintamente, salas de monitorado e posproducción. Este estudio móbil, o primeiro en funcionar en Galicia, é un dos poucos que hai na actualidade en España. A inexistencia dun estudio de Pal Plus impedíalle ás produtoras galegas do audiovisual ter acceso ás axudas comunitarias contempladas no Plan de Acción posto en marcha en 1993. Coa adquisición da nova unidade móbil, a TVG poderíalle garantir ás produtoras a emisión de programas en Pal Plus en 16/9, requisito que o devandito plan consideraba imprescindible para a concesión das axudas» (Cendán Fraga, 1998: 189).

O 1 de decembro de 1996, conxuntamente coas canles autonómicas de Cataluña e Euskadi, a TVG constituiría Galeusca, unha canle de televisión vía satélite destinada a lle enviar aos emigrantes a programación de TVG, TV3 e ETB. Principiou as súas emisións en xaneiro do 97, cun repartimento de 8 horas ao día para cada programación autonómica.

Meses máis tarde, a TVG creou Galicia TV, unha canle por satélite que emite de xeito independente a súa programación a América. No desenvolvemento deste soporte, que inicia a súa andaina o 1 de abril de 1997, confluíron diversas circunstancias de carácter económico, tecnolóxico e social, tal e como indica Marcos Calviño (2002): a substitución dos satélites analóxicos polos dixitais permite a emisión de maior número de frecuencias, ademais do abaratamento dos custos; a experiencia en Galeusca favorece o coñecemento do mercado americano e dos posibles distribuidores por cable do sinal; finalmente, existe unha demanda social deste servizo por parte das colectividade emigrantes, ás que lles parecía insuficiente a programación galega de Galeusca.

O 21 de xullo de 1997 iniciou o seu funcionamento en probas o novo control central robotizado da TVG e as súas emisións regulares por Internet en tempo real o día 17 de maio de 1997, Día das Letras Galegas, sendo a primeira de Europa e a sétima do mundo en ofrecer esta posibilidade.

A TVG iniciou as súas emisións pola plataforma «Vía Digital» o 15 de setembro de 1997 e do Televideo para a canle Galicia TV-América o día 18 de novembro de 1997. A canle autonómica iniciou as emisións para Europa en dixital o día 7 de marzo de 1998 a través do satélite Eutelsat Hot Bird-3. O día 7 de xullo de 1998, a TVG realizou a primeira conexión de satélite cunha unidade móbil de enlaces propia. Sería na emisión do «Telexornal Segunda Edición» dende a Expo de Lisboa.

O 1 de decembro de 1998, a TVG comeza a emitir regularmente cara a Europa polo Eutelsat Hot Bird-3, o día 1 de decembro de 1998 e cara a América a través do satélite Hispasat. Regularizáronse as súas emisións cara a Europa polo Eutelsat o 29 de xaneiro de 1999 e o 23 de abril entrou en funcionamento o novo enderezo electrónico da TVG: <http://www.crtvg.es>.

3.2.1. Medios de produción de contidos da TVG (2002)

A Televisión de Galicia conta cun Centro de Produción e Emisión de Programas situado en San Marcos (Santiago de Compostela). Está dotado de cinco estudos de produción, un de 150 metros cadrados, un de 300 metros cadrados, un estudio de continuidade, un estudio de 80 metros cadrados e outro de 460 metros cadrados. Un deles destínase á produción de programas musicais e de entretemento e o máis pequeno é utilizado para os informativos. Ambos os dous espazos teñen os seus correspondentes controis independentes dotados con:

- Cinco cadeas de cámara CCD Ikegami-HK 355
- Tres e tres DVC PRO 50, respectivamente
- Mesturador de vídeo Thomson DD-35 e xeradores de efectos dixitais Ampex ADO500 dobre canle Thomson AD 35.

A titulación realízase mediante equipos CHYRON MAX, mentres que os controis de son están dotados con mesas de mesturas de audio STUDER 994 de 36 canles e o equipamento habitual (DAT, minidisco, ecualizadores, equipos de efectos, etc.). Os dous

estudios teñen un sistema de iluminación controlado por mesas de 112 canles, o plató 300 (ETC. Insight 2) e o 150 Express 24/48.

O Centro de San Marcos ten instalados os seguintes equipos de produción e posproducción:

- Cinco unidades móbiles para a realización multicámara. A máis grande está dotada con 10 cadeas de cámara e 4 magnetoscopios, un servidor de vídeo de catro canais e cada unha ten o seu propio vehículo para o transporte de material.
- 60 equipos ENG, todos con cámaras CCD: 52 Panasonic DVC Pro 50, cinco Sony Betacam Dixital, dúas Sony Betacam SP e tres Betacam SP.
- 23 cabinas de edición
- Cinco salas de posproducción de vídeo, todas con compoñentes dixitais.
- Unha sala de grafismo con paletas electrónicas e equipo de xeración de imaxe e son 3D.
- Unha sala de cambio de formatos que pode utilizar material en soporte celuloide, formato unha polgada C, Betacam SP, Betacam Dixital, U-Matic Alta e Baixa Banda, Super VHS, Betamax e Hi8, DVC Pro 25-50 dixital. Todos os equipos desta sala están controlados por un sistema informático que permite a selección e realización simultánea de distintos grupos de copiado.
- Unha sala de posproducción de audio analóxico en fase de dixitalización
- Unha sala de continuidade robotizada e dixitalizada con capacidade de emisión de catro canais simultáneos.
- Unha sala de Control Central que xestiona o tráfico de sinais co interior (a través da rede de transporte de sinais de RETEGAL e de Retevisión co resto de televisións autonómicas) cunha capacidade de 20 sinais de contribución e 6 de distribución. Tamén se encarga do intercambio de sinais entre as distintas salas de produción de televisión, manexando para iso dúas matrices de conmutación de vídeo, unha analóxica de 64 x 64, vídeo e dous audios e unha dixital de 128 x 128. Outros equipos dos que dispón son: procesadores de vídeo, inseridores de vídeo, sincronizadores de cadro, etc.
- Catro estudos de produción propia e outro alugado.

- Oito delegacións radicadas en Vigo, A Coruña, Ourense, Lugo, Pontevedra, Ferrol, Burela e Madrid.

3.2.2. Tecnoloxía de emisión da TVG na actualidade

A canle válese dunha rede de difusión e enlaces creada en 1985 pola Dirección Xeral de Medios da Xunta de Galicia. Esta rede estivo sempre adscrita á CRTVG ata que, en 1997, o Goberno galego crea Retegal, sociedade anónima destinada á xestión das infraestruturas públicas de difusión. Retegal comeza a súa xestión en 1998 e, dende o 1 de xaneiro de 1999²², faise cargo da Rede de Transporte e Difusión que presta servizos á Televisión de Galicia, rede que hoxe dá cobertura ao 99,8% da poboación. Componse de:

- Rede de Enlaces: Utilizada para o transporte de sinais entre o Centro de Produción de Programas (C.P.P.) e os diversos centros emisores da rede bidireccionalmente. Tamén serve para a conexión das delegacións cos centros de Produción de Programas.
- Rede de Emisoras: Seis centros emisores de alta potencia (5000 vatios). Estes centros están unidos pola rede de enlaces co Centro de Produción de Programas de San Marcos. Son O Pedroso (Santiago), Bailadora (Ares), O Xistral (Viveiro – Muras), O Páramo (Sarria), Meda (Rodicio – Ourense) e Domaio (Pontevedra).
- Rede de Reemisores: Son os encargados de repetir os sinais recibidos polos centros emisores. Son de menor potencia (5-2000 vatios) e a súa función é sortear as complicacións orográficas do territorio. RETEGAL dispón de 128 reemisores ademais de 600 microemisores rurais.

²² A partir do Decreto da Consellería de Economía e Facenda 365/1998, do 23 de decembro, polo que se desafectan do dominio público e se adscriben á sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., os bens e dereitos que integran os equipos, sistemas e infraestruturas de telecomunicacións da Xunta de Galicia, adquiridos pola Comunidade Autónoma para as redes de distribución da CRTVG.

A emisión vía satélite faise a través do Hispasat 1B (Galicia TV América e Radio Galega) e cobre practicamente todo o continente americano. O Hispasat 1C permite a emisión de Galicia TV, Vía Dixital e Galicia TV Europa.

A transformación tecnolóxica do Centro de Produción de TVG en San Marcos cara ao proceso de dixitalización pasou polas seguintes fases (Álamo Jiménez, 2000: 235):

1.- Adopción dun formato dixital estándar, o Betacam Dixital, DVC Pro 50, para o arquivo do material de vídeo.

2.- Adquisición dunha Unidade Móbil Dixital como estudio completo de produción e posprodución. (grazas á participación nos programas europeos que fomentaban os servizos avanzados de televisión), mais a dixitalización das unidades móbiles (todas elas a falta de dúas).

3.- Dixitalización e automatización do estudio de continuidade (dende as que se poden emitir simultaneamente catro canles) e das salas de posprodución.

4.- O proxecto da Redacción Electrónica Dixital, renovación que comprende dous aspectos fundamentais: o primeiro e máis básico ten que ver co cambio de formato do soporte de vídeo; o segundo, coa posta en marcha dun novo sistema de texto para a xestión de noticias de control de escaletas e diapositivas, para o que se emprega o sistema ENDS de Associated Press. Ademais, isto provoca outra transformación que supón unha auténtica revolución operativa no traballo dos xornalistas: estes pasan a montar as súas propias novas integramente dende o sistema e o soporte informático.

3.2.3. Persoal da TVG

A primeira incorporación de traballadores á Televisión de Galicia realizouse a través de contratos. Nun principio eran pouco máis de cen persoas: vinte persoas en informativos, cincuenta e nove operadores, oito técnicos, tres documentalistas. *El Correo Gallego* recollía o día 26 de xullo de 1985 nunha entrevista con Luís Losada, director xeral da CRTVG, o modo en que se realizara o proceso de escolla deses primeiros traballadores da canle autonómica. Explicaba que «se fixo unha selección previa –por medio dunha compañía – e nós aproveitamos algunhas desas persoas que estaban seleccionadas para que pasasen ou ben á radio ou á televisión. Despois o sistema máis estendido foi o de lle dar a

coñecer á xente que estivese interesada na radio ou na televisión a posibilidade de que presentando un currículo e máis tarde facéndolle unhas entrevistas de tipo persoal puidesen ser admitidos sempre e cando alcanzasen o nivel requirido. Así se fixo cos que se contrataron».

No seu libro *Funcións da TV Autonómica galega e do centro rexional de TVE en Galicia*, Arturo Maneiro explica que «para comezar os servizos informativos, TVG contou con 17 periodistas ou axudantes de redacción, é dicir, xornalistas que nese momento non tiñan carné oficial. Este número axiña pasou a case trinta co comezo do ano 1986, e dende aquela tivo unha evolución crecente de redactores nas máis variadas situacións de contrato, pero sen que sexa posible establecer un número determinado, oscilando entre 40 e 50 persoas que ocupan postos na Redacción de TVG, tanto para telexornais como para a sección de deportes. Oficialmente contan 25 redactores fixos e catro en prácticas».

Engade este autor que «para levar adiante o seu cometido, a TVG conta cun cadro de persoal fixo composto por 285 persoas, das cales o 25% son mulleres e o 75% homes. Tamén figuran como persoal eventual, tanto en prácticas como colaboradores dos distintos programas un total de 119 persoas. O resultado final é un cadro de persoal de 404 traballadores que prestan os seus servizos na Televisión de Galicia. A media de idade resulta de 30 anos, o cal demostra unha falta de madurez profesional que se irá asentando ao longo dos anos. Por outra parte, a política laboral seguida nestes primeiros anos pon en evidencia que os profesionais máis feitos e preparados están apartados do labor de facer a televisión acotío. A todo este persoal considerado da TVG fixo ou temporal haille que engadir aqueles profesionais de variadas empresas que prestan servizos para a TVG de forma auxiliar pero intimamente relacionados co produto diario, como poden ser os cámaras e reporteiros das produtoras que traballan para os servizos informativos» (Maneiro Vila, 1989: 100).

En setembro de 1986 convócase concurso de méritos para cubrir un total de 156 postos de traballo. A empresa contaba con 250 traballadores. O 9 de maio de 1992 iniciábanse as primeiras oposicións nos seus sete anos de existencia. Máis de tres mil persoas optaban as 306 prazas do concurso-oposición ao ente público CRTVG nas súas dúas sociedades, Televisión de Galicia e Radio Galega.

En maio de 1996 o presidente da CRTVG, Francisco Campos, e a conselleira de Familia, Manuela López Besteiro, asinan un convenio para a formación de profesionais galegos. Mediante o mesmo poñeríanse en marcha cursos de formación destinados a 180 traballadores da Radio Galega, da TVG e a profesionais de medios audiovisuais galegos en paro.

Cadro de persoal das canles autonómicas españolas:

	1997	1998
TVG	470	474
TV3	1167	1515
Telemadrid	650	678
Canal Sur	1100	1170
Canal 9	425	521
ETB	600	600

Arredor da Compañía da Radio – Televisión de Galicia (CRTVG) e das súas sociedades, Radio – Televisión de Galicia (RTG) e Televisión de Galicia (TVG), móvense actualmente un total de 671 traballadores en todo o territorio galego, dos que un 70% son homes e un 30% mulleres, organizados en departamentos de acordo coa seguinte distribución:²³

Televisión de Galicia, S.A.:

- Dirección
- Departamento de Informativos
- Departamento de Programas
- Departamento de Deportes e Emisións

En abril do 86 acordan sacar a concurso o encargo dunha auditoría operativa e outra financeira sobre a RTVG e as súas sociedades. Os resultados da auditoría operativa son

²³ Datos extraídos da páxina web da compañía: <http://www.crtvg.es>.

negativos para os anteriores equipos directivos. Establécese un novo organigrama constituído por once departamentos e 38 servizos (até agora só 8 departamentos e 22 servizos). Aumenta en 5 postos o cadro de persoal da TVG.

Ao longo da súa historia, a TVG foi obxecto de polémica nalgúns ocasións no tocante ao seu cadro de persoal. Xa nos comezos fixéronse presentes as sospeitas de interferencias do poder sobre os labores informativos dos xornalistas da televisión galega. O 6 de maio de 1987, o daquela director da TVG, Gerardo González Martín, presentou a súa dimisión denunciando as inxerencias políticas no labor dos profesionais da canle autonómica.

Un dos maiores escándalos que afectaron o ente público foi o das chamadas «listas negras» da RTVG no ano 90. A aparición o 2 de maio de 1990 de varios documentos nos que se facían valoracións políticas de profesionais da radio e a televisión autonómicas, motivaron a repulsa dos comités de empresa da TVG e da RG, e das seccións sindicais de CXTG e UXT, que rexeitaron a intimidación e pediron a dimisión de todos os implicados na elaboración desas listas. Miguel Piñeiro, xefe de programas da Radio Galega, era a cerna principal das críticas. Atribuíaselle a autoría do máis denso dos documentos (por figurar a súa tarxeta persoal no encabezamento das listas), a pesar de negar calquera implicación na elaboración das listas. Piñeiro cualificou de «manobra política maquiavélica» e de «maquinación contra o PP» a filtración das listas e anunciou «a posible adopción de medidas legais contra o medio que lle atribuíu a autoría»²⁴.

A réplica a este escándalo non había tardar en chegar. Unha semana despois da aparición das listas negras descubríanse uns micrófonos-espía nos despachos do director xeral da CRTVG, Ramón Villot, e no do director da TVG, Francisco Rodil. Os aparellos de espionaxe foran presuntamente colocados por adláteres do PSOE (Cristobo, 1991: 155).

O 4 de novembro de 1994, representantes do PSOE e do BNG no Consello de Administración da CRTVG denuncian no xulgado a Francisco Campos por prevaricación, considerando que este se excedera nas súas funcións ao variar o organigrama da compañía e designar altos cargos sen consultarlle ao Consello de Administración. A compañía deféndese alegando que «é facultade do director xeral organizar a dirección e nomear con criterios de profesionalidade o persoal directivo da CRTVG e das súas sociedades (...). A

²⁴ Noticia publicada en *La Voz de Galicia* o 3 de maio de 1990, p. 22.

supresión, creación, modificación, cambio de denominación, adscrición de funcións, é competencia exclusiva da Dirección Xeral»²⁵. A sentenza foi favorable a Campos.

Un ano antes destes feitos, en 1993, Luís Álvarez Pousa fai referencia no *Informe da comunicación en Galicia* ao feito de que o ente coñeceu en sete anos catro directores xerais, por mor do que el considera influencias políticas na súa xestión: Luís Losada, Lois Caeiro, Abilio Bernaldo de Quirós, Ramón Villot. Esta sucesión de directores débese, segundo este autor, á dependencia governamental: «(...) E pola TVG pasaron nese tempo [nos primeiros sete anos de vida da canle] cinco directores xerentes: Guillermo Montes, Xosé L. Blanco Campaña, Xerardo González Martín, Xerardo Rodríguez e o actual Francisco Rodil Lombardía. E con todos eles bailaron os organigramas de funcionamento, xefes administrativos e técnicos, xefes de persoal de informativos e de programación. Esa falta de independencia governamental instrumentalizou partidariamente a política de persoal» (Álvarez Pousa, 1993: 364).

A continuación refírense os directores xerais da Compañía de Radio Televisión de Galicia ao longo da súa historia:

Luís Losada (xullo 1985 - marzo 1986)

Lois Caeiro (marzo 1986 - xaneiro 1987)

Abilio Bernaldo de Quiros (xaneiro 1987 - marzo 1990)

Ramón Villot (marzo 1990 - xullo 1994)

Francisco Campos (xullo 1994-...)

A TVG contou até o de agora con cinco directores:

Guillermo Montes (xullo 1985 - febreiro 1987)

Gerardo González (febreiro 1987 - maio 1987)

Xerardo Rodríguez (maio 1987 - marzo 1990)

José Francisco Rodil (marzo 1990 – xullo 1994)

Arturo Maneiro (xullo 1994 – agosto 1996)

Anxo Quintanilla (agosto 1996 - ...)

²⁵ Noticia publicada en *La Voz de Galicia* o 5 de novembro de 1994. p. 81.

3.2.4. A opinión dos expertos

A sede do Consello da Cultura Galega en Santiago de Compostela acolleu o 9 de outubro de 2003 un debate sobre as infraestruturas e o persoal da televisión en Galicia. Convocados pola Sección de Comunicación do Consello, acudiron ao coloquio Fernando Pardo, enxeñeiro de telecomunicacións responsable do deseño da rede de emisión da CRTVG, Arturo Maneiro, asesor do director xeral da CRTVG e ex director da Radio Galega e da TVG (nesta última tamén ocupou o cargo de director de informativos), Javier Ruíz de Cortázar, director do departamento de recursos humanos da Televisión de Galicia, e Xosé Arias, xerente da produtora CTV. O moderador do encontro foi Xavier Otero, director de Localia Galicia no momento do encontro, e membro da Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega.

O enxeñeiro Fernando Pardo viviu intensamente os primeiros pasos da CRTVG. Foi contratado pola Xunta para deseñar a rede de emisión da futura radio autonómica galega, xa que contaba con experiencia nese ámbito, pois fora o responsable da montaxe da radio autonómica catalá e da cadea Radio 80. Segundo apunta, naquela altura o Goberno autonómico non pensaba aínda en erixir unha televisión.

A xuízo de Pardo, a obra de infraestrutura realizada para a posta en marcha da TVG foi un proxecto «para estar orgullosos», por se levar a cabo de maneira integramente autóctona, con pouco diñeiro e malia a oposición de Televisión Española, o que non impediu acadar uns resultados impecables. A chamada Lei de Insuficiencias, lembra o enxeñeiro, transferiu a Galicia dez mil millóns de pesetas, dos que tan só dous mil cincocentos se destinaron á televisión. Fernando Pardo cre que, no momento de trazar a estrutura organizativa da televisión autonómica, se tomaron dúas decisións que ao seu xuízo resultaron cruciais para o desenvolvemento do sector audiovisual na comunidade. En primeiro lugar, optouse por construír só dous platós, un para informativos e outro para magacíns, o que obrigou á TVG a recorrer a produtoras externas para realizar outro tipo de programas. «A min paréceme que iso foi un acerto», afirma Pardo, «porque deu lugar a que

apareceran industrias auxiliares» no ámbito privado. En segundo lugar, apostouse por contratar toda a dobraxe fóra da casa, o que tamén redundou na aparición dunha industria da dobraxe na comunidade.

Nisto incidiu Xosé Arias, xerente de CTV e coñecedor da evolución da industria galega da dobraxe. «A dobraxe empezou aquí en galego e despois houbo un momento, despois do 1992, no que se dobrou para toda España en castelán», sinalou. Algunhas empresas galegas de produción audiovisual convertéronse en provedores de dobraxe para as televisións españolas. Como lembrou Arias, CTV abasteceu de dobraxes, por exemplo, a Televisión Española e Antena 3.

Fernando Pardo apuntou que a Televisión de Galicia «naceu en contra do Goberno de Madrid e en contra de Televisión Española». A pesar das dificultades que ambos opuxeron, a montaxe de radioenlaces ao longo de toda a xeografía galega conseguiu «urbanizar Galicia dende o punto de vista das ondas radioeléctricas». A erección da rede de emisión da radio e da televisión autonómicas tamén axudou á consolidación de empresas galegas de telecomunicacións como Televés ou Intelsis, segundo Pardo. Ademais, conseguiuase que a Radio Galega e a TVG chegaran á totalidade do territorio autonómico, un reto que non conseguiran nin Radio Nacional nin Televisión Española, a pesar da súa histórica presenza na comunidade. A xuízo de Fernando Pardo, outra das decisións acertadas da TVG foi adoptar dende o principio o sistema de vídeo Betacam, en detrimento do U-Matic, que aínda tiña presenza nas televisións de mediados dos anos 80.

Arturo Maneiro coincide con Pardo nas bondades da externalización da produción da TVG: «Unha televisión ten que ser unha infraestrutura de emisión, non de produción de programas. E, de feito, a tendencia da televisión do futuro é que as televisións non son produtoras de programas, son xestoras dunhas canles de difusión de contidos doutros». Ao contratar boa parte da súa produción á empresa privada, a TVG actuou como o motor dunha industria audiovisual autóctona, por iso Maneiro cre que «se non existira a Televisión de Galicia, non existiría sector audiovisual na comunidade». Pola súa banda, Xosé Arias ofrece cifras: «gracias á Televisión de Galicia, xerouse unha industria que produce aproximadamente o 20 por cento da produción de ficción en España», o cal é «un dato moi a ter en conta, na medida en que só representamos o 7 por cento da poboación española». Arias afirma que a dotación de recursos da compañía beneficia ao sector audiovisual, ao

que el pertence. Ademais, o director de recursos humanos da TVG, Javier Ruíz de Cortázar, engade que a externalización da produción é unha «tendencia imparable» nas compañías públicas de televisión como medida para combater o endebedamento, xa que, «tal e como están as infraestruturas das empresas públicas, acaban creándose uns entes mastodónticos que non paran de xerar custos».

En canto aos criterios de contratación do persoal da TVG, Ruíz de Cortázar asegura que «son criterios de aptitude, establecidos por un concurso oposición, exames e probas». Con todo, a lexislación vixente establece un réxime excepcional para a TVG, que pode xogar con modalidades de contratación máis flexibles que as dos restantes organismos públicos debido á particular natureza do sector audiovisual, posto que non resultaría operativo, explica Ruíz de Cortázar, sacar a concurso público a contratación de cada un dos artistas que interveñen nunha gala televisiva. No tocante á situación laboral do persoal da CRTVG, Ruíz de Cortázar di que «na Compañía case todos os traballadores son fixos», mentres que «na televisión pode haber fixos uns catrocentos». Apunta tamén que as cifras de contratación temporal oscilan entre un 15 e un 20 por cento do total do persoal, se ben recoñece que esta porcentaxe se pode elevar até un 30 por cento nos meses de verán debido ao incremento do número de bolseiros en práctica. Esta situación é notablemente mellor que a que se rexistraba a principios da década de 1990, cando máis da metade do cadro de persoal estaba sen contrato, segundo Ruíz de Cortázar, quen destaca tamén que, nos últimos anos, a propia empresa veu facilitando a reciclaxe e a formación continua dos seus empregados.

A TVG é en moitas ocasións a primeira toma de contacto profesional para os estudantes de ciclos de Formación Profesional e os universitarios que cursan estudos de Imaxe e Son, Xornalismo ou Comunicación Audiovisual. Ruíz de Cortázar recoñece a imposibilidade de absorber a oferta de man de obra que sae dos centros educativos galegos, especialmente da Formación Profesional audiovisual, da que existen ata catro centros homologados en Galicia. En calquera caso, o responsable de persoal da TVG considera que a formación que lle ofrece a canle aos seus bolseiros ten unha boa repercusión nas súas respectivas carreiras e propicia o seu emprego noutras televisións ou produtoras.

3.3. O sistema audiovisual en Galicia

No artigo titulado «Audiovisual en Galicia: unha nova mentalidade para un novo mercado»²⁶, Alfonso Sánchez Izquierdo fala de «minifundismo empresarial» para definir a situación da industria audiovisual en Galicia. Sánchez Izquierdo baséase nos datos recollidos pola compañía GAP Management Consulting, nun informe encargado polo Clúster do Audiovisual Galego. Nesta análise indícase tamén que esta industria é aínda pequena, posto que a súa facturación total non chega ao 2% da industria española. O sistema audiovisual en Galicia está, pois, fragmentado e atomizado en pequenas empresas, que normalmente non se especializan nunha única actividade profesional. Así e todo, a evolución do sector, especialmente das produtoras galegas, está a ser en positivo. Entre 1994 e 2001 o incremento da facturación foi dun 243%, o que supón un aumento do 20% por ano.

«Cando foi aprobada por unanimidade a Lei do Audiovisual no 1999, pasou da nada a supor o 0,6% da facturación total da industria galega, pero pasou tamén a dar emprego ao 1,4% do emprego total da industria galega» (Sánchez Izquierdo, 2004: 49). No 2001, a facturación total superou os 97 millóns de euros e xeráronse 2105 postos de traballo.

Os datos que ofrece Sánchez Izquierdo sobre o ano 2001 veñen reforzar a idea do «minifundismo». O número total de empresas da industria audiovisual galega – inclúense todas aquelas que se dediquen á produción, á distribución ou á exhibición – era de 226, das que a grande maioría (150 en concreto) estaban dedicadas á produción. Cómpre destacar que é esta actividade a que xera o maior volume de facturación de todo o sector.

Sánchez Izquierdo introduce no seu estudo unha liña de debate sobre a conveniencia do papel que está a manter a Televisión de Galicia de cara ao sector. Por unha banda, indica que a TVG é a televisión que conta coa maior porcentaxe de series de produción propia en toda España. De feito, a Compañía inviste arredor do 40% do seu orzamento total en

²⁶ En *Informe da Comunicación en Galicia 2004*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Comunicación.

produtos elaborados polo sector galego. A dúbida que presenta é até que punto é beneficioso para a industria audiovisual galega depender dun único comprador, ao que destinen todos os seus produtos (Sánchez Izquierdo, 2004: 50).

A análise que se fai en *Audiovisual Galego 2003* coincide coas teorías expostas e define as debilidades do sector audiovisual galego, como un primeiro paso para elaborar propostas que contribúan ao seu desenvolvemento. Segundo o exposto neste informe, a alta dependencia da CRTVG, a atomización do sector (composto por un amplo mosaico de empresas de tamaño moi pequeno), a escasa especialización en procesos ou produtos, a necesidade de innovación tecnolóxica, a insuficiencia do mercado interno á hora de amortizar os produtos, as dificultades de apertura doutros mercados para a comercialización, unha capacidade financeira feble e a falta de confianza axeitada dos inversores privados son os principais atrancos aos que hoxe se enfronta o sector.

Unha posible solución a esta dependencia pódese dar coa construción da Cidade da Imaxe, que se prevé porá á disposición das produtoras unha serie de infraestruturas técnicas e de equipos humanos orientados a aumentar o seu nivel de competencia, as súas posibilidades de comercialización exterior e a atracción de novo negocio a Galicia. Segundo o citado informe realizado por GAP a petición do Clúster do Audiovisual Galego, O proxecto da Cidade da Imaxe está pensado para Santiago de Compostela, nunha superficie de medio millón de metros cadrados na zona que ocupan as actuais instalacións das televisións públicas (TVG e TVE-G). Ademais desta superficie, haberá contar coa capacidade de dispor dos elementos distintivos e de especialización que posibiliten «facela atractiva fronte a outras alternativas de espazos audiovisuais nacionais ou estranxeiros» (Sánchez Izquierdo, 2004: 52).

Se viramos de novo cara ao sector da televisión, atopamos 32 empresas que no 2001 focalizaban a súa actividade profesional a este medio. Aparecen agora, ademais da TVG, a operadora galega de cable R –que a 31 de decembro dese ano contaba con 18 000 clientes – e tamén as televisións locais que, segundo os datos de Sánchez Izquierdo, son arredor de 30 empresas «cuns ingresos de explotación de 3 millóns de euros e uns resultados negativos».

Con todo, é a TVG a que máis está a apoiar a produción audiovisual en Galicia, ben adquirindo dereitos de emisión en galego de series e telefilmes ou ben actuando como coprodutora. Ademais, «promove e facilita a negociación entre produtoras galegas,

andaluzas e catalás para que realicen telefilmes para a Federación de Organismos de Radio e Televisión Autonómicos (FORTA)» (Sánchez Izquierdo, 2004: 56). De feito, a comezos do ano 2002, a CRTVG anunciaba a posta en marcha dun plano de apoio ao audiovisual para o período 2002-2007, no que haberían investir arredor de 100 millóns de euros.

No tocante á distribución, Sánchez Izquierdo destaca tan só o traballo de catro empresas que facturan arredor de nove millóns de euros. No caso da publicidade, pola súa banda, o número de empresas galegas ascende a 37, e o seu volume de facturación supera os 6 millóns de euros.

3.3.1. O audiovisual no organigrama da Xunta de Galicia

A Lei do Audiovisual de Galicia (Lei 6/1999) considera o sector audiovisual galego como estratéxico e prioritario. No artigo 2.a desta lei establécese que é o Consello da Xunta de Galicia o que debe definir «a política xeral da Xunta de Galicia no campo do audiovisual (...) a proposta da Consellería de Cultura». Ademais, tal e como se recolle en *Audiovisual Galego 2003*, neste mesmo artigo encoméndaselle «a coordinación das actividades dos órganos competentes no audiovisual cos restantes departamentos da Xunta de Galicia para conseguir que as industrias do sector aproveiten ao máximo as distintas liñas de promoción que xestiona a Xunta (...) que dará sentido e coherencia a todas as actuacións realizadas en materias tan dispares como produción, financiamento, formación, creación de emprego, etc.» (Varela Ramos *et al.*, 2003: 152)

Deste xeito, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo deberá coordinar as actividades dos seguintes departamentos, para contribuír ao desenvolvemento do sector audiovisual galego:

- A Compañía da Radio Televisión de Galicia, grazas ao seu labor de coprodución e de apoio financeiro ás producións galegas.
- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística, no apoio ao fomento da lingua galega nas producións audiovisuais.

- A Consellería de Economía e Facenda, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), que establece sistemas de créditos e liñas de apoio financeiro para favorecer as condicións de produción.
- A Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, a través da formación e da promoción do emprego das especialidades do sector máis demandadas en Galicia.
- A Consellería de Innovación, de Industria e Comercio, a través de planos de promoción e comercialización do produto audiovisual galego no exterior.

O pulo institucional procedería, xa que logo, do esforzo agregado dos distintos departamentos:

Así, tanto dende a Consellería de Innovación, Industria e Comercio, a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, Consellería de Economía e Facenda, a través do IGAPE, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e mesmo da CRTVG, véñense contribuíndo ao financiamento do audiovisual nas súas diferentes vertentes de formación, innovación tecnolóxica, coprodución, etc. Estas actuacións véñense sumar ás que están postas en marcha dende a Consellería de Cultura, co obxectivo de establecer as mellores condicións para os produtos audiovisuais e favorecer o fortalecemento e a consolidación do audiovisual en Galicia. Os datos apuntan a que estas accións están creando no sector unha dinámica de crecemento e expansión. (Varela Ramos *et al.*, 2003: 160)

3.3.1.1. Dirección Xeral de Comunicación e Audiovisual

A través da Dirección Xeral de Comunicación e Audiovisual, a Xunta de Galicia desenvolve o groso da súa estratexia de promoción do audiovisual galego. Deste xeito, apóiase a realización de eventos e actividades que contribúan ao fornecemento do sector, a través de convenios con institucións e concellos (Xociviga, Semana Internacional de Cine de Betanzos, Semana do Cine de Autor de Lugo...) e, especialmente, a través do apoio ás estreas das producións audiovisuais das empresas galegas.

Destaca especialmente o convenio existente entre a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e o Consorcio do Festival de Cine Independente de

Ourense, un certame que está a acadar cada ano unha maior presenza no sector da produción independente no ámbito nacional e internacional.

A Dirección Xeral de Comunicación e Audiovisual tamén se encarga de xestionar unha serie de axudas a modo de subvencións a fondo perdido, destinadas a apoiar as distintas fases do desenvolvemento dun produto audiovisual.

Así subvenciónanse:

- Desenvolvemento de proxectos nas categorías de multimedia, *tv movies*, series de televisión, longametraxes e documentais.
- Produción de proxectos nas categorías de multimedia, *tv movies*, series de televisión, longametraxes, documentais e curtametraxes.
- Novos realizadores nas categorías de multimedia, curtametraxes e vídeo creación.
- Guionistas.

O informe *Audiovisual Galego 2003* entende que estas axudas da administración ao sector audiovisual foron o elemento clave para o desenvolvemento da industria audiovisual en Galicia, tanto en termos de crecemento económico e de creación de emprego como de desenvolvemento cultural e da diversidade. Así e todo, a Xunta indica que aspira a que cada vez máis as empresas galegas sexan capaces de prescindir das subvencións públicas ou cando menos de depender menos delas. Tamén no plano estratéxico do sector 2002-2005 elaborado pola Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI) propónse que –chegado a un momento de madurez– esas liñas de apoio por parte da Xunta actúen a modo de estrutura, de cimento, que lle permita ao sector avanzar por si mesmo e prescindir «das muletas administrativas, competindo nos mercados en condicións de calidade e de prezo competitivo»²⁷.

Margarita Ledo analiza tamén o sistema de concesión de axudas institucionais que, ao seu ver, están excesivamente centradas no calendario televisivo, o que repercute negativamente na calidade dos produtos subvencionados. «Unha subvención que se concede na primavera esixe o produto, listo para o consumo, no outono seguinte. Nin a maquinaria Hollywood resistiría ese frenesí» (Ledo, 2002: 75).

²⁷ Tirado do sitio en Internet da asociación (<http://www.agapi.org>).

3.3.1.2. Centro Galego de Artes da Imaxe

O 15 de marzo de 1991 inaugúrase o Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI), creado por decreto 210/1989, do 5 de outubro, da Xunta de Galicia. Trátase dun organismo dedicado á «conservación, documentación e difusión da imaxe en todos os sentidos, e depende organicamente da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, da Xunta de Galicia»²⁸.

As súas funcións son as seguintes²⁹:

- A recuperación, catalogación, custodia e difusión das producións e obras do patrimonio audiovisual e fotográfico galego.
- A programación de proxeccións, exposicións, conferencias, publicacións, etc., co fin de proporcionar un maior coñecemento das artes da imaxe.
- A colaboración, cos obxectivos anteriores, en actuacións en Galicia e no exterior.
- A participación na promoción da produción audiovisual galega en mercados, mostras e festivais.

O CGAI ofrece servizos relacionados co préstamo – conta cun fondo en VHS de todas as producións audiovisuais contemporáneas das que a Consellería ten os dereitos de difusión cultural, ou daquelas películas recuperadas polo propio CGAI – co arquivo, coa investigación, coa formación, coa edición ou coa programación de ciclos cinematográficos e de exposicións fotográficas. Segundo se recolle en *Audiovisual Galego 2003*, mantén na súa sala unha programación cinematográfica estable, que lle presta especial atención a «cinematografías contemporáneas que se atopan fóra dos circuítos normais de exhibición e, especificamente, ao audiovisual galego, con ciclos de carácter histórico ou ben presentando a maior parte da produción anual» (Varela Ramos *et al.*, 2003: 170).

²⁸ Tirado do sitio en Internet do centro (<http://www.cgai.org>).

²⁹ Ibidem.

3.3.1.3. Consorcio Audiovisual de Galicia

O 21 de novembro de 2002 nace o Consorcio Audiovisual de Galicia, no que toman parte a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a Consellería de Economía e Facenda, a Compañía de Radio Televisión de Galicia e as catro deputacións provinciais. A súa presenza ten unha vontade de servizo ao sector audiovisual galego, de xeito que haberá impulsar o desenvolvemento e «a integración competitiva [desta industria] no sector nacional e internacional»³⁰.

A creación do Consorcio Audiovisual de Galicia está prevista na propia Lei 6/1999 do 1 de setembro do Audiovisual Galego, aprobada por unanimidade no Parlamento. No seu artigo 9 impulsa as administracións e as institucións e entidades que estean interesadas, á constitución dun Consorcio que contribúa «á potenciación institucional das accións tendentes ao desenvolvemento do sector audiovisual en Galicia». O consenso parlamentario subliñaba ademais da importancia cultural, o potencial volume de negocio así coma de emprego directo e indirecto. O Consorcio constitúese, pois, segundo os seus estatutos, como unha entidade de dereito público e carácter interadministrativo, con patrimonio e personalidade xurídica propia, co fin primordial de contribuír ao desenvolvemento e á consolidación do sector audiovisual en Galicia.

Coa creación do Consorcio Audiovisual de Galicia introdúcese outra novidade e outro elo no avance e na consolidación da produción audiovisual na comunidade: a Galicia Film Commission, unha oficina de promoción de rodaxes que se menciona no artigo 18 dos estatutos do Consorcio. Trátase dunha entidade administrativa do propio Consorcio Audiovisual de Galicia, que ten a finalidade principal de «desenvolver as funcións relativas a fomentar e facilitar a rodaxe de obras audiovisuais na Comunidade Autónoma de Galicia»³¹, a fin de que esta se converta en «unha das comunidades autónomas con maior potencial para atraer producións nacionais e internacionais» (Varela Ramos *et al.*, 2003: 156-157).

³⁰ Tirado do sitio en Internet do organismo (<http://www.consorcioaudiovisualdeg Galicia.org>).

³¹ Ibidem.

3.3.2. Asociacións do sector audiovisual

3.3.2.1. O binomio AGAPI – AEGA

A Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI) constitúese o 19 de decembro de 1994, inicialmente só con sete asociados, que agora xa se converteron en 37 socios. A AGAPI engádeselle a Asociación de Empresas Galega do Audiovisual (AEGA) a mediados de 2001, e presidida por Ramón Domínguez. AEGA agrupa nove produtoras, que na súa maioría aparecen ligadas aos grandes medios de comunicación.

- CTV, S.A.
- Adivina Producciones, S.L.
- Portozás Visión, S.L.
- TV Siete Productora de Video, S.L.
- Lugo Press, S.L.
- La Región, S.A.
- NTR Telefábrica, S.A. (Grupo Voz)
- Unión de Televisiones Gallegas, S.L.
- Grupo Correo Gallego

Entre estas dúas asociacións do sector houbo dende o primeiro momento un conflito de intereses, posto que partían de concepcións diferentes do modelo de empresa audiovisual e os obxectivos profesionais distaban moito entre si. Dunha banda están as pequenas produtoras independentes e da outra as grandes produtoras, xeralmente xurdivas arredor dos grupos de comunicación como La Región, Grupo Voz ou Correo Gallego. Coa aparición de organizacións como a Academia Galega do Audiovisual, o Consorcio Audiovisual de Galicia ou o Clúster do Audiovisual Galego, no que participan indistintamente as produtoras das súas asociacións, este choque de intereses inicial non afecta ao desenvolvemento do sector audiovisual galego.

3.3.2.2. Academia Galega do Audiovisual

O 30 de maio de 2002 ponse en marcha a Academia Galega do Audiovisual, coa pretensión de se converter nun espazo común de converxencia de todos os profesionais do sector en Galicia. En *Audiovisual Galego 2003* defínese como «o organismo profesional que quizais sexa máis representativo do audiovisual galego» (Varela Ramos *et al.*, 2003: 156).

A creación da Academia vese apoiada por 110 profesionais do sector que se unen para impulsar a promoción do sector audiovisual galego e analizar a situación da industria. A súa misión fundamental ha ser «desenvolver, identificar e promover as necesidades de todos os profesionais que conversemos no panorama audiovisual galego en todas as súas vertentes: académica, creativa, industrial, técnica, artística, cultural e mesmo científica, promovendo o recoñecemento social e profesional de todos os membros e auspiciando a normal participación de todos no seu seo»³².

3.3.2.3. Clúster do Audiovisual Galego

O Clúster do Audiovisual Galego constitúese o 25 de febreiro de 2003, como resposta a unha necesidade explícita da propia industria audiovisual. O daquela presidente de AGAPI, Valentín Carrera, explicaba a conveniencia de integrar as distintas fases de produción nunha mesma asociación. «O audiovisual quere ter o seu propio clúster como teñen outros sectores produtivos (...) Hai produtores, distribuidores, exhibidores, industria auxiliar, decoradores, escenógrafos, provedores... a liña horizontal de produción do sector»³³.

O Clúster do Audiovisual Galego, que persegue a potenciación do sector audiovisual galego no mercado nacional e no internacional, favorecendo a cooperación entre empresas, xorde nun momento propicio para o desenvolvemento do sector. Dunha

³² Tirado do sitio en Internet da Academia (<http://www.academiagalegadoaudiovisual.org>).

³³ Tirado de <http://www.agapi.org>

banda, a estrutura normativa creada dende a administración autonómica – coa Lei do Audiovisual Galego que recolle figuras como o Consorcio ou o propio Clúster – e da outra, a recente agrupación dos artistas e dos profesionais do sector na Academia Galega do Audiovisual. Restaba, pois, un órgano que integrase as diferentes etapas e inquedanzas que xiran arredor de toda a industria audiovisual galega.

AGAPI considera que a creación do Clúster do Audiovisual Galego é unha iniciativa pioneira en Europa e decisiva para a consolidación da industria en Galicia. Unha das últimas iniciativas da directiva do Clúster – encabezada por Julio Fernández, presidente de Filmax – é a creación dun centro de ideas no que se van reunir os proxectos das produtoras asociadas, de xeito que sirva como un laboratorio de I+D para todo o sector. A este proxecto súmaselle o de crear un club de produción que se encargará de facilitar as alianzas entre as empresas asociadas ao Clúster, que xa representan o 80% da industria audiovisual en Galicia. Deste xeito, as pequenas empresas do sector galego poderían compartir equipos e infraestruturas, reducir custos e maximizar os beneficios. Valentín Carrera entende que «un dos problemas máis graves é o tamaño das empresas, que son mini-mini-empresas; un feito que nos obriga a agrupar para ser competitivos e madurar xuntos como sector»³⁴.

3.3.2.4. Outras

Existen outras asociacións máis especializadas de profesionais do sector audiovisual galego que velan polos intereses concretos dos seus asociados, que organizan as súas propias actividades en función das súas necesidades, ademais de colaborar coas outras asociacións máis xenéricas para o desenvolvemento da industria audiovisual en Galicia.

- Asociación Galega de Guionistas (AGAG). Reúne os guionistas galegos de cine, vídeo e televisión. A finalidade principal desta asociación é servir de punto de encontro entre os profesionais do guión de Galicia e destes cos doutras comunidades e países, defender os intereses dos guionistas, asesoralos, facer circular información útil a este respecto e organizar actividades relacionadas coa

³⁴ Tirado de <http://www.agapi.org>

profesión dos guionistas. O seu presidente ao remate deste informe era Xosé Henrique Rivadulla Corcón.

- Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia (AADTEG). Segundo a definición que aparecen na súa páxina web, trátase dunha entidade con personalidade xurídica propia que actúa como organismo autoxestor e autónomo agrupando actores, directores e técnicos de escena de Galicia. A AADTEG, que está presidida polo actor Cándido Pazó e conta con 235 socios, encárgase de organizar os Premios de Teatro María Casares. Os seus obxectivos fundamentais son agrupar estes tres colectivos profesionais pola defensa dos seus intereses; a captación de traballo para os asociados; e o asesoramento e a xestión aos seus asociados mediante as accións xurídicas necesarias de todas aquelas cuestións de traballo cooperativo, social, fiscal, sobre a propia imaxe ou sobre calquera outra cuestión relacionada coa profesión do asociado. No tocante a aspectos laborais, a asociación ha colaborar cos sindicatos.
- Actores Intérpretes Sociedad de Gestión (AISGE). AISGE é unha asociación sen ánimo de lucro autorizada para actuar como unha entidade de xestión colectiva dos dereitos de propiedade intelectual dos artistas do sector audiovisual. Trátase dunha entidade que leva funcionando a nivel estatal dende o ano 1990. En maio do 2004 inaugurou as súas instalacións en Galicia, onde a delegada é a actriz Isabel Blanco.
- Asociación de Directores e Realizadores de Galicia (CREA). O seu presidente é o director Carlos Amil.

4. A LINGUA GALEGA NA TELEVISIÓN

4.1. Introducción

Mentira parece que tanto diario como sai á luz todol-os días en Galicia non haxa ningún que defenda a terra en gallego, é que teña ún que contentarse solamentes con dous semanarios escritos no propio linguaxe.

Bueno, pois xa que non se poida conseguir pol-o d'agora que a mayor parte d'os pródicos que se pubrican en Galicia s'escriban todos en gallego, ô menos valerse algo d'eles e convirse todos ou casi todos en publicar unha d'as seuciós sempre en gallego. Que esta seución fose, poño por caso, a que publica as noticias d'a localidá, e co-eso teríamos despois a seución toda de noticias gallegas escrita n-a nosa fala.

O periodista desempeñaría d'esta maneira unha d'as principás misións que lle impon o seu nobre cargo y-a prensa faríalle un servizo á terra gallega, que nunca se podería estimar bastante, porque o principal monumento que un pobo pode levantar, é a rexeneración verdadeira d'o seu linguaxe, y-a proba mais concruyente de que se cobiza con gusto é que sostén con teson o que un afamado escritor lle chamou a bandeira da pátreia (en Hermida Gulías, 1990: 597).

Este texto, tirado do *Tío Marcos d'a Portela* de 1888, a primeira publicación periódica en galego, parece de plena actualidade, non só pola preocupación pola situación da lingua que amosa o seu autor, senón tamén pola consciencia da importancia dos medios de comunicación – a prensa, no seu tempo – no labor de normalización da mesma. Se ben no tempo en que escribe Manoel de Lence³⁵ non existían radio e televisión autonómicas, vemos como persisten na actualidade as preocupacións que expresa en «Fora vergonza». Probablemente Manoel de Lence non atoparía motivos para modificar a súa mensaxe a día de hoxe, logo de botar unha ollada ao galego que se fala nos medios orais en Galicia – nomeadamente a televisión-, á vaguidade da lexislación e das normativas lingüísticas aplicadas, ou á actitude fronte ao idioma tanto dos profesionais coma dos receptores.

³⁵ Probable pseudónimo de Valentín Lamas Carvajal, pai da publicación, segundo sinala Carme Hermida no texto do que foi recollido este extracto (Hermida Gulías, 1990: 595-597).

4.2. Obxecto de estudo

O debate sobre o uso da lingua galega circunscríbese na actualidade ao ámbito das canles públicas, TVE en Galicia e TVG, e ao de casos illados de televisións locais que emiten parcialmente nesta lingua. A canle privada Antena 3 (igual sucedía no caso de Telecinco cando emitía para Galicia), malia contar con desconexións «rexionais», non ten como lingua o galego, que só aparece, de maneira fortuíta, en declaracións de xente da rúa. Neste sentido, son moi elocuentes as palabras de Antón L. Dobao, cando suxire que «as televisións privadas van responder ás regras dun mercado que nace, vive, crece e morre en castelán» (López Dobao, 1990: 247-259). En concreto, segundo datos de Arturo Maneiro (1993), en 1993 o 84'5% das horas de emisión de televisión en Galicia estaban en castelán, mentres que o restante 15'5% se programaba en galego. Coa chegada das chamadas plataformas dixitais, esta proporción faise aínda máis descompensada, xa que toda a programación tende a emitirse en castelán.

O uso do galego na televisión, xa que logo, está en relación coa lexislación vixente en materia lingüística e constitúe un tema fundamental e conflitivo na historia do medio.

4.3. Lexislación sobre o uso do galego na televisión

Os medios de comunicación social constitúen, en abstracto, un espazo privilexiado para a normalización da lingua pola súa gran penetración social. No entanto, nunha situación de conflito lingüístico, son tamén un eco do mesmo, de xeito que, como indica Xosé Luís Regueira, «a televisión non é nin mellor nin peor que o resto da sociedade. É un medio. E os que se expresan a través da televisión son as persoas que hai na sociedade»³⁶. Deste xeito, a lexislación vixente ocúpase en concreto deste tema en varias das súas cláusulas.

Así, no artigo 18 da Lei de Normalización Lingüística (1983) dise o seguinte: «O galego será a lingua **usual** nas emisoras de radio e televisión e nos demais medios de

³⁶ No debate «A Televisión de Galicia e a lingua», en F. Seoane Pérez (coord.), *Televisión de Galicia: Balance de 15 anos* (Santiago de Compostela, Facultade de Ciencias da Comunicación, Universidade de Santiago de Compostela, 2003, p. 65).

comunicación social sometidos a xestión ou competencia das Institucións da Comunidade Autónoma».

Nos Principios Xerais de Programación da TVG (1985) lemos:

Especial papel correspóndelle á TVG e á Radiotelevisión á hora de contribuír á normalización da lingua galega e á difusión da cultura propia de Galicia. É indubidable a influencia que a televisión e a radio poden e deben exercer de cara á difusión eficaz das vixentes normas lingüísticas que faciliten, de maneira cada vez máis normal e polo uso repetido, o dominio do idioma galego. En moitas ocasións, a simple exposición oral da linguaxe correcta servirá para ir fomentando o seu uso adecuado entre os usuarios da radio e a televisión.

O uso natural dun idioma nos medios de comunicación amósalle ao cidadán as vantaxes e aínda a necesidade de falar a lingua materna con propiedade. O exemplo dos que a falan para lle comunicar aos demais o acontecer diario **crea a sensación real** de que a lingua materna – cando, coma no caso da galega, foi menosprezada aínda que non esquecida – é vehículo normal de expresión e comunicación e **segue a ser útil para comunicar tanto os sinxelos acontecementos de cada día coma os conceptos máis complexos**.

Se importante é a tarefa de manter unha lingua na súa autenticidade viva, de forma que non soamente sexa útil, senón que siga conservando a beleza e toda a súa riqueza de contido, non o é menos o vehículo polo que se canalice a urxente tarefa de lle devolver a un idioma o seu carácter xenuíno de medio correcto de expresión e comunicación.

No labor de devolver a Galicia o posto que lle corresponde no concerto nacional dos pobos que constitúen España, a Radio e a TV de Galicia secundan a tarefa de normalización da lingua, difusión da propia cultura e defensa do patrimonio artístico e histórico do país.

No seo da propia TVG atopamos alusións ao uso da lingua nas propostas negociadas pola representación sindical e fixadas no Convenio Colectivo de 1989:

a.- Actualmente é obrigatorio, para quen opte a calquera posto de traballo fixo ou temporal, demostrar o dominio oral e escrito do idioma galego. Esta obrigabilidade, fixada en convenio colectivo e desenvolvida na Comisión Paritaria de Vixilancia e Interpretación para a pasada convocatoria de concurso-oposición público, converte a proba lingüística – estipulada tamén no convenio – en eliminatoria para aquelas categorías profesionais que, dunha maneira ou doutra, manteñen unha relación directa co público. Así mesmo, reconécese a presenza, como membro de pleno dereito de todos os tribunais, un catedrático ou doutor en filoloxía galega.

b.- As relacións internas e externas da CRTVG e das súas sociedades, RTG e TVG no tocante ao emprego do idioma, débense establecer nun Regulamento interno sobre o uso do galego. A elaboración deste regulamento está pactada tamén no convenio de 1989, na disposición adicional terceira. Polo de agora, esta disposición segue incumprida (López Dobao, 1993: 39).

Manuel Portas, en *Lingua e sociedade na Galiza* (1997), lembra o contido do Título IV da propia Lei de Normalización Lingüística, referido ao emprego do galego nos medios de comunicación, no que se «estipula o uso normalizado do idioma na radio, televisión e en calquera outro medio de comunicación de titularidade pública». Ademais, o goberno galego «está comprometido a apoiar económica e materialmente as entidades privadas da área de comunicación que empreguen o galego dun xeito habitual e progresivo (...), a fomentar a produción, a dobraxe, a subtitulación e a exhibición de películas e outros medios audiovisuais en lingua galega, así como a estimular todo tipo de espectáculos feitos en galego» (Portas, 1997: 239).

4.4. O caso da lingua en TVE-G

A delegación da Televisión Española en Galicia botou a andar no ano 1971, da man do programa *Panorama de Galicia*, unha emisión na que os galegos puideron escoitar por vez primeira a súa lingua neste medio. A partir dese momento a programación do ente estatal para a comunidade foi alternando emisións en castelán e galego, sobre todo a medida que se foron ampliando as horas de desconexión rexional.

O Centro Territorial de TVE-G dedicaba un espazo marxinal a programas en galego. Estes espazos emitíanse sempre arredor das 13 e as 15 horas de luns a venres. Nas fins de semana non existía ningún programa nin informacións propias de Galicia. Nas publicacións oficiais de RTVE – Anuario de RTVE– os responsables deste organismo consideran que as necesidades de promoción da cultura galega estaban perfectamente cubertas con esta oferta de TVE-Galicia (Maneiro Vila, 1989: 65).

Nos anos 90 houbo un lingüista, Alberte González Montañés, pero fontes da redacción aseguran que non hai ningún facendo ese traballo na actualidade, para o que os redactores non dispoñen sequer de dicionarios. Quere isto dicir que toda a

responsabilidade recae nos xornalistas, e na súa vontade para escribir e locutar con corrección.

Na actualidade a TVE-G emite en galego a maioría dos programas de produción propia (agás *Desde Galicia para el mundo* e algún programa especial destinado a ser emitido polo Canal Internacional). Emítense en galego as dúas edicións do *Informativo*; os espazos infantís e o programa deportivo *Segunda División B*, ademais dos programas *Panorama de Galicia*, *Parlamento de Galicia*, *Mercuria*, *Ao pé da letra* e *Kinoki*, emitidos nos seráns.

4.5. O caso da lingua na TVG

A profesora Noia Campos distingue as seguintes categorías de programas da TVG segundo o uso da lingua:

1.- Telexornais e programas culturais gravados previamente á súa emisión, que están sometidos a un certo control normativo por parte dun equipo de licenciados en filoloxía galega, preocupados polo respecto á norma oficial; 2.- as películas dobradas, onde, cada vez máis, actúan correctores lingüísticos sobre os guións escritos, que os dobradores se limitan a ler, sen reproducir, en moitas ocasións, os matices propios da oralidade tan ausentes na comunicación escrita, e 3.- os programas en directo (concursos, variedades e musicais) onde toda a responsabilidade lingüística recae sobre os presentadores e a competencia lingüística do entrevistado (en Maneiro Vila, 1993: 16).

Seguimos unha clasificación moi semellante, na que temos en conta, ademais, a ficción xa rodada en galego, que ten particularidades respecto do resto da produción emitida pola canle.

4.5.1. Informativos

Os informativos son, nas canles xeralistas, un dos elementos distintivos do estilo da mesma. No caso da TVG, os espazos ocupan arredor dun 20% do total da programación, sinal inequívoco de que constitúen unha parte importante da oferta, que vai, ademais, en *prime time*, e, polo tanto, resulta necesario un control exhaustivo sobre a produción.

O Consello Asesor de RTVE-Galicia, que estende tamén as súas funcións á CRTVG ante a ausencia dun consello propio do ente autonómico, fixo en marzo de 1992 unha avaliación do galego que se empregaba nos distintos xéneros da TVG. As observacións para a información son as seguintes:

Informativos: son os que mellor tratan a linguaxe aínda que persisten lagoas sobre todo na fonética. Estas eivas fonéticas aconsellarían primar a locutores/as galego falantes ou promover cursos específicos.

Información deportiva: os espazos deportivos son de capital importancia como instrumento de normalización da nosa lingua, pero esta virtualidade vese substancialmente diminuída pola baixa calidade do idioma empregado. Este aspecto requiriría coidado e esforzo por parte da dirección da TVG (Maneiro Vila, 1993: 49).

O control da lingua faise, normalmente, sobre os textos escritos que os redactores lle teñen que presentar aos lingüistas. Así mesmo, estes solucionan as dúbidas de escrita e pronuncia que poidan ter os redactores e locutores.

4.5.2. Outros xéneros e ficción galega

O resto de programas da TVG, agás para a dobraxe e, en datas máis recentes, as series de ficción propias, están sometidas a un control lingüístico moito menor. Este control é case inexistente, loxicamente, nos programas en directo, nos que terían que darse ordes de maneira simultánea.

Ao longo da historia da TVG houbo numerosos programas que suscitaron polémica, polo mal uso do galego ou, directamente, pola inexistencia do mesmo. Algúns exemplos son *Olé tus vídeos*, un espazo da FORTA no que boa parte do contido estaba en castelán, ou *Agora, agora*, o parladoiro organizado por Marina Castaño con participantes non falantes de galego. Ademais, a presenza de convidados españois «obriga» os presentadores a se pasaren ao castelán, o que provoca unha situación de diglosia moi habitual.

Entre as ideas expostas polo Consello Asesor tamén atopamos alusións negativas aos xéneros non informativos:

Estes programas, incluídos os coproducidos en Galicia, como *Sabor a ti*, son fornecedores da cultura e da lingua castelás a traveso dos personaxes-mito e populares-jet alleos a Galicia. As entrevistas a famosos e a intelectuais foráneos, fanse en castelán ou son diglósicas. Estas actuacións son toda unha mostra de procedementos perturbadores dos fins e obxectivos que a Lei marca para a TVG (Maneiro Vila, 1993: 49),

Con todo, a emisión de series de ficción rodadas en galego supuxo un avance importante para a consideración da lingua na canle. O caso de *Mareas Vivas* (1998) resulta especialmente significativo, xa que se introduciu a variante dialectal da Costa da Morte como un rexistro dramático tan válido coma calquera outro. Como sucedera coas primeiras dobraxes no inicio da televisión galega, a primeira reacción do público foi a de destacar o aspecto cómico da lingua de *Mareas Vivas*, pero na actualidade o seseo e gheada están plenamente asimilados na grella da TVG. Mostra diso é a produción doutras series nas que se fai un esforzo por reproducir as particularidades dialectais de cada zona, como é o caso *Terra de Miranda* ou *Pequeno Hotel*.

En *30 anos de normalización lingüística* (2003), César Caramés analiza dende a CIG o caso de *Mareas Vivas* e conclúe que marcou un antes e un despois tanto na TVG coma nos seus espectadores.. «Grazas á serie de Antón Reixa moitos galegos descubriron que a gheada e o seseo eran características propias da súa lingua e non erros nin vulgarismos. Moitos entenderon que esa lingua “tamén” era válida (...) A gheada xa non aparecía só en personaxes característicos, senón que se empregaba nun programa de televisión con normalidade».

4.5.3. Dobraxa

A emisión de programas de produción externa, sobre todo de xénero dramático, é un dos piares da programación da TVG. A dobraxe é, polo tanto, un dos instrumentos fundamentais na grella. Segundo indica a actriz de dobraxe Charo Pena,

Nos inicios da profesión de dobrador en Galicia, había dúas formas de acceso. Unha, recrutar xente que eran profesionais doutras cousas parecidas: teatro, radio... O certo é que apareceu xente de moitos sitios, coa particularidade de que eran profesionais que nunca tiveran un cuestionamento sobre o idioma. Estou falando de xente que falaba de vez en cando galego na radio e nunca ningún

lles preguntara nin lles dixera se falaban ben ou se falaban mal, así que teño que supoñer que pensaban que falaban ben. Eso, por un lado. E por outro lado, había un acceso libre, que foi o que seguí eu, mediante anuncios, cursiños... Escolleron á xente que mellor lle pareceu. Nas miñas primeiras probas de acceso para dobrar na TVG, había un lingüista que falaba con nós e nos preguntaba cousas. A partir de aí, empezamos a dobrar, uns nunhas empresas, outros noutras... Había naquel momento moitísima dobraxe na Televisión de Galicia, a esgalla, non se daba feito o traballo... Eran turnos inacabables, de tarde e de noite. Así foi evolucionando a cousa, pouquiño a pouco, e non había ningún control lingüístico, que eu saiba³⁷.

Segundo Pena, dende este primeiro momento, xeráronse dúas actitudes entre os profesionais do sector; dunha banda, algúns dobradores entendían que o galego máis correcto era o máis semellante ao castelán, mentres que outros optaron por formarse na lingua galega oral. A análise de Caramés, con todo, ofrece unha lectura máis prometedora no tocante á preocupación pola lingua, ao apuntar que se percibe «unha maior preocupación na fonética da dobraxe e da locución en xeral, unha maior naturalidade para que a lingua destes medios públicos se pareza máis á oralidade real da maioría da poboación deste país» (Caramés, 2003).

4.5.4. Publicidade

O caso da publicidade emitida pola Televisión de Galicia é un dos casos en que máis polémica se suscitou, derivada das distintas lecturas dadas a unha lei ambigua. A idea de «lingua usual» da Lei de normalización lingüística foi o argumento esgrimido polo director xeral da CRTVG como resposta a un escrito no que se amosaba certa preocupación expresada ao comité de empresa perante a emisión de anuncios en castelán: «Da redacción deste artigo (...) non se desprende prohibición ningunha para que poida ser empregado calquera outro idioma, xa que se fala de “lingua usual” pero non obrigatoria ou única» (López Dobao, 1993: 36).

³⁷ No debate «A Televisión de Galicia e a lingua», en F. Seoane Pérez (coord.) (2003); *Televisión de Galicia: Balance de 15 anos*, Santiago de Compostela, Facultade de Ciencias da Comunicación, Universidade de Santiago de Compostela, p. 70.

O concepto de «lingua usual» non obsta, así e todo, para que algunhas empresas internacionais, como Danone ou Citröen, e galegas se interesaran pola dobraxe dos seus *spots* ao galego.

En 1997, Manuel Portas puña de manifesto que a Lei de normalización lingüística non se cumpría nunha porcentaxe moi alta, sinalando que, malia que o galego é o idioma da Radio Galega e da TVG, «o español aparece nunha parte importante da publicidade» e mais «nalgúns programas en que case sempre os convidados son de fóra do país» (Portas, 1997: 241). Uns anos máis tarde, Xaime Fandiño e Alberto Pena analizan a emisión de publicidade na Televisión de Galicia e recoñecen que, malia que a lingua galega se emprega nos anuncios producidos por marcas galegas, hai moi poucas firmas de carácter estatal que sexan sensibles a realizar unha produción específica en galego. Ademais, «cando as grandes firmas cambian o anuncio publicitario ao noso idioma, na maioría dos casos esta adaptación vén realizada directamente dende Madrid» (Fandiño e Pena, 2002: 95). A respecto dos usos na publicidade, Portas denunciaba o seguinte: «Dáse o caso curioso de que moitas empresas que patrocinan programas en galego na TVG emiten nos intermedios os seus *spots* publicitarios en español» (Portas, 1997: 199).

4.5.5. Locutores e demais emisores en lingua galega

No mesmo sentido ca Fandiño e Pena, Manuel Portas introduce un problema parello ao uso dos medios na televisión que tamén ten causado polémica: a calidade da lingua empregada polos profesionais da TVG. «Un número importante de presentadores e dobradores falan en galego cunha fonética cargada de trazos propios do español, resultando unha lingua que soa a raro aos oídos dos televidentes» (Portas, 1997: 198).

No debate «A Televisión de Galicia e a lingua», no marco do ciclo de debates *Televisión de Galicia: Balance de 15 anos*, celebrado na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, Xosé Luís Regueira, profesor de lingua galega na nomeada universidade, di dos locutores:

¿De onde proceden a maior parte dos profesionais que utilizan o galego neses medios? Basicamente, son xente das clases medias urbanas, que na súa maioría xa non teñen o galego como lingua propia, como lingua primeira ou materna. Algúns deles pasáronse ao galego, cando está o micrófono diante –

pero, bah, non lles parece mal – e outros que lles parece mal, pero a nómina é a nómina. Bieito Iglesias falaba hai pouco en *Tempos Novos* que a política social dos últimos tempos do franquismo tivo a virtude de incrustar certos chapóns das clases baixas na clase media. Ben, usando un pouco a expresión esa, tamén hai algún chapón de clase baixa incrustado aí, pero son os menos. Entón, o que sucede na televisión con respecto á lingua, é o que sucede nos outros lados. (...) Claro, teñen os seus intereses de grupo, as súas estratexias persoais (...). Hai tamén estratexias de clase, aínda que a palabra non estea de moda. E aí saen estas contradicións entre que, por exemplo, lembro cando empezamos a facer uns pequenos cursos de formación para presentadores e demais, unha xornalista da televisión, comentoulle a un dos profesores: «¿Non pretenderán que falemos esa *paletada* que fala a rapaza de *A Repanocha*? » *A Repanocha* era un programa de chistes, e había unha presentadora que era Isabel Blanco. A min chocoume porque foi a primeira vez que vin na televisión a unha presentadora que tiña mellor galego cá maioría dos asistentes ao programa (en Seoane Pérez (coord.), 2003: 57-78).

Logo dos seus primeiros seis anos como asesor lingüístico na TVG, X. Antón L. Dobao indicaba:

Unha observación atenta da realidade diaria achéganos a unha situación que xa se foi facendo do dominio público. Se ben as actitudes dos profesionais non son negativas, o uso da lingua de traballo por parte destes é escaso. A lingua galega, na TVG, posúe un status de *lingua de relación* para determinadas funcións. A lingua de instalación profesional é, na maioría dos casos, o castelán. (...) Por unha banda, a maioría das relacións dos profesionais co público, cando este contacto se establece, son en castelán. Este feito pode ter incidencia sobre o proceso de recuperación do prestixio social do idioma. O feito de ser profesional da TVG pode ter unha consideración social importante. (...)

As relacións xerárquicas tamén se producen maioritariamente en castelán. Se establecemos unha relación entre o uso do galego como lingua de instalación profesional e a táboa de niveis salariais segundo categorías profesionais –e, polo tanto, segundo responsabilidades profesionais no produto acabado – observariamos que, a medida que ascendemos na táboa salarial, descendemos no emprego do idioma e viceversa. (...)

Nunha situación distinta atopamos as relacións formais, tanto as horizontais como as xerárquicas. A lingua normal nas comunicacións profesionais formais, e mesmo en calquera tipo de comunicación non oral, é o galego. Falamos de notas interiores, de partes de incidencias, de calquera comunicación escrita, das redaccións dos convenios colectivos e de distintas normas laborais, de comunicacións entre a dirección da TVG e os traballadores, de comunicacións das representacións sindicais, etc. (López Dobao, 1993: 32-34).

Xavier Alcalá, pola súa banda, considera que unha das tarefas fundamentais de mellora da lingua na TVG ten que ver coa necesidade dun cambio de actitude entre os locutores:

(...) cómprelles vencer o complexo de inferioridade fonética: os locutores teñen que mudar de fala. Non deben seguir imitando o castelán dos «tíos guais» dos micros madrileñasas salvo, in extremis, cando o fonema galego non coincide co da Lingua do Imperio. Pola contra, deben pronunciar o seu discurso á galega, con acento e prosodia galegos, galegamente (malia a política de bilingüismo agónico que no bacharelato os fixo desertar até da pronuncia galega) (Alcalá, 2002).

No informe do Consello da Cultura Galega titulado *Condicións laborais e actitudes profesionais nos medios de comunicación* vértense datos sobre as características sociolingüísticas dos xornalistas televisivos, tiradas de cuestionarios cubertos polos propios profesionais do sector: «Un 74'2% das mulleres que traballan na televisión falan habitualmente en galego, fronte ao 40% dos homes. Por grupos de idade, volven ser os que teñen entre 41 e 50 anos os que falan con maior frecuencia o galego, cunha cota do 70%. Na empresa pública fala habitualmente galego un 62'7% dos xornalistas, fronte ao 30% dos soportes privados» (López García, Tüñez (dirs.), 2000: 129).

Así mesmo, os xornalistas manifestan ter un nivel de coñecemento do galego moi bo, dato que contribúe para que o uso da lingua sexa máis habitual e efectivo.

Pódese dicir, en palabras do profesor Alonso Montero, que o galego non é, polo xeral, a *lingua de instalación* dos locutores e profesionais da televisión en Galicia, de xeito que o seu uso límitase ás actividades que transcorren diante da cámara. Este uso limitado da lingua defíneo Alonso Montero como *litúrxico*: «lingua litúrxica e lingua de plató son comportamentos idiomáticos, no escenario galego, que levaría ao menos esixente dos comunicólogos a teorizar sobre o histrionismo profesional, sobre a insinceridade, sobre a inautenticidade» (Alonso Montero, 1989: 9).

4.5.6. Cuestións de formación. A contratación e a lingua como criterio

Segundo indica Johannes Kabatek, o uso do galego nos medios de comunicación veuse moi condicionado pola carencia de «centros de formación de xornalistas, estudos de dobraxe e sobre todo persoas con facultades periodísticas e á vez competencia abundosa en galego. Isto levou a que se lles dera emprego moitas veces a xornalistas ou locutores con coñecementos lamentables de galego ou que se dobrasen películas en Madrid ou en Barcelona» (Kabatek, 2000: 112).

A Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago de Compostela veu paliar, cando menos formalmente, a inexistencia da posibilidade de formación de xornalistas co galego como instrumento fundamental de traballo. Nela impártense dúas materias de lingua: lingua galega escrita (opcional) e lingua galega oral, tendo esta última un peso importante no plano de estudos. Esta condición, con todo, non obsta para que sigan incorporándose en TVE e TVG, como bolseiros ou contratados, licenciados doutras universidades do Estado que, evidentemente, non dispuxeron destas materias para mellorar o seu dominio da lingua. Doutra parte e dentro xa do propio medio de comunicación, a TVG³⁸, impartíronse cursiños de lingua para mellorar a capacidade dos locutores.

O Consello Asesor dos entes públicos en Galicia solicitaba en 1992 un «control lingüístico máis estrito dos programas de variedades e deportivos, non só coa pertinente supervisión, senón coa montaxe de cursiños e xornadas de aprendizaxe e perfeccionamento, sobre todo no que se refire á expresión oral e á fonética galega» (Maneiro Vila, 1993: 49)

Con todo, para técnicos como Antón Dobao «a experiencia demostra que o esquema dos cursos está morto. Para unha entidade coma a TVG cómpre trazar programas específicos para cada tarefa profesional, nos que estean presentes todos os aspectos da normalización na TVG e na sociedade galega dende a TVG. Os programas de formación deben procurar tamén unha asunción radical da situación sociolingüística de Galicia e a implicación dos profesionais nunha política lingüística normalizadora» (López Dobao, 1993: 34).

Unha das voces máis críticas co galego que se fala no medio autonómico é o profesor Alonso Montero, quen só uns meses despois da implantación da TVG comezou a amosar as chatas da lingua falada no medio. En concreto, nun artigo publicado en *La Voz*

³⁸ Non nos consta que se siga esta estratexia no centro territorial de Televisión Española.

de Galicia, do ano 1989, titulado «O galego na televisión, o galego da televisión», Alonso Montero³⁹ propuña a seguinte formación:

Para vellos e novos funcionarios, estas materias, estas disciplinas: Sociolingüística, Gramática, Lexicografía, Dicción, Lectura de textos en verso e en prosa, Dialectoloxía e Literatura (...) ese Instituto (que sería da Televisión e para a Televisión) programaría, fóra das aulas, unha actividade esencial: os alumnos terían que vivir algún tempo en zonas compactamente galegófonas para oír galego en espazos xeográficos e sociolóxicos onde este idioma aínda é a luva da man (López Dobao, 1999: 501-508).

4.5.7. Recepción: como os receptores perciben o galego que lles falan na televisión

A maneira en que os galegos reciben a lingua que se fala nos medios de comunicación é un tema sobre o que non existen estudos feitos. Con todo, as opinións pódense entrever cando se valora a actitude cara aos medios galegos. Temos noticia dunha investigación, *Situación da lingua galega no concello de Santiago de Compostela*⁴⁰, na que hai un capítulo dedicado explicitamente á actitude da poboación cara ao galego na radio e na TV.

Tamén na obra do lingüista Johannes Kabatek se perfila a opinión que os galegos teñen sobre a lingua dos medios do país:

Hai unha tendencia amplamente difundida en Galicia e da que só se rexistran testemuñas indirectas nas entrevistas: a de valorar como máis altas as variedades lingüísticas do galego con pouca distancia do castelán, sobre todo no plano fonético. Esta tendencia cumpriu un papel importante na historia do galego dende o século XIX e móstrase por exemplo no feito de se consideraren trazos da lingua común con prestixio sobre todo aqueles nos que o galego coincide co castelán, mentres que pronunciacións diverxentes como a gheada, o seseo ou outros trazos dialectais son sancionados. Detrás da consciencia dunha lingua común galega está entón o modelo da lingua común castelá, e a diglosia orixinal entre galego e castelán prolóngase deste xeito no conflito interior do galego. Isto leva en

³⁹ X. Alonso Montero, «O galego na televisión, o galego da televisión», *La Voz de Galicia*, 6 de setembro de 1989, p. 9. O xornalista C. L. Rodríguez respondeu a Alonso Montero noutro artigo, «Un ‘máster’ de gallego en la aldea», *La Voz de Galicia*, 8 de setembro de 1989, p. 24.

⁴⁰ Cfr. Cidadanía–Rede de Aplicacións Sociais (2001), *Estudio–Diagnóstico sobre a situación sociolingüística do concello de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, Concello de Santiago de Compostela.


parte a unha valoración moi positiva, por parte de falantes de variedades dialectais, do galego foneticamente castelanizado dos medios de comunicación (Kabatek, 2000: 112).

A profesora Noia Campos realizou unha enquisa entre os clientes de tabernas do Val Miñor, para coñecer a opinión que lles merecía o galego falado na televisión. Os resultados tirados da investigación quedan resumidos do seguinte xeito:

- 1.- Estes falantes senten o galego da televisión como unha variedade diferente e máis valorada cá variedade coloquial, que eles utilizan.
- 2.- Que, a pesar de ser valorada máis positivamente, non parecen receptivos a aprender este modelo de lingua que lles ofrece a televisión.
- 3.- Que sendo galego falantes prefiren as películas en lingua castelá que na versión galega da televisión autonómica (Noia Campos, 1994: 41-50).

Perante a pregunta «o galego que se fala na TVG é, respecto ao que fala vostede,...», as respostas dadas, divididas en función de grupos de idade, non presentan importantes diferenzas entre os distintos subgrupos, aínda que hai unha lixeira tendencia cara á maior percepción da diferenza nos grupos de máis idade, así coma unha maior percepción das semellanzas nos máis novos⁴¹:

⁴¹ Datos extraídos de M. González González (dir.), *Actitudes lingüísticas en Galicia* (A Coruña, Real Academia Galega, 1996, p. 495).



Elaboración propia

Atendendo a outros criterios de selección da mostra, as respostas a «se o galego da televisión é máis ou menos semellante ao falado por eles» cambian. Son os entrevistados con estudos medios ou superiores e residentes nun hábitat urbano os que máis claramente perciben a semellanza entre as dúas variantes lingüísticas. Mais, en liñas xerais, pódese concluír que os galegos consideran aceptablemente bo o galego falado na TVG, se ben tamén recoñecen que é distinto do que eles falan.

4.5.8. A lingua nas televisións catalás e vascas

4.5.8.1. O catalán na televisión catalá

A Lei 1/1998 de política lingüística e a Lei 10/1983 de creación do ente público da Corporació Catalana de Radio i Televisió establecen que o «catalán deberá ser a lingua **normalmente empregada** nos medios de comunicación propios da Generalitat ou das corporacións locais de Cataluña». A Lei de normalización lingüística de 1988 do galego indica que «o galego será a lingua usual nos medios de comunicación dependentes da Comunidade Autónoma». Mentres que no caso catalán se obriga o uso desta lingua nos

medios, no caso galego simplemente se di que será a lingua «usual», «o que vai dar pé para que se fagan interpretacións moi restritivas arredor do emprego da lingua propia como lingua oficial da TVG e dos medios públicos. Non estaría de máis reforzar a intención modificando a Lei de normalización lingüística, substituíndo a palabra “usual” por “oficial”» (López Dobao, 1993: 31).

No caso das televisións controladas por concellos ou calquera tipo de entidade pública local, esta lei indica que o catalán debe ser a lingua utilizada nas súas emisións, pero deixando aberta a posibilidade de emitir noutra lingua en función das características da audiencia.

Na práctica case o 100% dos programas de produción propia das televisións locais, sexan públicas ou privadas, son en catalán. A maioría destes espazos dedícase á política e á información local, festas populares, cultura e sociedade. Pola contra, as emisións de filmes dobradas a unha lingua diferente do orixinal adoitan ser en castelán pola dificultade para encargar dobraxes. Tamén convén dicir que só as cadeas locais máis importantes adoitan emitir filmes.

Segundo datos da Dirección General de Medios Audiovisuales, das 45 televisións locais privadas que funcionan neste momento en Cataluña, o 75% emiten máis do 50% da súa programación en catalán. No referente ás municipais, o 71% emiten en catalán case o 100% da súa programación.⁴²

4.5.8.2. O éuscaro na televisión vasca⁴³

En 1975 escóitase por primeira vez a lingua vasca na televisión española. A comezos dos 70 instaláronse en Euskadi os centros rexionais de TVE que dedicaban uns minutos a emitir noticias semanalmente en vasco dentro do informativo *Telenorte*. En 1980 este espazo pasa a ser diario pero segue a ser unha mera lectura dos principais titulares da xornada, traducidos do castelán que duran apenas uns minutos dentro da media hora de programa.

⁴² Datos extraídos da web da Generalitat de Catalunya: <http://www.gencat.es>.

⁴³ J. Díaz Noci, «Los medios de comunicación y la normalización del euskera: Balance de quince años». Artigo descargado da web persoal do autor en: <http://www.ehu.es/diaz-noci/Arts/A24b.PDF>

En 1982 o Goberno Vasco decide crear unha radio e unha televisión vascas xa que «a RTVE non cumpre en absoluto o papel de medio de comunicación dunha sociedade bilingüe» (Cobrerros, 1989: 50). Promúlgase entón a Lei 10/1982 de normalización do éuscaro na que todo o capítulo terceiro está dedicado ao uso da lingua vasca nos medios de comunicación social xa que, explica esta lei, «todos os cidadáns teñen o dereito a ser informados polos medios tanto en éuscaro coma en castelán». Dende esta lei tamén se comina ao Goberno Vasco a que adopte «as medidas conducentes a aumentar a presenza do éuscaro nos medios de comunicación social».

Nese mesmo ano, 1982, o Goberno Vasco crea a Euskal Irrati Telebista (EITB) para dar resposta a esas necesidades de promoción lingüística. Este ente emite a través de dúas canles ETB-1 que emite exclusivamente en éuscaro e a ETB-2 que emite en castelán. Existe grande polémica sobre esta segunda canle xa que está financiada pola Comunidade Autónoma Vasca e, a pesar de ter aumentado os índices de audiencia, «de ningún xeito contribuíu a paliar a diglosia na que está inmerso o éuscaro» (Díaz Noci, 1997: 9).

O caso vasco ten a particularidade, a diferenza do caso galego e do catalán, de que a porcentaxe de vascos que falan ou entenden o éuscaro é moito menor que a de galegos e cataláns – «só unha escasa cuarta parte dos vascos coñecen suficientemente o éuscaro e nin sequera iso garante o seu uso» (Díaz Noci: 1997: 19) – e é aquí onde a televisión xoga un papel fundamental. «Por suposto que todos os telespectadores vascos non son bilingües pero posúen certo nivel de comprensión: son espectadores que manteñen o seu vínculo co éuscaro a través, especialmente, da televisión»⁴⁴.

4.6. A opinión dos expertos

A defensa do galego é unha das obrigas estatutarias da TVG. A lingua galega foi, ademais, un dos factores de identificación da produción de TVE en Galicia. Para avaliar o papel xogado pola televisión –nomeadamente a pública– na promoción e na normalización do idioma galego, a Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega reuniu en Santiago a Arturo Maneiro, asesor do director xeral da CRTVG e autor do libro *A influencia da TVG na promoción do galego* (Edicións Lea, Santiago de Compostela, 1993),

⁴⁴ Datos extraídos da páxina web do Goberno Vasco: www.euskadi.net

Xosé Antón López Dobao, filólogo e asesor lingüista da TVG, e Alberto González Montañés, antigo responsable do Servizo de Normalización Lingüística de TVE-Galicia. O encontro, celebrado o 21 de outubro de 2003, foi moderado por Miguel Anxo Seixas Seoane, membro da Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega.

Arturo Maneiro pensa que «a TVG é o medio que máis está facendo para levar adiante o galego», e insiste en que a televisión autonómica «é o principal baluarte da lingua galega na comunidade autónoma, xa que é o medio con maior capacidade de difusión e de influencia na sociedade», o que lle permite afirmar que a canle está a cumprir co papel que lle adxudica a Lei de creación e, en xeral, coa misión para a cal foi creada.

O lingüista Xosé Antón López Dobao elaborou unha «serie de teses sobre o que foi o desenvolvemento da TVG durante estes dezoito anos, que son, en termos históricos, moi pouco tempo, e en termos de historia das linguas, menos tempo aínda». As «teses» de López Dobao son as seguintes: 1) A TVG é o fito máis importante no proceso de recuperación da lingua de Galicia; 2) a TVG é o único espazo social no que o uso do galego é normal en todas as situacións comunicativas; 3) a TVG é o único axente normalizador da nosa sociedade; 4) a TVG produce unha normalización virtual da lingua; 5) a TVG, por tanto, traza unha cartografía normalizadora; 6) a TVG contribuíu a actualizar o corpus da lingua; 7) a TVG non logra reverter o proceso de substitución lingüística; 8) a TVG é unha illa mediática en galego; 9) a TVG participa das dinámicas do mercado; 10) o prestixio da TVG incide no prestixio social da lingua; 11) o modelo de lingua incide na función normalizadora da lingua; 12) nas relacións sociais, o papel normalizador da TVG dilúese; e 13) cómpre definir o modelo de medios públicos que queremos para Galicia».

En relación á tese número 11, López Dobao aclara que o galego da TVG «é máis que aceptable» nos ámbitos da gramática e o léxico, pero non se pode dicir o mesmo do ámbito relacionado co «discurso oral público» ou o «estándar oral». O lingüista di que neste último punto «hai moitos desequilibrios» que «poden incidir dun xeito moi negativo en determinados aspectos sociolingüísticos». López Dobao cre que, se o galego oral da TVG non se corresponde co galego oral do galegofalante tradicional, a lingua galega máis próxima ao galego histórico non se verá como lingua de prestixio. A lingua prestixiada será o galego da televisión (de fonética castelá) e fronte á disxuntiva de elixir entre o galego da

TVG e o castelán, López Dobao cre que o neno en proceso de formación sempre optará por este último idioma, que ten garantido o prestixio social.

O asesor lingüista da TVG cre que o estándar do galego, a variedade do idioma que se utiliza nos rexistros cultos, non ten por que ser un impedimento para que os telespectadores se sintan identificados coa lingua da televisión. López Dobao asegura que «o estándar do galego é moito menos distanciado dos diferentes dialectos do idioma do que pode ser o castelán». Este filólogo pregúntase ademais se o prestixio social da TVG, danado polo seguidismo dos audímetros e a conseguinte orientación ruralista, incide no prestixio social da lingua. Nesta mesma liña argumental, Alberto González Montañés, antigo responsable do Servizo de Normalización Lingüística de TVE-Galicia, remítese á necesidade dun tipo de programación que realmente permita prestixiar a lingua, cousa que a TVG non chegou a acadar. Un modelo «que sexa empresa, pero que ao mesmo tempo non descoide a cultura».

Ademais, dende o punto de vista na normalización, González Montañés considera que a Televisión de Galicia «fixo moito, pero quedou un pouco ancorada». A tenor destas palabras, Arturo Maneiro lamenta que o compromiso da compañía coa lingua estea sempre baixo a ameaza de relaxarse ante a ausencia dun debate, dun «ambiente social que estea axudando a que a Televisión de Galicia vaia máis adiante» ou, doutro xeito, dun «estímulo constante de mellora». Na súa opinión, esa falta dun movemento social que arroupe o labor da televisión maniféstase, ademais, nas dificultades actuais por estender o galego estándar a todo o territorio: a TVG fica soa na tarefa. López Dobao concorda na inexistencia desa presión social pola desestruturación que caracteriza á sociedade galega, lembrando que tampouco os distintos grupos políticos son fonte dunha presión tal, ao se amosaren tan só preocupados por atender aos contidos informativos e por achar se estes cumpren ou non coa cota de emisión que lle corresponde a cada un.

González Montañés cre que «o que hai en realidade é un desprestixio do modelo do galego», porque «o que queremos é o modelo do castelán, se cabe con palabriñas galegas». Así, «o modelo de prestixio para un oínte medio da TVG, de nivel medio baixo, é o modelo castelán, mentres que o modelo B é ese modelo de lingua que nos está presentando a TVG, bastante descafeinado». Segundo González Montañés, ese espectador prototípico acaba identificando o seu modelo de lingua, «marcado cunha determinada prosodia, cunha

determinada fonética», como o «malo». Este filólogo reclama a necesidade de reciclar o persoal das televisións públicas para capacitálo dende o punto de vista lingüístico, o que requiriría unha vontade da dirección desas televisións.

Como primeiro paso para corrixir a situación actual, López Dobao aposta por «facer unha análise, caso por caso, da programación» para detectar que locutores teñen problemas coa lingua. Chegados a este punto, cumpriría «ver algunha medida que sexa máis eficaz que a celebración periódica de cursos». A xuízo deste asesor, «ou atopamos a maneira de que haxa certos niveis de motivación neses ámbitos [no dos locutores] ou haberá sempre problemas deste tipo». López Dobao cre que, máis que vontade da dirección (á que tamén se lle pide unha maior consideración da capacitación lingüística á hora da contratación de novos profesionais), necesítase o interese dos propios afectados, isto é, os locutores e presentadores. Segundo afirma, na propia redacción de informativos da TVG é difícil «escoitar unha palabra en galego».

Como proposta final, López Dobao avoga pola creación «dunha Comisión ou dun Servizo de Normalización na Televisión de Galicia, que non só debería estar composto por lingüistas, senón tamén por xefes de departamento, por xefes de persoal que teñan un equipo baixo a súa responsabilidade en determinados ámbitos importantes». «Esa Comisión», apunta, «tería que estar funcionando ao lado do director xeral».

BLOQUE III. AS OUTRAS TELEVISIONS

1. A TELEVISIÓN PRIVADA EN GALICIA

1.1. A fin dun monopolio

«A televisión privada en España non é filla dunha lexislación pensada e flexible, senón dunha lei feita por sentenza do Tribunal Constitucional que forzou o lexislativo a conceder o que o lexislativo non quixo dar por medo á liberdade». Así o cre Jorge del Corral, secretario da patronal Uteca, que agrupa os principais operadores da televisión privada en España (18 de xaneiro, 2004: 68). A fin do monopolio da televisión pública sería, segundo esta versión, o resultado dunha encarnizada loita entre os defensores da liberalización do sector e un Goberno que temía desarmarse e compartir coas empresas privadas a (en teoría) poderosa influencia do medio televisivo na opinión pública.

A Lei de televisión privada aprobábase no Congreso dos Deputados o 14 de abril de 1988, e establecía tres concesións para outros tantos operadores privados. Non obstante –e este é un aspecto que a día de hoxe está en revisión – o Estado seguía conservando a súa titularidade. Ademais, as concesións terían unha duración de dez anos, con posibilidade de prórroga a outros dez. A normativa prevía tres canles de cobertura nacional (podíase rexionalizar parte da programación, pero nunca chegar ao extremo de crear unha televisión autonómica) e fixaba a participación das empresas xornalísticas nun máximo do 25% do total do capital de cada unha das sociedades concesionarias.

As bases de adxudicación das canles privadas, aprobadas polo Goberno central en xaneiro de 1989, obrigaban os aspirantes a unha concesión a facer un depósito de 500 millóns de pesetas. Unha cantidade que debería substituírse polo dobre (1000 millóns) no caso dos concesionarios definitivos.

As tres canles adxudicáronse o 25 de agosto de 1989. Os beneficiarios da concesión foron Antena 3 Televisión, Gestevisión-Telecinco e Canal Plus. A primeira fase da cobertura das canles privadas chegaría a Galicia a finais de setembro de 1990 (Cendán Fraga, 1998: 200), de maneira que o sinal das tres novas cadeas cubría zonas parciais da Coruña e Vigo. En sucesivas fases, a cobertura das privadas iríase estendendo por todo o

país, en parte grazas á colaboración de concellos e deputacións. En 1994, as privadas chegaban ao 61,74 por cento da poboación galega (dato citado por Cendán Fraga, 1998: 202) e até 1999 non se acadaría a cobertura total.

Segundo os datos publicados no informe *Audiovisual Galego 2003*, o repartimento da audiencia das canles de ámbito nacional amosa que as preferencias dos espectadores galegos gardan moitas semellanzas coas do resto dos españois (Varela Ramos *et al.*, 2003: 99). Tomando como referencia os datos referentes á media do *share* diario na temporada 2001/2002, a primeira cadea de Televisión Española sitúase en Galicia cunha cota de pantalla superior ao 25 %. A excepcionalidade galega vén marcada pola diferente posición das canles privadas no *ránking* de cadeas: a diferenza do que tradicionalmente ocorreu en España, en Galicia Telecinco (cun *share* diario do 20 %) sitúase por diante de Antena 3 (que queda nun 19%). A Televisión de Galicia, que na temporada 2001/2002 se situaba nun *share* diario dun 16 %, ten en Antena 3 á súa máis directa competidora. Nunha posición máis marxinal sitúanse La 2 (cun 7 % de *share* diario) e Canal Plus (arredor dun 2 %). Destaca o feito da menor incidencia das «outras canles» (locais, dixitais) en Galicia, que apenas superan o *share* de Canal Plus, mentres ca no resto de España xa iguala a cota de pantalla da segunda canle de Televisión Española⁴⁵.

A primeira canle privada que desembarcou en Galicia con programación específica para a comunidade foi Antena 3, en 1996. Seguiulle Telecinco, que empezou as súas desconexións informativas en 1998. Por diversas razóns que trataremos de explicar a continuación, os contidos galegos destas dúas canles minguaron de maneira excepcional nos últimos tempos, até o punto de ser practicamente anecdóticos (Antena 3) ou inexistentes (Telecinco). Polo que se refire a Canal Plus, a canle de Sogecable nunca chegou a ofrecer contidos exclusivamente para Galicia. Non obstante, rexistra unha notable cifra de abonados en Galicia, superior aos 100 000 clientes.

⁴⁵ As porcentaxes non suman 100 debido ao redondeo.

1.2. Antena 3 Televisión

Antena 3 Televisión inicia a súa actividade periodística en Galicia no ano 1993⁴⁶, aínda que haberá que agardar até outubro de 1995 para ver as primeiras desconexións publicitarias para a comunidade, que se emiten coincidindo coa apertura da primeira delegación estable en Santiago de Compostela (Varela Ramos *et al.*, 2003: 93). Situada na rúa Galeras, en pleno casco urbano da capital de Galicia, a delegación inaugúrase oficialmente o 6 de febreiro de 1996 (Cendán Fraga, 1998: 206). Empeza a traballar con 9 profesionais, aínda que xa se albiscaba un incremento deste número a 15. O local está dotado das instalacións máis básicas: un control central e un *set* para informativos, unha cabina de edición e tres cámaras ENG (Neira Cruz, 1996: 28).

O 20 de abril de 1996 comezan as emisións de *Galicia a fondo*, o primeiro programa que unha televisión privada emitía en exclusiva para Galicia, que se manterá en antena até o ano 2003. De media hora de duración (13.30-14 horas dos sábados), emitido en castelán e inicialmente presentado polo entón delegado de Antena 3 Televisión en Galicia, Bieito Rubido, o programa seguía «a fórmula dos informativos resumos de fin de semana nos que se pasa unha ollada polos principais feitos da actualidade política, social ou deportiva dos sete días precedentes» (Neira Cruz, 1996: 26).

A delegación participa na produción de contidos para os informativos e para varios programas (*A toda páxina*, *Impacto TV*, *En antena*) da emisión nacional. O primeiro informativo diario para Galicia sae á luz o 25 de xullo de 1999, coincidindo coa estrea da nova sede da delegación, situada na rúa Monte dos Postes, que se abre á par de dúas correspondencias en Galicia, unha na Coruña e outra en Vigo. O informativo daba comezo ás 13.25 e tiña unha duración aproximada de 30 minutos. Unha trintena de persoas formaban parte do cadro de persoal encargado da elaboración deste espazo, que se manterá nun *share* entre o 15 e o 17 por cento.

⁴⁶ En outubro de 1993, Antena 3 Televisión ofreceu un debate entre os candidatos á Presidencia da Xunta de Galicia Manuel Fraga Iribarne e Antolín Sánchez Presedo. O xornalista Manuel Campo Vidal moderou o debate en lingua galega. Cfr. Cendán Fraga, 1998: 205.

Audiencia (*share*) do informativo rexional de Antena 3 Televisión Galicia

1999	2000	2001	2002	2003
15,3%	15,8%	16,3%	17,1%	16,1%

Fonte: Antena 3 Televisión Galicia

Antena 3 Galicia chegaría a emitir un breve boletín matutino no ano 2003. Este espazo informativo aparecía na grella de luns a venres ás 7.45 horas e duraba 10 minutos.

O público obxectivo destes programas era diferente ao das emisoras públicas que operaban en Galicia. Antena 3 interesábase, en palabras de Bieito Rubido, polas «clases altas e medias altas, concretamente no segmento de espectadores menores de 45 anos que viven nos núcleos de poboación de máis de 50 000 habitantes» (Neira Cruz, 1996: 28). O 11 de xaneiro de 2000 o redactor Ignacio Capeáns asume a delegación en substitución de Rubido, substituíndoo tamén como presentador do programa *Galicia a fondo*.

Polo que se refire á contribución da delegación aos informativos nacionais, calcúlase que no ano 2001 se emitiron en todo o territorio español 1350 informacións producidas en Galicia. A redacción galega de Antena 3 participa activamente noutros programas informativos da canle, como *Buenos Días España*, *Alerta 112*, *Espejo público*, *A plena luz* ou *Sin límites* (Varela Ramos *et al.*, 2003: 93).

A chegada do Grupo Planeta a Antena 3 Televisión en xuño de 2003, coincidente coa saída de Telefónica como máximo accionista da cadea, provocará importantes cambios que lle afectarán á programación e ao persoal da emisora. Os dirixentes do grupo editorial catalán márcanse como obxectivos mellorar a xestión da cadea e aumentar a súa rendibilidade, así como recuperar a audiencia perdida, que caera nun 2,1 por cento dende o ano 2000 (Conde, 2003). A canle anuncia o 4 de setembro de 2003 un Expediente de Regulación de Emprego (ERE) que afectaba a 390 empregados, o 24 por cento dun cadro de persoal que ascendía a 1605 traballadores fixos. Despois de intensas xornadas de folga por parte dos afectados, a Dirección Xeral de Traballo resolve a favor de Antena 3, pero rebaixando a cifra até os 215 despedidos.

Cando Antena 3 Televisión iniciara a creación de centros rexionais, optara por un cadro de persoal mixto, metade traballadores propios e metade traballadores subcontratados a outras produtoras audiovisuais. En Galicia, Antena 3 subcontratou traballadores a

Telefónica Servizos Audiovisuais, produtora que sería substituída pola granadina VAV a partir do ano 2002. En relación co ERE, Antena 3 cesou en Galicia a tres traballadores e prescindiu dos servizos doutros 8 profesionais, que traballaban subcontractados a través da mencionada VAV, aos que habería que engadir os dous profesionais que remataban o seu contrato por obra ao cesar a emisión do espazo para o que traballaban, *Galicia a fondo*. Suprimíronse ademais as correspondencias da Coruña e Vigo. O cadro de persoal, que antes do ERE se mantiña nunhas 29 persoas e que chegou nalgún momento a un tope de 37 traballadores, quedou reducido a 16. Na actualidade, a delegación de Antena 3 Televisión en Galicia está composta por un delegado, un editor, unha produtora, un xefe técnico, dous técnicos de continuidade e catro equipos ENG (catro redactores e catro cámaras). Deste cadro de persoal, están subcontractados a través da produtora VAV os dous técnicos de continuidade e os catro cámaras.

Ao igual que ocorrera co resto dos informativos rexionais, en Galicia as noticias do mediodía viron reducida a súa duración de 27 a 7 minutos, nunha franxa horaria que vai das 13.50 ás 13.58 horas). Deixaron de emitirse o boletín matinal e o semanal *Galicia a fondo*. A medida entrou en vigor o 14 de xullo de 2003 e mantense na actualidade.

Aínda que a produción rexional da delegación quedou drasticamente reducida, o centro segue provendo información para os programas e os informativos da emisión nacional. Ademais, mantén unha colaboración estable coa canle internacional de Antena 3, que emite para Estados Unidos e Latinoamérica. A delegación envía unha media de dúas pezas semanais, nas que se abordan aspectos de interese para a comunidade galega en América.

Polo que respecta ao terreo da ficción audiovisual, cómpre destacar que Antena 3 emitiu unha serie producida en Galicia por Voz Audiovisual, *Nada es para siempre*, na temporada 1999/2000 e principios da 2000/2001 (Varela Ramos *et al.*, 2003: 106).

1.3. Telecinco

A finais de 1997, o Grupo Voz e Telecinco chegan a un acordo para crear a axencia de noticias audiovisual Atlas Galicia, unha sociedade anónima na que os dous socios

reparten o accionariado ao 50 por cento. A empresa constitúese formalmente o 4 de febreiro de 1998.

Atlas Galicia nace como parte dun proxecto informativo iniciado por Telecinco en 1997, cando a cadea privada decide crear axencias audiovisuais autonómicas. A sociedade matriz, Atlas España, constitúese o 21 de xaneiro de 1998. Telecinco asóciase en cada comunidade autónoma a un dos principais grupos de comunicación. Deste xeito, ademais de asociarse co Grupo Voz en Galicia, Telecinco crea Atlas Cataluña en alianza co Grupo Godó e pon en marcha Atlas Euskadi coa participación do Grupo Correo.

Estas axencias audiovisuais desenvolven un dobre cometido: realizar os seus propios informativos para as desconexións en cada comunidade e surtir de noticias os servizos nacionais de Telecinco. As desconexións autonómicas son nun principio matinais, pero o proxecto inicial contemplaba o incremento do tempo dedicado á emisión rexional e mesmo a creación de espazos propios para cada autonomía a medida que Atlas se consolidara na xeografía española.

En Galicia, as desconexións deron comezo o 26 de maio de 1998 cun breve informativo matutino (8:00 - 8:15) incluído dentro da edición nacional. Arrancaba así a primeira desconexión para Galicia dunha cadea privada. De luns a venres emitíanse un sumario, un resumo da prensa, seis noticias, seis colas, a sección do tempo e as previsións do día.

As instalacións de Atlas Galicia, inauguradas oficialmente o 2 de febreiro de 1999, sitúanse nas dependencias da División Audiovisual do Grupo Voz, no polígono coruñés da Grela. Desde maio de 1998 viñan funcionando as delegacións nas cidades de Santiago de Compostela e Vigo, considerándose as instalacións coruñesas como a sede central. O cadro de persoal, que empezara con 36 profesionais, axiña supera as 40 persoas, entre as que hai que contar os 9 equipos ENG que se reparten por toda a xeografía de Galicia.

No ano 2000 comézase a emitir unha desconexión máis ao mediodía, presentada pola xornalista Ana Rodríguez. Deste xeito, o informativo da mañá, conducido por Ana Niete, pasa a durar dez minutos (8:20 - 8:30), que se completan cos outros dez da edición do mediodía (15:20 - 15:30). Esta última emitíase, nun primeiro momento, despois do informativo nacional e dispuña dunha sección meteorolóxica. Posteriormente, pasou a programarse inmediatamente despois dos Deportes, pero cunha leve redución horaria

(15:10 - 15:18). Neste formato o número de noticias redúcese a tres ou catro, o mesmo que o de colas. Segundo datos facilitados por Atlas Galicia, a audiencia media do informativo matinal no ano 2000 acadou o 19,5 por cento do *share*, mentres que a cota de pantalla do informativo do mediodía chegou ao 15,5 por cento.

Estes informativos deixaron de saír ao aire o 31 de xullo de 2001, por razóns «empresariais», segundo declaración da propia empresa. Daquela, o equipo de traballo era de 44 persoas.

A sociedade entre Atlas Galicia e o Grupo Voz dissolveuse o 18 de febreiro de 2002, data na que o Grupo Voz se converteu en provedor de servizos de Atlas. Esta situación rematou o 1 de marzo de 2004, cando a empresa VAV Compañía de Producciones tomou o relevo como provedora.

Como axencia de produtos televisivos, e durante o tempo en que foi unha empresa participada polo Grupo Voz, Atlas Galicia tivo entre os seus clientes ás plataformas de televisión dixital Vía Digital e Canal Satélite. A axencia galega elaborou contidos para as canles temáticas Canal Cocina, Medicina TV, Canal Agorrural, Red 2000, Canal Natura e Seasons, entre outros. Atlas Galicia tamén foi contratada por canles públicas de televisión. Así, realizou a serie *Solidarios*, sobre a actividade das ONGs, para Televisión Española, e produciu contidos para o programa informativo *Punto de Mira* da valenciana Canal 9. A actividade periodística da axencia tamén se puido ver nos programas *Zoom* e *Videorreporteros*, os dous emitidos por CNN+.

Na actualidade, o persoal de Atlas Galicia é de 4 persoas. Os operadores de cámara, os redactores e os técnicos son persoal do provedor VAV. A axencia está dirixida por Jordi Calvo (xerente de Atlas Regionales), Montserrat Sedes (produtora) e Margarita Velo (redactora xefe). Dende o 1 de marzo de 2004, Atlas conta con dúas delegacións en Galicia, unha na Coruña (a central) e outra en Vigo. Na sede da Coruña o persoal componse de 5 operadores de cámara e 5 redactores, 3 equipos ENG e dúas cabinas de edición. Na delegación de Vigo traballan 3 operadores de cámara e 3 redactores, 2 equipos ENG e 1 cabina de edición.

1.4. Canal Plus

Canal Plus fundamenta a súa programación na emisión das últimas estreas cinematográficas e nas retransmisións deportivas, entre as que destaca o partido de fútbol da Primeira División dos domingos. Para acceder a estes e outros contidos é necesario estar aboado, xa que boa parte da programación de Canal Plus emítese en codificado.

Segundo datos facilitados pola propia empresa, a canle de pago chegou a contar con 24 353 subscritores galegos en 1992. A cifra de aboados seguiu un ritmo de incremento anual próximo ao 40 por cento ata 1996, ano no que Canal Plus chegou aos 64 644 subscritores en Galicia.

En 1997 irrompen as plataformas dixitais de televisión Canal Satélite Digital e Vía Digital. A primeira, pertencente a Sogecable, o mesmo grupo empresarial que Canal Plus, ofrece no seu paquete de canles unha versión dixital da primeira cadea de pago española. Ese ano, o número de subscritores a Canal Plus en Galicia (sumando a versión analóxica e a dixital) ascendía a 69 975. De 1997 a 2003, a media anual da porcentaxe de incremento de aboados foi do 30 por cento. En 2003, segundo datos facilitados por Sogecable, a cifra de subscritores ás dúas versións, analóxica e dixital, de Canal Plus era de 112 390.

A porcentaxe de *share*, aínda que menos significativa ao tratarse dun medio de comunicación de pago, mantívose dende 1992 nun rango entre o 1,6 e o 2,8 por cento.

Canal Plus nunca efectuou ningunha emisión diferenciada para Galicia. Os servizos informativos da canle de pago (que se converteron nos de CNN Plus en 1999) tampouco contan con infraestrutura propia na comunidade. Salvo en casos excepcionais (como por exemplo a catástrofe do *Prestige*) nos que se envía un equipo dende Madrid, no día a día os servizos informativos empregan a información de EFE TV e, excepcionalmente, algún vídeo da produtora Olympus.

2. A TELEVISIÓN LOCAL EN GALICIA

2.1. Orixes e normativa da televisión local

A televisión local naceu en España en xuño de 1980 na localidade barcelonesa de Cardedeu, baixo o amparo administrativo da Generalitat de Catalunya, malia as sancións impostas pola Dirección General de Comunicación a calquera iniciativa semellante. Segundo indica a profesora Román Portas, a emisora acolleuse ao artigo 20 da Constitución Española que garante a liberdade de expresión e información. Tratábase do traballo dun grupo de mozos que contaban co patrocinio de asociacións culturais. En Galicia, a televisión local chega anos despois na localidade coruñesa de Narón, concretamente en 1984.

Estes primeiros intentos de comunicación local precederon en moitos anos o interese da administración estatal por regulala. O Estudio General de Medios indica, no 1997, que un 45'9% dos fogares españois podían recibir, cando menos, unha televisión local. O 27 de decembro de 1995 publícase no BOE a Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres. A televisión local queda definida nesta Lei como «a modalidade de televisión consistente na emisión ou transmisión de imaxes non permanentes dirixidas ao público sen contraprestación económica directa por medio de ondas electromagnéticas propagadas por unha estación transmisora terreal no ámbito territorial sinalado no artigo 3º da Lei»⁴⁷. Dous anos máis tarde,

a aprobación, o 31 de xaneiro de 1997, do anteproxecto de lei de modificación da lei 41/1995, que lle vai permitir a calquera televisión emitir coa única limitación da dispoñibilidade de frecuencias. Con este decreto, o goberno pretende «introducir a plena competencia no sector», segundo palabras do ministro de Fomento Rafael Arias Salgado (...). Para cumprir os obxectivos modifícase a natureza xurídica do servizo de televisión local, que perde o carácter de servizo público e pasa a ser un servizo de interese xeral. Polo tanto, só se esixirá unha autorización administrativa (GECA Consultores, 1998: 368).

⁴⁷ Lei 41/1995

Porén, este proxecto de modificación da lei foi retirado sete meses despois, tal e como indica o profesor Xosé Rúas (2003: 271). O texto presentaba un cambio fundamental a respecto da Lei: as autorizacións determinábanse en función do espectro radioelétrico, en lugar do modelo anterior que outorgaba concesións segundo o ámbito territorial, o que limitaba a unha ou dúas, excepcionalmente, o número de emisoras posibles. Ademais, o proxecto contemplaba que se fixara un único canon por reserva do dominio público e que se tiveran en conta a solvencia económica e técnica de cada proxecto. Como indica Rúas a respecto do texto, «o Ministerio de Fomento realizaría, cunha periodicidade anual, os estudos técnicos necesarios para determinar a dispoñibilidade de frecuencias do espectro radioelétrico en cada ámbito territorial de cobertura para o que existiran solicitudes, así como o número de autorizacións que se poderían outorgar en cada un deles» (Rúas, 2003: 272).

Co mantemento da Lei 41/1995, en canto ás concesións, no caso galego existe un problema engadido a esta xa de por si complicada situación: a disposición da poboación galega, que conforma núcleos pequenos de poboación, non permite unha distribución uniforme das concesións. José Luis Barcia Picos expón de xeito claro esta situación: «segundo a lei, o campo de actuación territorial débese circunscribir ao núcleo urbano principal do concello, quedando só para a excepcionalidade prevista na previa lei, a posibilidade de que esa cobertura se faga extensiva a outros núcleos do mesmo municipio» (Barcia Picos, 1996: 83).

Estes problemas legais non permiten que o sector avance de maneira positiva e moito menos que as empresas sexan estables. A concesión de frecuencias, que se adxudican a 5 anos, constitúe o principal problema legal co que se atopan os xestores. A actual situación da televisión local en Galicia é, fundamentalmente, ilegal e precaria, debido aos continuos problemas das concesións administrativas. Neste sentido, Antonio Aneiros, director de Ferrolvisión canal 29 no ano 2000, sinalaba que «a Administración está desbordada coas máis de mil televisións locais. A Lei 41/1995, do 22 de decembro, non está regulada e di que son legais e teñen preferencia as anteriores ao 1 de xaneiro de 1995, pero esa Lei non está desenvolvida e chámanos alegais» (*Imagen y Comunicación*, 2000: 24). Segundo os responsables das canles locais a actuación das administracións é contraditoria, xa que algunhas delas como «Seguridade Social, Facenda, Concellos,

Ministerio de Trabajo, mesmo tacitamente a Xunta, nos recoñecen dende o punto e a hora no que nos pasan todos os seus impostos» (*Imagen y Comunicación*, 2000: 24).

Este marco xurídico deficiente complétase cunha serie de problemas de partida que resume o teórico Dave Rushton para o ámbito británico, pero que se poden aplicar perfectamente ao galego:

- 1.- Recursos pobres, carencias nos equipos, traballadores sen experiencia e acceso limitado ao financiamento.
- 2.- Escasos exemplos de traballo e pouco coñecemento do investimento necesario para a empresa.
- 3.- Escasa coordinación entre os medios locais (particularmente, comunitarios) coas institucións que organizan actividades.
- 4.- Ausencia dunha organización que ampare o proxecto e, polo tanto, incapaz de desenvolver unha proposta colectiva.
- 5.- Incertezas sobre a dispoñibilidade dunha frecuencia local, e a limitación da audiencia obxectiva conseguinte (Rushton, 1997: 55).

A combinación destes factores queda perfectamente resumida na seguinte apreciación de Barcia Picos: «se existe algo que caracterice as televisións locais, á parte da maior ou menor coincidencia de obxectivos, é a situación de ilegalidade de facto, que condiciona toda a súa existencia durante estes anos; até tal punto que impediu o seu asentamento e desenvolvemento, condenándoas a un estado de precariedade permanente» (Barcia Picos, 1996: 82). Esta situación condiciona en boa medida a atención do público pola canle, de xeito que «as audiencias son moi reducidas, como corresponde a un medio insuficientemente consolidado debido ás súas febles estruturas, ao descoñecemento do público e á inseguridade xurídica. A estes factores haberíalle que engadir un determinante: a mala recepción das canles locais, xa que as antenas colectivas necesitan módulos para sintonizalos» (GECA Consultores, 1998: 369). O *share* das televisións locais en Galicia, segundo o *Censo de televisiones locales* da AIMCR, é só dun 0'4%.

Outros dos problemas que afectan o desenvolvemento deste sector é que a actual Lei 41/1995 de televisión local por ondas terrestres prohibe terminantemente a emisión en

cadea pero esta eiva poderíase solucionar de seguir adiante o Anteproxecto de Lei xeral da radio e a televisión aprobado polo Consello de Ministros o venres 30 de maio de 2003. Esta Lei permitirá a emisión en cadea por parte das televisións locais, aínda que de forma limitada, cinco horas ao día e vintecinco horas semanais (Cremades, 2003: 32).

2.2. Tipoloxía de televisións locais

Entre as televisións locais tamén se poden establecer diferenzas que non eximen dos problemas sinalados anteriormente. Existen varias clasificacións dos medios audiovisuais locais, segundo se queira resaltar un ou outro factor dos mesmos. O profesor Martínez Hermida establece unha primeira clasificación das televisións locais segundo o marcador de «comunidades de interese», é dicir, aquelas que se achegan ao medio con obxectivos máis ou menos concretos. Seguindo este criterio podemos citar:

- 1.- Políticas, as «televisións do alcalde» (sic).
- 2.- Político «asociativa», que implica o apoio do concello aos amigos da televisión⁴⁸.
- 3.- Político empresarial, que subliña a concesión da explotación por parte do concello a unha empresa.
- 4.- Privadas «asociativas», aquelas asociacións que non dependen do eido político.
- 5.- Empresa privada, que explota recursos basicamente publicitarios.
- 6.- Aquelas que son extensión dun medio hexemónico (Martínez Hermida, 2001: 169-178).

Segundo a titularidade da televisión, poderíamos limitar este espectro a emisoras municipais fronte a privadas e, dentro destas últimas, as independentes e as que forman parte dun grupo de comunicación.

Por outra banda, é posible establecer unha clasificación das televisións locais segundo o tipo ou tamaño do ámbito xeográfico no que teñen influencia. Así, podemos falar

⁴⁸ As Asociacións de Amigos da Televisión serviron como base para o xurdimento das emisoras de televisión local, como unha forma de asociacionismo que se desenvolveu posteriormente para a defensa da lexislación do sector.

de emisoras do medio rural ou vilego (comarcais), que se contraponen ás urbanas, entre as que distinguimos metropolitanas, de barrio ou periféricas. Porén, como indica Martínez Hermida, estas distincións son pouco precisas, en especial, no ámbito galego polas condicións de espallamento da poboación das que faláramos.

Podemos desenvolver unha terceira tipoloxía destes medios locais seguindo a Rushton (1997), quen establece diferenzas entre eles segundo a implicación da comunidade á que vai dirixido o produto: son *televisións da comunidade* (con participación plena e discurso alternativo elaborado polo grupo), *televisións coa comunidade* (de acceso restrinxido e participación activa) e, finalmente, *televisións para a comunidade* (nas que a participación é representativa e o acceso ao medio é nulo).

2.3. Mapa das televisións locais en Galicia

O estudo do sector da comunicación local en Galicia ten como principal dificultade o establecemento de censos e mapas que nos permitan situar os medios, debido, fundamentalmente, aos abundantes cambios de titularidade e influencia e á alta taxa de mortalidade das distintas televisións. As transformacións fanse evidentes en canto se comparan as situacións de anos non moi distantes entre si. No ano 1996, a profesora Román Portas contabiliza 33 emisoras locais, 11 situadas na Coruña, 11 en Pontevedra, 6 en Lugo e 5 en Ourense (ver anexos). Dous anos máis tarde, en 1998, o mapa das televisións de Galicia elaborado por Ignacio Saavedra (En Casais, E. *et al.*, 1999) suma 24 medios, 8 na provincia da Coruña, 9 en Pontevedra, 6 en Lugo e unha en Ourense. En 2002, na páxina <http://www.tvlocal.com> o número ascende até as 28 canles, con número maioritario en Pontevedra e A Coruña – 8 e 12 emisoras, respectivamente – 5 en Lugo e 3 en Ourense. Os datos máis recentes dos que dispomos proveñen da base de datos de medios audiovisuais do Arquivo de Comunicación do Consello da Cultura Galega que, á fin do primeiro semestre de 2004, confirma a existencia de 33 frecuencias en funcionamento, e a previsión de que dúas máis comecen as súas emisións durante ese mesmo ano.

Seguindo as tipoloxías descritas, podemos dicir que a meirande parte das emisoras locais galegas son comarcais – rurais ou vilegas – repartidas en tres categorías: emisoras municipais, comerciais e comerciais dependentes de grupos de comunicación. Precisamente, a agrupación de emisoras comerciais é un dos fenómenos máis recentes na

comunicación local, e permite que se compartan contidos, de xeito que se produce unha programación común. Localia⁴⁹ é o grupo que concentra un maior número de emisoras en Galicia, concretamente, seis televisións nalgúns das principais cidades galegas; o Grupo Canal 47 TV, con orixe na provincia de Sevilla, conta con catro emisoras galegas, en Santiago, Pontevedra, Vigo e Ourense; Local Media SL, que agrupa 38 emisoras en todo o Estado, ten asociadas en Galicia Ourense TV Benposta e As Mariñas TV SL; por último, UNE, de Publimedia e a produtora Atlas, ten asociadas en Galicia Tele Salnés-Barbanza, Canal Deza –recentemente convertida en Dez TV- e Tele Coruña Canal 41.

Todas estas televisións non poden ser consideradas, en ningún caso, televisións comunitarias⁵⁰, senón que os contidos e a organización empresarial responden a intereses de poderes concretos, na maioría dos casos, comerciais. Así, o modelo máis estendido de televisión local en Galicia é o de promoción e xestión privadas. O financiamento das televisións locais privadas ten unha fonte única, a publicidade. Esta provén maiormente de empresas e de institucións da área de influencia da canle, aínda que se poidan dar casos de insertos publicitarios dun ámbito máis amplo, nomeadamente estatal. Malia a ilegalidade destes medios, as distintas administracións inclúen tamén as súas mensaxes publicitarias nas grellas locais.

Segundo a investigadora Patricia Villanueva, «a televisión local municipal difire do modelo plantexado na propiedade e na xestión, neste caso tena o goberno municipal ou un consello de administración; no financiamento –menor e dependente dos orzamentos anuais

⁴⁹ Localia é a rede de televisións locais do grupo de comunicación Pretesa (Promotora de Emisoras de Televisión, SA), filial de Prisa, que foi creada no ano 2000 para a produción e adquisición de programas de televisión para a súa emisión a través de televisións locais participadas accionarialmente ou asociadas á compañía por convenios de programación. Na actualidade existen en Galicia 6 emisoras do grupo Localia en Galicia: Vigo, Pontevedra, Santiago, A Coruña, Lugo e Ferrol. O director do grupo en Galicia, Xavier Otero Llovo, anunciaba o 3 de xullo de 2004 o desexo de establecer unha emisora en Ourense: «O noso principal e máis inmediato obxectivo consistirá en estar presentes nas sete grandes cidades galegas, posto que estamos en seis delas, e a nosa aspiración é poder iniciar as emisións en Ourense no prazo máis breve posible», *El Correo Gallego*, 3 de xullo de 2004, p. 77.

⁵⁰ Este tipo de emisora da comunidade foi importada dos Estados Unidos e nútrese dos contidos proporcionados por persoas e grupos afeccionados. Esta fórmula tivo moito éxito en Alemaña, onde se coñece como *offener kanal*, canle aberta. Cfr. Kleinsteuber, H. J. e Thomaß, B.: «Alemania: la continuidad del sistema federal y la aparición de la televisión urbana», en M. Moragas Spa *et al.* (1999): *Televisión de proximidad en Europa. Experiencias de descentralización en la era digital*, Barcelona, Aldea Global.

do Concello—; no número de persoas que compoñen o seu cadro de persoal, tamén menor; e nas súas programacións —que se cinguen fundamentalmente á difusión de espazos informativos, case sempre unidos á mensaxe e á propaganda institucional» (Villanueva, 2001: 101). A publicidade, así e todo, tamén constitúe unha fonte de ingresos para este modelo de titularidade.

Por todo o visto, Villanueva presenta as características principais do modelo de comunicación televisiva local en Galicia:

- 1.- A xestión privada con finalidade lucrativa.
- 2.- A difusión vía hertziana (máis xeneralizada que a difusión vía cable).
- 3.- Posuír estratexias de programación debedoras das emisoras xeralistas e escasamente innovadoras en canto a contidos e a formatos.
- 4.- A súa escasa porcentaxe de produción propia.
- 5.- O incremento paulatino da preparación profesional dos traballadores do medio, procedentes das Facultades de Xornalismo e Audiovisuais, e o abuso da figura do colaborador.
- 6.- Cadros de persoal compostos por entre 10 e 15 persoas, que se dedican fundamentalmente á elaboración dos informativos, que supoñen o núcleo central da súa emisión.
- 7.- A promoción dos intereses locais e a participación da cidadanía non se contemplan entre os principios básicos da televisión local galega (Villanueva, 2001: 99-100).

Resulta complicado obter datos de audiencia das emisoras locais galegas xa que os estudos facilitados por Sofres case non as contemplan. Aínda así pódese dicir que son as canles das áreas metropolitanas as que contan con maior número de espectadores. En concreto, a canle de Vigo, Televigo (antes Telecidade), conta cuns 211 000 espectadores habituais.

2.4. Programación das televisións locais en Galicia

A meirande parte das televisións locais que emiten en España reproducen en certa medida o esquema de programación que desenvolven as emisoras estatais. A precariedade de medios e de persoal, que é frecuente nestas estacións, provoca que as grellas resultantes presenten numerosas deficiencias, que as fan menos atractivas que as programacións de canles máis poderosas. Ademais, como indica Villanueva, os escasos recursos da meirande parte das televisións locais en Galicia fanas moi dependentes da produción allea. Se ben algunhas canles emiten horas de programación de canles internacionais como Eurosport ou Galavisión, outras dependen de asociacións produtoras que homoxeneizan os contidos de moitas destas emisoras no Estado. Como indica Pedro Carrasco, «a asociación TVL, con sede en Tres Cantos (Madrid), entrou con facilidade e nun tempo récord no mapa local galego. O seu sistema de comisións telefónicas aseguráballe certos ingresos ás estacións locais, levando as mesmas cara a posicións acomodaticias e, como consecuencia, cara a unha progresiva relaxación na preservación dos preceptos comunitarios» (Carrasco, 2003: 310). Así mesmo, as canles que pertencen a *networks*, como por exemplo Localia, tamén emiten programas en cadea e deixan un espazo diario para emisións de produción propia, sobre todo informativos locais e magacíns.

Con todo, os contidos creados nas emisoras locais están moi suxeitos aos eventos de axenda que se desenvolven no marco xeográfico de recepción. Os organismos públicos de cada cidade, vila ou comarca constitúen as fontes primordiais dos tratamentos informativos destas televisións. No caso da programación non informativa, os formatos imitan os que desenvolven as canles estatais pero, como indicamos anteriormente, con resultados máis discretos.

Esta situación fai que algúns teóricos da comunicación local reflexionen sobre o tipo de programación que emiten estes medios e a súa conexión coa cultura local. En concreto, Xosé Rúas entende que os contidos das televisións locais galegas deben tender cara ao «denominado periodismo cívico, que busca conectar coa comunidade e conseguir a participación do cidadán, tratando de cambiar a sensibilidade do xornalista –emisor, de xeito que estea máis preto da cidadanía que do poder e toda a súa parafernalia de actos oficiais (ou políticos, simplemente), comunicados, roldas de prensa ou declaracións cubertas polos medios de comunicación» (Rúas, 2003: 278).

2.5. O proxecto Tele Voz

Tele Voz, o nome comercial do proxecto de televisión local impulsado por *La Voz de Galicia*, non chegou máis alá da emisión dunha carta de axuste. Varias veces anunciada como inminente e outras tantas aprazada indefinidamente, a televisión local apadriñada polo xornal de maior difusión na comunidade queda á espera das novas expectativas que abre a emisión dixital.

A primeira incursión de *La Voz de Galicia* no mundo audiovisual produciuse en 1985 coa creación de Vídeo Voz TV. Nese ano, a cabeceira coruñesa convértese no núcleo dun grupo multimedia, sumándose a produción audiovisual aos intereses de *La Voz* na industria da prensa, a edición e a radio. Cunha vocación inicialmente informativa, Vídeo Voz TV acabou por se converter nunha empresa de servizos audiovisuais. Así, ademais de funcionar como delegación da Televisión de Galicia para as noticias orixinadas na Coruña, Vídeo Voz TV produce documentais, series de televisión e vídeos didácticos e publicitarios.

En 1997, segundo informaba a propia *La Voz de Galicia*, Tele Voz era «unha iniciativa empresarial xa disposta e perfilada que, no entanto, veu aprazada a súa aparición pública debido á falta dun marco legal para poder actuar con seguridade e solvencia» (*La Voz de Galicia*, 1997: 94). Dende 1996, Tele Voz viña emitindo a súa carta de axuste en cidades como Vigo, Ferrol, A Coruña e Lugo (Rodríguez Vázquez, 2001: 205).

A mediados de outubro de 1999 o sinal de Tele Voz emite a programación da cadea Vivir-Viver, «que ofrece temas hispanos e portugueses con contidos meramente comerciais» (Rodríguez Vázquez, 2001: 206).

En 1999, a posta en marcha de Tele Voz semellaba inminente, cando menos na cidade da Coruña. Así parece desprenderse da concreción con que o director da División Audiovisual do Grupo Voz, Xosé María Besteiro, expuña as características do seu proxecto de televisión local. Así, na obra *Televisión e sociedade (TV - locais de Galicia)*, Besteiro especifica a filosofía e mesmo un modelo de grella de programación para Tele Voz.

A filosofía desta nova televisión local viría definida polo que o propio Besteiro identificou como o «Decálogo dos telemandamentos catódicos»:

1. Tele Voz non é unha canle para o mundo, senón un medio de comunicación onde nos vemos.
2. Tele Voz é unha canle complementaria na súa concepción e revolucionaria no seu deseño.
3. Tele Voz aposta pola produción propia en detrimento da allea.
4. A imaxinación é a principal materia prima de Tele Voz.
5. Para os presentadores de Tele Voz a naturalidade é a súa ferramenta de traballo.
6. Tele Voz aposta pola formación de videorreporteiros polivalentes e todo terreo.
7. Tele Voz dedícalle parte da súa programación á emisión de servizos de contido social.
8. Tele Voz aplica os avances da tecnoloxía dixital e da converxencia televisión/informática.
9. Tele Voz ábrelles un novo escaparate publicitario aos anunciantes que non poden asumir as altas tarifas das canles xeneralistas e autonómicas.
10. Tele Voz inaugura o novo mercado das franquías televisivas: xestionar unha televisión local é xa tan sinxelo como montar un McDonald's (Besteiro, 1999: 106-107).

Ao igual que os mandamentos cristiáns, os *telemandamentos* de Tele Voz tamén se resumían nun só: primar a televisión espello fronte á televisión ventá: Tele Voz racharía co modelo audiovisual predominante até o de agora imposto polas cadeas xeralistas, no que a televisión é un instrumento para ver o mundo (televisión ventá); e pasaría a ser un modelo de televisión para vérmonos nós mesmos como pobo, colectividade e sociedade (televisión espello) (Rodríguez Vázquez, 2001: 207).

A grella de programación que se chegou a deseñar para Tele Voz ocupaba a franxa horaria que vai dende as catro da tarde ás doce da noite. O proxecto incluía consultorios, programas culturais e informativos «desenfadados». Nestes últimos, os presentadores connotarían a súa espontaneidade ao prescindir da chaqueta. Destacaban tamén os espazos dedicados a cuestións sociais e mesmo se contemplaba a posibilidade de deixar nas mans dos alumnos da Escola de Imaxe e Son da Coruña unha hora diaria da programación.

Como sinala Rodríguez Vázquez (2001: 211), os aspectos de maior novidade do proxecto Tele Voz atopábanse no Telemóbil (unha unidade móbil cunha dobre función: permitir a participación dos cidadáns da rúa e servir como plataforma para a realización de programas en directo) e nun servizo de asesoría para a montaxe de televisións locais, especialmente orientado aos pequenos concellos galegos que quixeran poñer en marcha un medio de comunicación destas características.

Mais, a pesar de que o proxecto semellaba ultimado, Tele Voz non chegará a ver a luz. A División Audiovisual do Grupo Voz (agora Corporación Voz de Galicia) semella

estar máis centrada na produción de ficción para televisión. As súas instalacións no polígono da Grela, dotadas de catro platós e 4000 metros cadrados, acolleron a rodaxe de series como *Mareas Vivas* (TVG) e *Nada es para siempre* (Antena 3). O proxecto de Atlas Galicia, que agoiraba unha maior rexionalización da programación de Telecinco, quedou reducido a unha mera delegación da canle privada, que agora posúe o total das accións da axencia audiovisual.

A finais de 1999, nun suplemento especial publicado por *La Voz de Galicia* (*La Voz de Galicia*, 1999: 51-55) co gallo do traslado da súa redacción central ao Polígono coruñés de Sabón (Arteixo), anunciábase «para o próximo milenio» a creación dun «ambicioso proxecto de televisión» que buscaría converterse «no nexo dos galegos coa realidade máis próxima». Pero os prazos seguían a ser imprecisos. Esta «cadea de televisión local», que tería presenza «nas principais cidades de Galicia», non tiña data para súa posta en marcha. «Nun futuro próximo», apuntábase.

2.6. A televisión por cable e a televisión dixital. Un futuro posible?

A distribución de frecuencias do espazo radioeléctrico supón unha limitación para a implantación de canles locais, e máis se temos en conta a situación de alegalidade que é a marca de identidade do sector. A aparición de tecnoloxías de distribución dun sinal, como son o cable e a tecnoloxía dixital, posibilita que as iniciativas de comunicación local non se vexan afectadas directamente polo repartimento de frecuencias.

O mesmo día que se regulan as televisións locais por ondas terrestres apróbase a Lei 42/1995 das telecomunicacións por cable. No seu artigo segundo defínese o ámbito territorial de prestación do servizo:

- 1.- O servizo de telecomunicacións por cable prestarase por demarcacións territoriais. Enténdese por demarcación o ámbito territorial continuo no que un operador por cable pode prestar o servizo nos termos establecidos pola presente Lei.
- 2.- As demarcacións deberán comprender, como mínimo, unha poboación de cincuenta mil habitantes. A estes efectos, os concellos que non alcancen esta poboación, deberanse agrupar con outros para presentar conxuntamente unha proposta de demarcación que supere aquel límite (...). Ningunha demarcación poderá superar unha poboación de dous millóns de habitantes.

A estas limitacións territoriais engádeselles un problema de orde técnica; lemos no texto de Román Portas que «a disposición transitoria terceira di que o goberno debía aprobar o correspondente Regulamento Técnico e de prestación do servizo de telecomunicacións por cable no prazo de dous meses dende a entrada en vigor da lei. Isto non se levou a cabo polo adianto das eleccións xerais en marzo de 1996» (Román Portas, 1997: 81). Por outra banda, as condicións do territorio galego dificultan en boa medida o establecemento dunha rede de cable que non se reduza ás cidades da comunidade, labor que está a desenvolver a empresa R. Malia as limitacións, xa no ano 1995 créanse televisións locais que emiten con esta tecnoloxía, como son Galivisión, Televisión de Melide, Televisión das Pontes e Alto Támega TV.

O soporte dixital tamén poderá servir para a emisión de televisións locais en Galicia, o mesmo que a Internet. Algúns dos profesionais do sector contemplan con optimismo estas posibilidades, como José De Cora: «coas disponibilidades do dixital ese espazo multiplícase e despois o cable... e cada día máis e estarán as televisións locais en Internet á volta da esquina, o acceso vai ser tremendo» (*Imagen y Comunicación*, 2000: 25). A este mesmo respecto, Villanueva indica que «a recente explotación do cable en Galicia servirá para reorganizar o concepto de televisión local nun futuro xa inmediato» (Villanueva, 2001:99).

En calquera caso, sexa cal for a tecnoloxía empregada para a transmisión da mensaxe televisiva, a necesidade primeira que contemplan os profesionais do sector é a regulación real do espazo comunicativo do local, para que a comunidade ou os seus xestores poidan dispor dun medio de comunicación eficaz.

2.7. Censo de televisións locais activas de Galicia⁵¹:

⁵¹ Inclúense as emisoras activas en tanto que empresas constituídas, sen atender ás características da programación que emiten. Este censo inclúe televisións locais xa consolidadas cunha elevada porcentaxe de programación propia, outras máis incipientes con maior dependencia de contidos externos e produción propia máis escasa, e mais algunhas, de creación máis ou menos recente, que aínda non pasan da emisión permanente en cadea, como é o caso de Auria TV (emite MTV en continuidade) ou de Bergantiños Televisión (emite Cadena Local). No caso das escasas televisións sen ningún tipo de emisión, especificase o seu estatus actual.

A CORUÑA

As Mariñas TV – Onda Coruña TV

Bergantiños Televisión

Ferrol TV-Canal 31

Telecoruña-Canal 41

Localia A Coruña

Localia TV Ferrol

Localia TV Santiago

RTV Municipal de As Pontes-TV6

TV Cerceda

Tele Teo

Novas TV

Canal Tambre TV

Código TV (inicio de emisións en setembro de 2004)

LUGO

TV7-Monforte

Radio Televisión de Quiroga

Telelugo-Localia

Televinte Chantada

PONTEVEDRA

Dez TV

Galivisión

Televisión do Morrazo

Localia TV Pontevedra

Localia TV Vigo

Radio Televisión Municipal de Tui

La Voz de Fátima (Vigo)

Televigo, La 7

Telesalnés

Televisión Municipal de Ponteareas (Temporalmente inactiva)
TVLG – Canal 50 Televisión Local Guardesa (Temporalmente inactiva)
Estrada Televisión
Televisión Amistad (Vigo)

OURENSE

Benposta TV
Cablevisión do Carballiño
Ribeira Sacra TV
Telemiño
TV Arnoia
Auria TV
TV Localia Ourense (en preparativos, aínda sen emisión)

Fonte: Arquivo de Comunicación, Consello da Cultura Galega (datos de xullo de 2004)

2.8. A opinión dos expertos

O presente e o futuro da televisión local en Galicia. Este foi o tema de debate que reuniu na sede do Consello da Cultura Galega en Santiago de Compostela a Fidel Fernán, director de TV7 (Monforte de Lemos) e Radio Principal, César Galdo, director de TV6 (televisión municipal das Pontes), Joaquín Barreiro, director de Telesalnés-Barbanza e Marcelo Martínez Hermida, profesor de Comunicación Audiovisual na Universidade de Santiago e investigador en televisión local. O encontro, celebrado o 2 de outubro de 2003, estivo moderado por Xavier Otero, director de Localia Galicia e membro da Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega.

A televisión local en Galicia é un fenómeno relativamente recente, para o que aínda non se creou un verdadeiro marco regulador e que asiste aínda hoxe a unha etapa de desenvolvemento. Ao se caracterizar pola súa inestabilidade e estar suxeita ao cambio

permanente, segue a ser difícil atopar consenso á hora de definir o propio concepto de «televisión local». Para Fidel Fernán, director de TV7, «a televisión local non existe». Na súa opinión, habería que falar máis ben de «televisión territorial». As televisións locais, considera este xornalista e empresario, naceron coa vocación de cubrir «un espazo concreto, normalmente de carácter local», mais «hoxe en día abranguense superficies moito máis importantes porque a televisión local como iniciativa privada non tería futuro ningún en localidades con menos de 300 000 habitantes». Deste xeito, na súa opinión, as únicas televisións verdadeiramente locais son as municipais; as restantes son televisións territoriais, que poden abranguer dende unha comarca ata un grupo maior de concellos ou mesmo unha provincia. Nunha liña de pensamento semellante, César Galdo, director de TV6, expresa a súa preferencia polo termo «televisións de proximidade», dentro das que habería que distinguir entre dous modelos: municipal e privada.

Joaquín Barreiro, director de Telesalnés-Barbanza, coincide con Fidel Fernán no que atinxe á amplificación actual dos ámbitos de cobertura. A súa televisión naceu para ser vista nas comarcas do Salnés e Caldas, baixo as siglas de TVS (Telesalnés); menos dun ano máis tarde, ampliou a súa cobertura á península do Barbanza e pasou a denominarse TVSB (Telesalnés-Barbanza). Así e todo, «eu sigo considerándome televisión local a pesar de que a cobertura é maior».

Dende o ámbito académico, Marcelo Martínez reconece que «o termo é absolutamente equívoco e, hoxe por hoxe, moito máis». Máis aínda, a noción de «televisión de proximidade» introducida por Galdo tamén resulta equívoca, porque non permite facer distinción entre modelos que son radicalmente distintos. Así, o investigador apunta que é posible aludir á proximidade no caso da relación entre unha televisión e a súa comunidade de interese –grupos políticos ou empresariais locais que ollan para a televisión como difusora potencial das súas mensaxes–; mais tamén no caso dunha estación participativa onde a audiencia decide sobre a mesma; e mesmo é correcto falar de estratexia de proximidade ao referírmonos á penetración dos grandes grupos de comunicación no mercado local, como sucedeu con Localia.

En realidade, lembra Marcelo Martínez, actualmente manéxanse outras nomenclaturas que varían dependendo da xeografía e dos modelos de televisión que nela se dean, a saber: televisión de pequena escala, «un concepto moi anglosaxón que fai referencia

ás televisións que operan en territorios reducidos, con comunidades pequenas e para unha determinada identidade ou conciencia de país»; televisión comunitaria, que «partiu como contestación á televisión de réximes como o de De Gaulle en Francia»; televisión alternativa, de carácter eminentemente experimental; ou televisión de cidade, «que actúa como un sostén do tecido social e industrial [dunha urbe]», entre outras. Para Martínez, a noción leva á confusión en Galicia porque existen «un marco xurídico sen definir ben e un mercado que non acaba de definir a televisión local como institución, polo que é moi difícil chamala dalgunha maneira».

De feito, a xuízo de Marcelo Martínez, as tres fases históricas da televisión local definidas polo profesor Nicholas Jankowski –fases pioneirística, de institucionalización e de diversificación- coexisten hoxe en Galicia. O fenómeno resulta tan difícil de acoutar pola dificultade de aglutinar baixo un mesmo concepto a todo un grupo de empresas que viaxan a distintas velocidades no relativo á súa estrutura empresarial e ao seu papel dentro do aparello comunicativo da súa área de cobertura, ademais de constituíren modelos de televisión de moi diverso carácter.

O panorama da televisión local viuse alterado nos últimos tempos pola expansión de Localia, a rede de emisoras locais do grupo PRISA. Supón a emisión en cadea unha desnaturalización da razón de ser das televisións públicas? Na opinión de Fidel Fernán, Localia é o «punto de inflexión» que rompe con aquilo que se entendía por televisión local, xa que a súa estratexia de comunicación é só «unha alternativa máis de televisión xeralista que utiliza a televisión local, como podería utilizar tamén Televisión Española, ou os centros rexionais ou Televisión de Galicia» mediante desconexións. Marcelo Martínez incide nesta idea e fala de Localia como un modelo de «descentralización».

O director de Localia Galicia e moderador da mesa redonda, Xavier Otero, discrepa destes argumentos e define Localia como unha «rede de televisións locais» que logra máis horas de programación local diaria que moitas das outras estacións que sen discusión se teñen por locais. Ademais, Otero non atopa distinción entre emitir en cadea á maneira de Localia e comprar programación allea –como fan as emisoras de Fernán e Barreiro- a unha produtora non galega a fin de completar a grella.

Esta asociación non convence a Joaquín Barreiro, director de Telesalnés, que sostén unha posición crítica a respecto de Localia: detrás do que se presenta como unha rede de

televisións locais, o que en realidade hai é unha cadea de ámbito estatal que responde aos intereses do seu promotor, o presidente do grupo PRISA, Jesús de Polanco. Para Barreiro, as emisoras de Localia distínguense do resto de televisións locais pola presenza dunha liña editorial nos informativos que se emiten para toda España.

Coa intención de delimitar finalmente o que debemos entender por televisión local, Xavier Otero propón unha serie de requisitos que toda estación local debe cumprir: ter un centro emisor asociado a un territorio, uns estudos localizados dentro do mesmo, unha porcentaxe de programación dirixida á poboación dese territorio e mais unha emisión desa programación local en *prime time*, a fin de diferenciarse, por exemplo, dunha canle autonómica con desconexións esporádicas en horario de baixa audiencia. Logo, as televisións que cumprisen estes requisitos poden clasificarse conforme a tres categorías en funcións das súas características e recursos. Así, Localia formaría parte dunha hipotética «primeira división» das televisións locais, na que entrarían aquelas emisoras «profesionalizadas». A segunda división ocuparía aquelas televisións que operan en territorios comarcais e que non teñen o «amparo económico» dunha grande empresa. E, xa por último, pecharían a clasificación proposta por Otero as televisións municipais, «nun terceiro plano moito máis distanciada».

O representante na mesa do modelo municipal, César Galdo, pronunciouse sobre a futura implantación da tecnoloxía dixital terrestre e as súas repercusións no ámbito da televisión local. Ante o clima de incerteza no que viven as televisións, especialmente as máis pequenas como TV6 das Pontes, Galdo manifestou que agarda con impaciencia a chegada da dixitalización, xa que confía en que o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía outorgue unha demarcación ás Pontes -malia non cumprir o criterio de poboación- e mesmo en que a instalación da rede de difusión dixital veña integramente subvencionada pola Xunta de Galicia, tendo en conta que se trata dun gasto que unha televisión municipal non podería afrontar. Ademais, o dixital proporcionará un marco legal que evitará, por exemplo, que as locais se vexan na obriga de modificaren a frecuencia de emisión nun momento dado, circunstancia que afectou algunha vez a todas as televisións representadas na mesa.

A respecto do marco legal, os participantes evidenciaron unha clara necesidade de lexislación, se ben se amosaron máis ou menos receosos de que o dixital traia un marco regulamentario propicio para as locais. Joaquín Barreiro, por exemplo, denunciou a actual

situación de «incerteza» na que se vive. Ao ter 18 profesionais contratados, Barreiro síntese en ocasións «un pouco ousado» como administrador dunha empresa, ante a posibilidade de que un día se lexisle dunha maneira que non permita subsistir á súa televisión.

Trasladando o debate cara aos modelos de financiamento, Fidel Fernán quixo poñer de manifesto o que el considera un caso de «competencia desleal»: o financiamento mixto das televisións públicas. Na súa opinión, os presupostos das mesmas deben proceder integramente dos presupostos da Administración. Do contrario, estarase a xogar nun mesmo «campo de xogo con regras distintas».

A posibilidade de implantar un canon ou taxa por servizo é introducida por Marcelo Martínez, quen apunta que unha asociación de televisións locais europeas integrada por estacións gregas, italianas, alemás, francesas, británicas e belgas están «tratando de impoñer á Unión Europea que as televisións locais de ámbitos pequenos poidan exercer o dereito de canon». Con todo, Fidel Fernán considéralo inviable en Galicia a día de hoxe, debido esencialmente á mala sona que aínda conserva a televisión local a raíz duns primeiros anos nos que a súa calidade –técnica e profesional- era moi baixa. Esta forma incipiente de televisión guiábase polos gustos persoais dos seus responsables e carecía de «apóstolos que serviran de modelos» para facer unha televisión con criterio. Para Fidel Fernán, sobrou voluntarismo e faltou formación específica e profesionalidade, algo que xa se comezou a corrixir agora que proliferaron o colleron pulo os centros de formación. Aparecen novos profesionais preparados, tanto xornalística como tecnicamente, e isto reverte nun aumento da competencia das televisións locais. «Este tipo de televisión local», afirma o director de TV7, «é o que hoxe nos dá a posibilidade de comezar a entrar no mercado ou a poder comprar conxuntamente».

Fernán pronunciaba estas palabras ao fío dunha liña de debate aberta anteriormente por Xavier Otero, quen considera que o futuro das televisións locais pasa pola unión, tanto á hora de comprar programación como á de acadar ingresos publicitarios. Os debatentes concordan con esta idea, en liñas xerais. O profesor Marcelo Martínez falou, con todo, doutro tipo de unión: a unión na produción. Remitindo a un modelo xa existente en Europa, Martínez avoga por que as televisións locais funcionen elas mesmas como produtoras, capaces de xerar contidos intercambiáveis entre elas e comercializables fóra, se ben admite que este tipo de distribución pode verse coartada por razóns de lingua. Xavier Otero, pola

contra, insiste en que «o modelo de financiamento máis axeitado para a televisión local en Galicia é a publicidade, que o asociacionismo (...) vai vir sobre todo pola creación de redes ou cadeas ou grupos para comercializar, para comprar...».

César Galdo conta como, na televisión municipal que dirixe, se decidiu mudar unha programación propia de catro horas por outra dun cuarto de hora a fin de gañar en calidade. Hoxe alcanzaron a hora e media de programación propia, mais Galdo non se amosa demasiado partidario de comprar produción externa como vía para completar unha grella, xa que a poboación só demostra interese por «ver que di o informativo», isto é, pola programación relacionada co concello no que viven. «Nós estamos abertos a posibles intercambios con outras televisións, pero non estamos dispostos a mercar unha película de serie C porque non entra dentro da política de comunicación do Concello», afirma Galdo. El si contempla a posibilidade de funcionar como centro de produción, se ben admite que a dificultade desta práctica radica en que é preciso elaborar produtos «de tal maneira que non perdan o seu contexto local e que, ao mesmo tempo, poidan ser extrapolables a outras comunidades». O director de TV6 presentou a alternativa de financiamento que nas Pontes puxeron en marcha: agora que a televisión xa ten capacidade de xerar contidos de calidade técnica e tecnolóxica, a estación propúxolle á Televisión de Galicia funcionar como unha axencia de noticias na zona, a cambio de que a canle autonómica corra co gasto do radioenlace e ceda programación á canle municipal.

O derradeiro punto do debate versou sobre os perfís profesionais que existen e que se demandan na televisión local en Galicia. Dende a Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago, Marcelo Martínez procura manter un certo contacto coas televisións para facer un cálculo das necesidades formativas, a fin de ofrecer un ensino máis orientado ás esixencias do posto de traballo para evitar carencias na aprendizaxe. César Galdo, que estudou nesta facultade, lamentou o perfil excesivamente teórico que daquela caracterizaba a mesma, se ben Fidel Fernán asegura estar moi satisfeito do traballo dos xornalistas que recalaron en TV7 procedentes deste centro, porque demostran, por unha banda, ser bos coñecedores da realidade galega e, pola outra, estar familiarizados co medio e coa tecnoloxía. Onde existen certas carencias, a xuízo de Fernán, é no persoal técnico, composto por profesionais capaces de elaborar produtos con corrección, mais sen dotalos de «ese paso adiante creativo que é o que lle dá un plus a un produto». Na súa opinión, os

centros formativos de disciplinas técnicas non exercen aínda un verdadeiro fomento da creatividade e o talento.

Os centros de formación profesional (EIS na Coruña, Marcote en Vigo, Bemposta en Ourense e O Raio Verde en Santiago) son os grandes subministradores de persoal técnico para as televisións locais. Delas demanda Xavier Otero maiores cotas de formación. Mentres, Joaquín Barreiro demanda máis formación práctica en xeral, non só na FP senón tamén nas facultades de xornalismo, toda vez que a televisión esixe do profesional unha serie de requisitos e aptitudes máis longa ca os outros medios porque entran en xogo cuestións asociadas á presenza, á voz e á forma de estar diante da cámara; ademais, Barreiro considera que a televisión local esixe «ganas» por parte do profesional. César Galdo, por último, afirma con rotundidade que a televisión que dirixe necesita profesionais «todoterreo», porque non resulta rendible facer unha estrita separación de tarefas, aínda que Xavier Otero suxire que esta especialización si é posible en televisións con maior número de traballadores do que é habitual nas municipais.

3. TELEVISIÓN POR CABLE E DIXITAL

3.1. A televisión por cable en Galicia

As televisións por cable ofrecen hoxe en día un amplo abano de aplicacións e de servizos que abranguen dende a televisión dixital interactiva ou o acceso a Internet a alta velocidade até servizos de telefonía. Emporiso, o nacemento das redes de cable, nos anos 40, debeuse á necesidade das empresas televisivas de levar o seu sinal a aqueles lugares aos que por motivos xeográficos non chegaba coa suficiente calidade. O cable melloraba a recepción e a cobertura e permitía a captación dun maior número de estacións televisivas.

A finais da década dos 80 aínda quedaban en Galicia moitos concellos, sobre todo da provincia de Lugo, nos que o sinal televisivo chegaba coas coñecidas como «zonas de sombra». Intertrade, unha empresa viguesa, intentou implantar nestes concellos a televisión por cable que lle «permitiría a todos os veciños dunha localidade, que así o desexasen, a recepción da programación de canles tanto europeas como americanas (...). Ademais de incrementar a oferta televisiva, os veciños do interior de Lugo poderían captar as únicas canles que emitían naquel entón: as dúas cadeas de TVE e TVG» (Cendán Fraga, 1998: 232). Pero malia a existencia de moitos proxectos para a implantación do cable en Galicia, o baleiro legal ao que se enfrontaban as empresas instaladoras provocou que ningún deles tivera éxito.


O 22 de decembro de 1995 apróbase a Lei de telecomunicacións por cable co fin de encher ese baleiro legal. Esta norma divide España en demarcacións (Galicia é unha delas) e establece que só poidan operar dúas redes de televisión en cada unha. O Goberno autorizou directamente a primeira concesión a Telefónica para operar en todo o Estado. Para evitar o monopolio desta empresa, sacouse a concurso unha segunda licenza. Cableuropa e Retevisión repartíronse as concesións como segundo operador de televisión por cable.

Este repartimento quedou en Galicia do seguinte xeito:

-Telefónica aparece, por lei, como primeiro operador galego e crea Telefónica Cable Galicia S.A. Nesta sociedade participan Telefónica cun 70% das accións, La Voz de Galicia cun 15% e Caixa Galicia con outro 15%⁵².

-Polo que respecta á segunda concesión, opera en Galicia o Grupo R, denominado no momento da concesión Grupo Gallego de Empresas para el Cable. Este grupo conta con tres adxudicacións na comunidade: unha para a cidade de A Coruña, outra para Compostela e outra para o resto de Galicia. Inicialmente, nesta empresa participa Unión Fenosa cun 37,5% do capital, Caixanova con outro 37,5%, Cable Total/Zeta cun 15%, Faro de Vigo cun 10% e outros investidores posúen o 5% restante⁵³.

1ª operadora: Telefónica Cable Galicia S.A.




Datos: B. Díaz Nosty.

Elaboración propia

⁵² Datos elaborados por B. Díaz Nosty e recollidos en Ventura Fernández, R. (2001): *La televisión por cable en España: tendencias y estrategias*, Barcelona, EUB, p. 135.

⁵³ Datos de Díaz Nosty, en op. cit., p. 100.


2ª operadora: Auna: Grupo Gallego de Empresas para el Cable.



Datos: B. Díaz Nosty.

Elaboración propia

A día de hoxe, o accionariado de R é o seguinte:



Elaboración propia

O Banco Pastor entrou a formar parte do accionariado no ano 2001 e Inversiones Gallegas del Cable, en 1998. Baixo esta última denominación englobábase un heteroxéneo grupo de empresas: Grupo Tojeiro, Jealsa Rianxeira, Ceferino Nogueira, Hijos de Rivera,

El Progreso, Editorial Compostela (El Correo Gallego), La Región, El Ideal Gallego, Invertaresa, Dielectro Galicia e Ferro Inversiones.

3.2. O servizo de televisión de R

Dende o inicio da súa actividade en 1999, o operador de telecomunicacións por cable R estendeu pola xeografía galega máis de 250 000 quilómetros de fibra óptica, principalmente nas áreas urbanas. A rede de R conecta na actualidade a máis de 393 000 fogares e empresas galegas. Segundo datos actualizados en maio de 2004, R conta con 135 780 clientes, dos cales 107 211 son particulares e 28 569 son empresas.

No ano 2003, a cifra de clientes de R aumentou un 57% sobre o ano anterior e a empresa acadou o seu primeiro resultado operativo positivo: 17,37 millóns de euros sobre uns ingresos de explotación de 71,36 millóns.

R preséntase como un operador «global» de comunicacións, de maneira que a súa oferta de canles televisivas se enmarca dentro dunha oferta máis ampla que integra servizos de telefonía e acceso a Internet. A partir dun único cable de fibra óptica, o cliente de R pode recibir o sinal de televisión de máis de corenta canles, o servizo de teléfono e a conexión permanente a Internet de alta velocidade. Segundo datos facilitados pola propia empresa, o 40% dos clientes de R contrataron o seu servizo de televisión de pago. Esta porcentaxe refírese tanto a clientes particulares como a empresas, e o número exacto de clientes con televisión multicanle a peche de maio de 2004 era de 44 533 clientes.

R non leva un control directo sobre os niveis de audiencia das canles que inclúe na súa oferta, pero conta coa información dos audímetros de Sofres, que ofrecen datos sobre as canles temáticas incluídas nos seus diferentes paquetes. Segundo información facilitada por R, o perfil sociodemográfico do seu cliente é unha persoa de clase media ou media alta, de idade comprendida entre os 20 e os 45 anos e que vive nunha zona urbana.

No ano 2000, R asinou un acordo con catro empresas informativas (*El Ideal Gallego*, *Diario de Ferrol*, *Diario de Arousa*, *Diario de Bergantiños*, *DXT*, *El Progreso* e *Diario de Pontevedra*) para subministrarlle noticias locais ao seu portal de información e servizos www.arestora.com. Posteriormente, R chegou a acordos puntuais coas publicacións *Compostelán*, *Ourense por barrios*, *Terceiro Tempo*, *Sete Días*, *El Rastrillo* e

Entremuros para incorporar máis contidos. Segundo a empresa, «*Arestora* está a traballar na introdución de contidos audiovisuais no portal», para o que ten previsto colaborar con algunhas televisións locais.

BLOQUE IV. O FUTURO DA TELEVISIÓN EN GALICIA

1. O DEBATE SOBRE O MODELO DE TELEVISIÓN PÚBLICA

1.1. Un modelo esgotado?

A televisión pública, tal e como existe hoxe no contexto español, é unha figura anacrónica. Así o consideran tanto os defensores da mantenza da radiotelevisión pública como os seus detractores. Os medios de comunicación públicos europeos naceron na década de 1950 afectados por un claro intervencionismo estatal, que retiña o control da radio e da televisión para garantir un abstracto «servizo público».

Os problemas para as televisións públicas españolas comezaron en 1989, cando entraron no mercado as televisións privadas. Obrigados a manter audiencia para soste-la súa influencia na conformación da opinión pública, os operadores públicos entraron en competencia directa cos operadores privados. Este enfrontamento tivo varias consecuencias para a televisión pública. A máis visible, a busca das grandes audiencias da súa programación, que relegou a un plano marxinal os espazos culturais e formativos, até o punto de facer indistinguible a súa oferta da dos operadores privados. Pero houbo outra consecuencia máis alarmante para as arcas das Administracións públicas: o imparable crecemento da débeda dende principios dos anos 90.

Dos 8000 millóns de euros de débeda acumulada polas televisións públicas en España, 6200 correspóndelle ao ente Radio Televisión Española. Segundo Jorge del Corral, secretario xeral da patronal UTECA (Unión de Televisiones Comerciales Asociadas), a Sociedade Española de Participacións Industriais fracasou na súa xestión directa de RTVE. Non só non resolveu o déficit acumulado, senón que «transferiu parte da débeda á televisión privada gratuíta, en virtude dunha política comercial de dumping que levou as tarifas de publicidade até os prezos de 1996» (Corral, 12 de agosto, 2003).

En novembro de 2003, o Goberno anunciou que asumiría os 6200 millóns de euros que debe RTVE co obxectivo de adecuarse ás liñas marcadas pola Unión Europea. O Comisario da Competencia, Mario Monti, ten manifestado en varias ocasións a imposibilidade de seguir mantendo as axudas estatais ao Ente público. A SEPI pretende que

RTVE opere en equilibrio económico e financeiro dende 2005. Ademais da asunción da débeda por parte do Estado, a SEPI contempla outras medidas para equilibrar as contas da televisión pública. Entre elas, un expediente de regulación de emprego que se viría sumar ao xa posto en marcha para o período 2001-2002, ao que se acolleron preto de 300 empregados dos máis de 9000 que integran o cadro de persoal de Televisión Española

De acordo co presuposto de RTVE para 2004 que o seu Consello de Administración aprobou o 18 de setembro de 2003, o Ente público perderá 623 millóns de euros, até acadar unha débeda acumulada de 6600 millóns de euros, unha cifra semellante ao presuposto anual da Xunta de Galicia.

Na actualidade, RTVE finánciase por tres vías: a subvención estatal, os ingresos por publicidade e os préstamos do mercado de capitais. En contraste con outras televisións públicas europeas como a inglesa ou a alemá, que reciben o 80 por cento do seu presuposto do Estado, RTVE só recibe dos Presupostos Xerais do Estado un 5 por cento dos seus fondos. Algo máis da metade dos seus gastos sufráganse cos ingresos por publicidade, mentres que o resto, case o 50 por cento dos custos, se financian con créditos, o que provoca un imparable crecemento da súa débeda.

Polo que se refire aos entes de radiotelevisión autonómicos, cómpre sinalar que catro deles acumulan unha débeda de 1400 millóns de euros. A máis endebedada é a Corporació Catalana de Ràdio i Televisió (CCRTV), que chegou no 2003 a uns 857,4 millóns de euros de déficit. Séguela a radiotelevisión valenciana, que pechou ese mesmo ano cun endebedamento de 407,1 millóns de euros. A Radio Televisión de Madrid é a terceira por volume de endebedamento, con 144,828 millóns de euros ao peche do exercicio de 2003. A CRTVG, que ao remate de 2003 contaba con 13,8 millóns de euros de déficit, é a única que ten previsto cando vai enxugar o seu déficit. Segundo os cálculos da dirección xeral da Compañía, a Compañía de Radio Televisión de Galicia amortizará a súa débeda histórica no ano 2006.

Ademais dos dous factores que cuestionan a vixencia do modelo de televisión pública (a calidade da programación, cuestionada en numerosas ocasións, e o continuo endebedamento), outros argumentos que viñan xustificando a existencia dos servizos públicos de radiotelevisión están a ser cuestionados. Vexamos algúns deles:

- *Limitacións tecnolóxicas.* O espazo radioeléctrico era limitado. Ademais, os efectos da radiodifusión na conformación da opinión pública críanse case ilimitados. Uns mecanismos tan poderosos como a radio e a televisión merecían someterse ao control do Estado. Porén, a revolución dixital rematou coas limitacións tecnolóxicas. Ademais, a multiplicación de canles fixo da televisión pública unha máis dentro da oferta, de maneira que controlar a televisión pública xa non garante o control da opinión pública.
- *Pluralismo informativo.* A prensa de papel está nas mans privadas e defende intereses empresariais que poden ou non coincidir cos dun determinado partido. A televisión pública viría garantir o pluralismo ideolóxico representado no parlamento. Non obstante, aínda que a concentración empresarial dos medios é unha ameaza que está sobre Europa, non está claro que a televisión pública represente un contrapeso caracterizado pola súa pluralidade de miras. É máis ben, e no caso español existe certo consenso ao respecto, un xoguete político ao servizo do goberno.
- *Creación dunha comunidade.* A radio pero, sobre todo, a televisión, era un dos mecanismos de socialización máis importantes. Nos tempos que corren, a idea dunha nación común constrúese e mantense a través da ilusión de comunidade que proporcionan os medios de comunicación. As autonomías, como sinalaron algúns dos expertos consultados polo Consello da Cultura Galega, consolidáronse como espazos institucionais grazas ás respectivas televisións rexionais. O crecemento dos medios alternativos é imparable, e a multitude da oferta podería conducir á diminución dos referentes comúns nos que basear o debate público. Por se fose pouco, as novas xeracións amosan unhas pautas de consumo que cuestionan o poderío da televisión: os adolescentes pasan tanto ou máis tempo conectados a Internet que diante do televisor.

1.2. A «anomalía audiovisual» española

España é o único país da Unión Europea que aínda non conta cun Consello do Audiovisual, de aí que o presidente do Consell de l' Audiovisual de Catalunya (CAC),

Francesc Codina, fale da «anomalía audiovisual española» (Codina, xaneiro-marzo, 2003: 36-42). Os consellos do audiovisual son organismos públicos e independentes que teñen unha dobre misión: 1) velar polo cumprimento da lexislación sobre radio e televisión e 2) intervir no mercado para impulsar unha situación de competencia que garanta o pluralismo (Codina, xaneiro-marzo, 2003: 36).

Os primeiros pasos para a creación dunha autoridade audiovisual en España déronse no Senado español en 1995. Alí, a comisión sobre contidos televisivos, presidida pola profesora de Ética Victòria Camps, propuxo a creación dunha autoridade audiovisual que se denominaría Consejo Superior de Medios Audiovisuales. A iniciativa foi aprobada pola cámara, pero nunca chegou a facerse realidade.

Os parlamentos autonómicos foron algo máis áxiles. Cando menos, o catalán, que só un ano despois, en 1996, creaba o seu Consell de l'Audiovisual como un órgano asesor do goberno, para despois fundalo de novo no ano 2000 como organismo independente con poder de sanción. Até o de agora, sumáronse á listaxe de consellos do audiovisual autonómicos o Consejo Audiovisual de Navarra (creado en 2001) e o Consejo Audiovisual de Madrid, aínda que este último é semellante ao proto-consello catalán do 96: limítase a asesorar o goberno autonómico na materia.

O Consello catalán, que está parcialmente inspirado no Conseil Supérieur de l'Audiovisuel francés, incrementou recentemente as súas funcións. Até o de agora o organismo velaba polos contidos dos medios audiovisuais, emitía informes sobre os procesos de concesión, modificación e transmisión de licencias e dispuña de potestade sancionadora e mesmo normativa, xa que aproba «Instrucións» vinculantes para os operadores. De agora en diante, os informes do CAC sobre as licencias serán vinculantes para o Goberno catalán, despois de que o Parlamento autonómico aprobara o 18 de xuño de 2004 a ampliación das competencias do CAC.

A designación dos membros do Consell de l'Audiovisual catalán obedece a unha lóxica parlamentaria. Segundo explica Codina, «os seus dez membros son elixidos polo Parlamento de Cataluña, a proposta de, como mínimo, tres grupos parlamentarios, sendo necesaria ademais unha maioría de dous terzos. O presidente é proposto e nomeado polo Goberno da Generalitat despois de escoitar a opinión maioritaria dos outros nove membros.

Os mandatos, que son irrevogables e improrrogables, son de seis anos, co claro obxectivo de desmarcarse das lexislaturas do Parlamento» (Codina, xaneiro-marzo, 2003: 41).

En calquera caso, como o propio presidente do CAC reconece, «a independencia non vén tanto dos mecanismos de designación, senón, de entrada polos sistemas de revogación, e, especialmente, pola cultura e tradición democrática de cada país» (Codina, xaneiro-marzo, 2003: 41).

1.3. Perspectivas de reforma para o modelo

1.3.1. As propostas de Moragas e Prado

Os cimentos que viñeron sostendo a televisión pública están, en certa maneira, baixo sospeita. O férreo control do estado sobre os medios de comunicación públicos foi perdendo forza nas décadas de 1980 e 1990, que trouxeron aires de liberalización ao panorama das telecomunicacións. Con todo e con iso, e malia a apertura do sector á iniciativa privada, Europa segue a crer na necesidade dunha televisión pública, á que se lle asignarían novas funcións. Entre elas, as de servir como contrapeso á concentración empresarial e aos oligopolios do audiovisual, favorecer a supervivencia de comunidades lingüísticas e culturais que o mercado libre non pode garantir, e ofrecer un acceso universal ás innovacións tecnolóxicas que se produzan na televisión nos vindeiros anos (Moragas e Prado, 2000).

Miquel de Moragas e Emili Prado, autores dun informe encargado polo Consell de l'Audiovisual de Catalunya que tiña como obxectivo «repensar a televisión pública no contexto dixital», amósanse partidarios dunha televisión pública, sempre que se lle asigne «unha misión específica de comunicación» (2000: 4).

Para estes autores, a marca da diferenza da televisión pública radicaría na «calidade». Ofrecería unha maior carga informativa que as televisións privadas e daríalle entrada á experimentación de novos formatos. Manteríase e melloraría a oferta actual (cunha primeira cadea xeralista e unha segunda cadea orientada ás minorías), que se incrementaría coa incorporación de novas canles temáticas en aberto, coa finalidade de cubrir «os segmentos de interese que non queden cubertos coa oferta xeral» (2000: 10).

En canto ao financiamento, Moragas e Prado cren que o Estado debería asumir a débeda histórica das televisións públicas para entrar sen cargas na competencia da era dixital. Os autores propoñen un financiamento «composto» para esta nova situación, «formado por unha base ampla de financiamento procedente dos presupostos públicos, a publicidade e os ingresos procedentes das actividades industriais» (2000: 6).

As achegas da Administración á televisión virían determinadas por un contrato programa, destinado a sufragar aquelas actividades televisivas de calidade, mentres que as actividades de índole comercial «terían que autofinanciarse» (2000: 7). Os autores cuestionan a viabilidade dun canon⁵⁴ para obter a parte de financiamento procedente dos presupostos públicos, xa que consideran que se trata dunha «modalidade obsoleta e dificilmente adaptable a un novo escenario tecnolóxico» que, ademais, non ten tradición en España (2000: 6-7). Non obstante, non descartan a «recadación de impostos finalistas sobre o consumo de comunicación de pago como fórmula para constituír a achega pública ao presuposto destas televisións» (2000: 7).

Para Moragas e Prado, a publicidade debería ter un papel máis limitado, establecéndose «novos límites á saturación» e eliminando os anuncios das obras audiovisuais (2000: 7). Doutra banda, a televisión pública non debería deixar escapar a posibilidade de xestionar canles de peaxe, nin tampouco do pago por visión, sempre que quedase establecido no seu contrato programa (2000: 11).

Para recuperar a credibilidade do servizo público de televisión, os autores cren necesario definir e constituír unha autoridade audiovisual independente, que en última instancia estaría baixo a supervisión do Parlamento. Non tería por que haber unha única autoridade para todos os sectores e ámbitos audiovisuais, pero Moragas e Prado recomendan establecer unha xerarquía encabezada por un Consello do Audiovisual, que tería entre as súas competencias a supervisión dos contidos de todo o sistema audiovisual (público e privado), a aplicación de sancións por incumprimentos e a concesión, seguimento e renovación de licencias (2000: 22).

⁵⁴ O canon, consistente nunha taxa que pagarían todos os cidadáns cun receptor de televisión na casa, ascende na actualidade a uns 173 euros anuais no Reino Unido. «As furgonetas patrullan polas rúas na procura daqueles que non pagan o *impuesto cultural*, con multas que superan os 1400 euros» (Allende, 11 de febreiro, 2004).

Coa finalidade de garantir a independencia, despolitización e competencia profesional dos membros deste Consello, os autores pensan que sería interesante importar unha fórmula xa experimentada no Congreso e nos Estados Unidos: os *hearings* ou audiencias. Quen aspirase a un cargo no Consello do Audiovisual tería que demostrar a súa idoneidade nunha audiencia pública na que podería ser interrogado sobre os diferentes aspectos da súa competencia e as súas propostas (2000: 24). A votación para o nomeamento do candidato tería que obter unha maioría cualificada no Parlamento. Moragas e Prado propoñen un sistema semellante para elixir o goberno da radiotelevisión pública (léase director xeral).

1.3.2. As propostas da patronal Uteca

A Unión de Televisións Comerciais Asociadas (Uteca), da que forman parte Antena 3, Telecinco e Sogecable, expresou a través do seu secretario xeral, Jorge del Corral (25 de xaneiro, 2004), as reformas e modificacións na normativa televisiva que, ao xuízo desta organización, resultan necesarias para ordenar a competencia no sector e promover o seu desenvolvemento:

1. A compilación de todas as normas referidas á televisión nun só texto con rango de lei. A futura Lei do audiovisual (anunciada durante a lexislatura 2000-2004), debería regular dende a televisión privada á pública, dende a local á nacional, dende a analóxica á dixital e dende a terrestre até a televisión por cable.
2. A elaboración dunha regulación básica uniforme que afecte a todas as formas de lle comunicar ao público contidos audiovisuais. Quedarían baixo o mesmo marco xurídico o sector televisivo e todos aqueles outros (Internet) que realicen actividades semellantes.
3. O establecemento de regras específicas e razoables que ordenen a competencia entre os operadores do sector, sobre todo no referente ao ámbito territorial de cobertura e á forma de transmisión das distintas televisións.
4. A televisión privada deixará de ser un servizo público esencial para pasar a ser unha actividade que se preste en réxime de competencia, sometida a

autorización renovable automaticamente agás casos de incumprimento das condicións establecidas naquela.

5. As televisións públicas deberán quedar sometidas a un estatuto de «servizo público esencial» mediante o que se impondrán aquelas cargas e obrigas relativas á programación, á publicidade e a cuestións técnicas. Nesta medida deberase reducir ao máximo a posibilidade de que as públicas poidan acceder ao mercado publicitario, imponéndolles non só unhas limitacións estritas de tempo de emisión senón tamén de volume máximo de ingresos. As televisións públicas deberanse financiar esencialmente con recursos públicos. Presentaríanlle anualmente á súa autoridade audiovisual correspondente (chámesse consello audiovisual, axencia...) a programación anual cos obxectivos programáticos de servizo público. Unha vez aprobada, a televisión recibirá os recursos económicos necesarios, prohibíndolle pechar con déficit o exercicio. O estatuto de servizo público esixirá o establecemento de obrigas específicas de programación e de contidos, e do seu cumprimento encargarse unha autoridade autónoma e independente do Goberno central ou autonómico, con potestade para sancionar os incumprimentos.
6. A creación dunha autoridade independente do audiovisual que controle, e no seu caso, sancione a actividade de todos os operadores do mercado, públicos e privados.
7. Para que a Televisión Dixital Terrestre saia do seu letargo, cumpriría distribuír entre os operadores nacionais analóxicos (TVE, Antena 3, Telecinco e Canal Plus) e os operadores nacionais dixitais monofrecuencia (Veo TV e Net TV) o ancho de banda deixado pola fracasada Quiero TV.
8. Sen negar a necesidade de establecer límites á propiedade dos medios e regras que ordenen a competencia entre os mesmos, os límites non deben ser máis estritos do necesario. Débese respectar a decisión do Goberno do Partido Popular de permitir as participacións accionariais cruzadas, coas lóxicas limitacións, en televisións de distinto ámbito territorial.

Noutras colaboracións en prensa, o secretario de Uteca manifestouse a favor dun canon para o financiamento da televisión pública. Segundo Jorge del Corral, a implantación da televisión dixital pode ser unha oportunidade para «homologar con Europa o modelo de financiamento da custosísima televisión pública» (Corral, 2003: 10). Para acadar este fin, o Goberno e a oposición deberían pactar un canon obrigatorio por posesión dun descodificador ou dun televisor dixital.

1.3.3. O Consello para a Reforma dos Medios de Comunicación do Estado

O 3 de febreiro de 2004, en plena precampaña electoral para os comicios xerais do 14 de marzo dese ano, o candidato socialista, José Luis Rodríguez Zapatero, anunciaba a creación dun «comité de sabios» para encomendarlles un informe sobre a reforma dos medios de comunicación públicos⁵⁵. O comité estaría formado polo filólogo Fernando Lázaro Carreter, os filósofos Emilio Lledó e Fernando Savater, a experta en ética Victoria Camps e o comunicólogo Enrique Bustamante.

Se gañaba as eleccións –como finalmente ocorreu– o candidato aseguraba que o informe que elaborasen aqueles expertos sería vinculante e guiaría a reforma do marco legal que regula a radiotelevisión pública. Zapatero gañou as eleccións do 14-M e o 23 de abril de 2004 publicábase no Boletín Oficial do Estado o Real Decreto 744/2004, polo se creaba o Consello para a reforma dos medios de comunicación de titularidade do Estado, formado polos membros mencionados a excepción de Lázaro Carreter, que falecera o 5 de marzo de 2004, e que fora substituído polo xornalista e presidente da Asociación da Prensa de Madrid, Fernando González Urbaneja.

A función do comité de expertos, segundo se pode ler no Real Decreto 744/2004, é a de elaborar «un informe sobre o réxime xurídico, incluído o modo de designación dos seus órganos directivos, a programación e o financiamento dos medios de comunicación de titularidade estatal». O prazo para a entrega do informe era de nove meses, a contar dende a

⁵⁵ O anuncio de Zapatero producíase tres días despois de que o candidato á presidencia polo Partido Popular, Mariano Rajoy, prometera a creación dun Consello Audiovisual formado por personalidades independentes con potestade para impedir a emisión de determinados contidos na franxa horaria infantil.

creación do comité, polo que cabe esperar que o documento estea listo en xaneiro ou febreiro do ano 2005.

O convulso clima político que sucedeu o brutal atentado terrorista que segou a vida de 192 persoas nas vésperas das eleccións do 14 de marzo, a proximidade da voda real do Príncipe de Asturias e a inminente celebración doutros comicios, neste caso de rango europeo, o 13 de xuño de 2004, influíron de xeito determinante na atención cara ao labor da directora xeral de RTVE elixida por Zapatero con carácter interino até que o Comité de Expertos faga público o seu ditame. Carmen Caffarel, catedrática de Comunicación da Universidade Rey Juan Carlos, espertou reticencias polo seu perfil «excesivamente» académico, afastado das dinámicas empresariais da industria audiovisual. A directora do Ente foi obxecto de numerosas críticas polas súas primeiras actuacións públicas. Caffarel suprimiu os debates políticos de Radio Nacional semanas antes das eleccións europeas do 2004, xa que segundo o seu criterio non eran o suficientemente plurais. Ademais, pronunciou unha polémica conferencia nunhas xornadas organizadas pola Asociación de Periodistas Europeos. Presuntamente, Caffarel dicía que a influencia do poder político nos medios públicos estaba lexitimada polas urnas:

É verdade que o poder político, no espazo mediático público, pode condicionar o contido da información. Pero... hai algunha garantía de que os contidos no sexan mediatizados nos medios de carácter privado? Ningunha, vostedes sábeno moi ben. O celo profesional, a ética xornalística e a busca da obxectividade de quen neses medios traballa non sempre prevalece sobre intereses comerciais ou sobre influencias de carácter político. É verdade que iso ocorre en todos os medios, nos de carácter público tamén. Pero hai unha sutil, e algo máis ca sutil diferenza. No medio de titularidade pública a influencia, se é que existe, está, en última instancia, lexitimada polas urnas, e no medio privado adoita ser difusa, non recoñecible, una mestura de intereses políticos e comerciais. Son dúas fontes de lexitimidade realmente existentes nas sociedades contemporáneas. Pero entenderán vostedes que, na miña condición non xa de Directora Xeral de RTVE, senón mesmo de profesora ou catedrática de Comunicación, eu considere substancial a lexitimidade que se deriva do sufraxio, da vontade individual de todos e cada un dos cidadáns e cidadás que, en última instancia, son propietarios e, ao tempo, destinatarios dos contidos e das informacións xerados polo medio público. (Caffarel, 15 de xuño, 2004)

As declaracións da directora de RTVE sobre o novo modelo de televisión pública sempre foron moi comedidas. Aínda que deixa nas mans do Comité de Expertos esta

cuestión, Caffarel deixa entrever a súa opinión sobre a reforma do ente que dirixe. Segundo declaraba nunha entrevista concedida ao xornal *El Mundo* (31 de maio, 2004, páxinas 12-13) para ela o referente a imitar é a BBC. «É o referente ao que todos nos gustaría parecernos, non só en termos de financiamento, senón tamén de contido, pluralidade, etcétera». O que non comparte Caffarel é o modelo de televisión pública norteamericana, cunha cota moi minoritaria de audiencia.

A privatización de RTVE, tema recorrente durante os últimos tempos, cobrou máis visos de realidade cando o secretario de Estado de Economía do novo goberno socialista, Miguel Ángel Fernández Ordóñez, lle expresou ao xornal *El País* (o 10 de maio de 2004) que a mellor solución para rematar co imparable crecemento da débeda era privatizar parcialmente o ente público. Estas manifestacións atoparon a oposición dos sindicatos e da propia Carmen Caffarel, que na citada entrevista dixo estar en contra da privatización da primeira ou da segunda canle. Segundo a directora de RTVE, o Goberno debería «axudar» para saldar a débeda histórica do ente.

Quen si secundou as declaracións do secretario de Estado de Economía foi o ministro de Economía e vicepresidente segundo do Goberno, Pedro Solbes, aínda que o fixo dunha maneira moi sutil. Na súa comparecencia perante a Comisión de Economía e Facenda do Senado o 14 de xuño de 2004, Solbes reflexionou en alto sobre a posible privatización de RTVE: «Privatizar, si ou non? Depende, non falo de privatizar a televisión, pero vou facer unha referencia. Non prexulgo o que sucederá no seu día coa televisión, pero fago unha reflexión. Como se gastan mellor os cartos? Financiando algúns programas de televisión ou en educación, en investigación? Cunha televisión que compite con outras en programas parecidos, temos que pensar moi seriamente cal é a mellor das opcións».

Urxido a precisar se estaba a favor ou non da privatización de RTVE, Solbes pasoulle a pelota ao Comité de Expertos, que á hora de pechar este informe non dixo nada en concreto ao respecto. Un dos seus membros, o xornalista Fernando González Urbaneja, amosouse partidario de que TVE reduza o seu tamaño e non emita publicidade (*La Voz de Galicia*, 29 de abril, 2004, p. 61).

Pola súa parte, Jorge del Corral, secretario da patronal Uteca, que agrupa as principais televisións privadas, cre que a tarefa do Comité de Expertos «non é difícil, abonda con aplicar o sentido común, estudar o dereito comparado e non deixarlles [aos

medios públicos] que practiquen a competencia desleal contra os privados» (1 de maio, 2004: 8). O representante das emisoras privadas considera que a reforma terá éxito sempre e cando afecte a todos os medios públicos, incluídos os xestionados polas autonomías e concellos: «A clave estará na vontade política de Zapatero de levar adiante a proposta e en convencer os grupos parlamentarios para que a lei se aprobe por unanimidade e se aplique a todos os medios públicos, sexan estes de titularidade autonómica, provincial ou local» (1 de maio, 2004: 8).

1.3.4. O debate no caso da Compañía de Radio Televisión de Galicia

O actual Director Xeral da CRTVG, Francisco Campos Freire, nunha intervención na Coruña en 1995⁵⁶, reclamaba para a TVG o papel de «locomotora dun nacente sector audiovisual galego», que daquela agrupaba arredor de 30 empresas e facturaba máis de 3000 millóns de pesetas. Campos definía daquela a Televisión de Galicia como un «medio fundamental para Galicia e para a recuperación e revitalización da súa lingua e cultura, ademais de servir de motor da industria audiovisual e cultural de Galicia».

Con todo, en Galicia tamén xurdiron propostas de privatización da CRTVG. Bieito Rubido, en *Radiodifusión pública: un modelo a redefinir*, fai referencia á campaña electoral de 1989, cando Manuel Fraga prometía que de chegar á Xunta había privatizar a compañía. Pasado o tempo deuse de conta de que non sería capaz de cumprir esa promesa, «entre outras razóns porque non llo permitía a lei, e naqueles momentos tampouco parece que xurdisen empresarios dispostos a quedaren cunha empresa que xera sistematicamente resultados económicos negativos» (Rubido, 1996: 69-70).

Rubido explica xa na súa análise do ano 96 que a solución non é privatizar os medios de titularidade pública – «esa é unha saída demagóxica e fácil» (Rubido, 1996: 70) –, nin sequera manter o dobre financiamento, senón tratar de redefinir o modelo de radiotelevisión pública. «No caso de Galicia os propios directivos amosaron en moitas ocasións o seu aberto pesimismo perante a posibilidade de melloraren a súa situación financeira. Ramón Villot, Director Xeral da CRTVG no 1992, asegurou o 17 de setembro

⁵⁶ Campos Freire, F.: «Novas tecnoloxías e comunicación audiovisual en Galicia». Comunicación presentada o 3 de xullo de 1995 na UIMP na Coruña. Citado en Rubido, B.(1996): *Radiodifusión pública: un modelo a redefinir*, Santiago, Edicións Lea, p. 66.

dese ano no Parlamento galego que «é imposible que a TVG sexa rendible»⁵⁷» (Rubido, 1996: 78).

1.3.4.1. A iniciativa CRTVG Plural

O 14 de maio de 2002, o pleno do Parlamento de Galicia rexeitaba, cos votos do PP en contra e do BNG e PSdeG-PSOE a favor, unha iniciativa lexislativa popular que tiña como finalidade modificar a Lei de creación da CRTVG para cambiar o modelo de elección do director xeral, que pasaría de ser nomeado polo Goberno a ser elixido por unha maioría de dous terzos polo Parlamento de Galicia, por un período non coincidente co da lexislatura. A proposición, denominada «Iniciativa CRTVG Plural», foi apoiada polo 75% dos traballadores da CRTVG e asinada por preto de 20 000 cidadáns. Partiu dunha vintena de xornalistas da Compañía, encabezados por Xosé Manuel Vega, o actual decano do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

O deputado do Partido Popular Manuel Ruiz Rivas considerou inoportuna a iniciativa polo momento no que foi presentada, despois dun inverno (finais do 2000 e comezos do 2001) marcado pola aparición de casos de vacas tolas, un forte temporal, a presentación dunha moción de censura por parte do BNG o 29 de xaneiro de 2001, e a proximidade dunhas eleccións autonómicas (as de outubro de 2001). Ao xuízo deste deputado, estas circunstancias deberon ser valoradas para evitar que proposta tivese «connotacións políticas». O grupo do PP condicionou calquera reforma dos medios autonómicos a unha modificación previa do marco legal estatal e afirmou que o nomeamento parlamentario do director xeral da CRTVG empeoraría o estado das cousas, xa que faría máis dificultosa a súa elección e o seu cese.

O voceiro do BNG, Xosé Manuel Beiras, e o socialista Antón Louro apoiaron a iniciativa, xa que consideran que a CRTVG non cumpre cos principios de pluralismo, obxectividade e servizo público.

Segundo Xosé Manuel Vega (5 de abril, 2001) a proposición de lei que avogaba por deixar nas mans do Parlamento a elección do director xeral da CRTVG tiña como obxectivo «darlle un primeiro tratamento de urxencia a unha situación insostible: a perda

⁵⁷ Villot, R.: «Rendibilidade da TVG», en *La Voz de Galicia*, 18-09-1952.

gravísima de credibilidade informativa da TVG». Na opinión do xornalista, a iniciativa lexislativa apuntaba ao corazón do problema: «A dependencia directísima do órgano reitor da Televisión de Galicia da Xunta, que é quen o nomea e o destitúe». Se o Parlamento fose quen elixise o director xeral da CRTVG por maioría de dous terzos e para un período de cinco anos, «o consenso parlamentario serviríalle de amparo ao reitor da televisión pública para loitar contra as presións que ten e que vai ter en calquera goberno futuro». Vega recorre aos pensamentos expresados polo catedrático de dereito José Juan González Encinar –falecido en agosto de 2002– quen consideraba o modelo de televisións públicas en España «unha momia do franquismo, unha vergoña democrática no noso contorno europeo». Para que a TVG chegue a ser un referente de «pluralismo e veracidade», Xosé Manuel Vega aposta por tomar unha serie de medidas. Ademais do cambio no modelo de elección do director xeral da compañía, cumpriría unha auténtica profesionalización da Redacción e do Consello de Administración, a creación dun Consello do Audiovisual «independente do poder político» que velase pola obxectividade e pola transparencia das informacións, e a posta en práctica dunha programación de calidade, «especialmente atenta cos contidos informativos, culturais e educativos».

Ao pouco de ser elixido decano do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, Xosé Manuel Vega remitiulles aos colexiados unha carta na que explicaba os seus obxectivos como máximo responsable da institución. A misiva, datada o 17 de maio de 2004, informaba da intención de poñer en marcha unha Mesa polos medios públicos que, de non ser constituída polo Parlamento de Galicia, sería creada polo propio Colexio:

Unha das primeiras accións que como Xunta de Goberno do CPXG xa acometemos foi dirixirnos ás tres formacións políticas con representación no Parlamento Galego, e instalas para que en sede parlamentaria constitúan no prazo máis breve posible un grupo de traballo que despois de recoller as achegas de todos os sectores profesionais, sociais, políticos, e académicos elabore unha proposta de modelo de medios de comunicación públicos para Galicia. O Grupo de Expertos creado por iniciativa do novo Presidente do Goberno de España está demandando que dende as comunidades autónomas se formulen propostas que poidan ser tidas en conta antes de que elaboren a proposta definitiva sobre o modelo de medios de comunicación públicos. Se finalmente o Parlamento Galego se opón á constitución desa Mesa polos medios públicos, tería que creala o propio Colexio, e despois de escoitar todas as comparecencias que se estimen pertinentes, remitir a que debería ser a proposta galega ao consello de Expertos encargado de elaborar a lei que servira de norma básica para os

medios de comunicación públicos en España. Pero pensamos que o escenario no que se debe crear esa Mesa polos medios públicos é no Parlamento Galego, e así o demandamos.

1.4. A opinión dos partidos do Parlamento de Galicia sobre o modelo de televisión pública para Galicia

A Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega convocou a membros das forzas políticas representadas no Parlamento de Galicia para recadar a súa opinión sobre a vixencia do modelo de televisión pública, así como as súas perspectivas para unha posible reforma do marco lexislativo actual nesta materia. O debate celebrouse na sede do Consello da Cultura Galega en Santiago de Compostela o 17 de novembro de 2003. Participaron José Luis Iravedra, membro do Consello de Administración da Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG) en representación do Partido Popular, Eduardo Gutiérrez, deputado do BNG no Parlamento de Galicia e membro da Comisión de Control da CRTVG na devandita cámara e Margarita Pérez, deputada do PSdeG-PSOE na cámara autonómica e membro así mesmo da Comisión de Control da CRTVG. O moderador do coloquio foi o historiador e crítico de cinema Miguel Anxo Fernández, membro da Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega. Durante o debate, os representantes dos tres partidos políticos con presenza na cámara galega (Partido Popular, Bloque Nacionalista Galego e Partido Socialista) apostaron pola existencia dunha televisión pública de vocación xeralista.

O primeiro en intervir foi Eduardo Gutiérrez, membro do BNG na Comisión de Control da Compañía de Radio Televisión de Galicia no Parlamento autonómico, quen cre que cómpre seguir defendendo a «función de servizo público da televisión». Aínda que reconece as dificultades para definir este concepto de «servizo público», Gutiérrez cre que debe existir unha televisión que non estea condicionada polas forzas do mercado (neste caso as audiencias). Neste sentido, o representante do Bloque considera que o financiamento da televisión con cargo aos fondos públicos obriga a televisión a ser «plural» e a «estender os valores democráticos». Con todo, ao seu xuízo a televisión pública non está a cumprir esta misión debido á súa dependencia governamental e á inexistencia dun organismo de control externo. Neste último aspecto, «o déficit, tanto en Galicia como en todo o Estado, é inmenso», afirma. Prodúcese así unha «situación de anormalidade» que, a

dicir de Gutiérrez, non ten parangón en ningún país da Europa desenvolvida. En calquera caso, o representante do BNG cre que ás funcións que xustifican o mantemento da condición pública da televisión súmanselles, no caso galego, a conservación e a difusión do «idioma e da cultura do país». De aí que, para ser esta máis efectiva á hora de atraer audiencias e gañar falantes para o galego, a Televisión de Galicia teña que ser xeralista, isto é, orientada a públicos masivos.

José Luis Iravedra, membro do Consello de Administración da CRTVG en representación do Partido Popular, maniféstase a favor da convivencia entre o sector público e mailo privado no eido da televisión. Recoñece que haberá que adaptar o modelo á era da dixitalización, aínda que ao seu parecer a filosofía seguirá sendo a mesma, «a de garantir o dereito á información» nun mercado onde coexistan a oferta pública e a privada. Iravedra cre que as televisións públicas deben ser xeralistas, sobre todo no caso de Galicia, onde a difusión do galego será maior canto máis amplo sexa o espectro ao que se dirixe a programación televisiva. O representante do Partido Popular considera que é precisamente neste último aspecto, o da lingua, onde mellor se pode percibir a función social da TVG: «facer servizo público en Galicia é emitir en galego». Polo demais, o concepto de «servizo público» é para Iravedra «indefinible» e «pura filosofía».

José Luis Iravedra supedita calquera cambio na lexislación da Televisión de Galicia aos cambios que se produzan a nivel estatal. Para Iravedra, as institucións de control do funcionamento da TVG (cita o Consello de Administración, o Consello Asesor, a comisión de control parlamentario, o Consello de Contas e o Valedor do Pobo) son suficientes, e reclama para as televisións privadas un grao de fiscalización semellante. Amosa o seu escepticismo perante a eficiencia de iniciativas como a promovida polos traballadores da CRTVG nos anos 2001-2002 para cambiar o modelo de elección do director xeral da Compañía. Iravedra asegura que a elección deste cargo por parte dunha maioría cualificada xa foi ensaiada sen éxito no Parlamento de Andalucía, razón pola cal esta comunidade volveu deixar nas mans do executivo a designación do máximo responsable da radiotelevisión autonómica.

Margarita Pérez, membro do PSdeG-PSOE na Comisión de Control da CRTVG no Parlamento de Galicia, avoga pola existencia «dunha televisión pública que sexa xeralista nos contidos, maioritaria na audiencia e esixente na calidade». Pérez pensa que «hai que

tratar con especial coidado a pluralidade e o rigor dos informativos» e coincide con Gutiérrez na necesidade de «afondar nos mecanismos de control (...) dos medios de comunicación, públicos e privados». No caso concreto da CRTVG, Margarita Pérez amósase favorable ao cambio do modelo de elección do director xeral, que pasaría de ser nomeado polo executivo a ser elixido por unha maioría cualificada do parlamento, por un período non coincidente co da lexislatura.

A instancias do moderador, os participantes manifestáronse a continuación a respecto da posibilidade de creación dunha segunda canle de televisión autonómica. Das súas consideracións incluimos breve referencia no apartado 3 do seguinte capítulo, dedicado por enteiro a esta cuestión.

2. O DEBATE SOBRE A SEGUNDA CANLE DA TVG

2.1. As segundas canles en España

As emisións polo programa UHF, que posteriormente serían coñecidas como a «segunda canle», iniciáronse en España no ano 1965. O UHF limitouse a repetir a programación da primeira canle até novembro de 1966, data na que puxo en marcha a súa programación independente (Cendán Fraga, 1998: 40). Comezaba así a historia de TVE-2, ou La 2, como sería rebautizada máis recentemente. A segunda canle española seguía a tendencia iniciada pola BBC o 20 de abril de 1964 coa súa BBC-2. Dende aquel entón, a creación de segundas canles nos servizos públicos de televisión de toda Europa non tardaría en xeneralizarse.

En España, a primeira televisión autonómica que puxo en marcha unha segunda canle foi a televisión vasca. ETB-2, que emite só en castelán, comezou a súa andaina o 31 de maio de 1986. Comezou emitindo 8,7 horas de media diaria, unha cifra que dobra na actualidade, xa que na temporada 1996/1997 situábase nunha media de 15,5 horas de emisión diarias (GECA Consultores, 1997: 67). Nesa mesma temporada acadaba unha cota de pantalla do 16,9 por cento. Unha audiencia superior á de ETB-1, que contaba nesas datas cun 6,8 por cento de *share*. A comezos dos anos 90 o presuposto das dúas televisións vascas superaba os 12 000 millóns de pesetas.

As emisións da segunda canle autonómica de Cataluña, Canal 33 (C33), deron comezo o 10 de setembro de 1989. Esta segunda televisión perseguía dous obxectivos: atraer as audiencias que buscaban contidos máis cultos e alternativos, e conquistar para o catalán un maior espazo nas ondas televisivas, xusto cando empezaban as súas emisións canles privadas de ámbito nacional. C33 emitía a principios dos noventa unhas dez horas ao día. En 1996, esa cifra quedaba amplamente superada polas máis de 20 horas de emisión diarias. Na temporada 1996/1997, Canal 33 pechou o exercicio cun 7 por cento de *share*. Pola súa banda, TV3, a de máis éxito entre as autonómicas, acadaba ese ano un 20,8 % de cota de pantalla. A comezos da década dos 90, o presuposto para as dúas canles autonómicas catalás situábase preto dos 26 000 millóns de pesetas.

A segunda canle do Ente Público de Radio Televisión de Valencia comezou a emitir o 9 de outubro de 1997, co nome de Noticias 9. Para a súa posta en marcha aprobouse unha partida orzamentaria de 1350 millóns de pesetas, se ben unha parte deles destináronse á creación dunha rede propia de telecomunicacións para as dúas canles autonómicas (GECA Consultores, 1997: 51). En 1999 cambiou o seu nome polo de Punt Dos, coincidindo cunha campaña de relanzamento da cadea que introduciu algúns cambios na súa grella de programación. «A súa oferta xeralista» (son palabras do Gabinete de Relacións Externas da radiotelevisión valenciana) «inclúe informativos, cine, programas divulgativos e retransmisións deportivas, prestándolle unha atención especial aos deportes minoritarios e aos equipos da Comunidade Valenciana». Punt Dos emite unha media de 16 horas diarias integramente en valenciano. A primeira canle (Canal 9) ofrece unha programación mixta en canto ao idioma.

A Radio Televisión de Andalucía lanzou a segunda oferta televisiva o 5 de xuño de 1998. O investimento inicial para esta nova canle, coñecida como Canal 2 Andalucía, ascendeu a 650 millóns de pesetas e o presuposto do primeiro cuatrimestre (xuño a setembro de 1998) situouse en 806 millóns de pesetas (GECA Consultores, 1998: 59). A súa programación, segundo se pode ler na súa web corporativa, baséase na divulgación dos valores e sinais de identidade andaluza e na atención aos públicos máis novos. En 1999 o seu *share* ascendía ao 2 por cento.

O Ente Público Radio Televisión de Madrid inaugurou a súa segunda canle autonómica o 19 de marzo de 2001. A grella de programación de La Otra está centrada no mundo do lecer, os espectáculos e a cultura.

2.2. Unha vella proposta que volve estar de actualidade

A primeira proposta para crear unha segunda canle de televisión de ámbito autonómico partiu en 1990 de Xavier Alcalá, o enxeñeiro de telecomunicacións que se responsabilizaba do funcionamento da rede de emisión da CRTVG nos primeiros anos de existencia da Compañía. Alcalá, entón presidente da Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia, redactara un proxecto técnico que contemplaba a creación dunha segunda canle de televisión en Galicia, que se apoiaría na colaboración entre

distintas televisións locais do país. O estudo, presentado polo propio Alcalá ao presidente da Xunta o 8 de novembro de 1990, non foi tomado en consideración (Álvarez Pousa, 1993: 345).

Con todo, a idea de Alcalá acadou certo rango institucional cando o Consello da Cultura Galega decidiu secundala. No seu plenario do 13 de marzo de 1991, este organismo consultivo aprobaba por unanimidade unha proposta elaborada pola súa Comisión de Comunicación, na que se avogaba polo fortalecemento dos medios de comunicación galegos e se propuña a creación dunha segunda canle para a Televisión de Galicia, a imitación das que se crearan no País Vasco e Cataluña. Segundo recollía o semanario *A Nosa Terra* nunha reportaxe, a proposta do Consello enxergaba unha TVG-2 que prestaría unha «maior atención ás expresións artísticas e culturais xurdidas no propio país» e que «permitiría, así mesmo, o desenvolvemento de experiencias de información local e comarcal» (*A Nosa Terra*, 13 de febreiro de 1992, p. 3).

O Partido Socialista Galego-Esquerda Galega (PSG-EG), integrado no Grupo Mixto, trasladaríalle a proposta do Consello ao Parlamento autonómico. A Comisión Institucional da cámara rexeitouna o 6 de febreiro de 1990. O Partido Popular, a formación coa maioría dos escanos no Parlamento de Galicia, xustificou a súa negativa á creación da segunda canle nas limitacións orzamentarias. Segundo recollía *A Nosa Terra*, a iniciativa presentada polo partido liderado por Camilo Nogueira contemplaba «unha canle mixta», que uniría «a posibilidade de diversificar a programación da televisión galega coa demanda existente de televisión local», convertendo esta segunda canle nunha federación plural de televisión, cunha parte común de programación e cun horario de desconexións. «A parte local», continúa a reportaxe, «correría a cargo dos concellos respectivos, pero tamén contemplaría a posibilidade de participación privada. A programación local sustentárase na oferta de publicidade local». (*A Nosa Terra*, 13 de febreiro de 1992, p. 3).

Manuel Rivas, entón presidente da Ponencia de Comunicación do Consello da Cultura Galega, propuña vincular a segunda canle de televisión autonómica «ao proceso de comarcalización e de agrupamento metropolitano nas cidades». A TVG-2 sería así «unha televisión con alicerces locais e comarcais, unha televisión de televisións» (13 de febreiro, 1992: 3).

A proposta da segunda canle quedaría sen concretarse durante máis dunha década, até que a Academia do Audiovisual de Galicia impulsou a celebración do Foro «2ª Canle de Televisión de Galicia» o 22 de xaneiro de 2004. O encontro pretendía, segundo unha nota incluída pola Academia no seu primeiro boletín informativo, «abrir o debate e transmitirle á sociedade a inquedanza por unha nova canle, eminentemente cultural e de produción exclusivamente galega» (*Comunicación*, setembro de 2003, p. 5).

O foro estruturouse en dúas mesas redondas. A primeira, titulada «2ª canle: un proxecto», reuniu a representantes das diferentes televisións autonómicas existentes en España: Juanjo Guerenabarrena, director de Programas e Programación de «La Otra» (Telemadrid); Jordi Serra, director de Producción de Televisión de Catalunya; Pello Sarasola, director de Programas da ETB; Joaquín Durán, director de Antena de Radio Televisión de Andalucía; Cristina Álvarez, directora de Canal 2 Andalucía; Alfred Costa, director de Programación de Canal Nou, e Carlos Carballo, director de Programación da TVG. Nas súas intervencións, os relatores explicaron as razóns que apoiaron o nacemento dunha segunda canle nas súas comunidades: a existencia dunha cultura propia, a necesidade de ofertar unha programación máis variada, e mesmo a vontade de aumentar a propia autoestima do pobo, como dixeron os representantes andaluces.

A segunda mesa de debate, titulada «2ª canle: unha demanda», congregou a significadas figuras do sector audiovisual galego: Valentín Carrera, do Clúster do Audiovisual Galego; Zaza Ceballos, presidenta da Asociación Galega de Produtoras Independentes; Carlos Amil, presidente de CREA (Directores e Realizadores Asociados de Galicia); Henrique Rivadulla, presidente da Asociación Galega de Guionistas, e Cándido Pazó, presidente da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia. A mesa redonda tamén contou coa presenza de deputados dos partidos con representación no Parlamento de Galicia: José Luis Iravedra, do PP, Eduardo Gutiérrez, do BNG, e Antón Louro, do PSdeG-PSOE. Así mesmo, interviñeron Carlos López, vicepresidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, e Xosé López, coordinador da Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega.

Segundo recollía o portal <http://www.culturagalega.org> nunha reportaxe publicada o 30 de xaneiro de 2004, o debate da segunda mesa redonda «quedou polarizado entre dúas opinións: por unha banda, os que consideraban que non era o momento para a creación desa

segunda canle, entre os que estaban Carlos Carballo, director de programas da TVG e o representante do Partido Popular e membro do Consello de Administración da CRTVG, José Luis Iravedra. Son os que consideraron que non existía demanda, que non era viable economicamente e que non se daban as condicións tecnolóxicas óptimas para poder desenvolvelo. Da outra banda estaba o resto dos sectores (dende os outros grupos políticos até o público) que consideraban que sería un bo momento para que dende o goberno actuase para potenciar o sector considerado estratéxico por lei».

Os representantes do audiovisual galego postularon á TVG-2 como a mellor vía para lle dar saída a aqueles programas que non teñen cabida na primeira canle autonómica. En troques, dende a propia TVG defendeuse a posición de que a sobreproducción debería optar pola vía da exportación.

Manuel Gómez, presidente da Academia Galega do Audiovisual, declarou no portal Cultura Galega que a institución que preside seguiría «solicitando informes sobre a nova situación tecnolóxica, sobre as industrias culturais e sobre o marco de televisión» para incluílos nunha publicación que recollerá tamén a transcripción das mesas de debate do Foro sobre a segunda canle.

2.3. A opinión dos expertos consultados polo Consello da Cultura Galega

A creación dunha segunda canle de televisión autonómica foi reivindicada en varias ocasións por diferentes representantes do mundo da cultura en Galicia. O infoentretemento no que caeron as televisións públicas por mor da súa competencia directa coas privadas deixou de lado os programas culturais. Unha segunda canle viría solucionar ese baleiro. Ademais, ao quitarse de enriba a presión dos audímetros, esa hipotética TVG-2 sería unha fiestra aberta aos novos valores do audiovisual galego, que poderían exhibir as súas creacións.

Os profesionais do cinema e da televisión de Galicia son os máis activos á hora de reclamar unha segunda canle. A Academia Galega do Audiovisual, que integra as distintas categorías profesionais que se dan dentro do sector (produtores, directores, guionistas, actores, técnicos de son e imaxe, etcétera), manifestou en varias ocasións que a TVG-2 podería ser unha vía de saída para as producións excedentarias, isto é, as que non atopan

espazo na grella da primeira canle, ben polo arriscado das súas propostas, ben por tratárense de xéneros non prioritarios na televisión actual como os documentais.

O principal atranco para a creación desta segunda canle semella ter unha raíz económica. Nun contexto de desprestixio da televisión pública, á que se lle bota en cara a súa dependencia governamental e o seu endebedamento, destinar máis fondos da Administración aos medios de comunicación públicos podería suscitar reticencias entre a opinión pública e os operadores privados de televisión. Non obstante, hai dous factores que os defensores da TVG-2 poden considerar como esperanzadores: 1) está previsto que no ano 2006 a CRTVG elimine a súa débeda histórica; e 2) o «apagón analóxico», programado para o ano 2012, ofrecerá a oportunidade de crear novas canles dixitais cun custo moito menor ao das analóxicas.

Os expertos convocados pola Sección de Comunicación do Consello da Cultura para participar nos grupos de discusión sectoriais aludiron en varias ocasións á cuestión da segunda canle autonómica. Houbo dúas mesas redondas nas que o tema acadou especial relevancia: a mesa sobre o financiamento e a mesa sobre o modelo de televisión.

No marco do debate sobre o financiamento, José Luis Méndez Romeu, deputado do PSdeG-PSOE no Parlamento de Galicia, cuestiona algúns dos argumentos que, dende o sector profesional, xustificarían a inminente posta en marcha dunha TVG-2. A xuízo do deputado, o custo da segunda canle superaría amplamente os dous mil millóns de pesetas, que é a cifra que se baralla en ambientes como a Academia Galega do Audiovisual. Ademais, os fondos audiovisuais da TVG son máis limitados do que parece: «non hai material para unha programación de máis dun mes». Méndez Romeu cre que en Galicia «non se dan as condicións obxectivas que fagan necesaria esa segunda canle» e sostén que «previamente debера existir un debate sobre os seus obxectivos, a audiencia perseguida e, sobre todo, os seus recursos de financiamento». En opinión deste deputado, de crearse a TVG-2, cumpriría contemplar a posibilidade do financiamento mixto (capital público e privado). Ademais, debería estar dirixida ás emisións dixitais, «porque manter o modelo analóxico está fóra de lugar», conclúe.

Dentro do mesmo debate, Miguel Túñez, profesor de Xornalismo na Universidade de Santiago, apuntou que a canle xa existente debería recoller «o que está fóra do estándar social: as vangardas, as minorías, o alternativo...». «A TVG –opina Túñez– está afónica,

non recolle todas as voces que hai na sociedade para a que se aprobou e para a que se dirixe». Máis aínda, trátase dunha «afonía institucional porque hai unha priorización das institucións», que se dá especialmente nos informativos mais tamén afecta á programación de entretemento. A xuízo de Miguel Túñez, a segunda canle é defendible como elemento alternativo e de pluralidade, pero sería preciso vixiar o desenvolvemento do proxecto para garantir que estea «afastado da instrumentalización que se fai actualmente da cadea que xa existe».

Miguel Anxo Fernández, escritor, historiador e crítico de cinema, é ademais o vicepresidente segundo da Academia Galega do Audiovisual. Fronte ás reticencias que podería provocar a asignación de recursos públicos para a creación dunha segunda canle, Fernández quixo recoller a opinión dos representantes dos partidos políticos no Parlamento de Galicia sobre a hipotética entrada en vigor dun imposto directo, dun canon, que financiase a futura TVG-2⁵⁸.

A suxestión non foi ben acollida. José Luis Iravedra (PP), Eduardo Gutiérrez (BNG) e Margarita Pérez (PsdeG-PSOE), amosáronse en contra da imposición dun canon para sufragar a segunda canle autonómica. En liñas xerais, os tres participantes coincidiron en que se trataría dunha presión tributaria abusiva para o contribuínte. Doutro lado, e no caso de que a TVG-2 chegara a ser unha realidade, Iravedra pensa que tería que tratarse dunha canle «complementaria» á xa existente. Gutiérrez, pola súa banda, pensa que debera servir para atender os intereses de audiencias cultas e minoritarias interesadas en programas sobre música clásica, teatro ou danza. Finalmente, Margarita Pérez vería correcto que a TVG-2 tomara como modelo o da segunda canle estatal, La 2.

⁵⁸ En comparecencia no Parlamento de Galicia o 28 de maio de 2004, o director da CRTVG, Francisco Campos, manifestouse a favor da posibilidade de que a televisión autonómica galega se financiase polo sistema de canon ou taxa, o que suporía a eliminación ou redución da publicidade. En opinión de Campos, debería existir unha taxa única para financiar as televisións públicas (estatais e autonómicas). Segundo o director da CRTVG, o caso de Portugal, que implantou o canon en 2003, pode ser un exemplo a imitar para España.

ANEXO

Informe do réxime xurídico da televisión galega

Por Enrique Gómez-Reino y Carnota

1. A radio e a televisión galegas no contexto constitucional

1.1. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de radio e de televisión

O ordenamento xurídico da televisión está integrado en España por un conxunto de normas de natureza diversa. En primeiro termo pola Constitución, que no seu artigo 20.3 di, entre outras cousas, que

A lei ha regular a organización e o control parlamentario dos medios de comunicación social dependentes do Estado ou de calquera ente público (...).

Deste precepto despréndese un principio de reserva de Lei – Lei estatal – que ten como obxectivo regular a televisión, tanto a estatal coma a dependente de calquera ente público, caso das televisións autonómicas.

No Título VIII da CE, relativo á Organización Territorial do Estado, o art. 149.1.27 resérvalle a competencia exclusiva ao Estado en relación ás «normas básicas de prensa, radio e televisión e, en xeral, de todos os medios de comunicación social, sen prexuízo das facultades que no seu desenvolvemento e execución correspondan ás Comunidades Autónomas»; pero non a todas elas, na primeira fase de acceso ás autonomía, senón só ás históricas, entre as que se atopaba a Comunidade Autónoma de Galicia. No art. 34.1 do seu Estatuto de Autonomía, di que: «No marco das normas básicas do Estado, correspóndelle á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución do réxime de Radiodifusión e Televisión nos termos e casos establecidos na lei que regula o Estatuto Xurídico da Radio e Televisión». No número 3 engádese que: «Nos termos establecidos nos

apartados anteriores deste artigo, a Comunidade Autónoma poderá regular, crear e manter a súa propia televisión, radio ou prensa, e, en xeral, todos os medios de comunicación social para o cumprimento dos seus fins».

O Estado, pois, reserva para si a normativa básica na materia, e a Comunidade Autónoma o desenvolvemento e execución desa normativa. A norma básica no sentido do artigo 149.1.27 CE, é a Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, de estatuto da radio e da televisión, que no seu artigo 2.2 se remite a outra Lei das Cortes Xerais, que é a reguladora da terceira canle de televisión (Lei 46/1983, do 26 de decembro).

O estatuto do 80 rexeita sen reservas a titularidade estatal do servizo público da radiodifusión e da televisión, e cando España ratifica o Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Públicas de 1950, declara que interpreta «a disposición da última fase do parágrafo 1 do artigo 10 –segundo o cal “o presente artigo non impide que os estados sometan as empresas de (...) televisión a un réxime de autorización previa” – como compatible co réxime de organización da radiodifusión e televisión en España». Dito noutras palabras, o Estado español interpretou correctamente no seu día a compatibilidade do servizo público da televisión co artigo 10 do Convenio.

1.2. A delimitación constitucional da expresión «servizo público de titularidade estatal» contida na Lei 4/1980, do 10 de xaneiro

A titularidade estatal do servizo público televisivo condiciona, pois, a competencia autonómica. Agora ben, haberá que delimitar constitucionalmente a extensión desa titularidade estatal, é dicir, haberá que xustificar cales son os fundamentos necesarios desa reserva, e razoar até onde esa materia esixe un tratamento uniforme e centralizado. O resto corresponderalle á competencia autonómica establecida no Estatuto de Autonomía. Se trasladamos un suposto análogo, isto é, a concesión de emisoras de radiodifusión, ao caso da televisión autonómica, veremos que o noso Tribunal Constitucional, nas SS. de 24 de maio e 8 de xullo de 1982, chega á conclusión de que a competencia para outorgar concesión de ámbito local correspóndelle ás Comunidades Autónomas:

Tendo en conta... o criterio competencial contido no artigo 2.3 do Estatuto da Radio e a Televisión ao lle atribuír facultades de organización e de control ás Comunidades Autónomas no seu ámbito territorial, temos que concluír que este caso concreto, no que o ámbito de cobertura de radiodifusión é estritamente local, a forma impersoal que utiliza a disposición adicional primeira pode ser interpretada no sentido de que no ámbito territorial catalán as competencias controvertidas correspóndenlle en principio á Comunidade Autónoma.

Á luz desta doutrina constitucional haberá, pois, que analizar o significado do artigo 2.2 do Estatuto de 1980 (en diante ERT), segundo o cal o Goberno «halle poder conceder ás Comunidades Autónomas, previa autorización por Lei das Cortes Xerais, a xestión directa dunha canle de televisión de titularidade estatal». O Estatuto reduce a titularidade estatal só á rede do Estado que constitúe a infraestrutura da terceira canle. Dito isto con palabras de Esteve Pardo, «este réxime, só nominalmente concesional, non está contemplando en realidade a xestión dun servizo de titularidade estatal, senón a utilización dunha canle – unha rede, infraestrutura de enlaces e emisión que pertence ao Estado».

O ERT do 80 refírese só a «unha canle de titularidade estatal» (art. 2.2), polo tanto non exclúe que as Comunidades Autónomas, e en concreto a galega, poidan «crear», segundo o artigo 34.3 do seu Estatuto, outras canles autonómicas propias cunha rede de infraestrutura tamén propia. Hoxe en día, outras Comunidades Autónomas, como por exemplo a andaluza, dispoñen xa de dúas canles autonómicas.

1.3. O Estatuto da Radio e da Televisión como norma básica do réxime xurídico do servizo público da televisión

Segundo o artigo 2º.1 ERT, «o presente Estatuto e as súas disposicións complementarias de orde técnica constitúen as normas básicas do réxime dos servizos públicos de radiodifusión e televisión e han ser de aplicación xeral a todo o territorio nacional». O Estatuto sinala, pois, uns principios que deberán ter en conta as leis das CC.AA. que desenvolven eses aspectos básicos. O número 3 daquel artigo precisa que os criterios básicos son os establecidos nos preceptos 5 ao 12 e 26 do propio texto. No que respecta aos Consellos Asesores territoriais do Ente Público RTVE, as súas funcións veñen

determinadas no artigo 14 e o Estatuto tan só delega nas CC.AA. a determinación da súa composición mediante a Lei da comunidade autónoma correspondente.

A normativa básica ten que establecer, segundo o noso Tribunal Constitucional, «o marco dunha política global» (S. do 4 de novembro de 1982) sobre a materia de que se trate, é dicir, una concepción unitaria do seu réxime, o cal non significa uniformismo xa que dentro do marco deseñado polo Estado «son constitucionalmente posibles unha diversidade de regulamentacións» (S. de 4 de novembro de 1982), ou dito coas palabras do propio Tribunal, o característico de toda autonomía é unha «acción de goberno en función dunha política propia» (S. de 14 de xuño de 1982).

A regulación básica do estado débese expresar, xa que logo, nunha regulación unitaria, porque

O que a Constitución persegue ao lle conferir aos órganos xerais do Estado a competencia exclusiva para establecer as bases da ordenación dunha materia determinada é que estas bases teñan unha regulación normativa uniforme e de vixencia en toda a Nación, o cal lle asegura, en aras dos intereses xerais superiores aos de cada Comunidade Autónoma un común denominador normativo, a partir do cal cada Comunidade, na defensa do propio interese xeral, ha poder establecer as peculiaridades que lle conveñan (SS. 28.1.82, 8.7.82 Y 30.11.82).

Agora ben, esa normativa básica estatal non ten que ser completa, esgotadora da materia. A súa competencia refírese ao básico: cómpre que se reserve un ámbito substancial da mesma para que as CC.AA. poidan exercer a súa propia competencia normativa. Como di a S. de 28 de abril de 1983, do noso máis alto Tribunal, «nunca a fixación das bases debe chegar a tal grao de desenvolvemento que se deixen baleiras de contido as correspondentes competencias das Comunidades Autónomas». A formulación das bases debe permitir, pois, unha actividade lexislativa da Comunidade Autónoma na que caiban «opcións diversas» e, por conseguinte, será inconstitucional aquela norma básica «con tal grao de desenvolvemento que deixe baleira de contido a correlativa competencia de desenvolvemento lexislativo» (SS. 28.7.81 e 8.2. 82).

Esta marxe de acción ou de desenvolvemento dunha política propia foi restrinxida, en xeral –e de xeito voluntario, agás algunha excepción- polas propias Comunidades Autónomas ao regularen as súas canles televisivas autonómicas. Esta autolimitación é

evidente na Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía de Radio – Televisión de Galicia. Esta Lei autonómica non só se axusta aos criterios establecidos nos artigos 5 ao 12 e 16 do ERTV, senón que reproduce, practicamente de xeito literal, os preceptos da norma estatal. Da regulación estatal non se extraen uns principios informadores –que niso consiste o básico– para despois darlles unha concreción propia nesta Comunidade, senón que simplemente reproduce o recollido no ERTVE.

Deste modo, deixouse pasar unha boa oportunidade para deseñar, por exemplo –e respectando os principios ordenadores do ERTVE–, unha estrutura organizativa máis acorde coa realidade e intereses propios desta Comunidade, o cal se debera facer, no futuro, mediante a reforma da Lei galega 9/1984, do 11 de xullo.

Por último, quixera recordar que, tanto o artigo 7 do ERTVE coma o artigo 4 da Comunidade galega de radio e televisión, foron interpretados e empregados de xeito partidista polos gobernos sucesivos. En efecto, as esixencias legais da elección dos membros do Consello de Administración do ente público estatal e dos autonómicos, entre «persoas de relevantes méritos profesionais» (art. 7.1 da Lei 4/1980) ou de «persoas de acreditado prestixio profesional» (artigo 4.1 da Lei galega e catalá de radio e televisión), ou fórmulas semellantes, convertéronse na práctica nun repartimento de cotas partidistas en función da representación parlamentaria, coma se a realidade social non fose moito máis rica, diversa ou plural. A representación destes órganos de xestión dun servizo público debe ser preponderantemente social e cultural, pero nunca estritamente política.

Existen xa exemplos flagrantes da perversión destes órganos. Vou sinalar, cando menos dous. O primeiro, a dimisión de J. Caro Baroja do Consello de Administración da Radiotelevisión vasca (EITV) porque «é un instrumento polo que os políticos tratan de poñer a sociedade ao seu servizo en lugar de poñerse eles ao servizo dos cidadáns». O segundo, a dimisión de Carlos Mendo, Conselleiro de RTVE proposto polo PP en 1996, que dimitiu ao ano do seu nomeamento xa que «é difícil, dicían, apoiar a un partido que aplica o intervencionismo nos medios». O cambio de talante, pois, no nomeamento dos conselleiros é inapelable.

Pero tamén na radio e na televisión as listas negras de xornalistas foron moeda corrente, non só nos medios públicos galegos, senón tamén noutras radios e televisións públicas, tanto do Estado coma doutras Comunidades Autónomas. Refírome ao caso do ano

1990 na nosa Comunidade Autónoma, con motivo do cambio de goberno producido en virtude das eleccións autonómicas celebradas a mediados de decembro do ano anterior.

1.4. A radio e a televisión galegas

1.4.1. Consideracións arredor da flexibilización da xestión

O capítulo III da Lei 9/1984 titúlase «Xestión». A Sección primeira deste Capítulo titúlase «Xestión pública», para poñer de manifesto a personificación pública do ente Compañía de Radio Televisión de Galicia; a Sección segunda leva por título «Xestión mercantil», para indicar tamén a personificación privada dos entes instrumentais de xestión (TVG S.A. e RG S.A.) que estarán rexidos polo dereito privado (art. 14.1), que contarán con capital público na súa totalidade (art. 14.2) e terán a misión de realizar o servizo público.

A estrutura deseñada é, pois, complexa (*holding*), cun ente matriz de dirección dos órganos de xestión, que teñen un carácter simplemente instrumental.

As leis territoriais, a galega tamén, reproduciron, como se indicou anteriormente, case íntegra e literalmente a estrutura organizativa que se recolle para o Ente Público RTVE na Lei 4/1980, do 10 de xaneiro (arts. 5 a 12). Este seguimento do modelo estatal parece que foi debido á obriga de se ater ao mandato do artigo 2.3 da propia Lei estatal que dispón:

A organización e o control parlamentario da terceira canle rexional (refírese á autonómica) previsto no parágrafo anterior así como da radiodifusión e televisión no mesmo ámbito territorial hase artellar orgánica e funcionalmente de acordo cos criterios establecidos nos artigos quinto a doce e vinteseis do presente Estatuto, e segundo a Lei da Comunidade Autónoma.

A solución non parece a correcta, pois o lexislador autonómico dispón sen dúbida ningunha dun poder discrecional maior á hora de organizar os seus entes de xestión. A normativa estatal impón un réxime mínimo unitario, o cal é distinto da uniformismo, na medida en que dentro daquel deben ter cabida opcións distintas. No marco trazado polo Estado «son constitucionalmente posibles unha diversidade de regulacións» (STC do 2 de novembro de 1982). O estatuto autonómico da radio e da televisión pública como o da

estatal debe, pois, respectar e garantir os principios que se deducen do artigo 20 da CE, dando lugar a un modelo organizativo suxeito e garante dos seus principios; pero o modelo deseñado polo Estatuto do ano 80 non é, obviamente, o único posible. Caben, pois, constitucionalmente outras opcións organizativas que pode poñer en pé esta Comunidade Autónoma, sempre que se respecte o mandato constitucional.

1.4.2. A eventual modificación do Consello Asesor da Compañía de Radio – Televisión de Galicia

Sen que se modifique a Lei 9/1984, pouco se pode facer en relación ao Consello Asesor das sociedades da Compañía de Radio Televisión de Galicia, agás a elaboración dun regulamento de funcionamento, o cal deberá conter, cando menos, os seguintes puntos:

- Forma de elección de Presidente e Secretario.
- Convocatoria.
- Orde do día.
- Maiorías para a toma de acordos, etc.

Se se decidira poñer en funcionamento os Consellos Asesores haberíalle que dar unha solución á representación da Universidade (art. 9, C). En efecto, a Lei autonómica só prevé un representante «pola Universidade» de acordo coa situación existente cando se aprobou aquela norma. Agora ben, na situación actual existen tres Universidades, co cal habería que introducir un mecanismo, tal como o de rotación en función dun criterio de antigüidade, para que sucesivamente tiveran representación cada unha das Universidades.

Se politicamente se decidise a modificación da Lei galega neste punto, e á vista da doutrina constitucional expresada anteriormente, a Comunidade Autónoma galega podería regular un deseño propio do Consello Asesor respectando a normativa básica contida no ERTV.

Ao meu xuízo, o básico no Estatuto do 1980 é o seguinte:

- Existencia dun órgano asesor.
- Unha representación tripartita de intereses: dos traballadores, da Administración pública e de institucións culturais.
- Unha xuntanza, polo menos, semestral.

- Facultades asesoras do Consello de Administración cando fose requirido por este ou con respecto á programación.

Pois ben, respectando estes principios inspiradores da normativa básica estatal, a futura Lei autonómica poderá establecer a súa propia regulación. Así, por exemplo:

- Decidir sobre a existencia dos Consellos Asesores, un para cada un dos entes instrumentais (TVG e RG), ou un común para ambas as dúas sociedades.
- Decidir o número global dos membros, así como o seu repartimento, entre os intereses representados no Consello ou Consellos asesores.
- Introducir outros intereses dignos de representación, ademais dos previstos na norma estatal, etc.

A Lei estatal ofrece, pois, posibilidades para a determinación e configuración dos intereses propios pola Comunidade Autónoma galega, que non empregou no seu día, pero que pode facelo se o desexa, a través da reforma da Lei 9/1984, do 11 de xullo.

2. Modelo organizativo de xestión da rede pública de telecomunicación, de transporte e difusión de sinais de servizo público de televisión xestionado pola Compañía de Radio e Televisión de Galicia

2.1. Antecedentes

A elección dun modelo organizativo da rede pública autonómica de telecomunicacións obriga a tomar en consideración, en primeiro lugar, o marco constitucional e estatutario do exercicio das competencias e potestades das mesmas inherentes de autoorganización por parte da Comunidade Autónoma de Galicia.

A pluralidade de Administracións Públicas que a Constitución de 1978 deu a luz no seu día obríganos a preguntármonos inmediatamente sobre a continuidade dun réxime xurídico uniforme ou, pola contra, a creba deste principio.

No deseño e na construción das novas administracións, o lexislador autonómico seguiu o modelo da Administración Pública estatal, coas correccións que impón o propio sistema de autonomías territoriais. As razóns deste mimetismo son variadas pero, en todo

caso, non nos deben levar a esquecer a potestade de autoorganización que os textos estatutarios lles recoñecen ás Comunidades Autónomas. Potestade de autoorganización que ten como obxecto, de xeito indubidable, os órganos políticos da Comunidade Autónoma no marco das previsións constitucionais, pero tamén á propia Administración Pública.

Con todo, é certo que o recoñecemento desta potestade de autoorganización non se recolle respecto das Administracións territoriais co mesmo alcance en todos os textos estatutarios.

2.2. Alternativas á organización da xestión da rede de telecomunicacións propiedade da Comunidade Autónoma de Galicia e actualmente xestionada pola CRTVG

A desagregación dos entes de xestión audiovisuais foi unha constante tanto no ordenamento español coma en ordenamentos ben próximos, asistíndose nestes momentos a un proceso semellante nos entes territoriais de xestión de servizos audiovisuais.

A busca de formas de xestión máis eficaces que permitan adecuar as estruturas de xestión ao obxecto da actividade -no caso que nos ocupa, a desagregación da xestión da rede de telecomunicacións da Compañía de Radio – Televisión de Galicia- semella plenamente xustificada ao constituír un conxunto de actividades ben diferente da produción de programas audiovisuais e da comercialización dos mesmos, así como da xestión da programación de emisores individuais.

2.3. Modelos alternativos

O proceso de selección do modelo institucional de organización dos servizos de xestión da Rede de telecomunicacións ten que ter en conta as diversas estruturas organizativas que contempla o ordenamento galego.

A empresa pública, entendida esta expresión na súa conceptualización globalizadora como organización de medios humanos e materiais para a realización dunha actividade de contido económico, coñece no Dereito Público galego tres modelos ben distintos, como xa temos sinalado con anterioridade.

A primeira das alternativas dirixiría a un Organismo autónomo de carácter industrial

a xestión da rede de telecomunicacións que nos ocupa. A fórmula non parece satisfactoria por dúas ordes de razóns: en primeiro lugar, a busca de formas organizativas máis eficientes de xestión ten que tender aos maiores niveis de autonomía de xestión económica e financeira posible, sen que iso implique ausencia de controis, non sendo os organismos autónomos de carácter comercial e industrial unhas estruturas nas que os niveis de xestión autónoma real sexan significativos na consecución dos fins encomendados, cando menos en boa parte dos casos; iso explica igualmente a aparición de fórmulas organizativas máis aptas na consecución deses obxectivos, garantindo o equilibrio dunha autonomía de xestión e unha orientación xeral dos procesos de xestión económica e financeira; por outra banda, se se desexa manter unha estrutura integrada no *holding* público autonómico no sector audiovisual, tal como se diseña no artigo 14 da Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía de Radio – Televisión de Galicia, o modelo dos organismos autónomos non é o apto para a súa incorporación a ese *holding*, toda vez que, como se contempla no nomeado artigo 14, «a xestión dos servizos públicos de Radiodifusión e Televisión hase levar a cabo mediante as sociedades públicas con forma de sociedades anónimas que a Compañía de Radio – Televisión está facultada para crear».

As *sociedades de capital público con forma de sociedade mercantil*, sociedade anónima no noso caso, e seguindo o marco imposto tanto pola lexislación xeral da Comunidade Autónoma e a lexislación estatal xa examinada, parece a única fórmula válida se nos atemos á segunda das argumentacións que empregamos anteriormente para excluír a oportunidade de acudir á fórmula dos organismos autónomos.

As sociedades mercantís non son, con todo, o único modelo de sociedades públicas. Como sabemos, o artigo 12.1.b inclúe dentro desta categoría as «entidades de dereito público con personalidade xurídica propia que por lei teñan que adecuar a súa actividade ao ordenamento xurídico privado». A flexibilidade que permiten estas estruturas organizativas, especialmente en materia de contratación e réxime xurídico do persoal, permite situar o seu *status* funcional no ámbito das sociedades públicas, equiparándose na práctica ás sociedades mercantís aos efectos nomeados, así como respecto dos poderes de dirección e control en mans da Administración matriz. Dous elementos diferencian a ambos os dous institutos, dunha banda a forma de personificación xurídico-pública; doutra, as consecuencias que inmediatamente se derivan da cualificación, de xeito singular o proceso

de creación que ten que ser por Lei, malia que a constitución poida quedar diferida no tempo ao momento da aprobación dos Estatutos do Ente Público.

Entendemos que, sendo instrumentos igualmente aptos ambos os dous tipos de sociedades públicas para artellar o proceso de desagregación que nos ocupa, parece, con todo, preferible a segunda das opcións apuntadas, é dicir, a creación dun *Ente de Dereito Público* dos previstos no artigo 12.1.b) da Lei 11/1992. Un argumento non desprezable a favor deste modelo organizativo sería a elección do mesmo por parte do Estado para a organización da xestión e explotación da rede pública de telecomunicación de transporte e difusión de sinais de televisión (RETEVISIÓN), nestes momentos en fase de liquidación.

A consecuencia máis importante sería localizar o ente de xestión da rede de telecomunicación fóra do *holding* que é núcleo e dirixe a Compañía de Radio – Televisión de Galicia; a relación entre ambas as dúas estruturas poderíase artellar sen dificultade mediante un sistema de convenios.

A opción por unha solución desa natureza exclúe calquera proceso de privatización da estrutura da Rede ao non ter unha forma societaria, nin un capital accionarial que pode ser obxecto de transferencia a mans privadas.

3. O dereito de antena en períodos non electorais

O chamado dereito de antena en períodos normais ou non electorais presenta unha problemática máis acusada que en períodos electorais, debido sobre todo a que non foi aínda posto en práctica e segue constituíndo, pois, unha materia pendente da democracia. Remite a unha serie de cuestións que, malia que en principio parezan banais, da súa resolución máis ou menos correcta dependerá o maior ou menor porte que se lle queira dar a este dereito, como teremos a oportunidade de demostrar máis adiante. Por iso creo moi importante expor a continuación o significado, alcance e organización deste dereito fundamental nunha sociedade democrática, fronte á cal tiveron e seguen a ter enormes reticencias os diferentes partidos que masivamente conformaron os distintos gobernos, tanto a nivel nacional coma autonómico.

3.1. O artigo 17 da Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía de Radio – Televisión de Galicia

En desenvolvemento da normativa básica do Estado na materia constituída polo estatuto de Radio e Televisión, aprobado pola Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, e á cal se refire expresamente o artigo 34.1 do Estatuto de Galicia, a lei territorial 9/1084, no seu artigo 17.1 regula o dereito de acceso en períodos normais nos seguintes termos:

A ordenación dos espazos de radiodifusión e televisión de Galicia hase facer de xeito que a eles poidan acceder os grupos políticos e sociais máis significativos. Para tal fin, o Consello de Administración, de acordo co Director Xeral, ha ter en conta criterios obxectivos, como representación parlamentaria, implantación política, sindical, social, cultural e ámbito territorial de actuación.

A norma da Comunidade Galega reproduce case literalmente o artigo 24 do Estatuto do 80, introducindo como novidade unha ampliación dos criterios obxectivos a ter en conta para a distribución dos espazos na radio e na televisión públicas de Galicia. Os novos criterios refírense á implantación política, social e cultural. O cal implica unha ampliación do dereito de antena máis aló da previsión do Estatuto, como teremos a ocasión de volver tratar máis adiante.

Tamén este precepto, seguindo mimeticamente a redacción do art. 24 do Estatuto, reduce a titularidade deste dereito aos grupos «políticos e sociais máis significativos», extremo sobre o cal xa manifestamos a súa inconstitucionalidade.

A organización deste dereito está atribuída ao Consello de Administración (art. 6, 11), ao que lle corresponde:

Determinar semestralmente a porcentaxe de horas de programación destinadas aos grupos políticos e sociais significativos, fixando os criterios de distribución entre eles, en cumprimento dos que se establecen no artigo 20 da Constitución.

Este apartado suxírenos as seguintes consideracións:

a) O Consello de Administración ten encomendada a competencia de determinar semestralmente a porcentaxe de horas de programación destinadas á emisión de mensaxes

dos grupos que xa coñecemos. A determinación da devandita porcentaxe é unha cuestión importante. En efecto, o maior ou menor tempo global de antena en períodos ordinarios ten unha incidencia directa tanto na determinación dos compoñentes de cada grupo, coma no tempo que eventualmente se lles designará. Disto depende, polo tanto, o porte e consistencia que se lle queira outorgar ao dereito de antena.

A importancia deste tema tívose en conta no Dereito comparado, o cal nos ensina que a devandita porcentaxe aparece expresamente determinada nas normas que regulan este dereito (Italia e Austria, por exemplo).

b) A referencia á programación tampouco é tema banal, na medida en que o Consello da Administración ten atribuída unha potestade bastante ampla. Así, pode determinar que a programación se pode facer nunha ou en varias canles de televisión autonómica, como é o caso do País Vasco e Cataluña, ou nun determinado espazo da programación da radio autonómica.

A influencia na opinión pública destes programas depende tamén do horario que se elixa.

c) É importante destacar tamén que este apartado emprega o termo «significativos», fronte ao artigo 17.1 que restrinxen este dereito aos grupos «máis significativos». Pois ben, a remisión que fai este apartado ao artigo 20, no cal se emprega, simplemente, o termo «significativos», debe ser o criterio interpretativo do Consello de Administración para determinar o acceso dos grupos aos medios de comunicación. Doutro xeito habería que entender que esa restrición non é conforme coa Constitución.

d) No apartado faise referencia a criterios obxectivos tanto para o acceso, así como para, no seu caso, determinar o tempo de antena. Os criterios alí mencionados non se deben considerar excluíntes, senón que, en moitos dos casos, deben xogar un papel complementario.

e) Por último, a facultade do Consello de Administración para optar polas posibles solucións ás que nos vimos referindo é, cando menos, desmesurada e difícil de xustificar xuridicamente. En efecto, a propia lei xa non é un simple regulamento dun dos órganos, o Consello de Administración, da Compañía de Radio e Televisión de Galicia, debiera ter regulado todos estes extremos, dado que afecta directamente ao desenvolvemento dun dereito fundamental.

Con estas precisións quixeramos salientar que a maior ou menor consistencia deste dereito déixase en grande parte á discrecionalidade dun órgano administrativo que, no seu funcionamento, tanto no ámbito estatal como no das comunidades autónomas, non deu aínda mostras de independencia fronte ao Goberno.

3.2. A regulación deste dereito na Lei 9/1984 e noutras comunidades autónomas: analoxías e diferenzas

A lexislación básica estatal, en principio, non pode esgotar a regulación da materia, senón pola contra debe posibilitar, como manifestou recentemente o Tribunal Constitucional, o exercicio por parte das comunidades autónomas dunha «política propia».

Porén, á hora de practicar esta política, as Comunidades Autónomas adoitan seguir con excesivo rigor e mesmo mimetismo o establecido na lexislación estatal, e mesmo se limitaron a si mesmas á hora de desenvolver as súas competencias estatutarias nalgunhas materias como a radio e a televisión, como tamén recordou o noso Tribunal Constitucional. Outras veces, o mimetismo lexislativo das Comunidades Autónomas chega tamén á reprodución case literal das leis dunhas comunidades por outras.

Existen Comunidades Autónomas que foron máis xenerosas que a galega á hora de regular o dereito de antena en períodos electorais, dando entrada a outros non previstos nin na Constitución nin no estatuto do ano 1980. Entre estas pódense citar o País Vasco, que, no artigo 21.2 da Lei 5/1982, do 20 de maio, de creación do Ente Público «Radio Televisión Vasca», dispón:

O dereito de antena ha quedar tamén garantido para os grupos políticos, sociais e culturais de menor significación.

Por outra banda, o artigo 21 da Lei 4 de xullo de 1984, de creación da Entidade Pública RTVV e regulación dos servizos de radiodifusión e televisión da Generalitat Valenciana, establece:

Así mesmo háselle facilitar o dereito de antena aos grupos políticos, sociais e culturais de menor significación.

O artigo 6, k, da Lei 13/1984, do 30 de xuño, de creación, organización e control parlamentario do Ente Público Radio Televisión Madrid autoriza o Consello de Administración para «determinar semestralmente a porcentaxe de horas de programación destinadas aos grupos políticos e sociais significativos, así coma o acceso das minorías...».

Tamén o artigo 21 da Lei 8/1984, do 15 de abril, de creación, organización e control parlamentario da Corporación Aragonesa Radio e Televisión, di –segundo a Lei valenciana– que

Así mesmo, háselle posibilitar o acceso aos grupos políticos, sociais e culturais de menor significación.

É curioso lembrar que este precepto da Lei aragonesa foi recorrido por inconstitucional perante o Tribunal Constitucional polo Presidente do Goberno da nación (recurso de inconstitucionalidade 1024/87) e non así os das restantes leis autonómicas nomeadas anteriormente. Non nos alcanza cal puidera ser o seu fundamento máis ca que, tratándose dun dereito constitucional, o principio *favor libertatis* esixe unha interpretación extensiva da liberdade, que foi acollida polas leis anteriormente aludidas.

Por outra banda, a Lei galega segue á catalá (art. 18) e valenciana (art. 21) á hora de determinar os grupos lexitimados para acceder aos espazos de programación habilitados nos medios públicos das devanditas Comunidades, empregando todas elas a expresión «máis significativas». Pola contra, o País Vasco refírese aos «grupos sociais e políticos representativos» (art. 21.1), substituíndo o termo constitucional e do Estatuto de 1980 de «significativo» polo de «representativo», sen máis cualificación.

De todos os xeitos, que a Constitución garanta o acceso aos medios públicos de comunicación aos «grupos políticos e sociais significativos» non prohibe que os entes públicos respectivos amplíen o devandito acceso a outros grupos que non sexan significativos. O texto constitucional garante un mínimo, non impón un teito ao lexislador estatal nin aos autonómicos para regular e garantir o devandito dereito en termos máis amplos que os alí contemplados, en virtude, volvo recordalo, do principio expansivo da liberdade.

3.3. A determinación xurídica dos titulares de dereito de antena

Nin a Constitución, nin o Estatuto de 1980, nin as leis territoriais que regulan os medios públicos de comunicación introducen unha delimitación precisa dos posibles titulares deste dereito. Todos estes textos refírense xenericamente a «grupos políticos e sociais». Ambos os dous termos responden ao que a ciencia xurídica coñece como «conceptos xurídicos indeterminados», pero que, a través dun proceso interpretativo, son determinables. O grao de indeterminación dun e doutro termo é distinto. Mentres que o que sexa «grupo político» dende o punto de vista xurídico é facilmente determinable, non o é así o termo «grupo social», como se recordou anteriormente.

A identificación de ambas as dúas categorías haberase de facer conforme ao texto constitucional e ás leis que o desenvolven. O grupo político é identificable co partido político (art. 6 CE) e outras formacións de tal carácter definidos na Lei electoral xeral.

En troques, o grupo social corresponde a un concepto máis amplo, pero que tamén é posible identificar ao longo da Constitución. Sen ánimo de pechar o núcleo de titulares deste dereito, poderíanse citar a modo de exemplo os sindicatos de traballadores (art. 7 CE), as asociacións empresariais (art. 7 CE), as asociacións en xeral (art. 22 CE), as igrexas (art. 16.3 CE), os centros docentes a todos os niveis, tanto públicos coma privados (art. 27 CE), etcétera.

A identificación, pois, dos grupos políticos e sociais significativos haberá que detectala tendo en conta a súa relevancia constitucional. Isto non implica que, ademais, destes grupos, outros distintos poidan acceder aos medios públicos de comunicación se a Lei, estatal ou autonómica, así o permite.

Noutros países do noso contorno comunitario que non teñen recoñecido este dereito a nivel constitucional, agás Portugal, existe xa unha práctica acreditada que nos permite lembrar a liña aberta de xenerosidade con que se determinan os titulares dos distintos grupos que teñen acceso á radio e á televisión públicas.

A este respecto, cómpre destacar que non en todos os casos é posible identificar a relevancia dun titular dun grupo polo criterio da representación numérica que é o que normalmente se trae a colación. En efecto, a representatividade tamén se pode determinar pola entidade da idea, filosofía ou crenza dos titulares dunha organización que, aínda que

non sexa unicamente importante, si conte con transcendencia e importancia social.

3.4. A distribución dos espazos nas radios e televisións públicas

A organización do dereito de acceso aos medios públicos de comunicación esixe, como vimos de indicar, a operación previa da súa identificación. Pero aquí non se esgota o proceso. Acto seguido, efectuarase na meirande parte dos espazos de programación, primeiro, entre os grupos; a continuación, entre os titulares dos grupos identificados.

Agora ben, é importante lembrar unha vez máis que a maior ou menor extensión dos grupos, así como a maior ou menor extensión dos titulares integrantes de cada grupo van depender; nunha medida importante, da porcentaxe de horas de programación que determine semestralmente o Consello de Administración, conforme ao artigo 7.1 da lei galega 9/1984, de 11 de xullo.

A porcentaxe terase que repartir, en primeiro lugar, entre os distintos grupos. O grupo chamado político é o que menos problemas presenta, xa que se identifican normalmente con partido político e o criterio da significación, ao que se refire o texto constitucional, adoita conectarse co da representatividade parlamentaria contemplada no artigo 17.1 da devandita lei. Iso non debe supoñer un obstáculo, como xa coñecemos, ao acceso doutros grupos non representados no Parlamento.

A determinación dos integrantes do grupo social é, polas razóns enriba sinaladas, máis problemática pola súa eventual amplitude (sindicatos, asociacións empresariais e doutro tipo, igrexas, etc.).

Unha vez repartida a porcentaxe de tempo de antena, nunha primeira fase, entre grupos políticos e sociais, cómpre distribuílo con posterioridade entre os distintos grupos identificados dentro de cada categoría de grupo político ou social. A organización da programación dos grupos políticos adóitase deseñar no dereito comparado de dúas maneiras que, segundo os países, poden ser, á súa vez, excluíntes ou complementarias:

- a) Un tempo sucesivo de emisión para cada partido político, tempo que, ou ben é proporcional á súa representación, ou ben se lle outorga globalmente á oposición un tempo igual ao do partido no goberno.
- b) Programación periódica de debates ou mesas redondas entre todos os partidos

representantes no arco parlamentario.

Pola contra, a programación dos espazos dedicados aos grupos sociais é máis complicada por varias razóns:

- a) A porcentaxe global de programación outorgada a estes grupos, que adoita ser inferior que a establecida para os grupos políticos.
- b) A maior amplitude do número dos grupos, que fai preciso distribuír primeiro entre eles o tempo concedido, o cal deu lugar normalmente a friccións importantes na medida en que uns e outros alegan a súa maior entidade.
- c) Relacionado co apartado anterior, a determinación da orde na programación.

Toda esta temática terá que ser pensada no seu día nos Consellos de Administración, tanto o estatal coma o autonómico, á hora de organizar o dereito de antena. Mais, na miña opinión, parten xa condicionados pola propia estrutura dos devanditos órganos.

En efecto, a composición actual apartouse do deseño orixinal das súas respectivas leis. A estes efectos, quixera lembrar que a elección dos seus membros correspóndelle ao Parlamento, a través dunha maioría cualificada de dous terzos, «entre persoas de relevantes méritos profesionais» (art. 7.1 do Estatuto de 1980) ou «entre persoas de acreditado prestixio profesional», como reza no artigo 4.1 da Lei galega 9/1984. Porén, na práctica a súa composición respondeu a criterios partidistas, intentando reproducir –se ben non sempre, como ocorre no Consello de Administración do Ente Público RTVE– as porcentaxes de representación dos distintos partidos nos respectivos Parlamentos, o cal non é prudente por razóns diversas:

- a) Os Consellos de Administración son os encargados de xestionar nos períodos electorais as liberdades fundamentais recoñecidas no artigo 20 da CE. Mais, na medida en que o espectro político parlamentario é de por si limitado, os Consellos intentarán reproducir, na organización do dereito de antena, os límites ideolóxicos representados no Parlamento. Esta fronteira compaxínase mal co pluralismo social e cos titulares que o representan, pluralismo moito máis rico e fluído que o petrificado periodicamente nos Parlamentos.
- b) As experiencias históricas doutros países ensínannos tamén que o dereito de antena nestes períodos se adoita decantar con máis forza a favor dos grupos políticos, o cal se traduce na concesión a estes dunha porcentaxe maior de tempo de

antena.

c) A decantación a favor dos grupos políticos hase realizar «como se fose natural» dada a composición estritamente política dos Consellos de Administración.

Estes perigos, que tamén foron detectados no Dereito comparado, intentáronse paliar coa proliferación crecente de novas fórmulas de organización administrativa que teñen como característica fundamental a independencia, e ás cales farei referencia máis adiante.

3.5. Os problemas técnicos

Existen tamén toda unha serie de decisións que ben poderíamos chamar técnicas e que teñen unha transcendencia evidente na organización do dereito de antena e, por ende, na consistencia e amplitude que se lle queira outorgar a ese dereito. Referireime sucesivamente a algunhas que considero as máis significativas:

a) Os medios técnicos para a elaboración dos programas dos grupos. Estes medios carecen de transcendencia nos programas que se organizan a través de debates ou mesas redondas, xa que a programación ten un carácter unitario. En troques, se o exercicio do dereito de antena se organiza en tempos sucesivos para cada titular dun grupo –e, sobre todo, se se trata de emisións de grupos políticos-, o tema non é inocuo.

En efecto, a decisión do Consello da Administración ou, no seu caso, da sociedade de xestión da radio e da televisión, de lle dar ou non liberdade aos distintos titulares para empregar os medios técnicos que estimen convenientes, poden poñer en desvantaxe a uns titulares a respecto dos outros, cando uns dispoñan de mellor asesoramento técnico ou de máis medios económicos. Por iso, para prever o principio de igualdade, algunhas lexislacións estranxeiras aplican un tratamento unitario en medios persoais e técnicos para a elaboración deste programas.

b) A decisión sobre o número de programas e horarios. Noutra das cuestións de interese, como é a da decisión técnica de determinar o número de programas, horarios e, no seu caso, a canle ou canles, depende tamén o porte que se lle queira dar a este dereito, como tamén a maior ou menor valoración que se propoña outorgar aos grupos e, dentro deles, aos seus respectivos titulares. Por iso, a súa regulación constitúe un tema que debe esixir

prudencia e sensibilidade exquisitas.

En definitiva, estas decisións aparentemente técnicas teñen unha transcendencia práctica fóra de toda dúbida.

3.6. As autoridades administrativas independentes como xestoras do dereito de antena

As categorías tradicionais e clásicas de entes administrativos entraron en crise á hora de xestionar dereitos e liberdades fundamentais, como nos demostra tanto o dereito dos países do noso contorno cultural como o español. Por iso se veñen abrindo paso no seo da organización administrativa as chamadas «autoridades administrativas independentes» que teñen o seu campo de actuación preferente en dous sectores fundamentais, que son o das liberdades públicas e o das liberdades económicas.

A este novo modelo administrativo, que ten un carácter expansivo, resposta tamén outra serie de institucións dos países anglosaxóns. Por exemplo, as chamadas en Estados Unidos *Independent Regulatory Commissions* ou *Federal Agencies*, que son un tipo de administración neutral e independente para a consecución dos seus fins; ou os organismos que no Reino Unido se coñecen co nome de *quangos* (*quasi autonomous non governmental organisations*); ou mesmo tamén esa institución de autoridade administrativa independente, neutral, para xestionar e disciplinar determinados sectores que entrou recentemente en Italia a través da figura de *O Garante* do sistema de disciplina da prensa.

Estas autoridades administrativas independentes defínense polo seu carácter público, porque están dotadas dun poder autónomo de decisión e, ademais, pola súa independencia, que é fundamental e que é buscada deliberadamente pola norma que crea. Esta independencia no exercicio das súas funcións búscase sempre co obxecto de garantir a neutralidade. En definitiva, a independencia constitúe a razón de ser destas institucións, independencia que se debe manter tanto en relación cos poderes públicos como en relación cos grupos privados de presión. Por outra parte, as autoridades administrativas independentes considéranse institucións benéficas indubidables para o cidadán, pois constitúen unha garantía de neutralidade, obxectividade e igualdade na acción da

Administración e representan, polo tanto, un avance no afondamento da democracia. Agora ben, estes novos organismos tamén teñen –e non se debe esquecer– un límite que poderíamos cualificar de institucional. En efecto, ningunha autoridade administrativa independente pode substituír a autoridade política ou de goberno, nin definir unha política, nin exercer as altas responsabilidades de decisión que a Constitución lles encomenda ao Presidente e ao seu Goberno. Descoñecer esta limitación esencial, aquí e no resto dos países, sería, en todo caso, contrario á mesma natureza das cousas.

A esta nova filosofía responden en Francia un número relativamente abondoso de institucións que teñen como obxectivo xestionar con neutralidade o sector encomendado. A estes efectos é importante sinalar que os medios de comunicación social, tanto públicos coma privados, se encontran dende hai algún tempo nesta órbita e a última reforma na materia creou un Consello da Comunicación, entre as competencias do cal figura a administración do dereito de antena.

Penso, para rematar, que estas solucións xa acreditadas no Dereito comparado deben ser tidas en conta e valoradas no noso país á hora da futura reforma lexislativa dos medios de comunicación social.

DOCUMENTACIÓN BIBLIOGRÁFICA E HEMEROGRÁFICA

ACADEMIA DE LA TELEVISIÓN (2001): *La nueva era de la televisión*, Madrid, Corporación Multimedia / Academia de la Televisión.

ÁLAMO JIMÉNEZ, C. del *et al.* (2000): *Galicia 2020*, Vigo, Ir Indo.

ALCALÁ, X. (1993): «As telecomunicacións», en RIVAS, Manuel e Xosé LÓPEZ (coords.), *Informe da Comunicación en Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 411–431.

ALCALÁ, X. (2002): «Contra a TVG», <http://www.xornal.com>, 1 de maio de 2002.

ALONSO MONTERO, X. (6 de setembro, 1989): «O galego na televisión, o galego da televisión», *La Voz de Galicia*, p. 9.

ÁLVAREZ POUSA, L. (1993): «A televisión», en RIVAS, Manuel e Xosé LÓPEZ (coords.), *Informe da Comunicación en Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 327–374.

ÁLVAREZ POUSA, L. (1994): «Os medios de comunicación galegos e a lingua galega», en SÁNCHEZ PUGA (coord.): *Xornadas de formación en lingua galega para os equipos de normalización lingüística dos centros educativos*, Santiago de Compostela, Dirección Xeral de Política Lingüística, Xunta de Galicia, pp. 273–282.

ÁLVAREZ POUSA, L. (2000): «Poder e lingua nos medios», *Tempos Novos*, n.º 36, pp. 44–47.

ALLENDE, M. (11 de febreiro, 2004): «La BBC sobrevive al acoso», *La Voz de Galicia*, p. 60.

AMORÓS, A. e M. TÚÑEZ (1996): «Os medios e a identidade cultural: lingua e audiencias televisivas», en LEDO ANDIÓN, Margarita (ed.): *Comunicación na periferia atlántica*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 233–236.

AMORÓS I PONS, A. (2000): «O sistema televisivo no Estado español: visións políticas das Leis», *A Trabe de Ouro*, Tomo IV, n.º 44, pp. 455–473.

ASOCIACIÓN GALEGA DE PRODUCTORAS INDEPENDENTES (AGAPI) (2001): *Audiovisual gallego: con voz propia. Plan Estratégico del Sector Audiovisual Gallego (2002-2005)*, Santiago de Compostela, Asociación Galega de Productoras Independentes (AGAPI).

BAGDIKIAM, Ben H. (1986): *El monopolio de los medios de difusión*, México, Fondo de Cultura Económica.

BARCIA PICOS, J. L. (1996): «O marco xurídico das televisións locais», *Ferrol Análisis*, n.º 10, pp. 82-85.

BARREIRO RIVAS, X. L. (2004): *A terra quere pobo*, Vigo, Galaxia.

BARROSO GARCÍA, J. (1992): *Proceso de la información de actualidad en TV*, Madrid, Instituto Oficial de Radio y Televisión.

BESTEIRO, J.M. (1999): «A Televisión-espello fronte á Televisión-ventá», en CASAIS, E. *et al.*: *Televisión e sociedade (TV - locais de Galicia)*, Santiago de Compostela, Lea, pp. 97-110.

BLUM, Richard A. e Richard D. LINDHEIM (1987): *Programación de las cadenas de televisión en horarios de máxima audiencia*, Madrid, Instituto Oficial de Radio y Televisión.

BLUMLER, Jay G. (ed. lit.) (1993): *Televisión e interés público*, Barcelona, Bosch.

BOGART, L. (1972): *The age of television. A study of viewing habits and the impact of television of American life*, New York, Frederick Ungar Publishing.

BOUZADA FERNÁNDEZ, X. *et al.* (dirs.) (1991): *Mapa cultural de Galicia*, Santiago de Compostela, Consellería de Cultura e Xuventude, Dirección Xeral de Cultura, Xunta de Galicia.

BROCOS, G. e A. DIOS, *et al.* (2000): «Entregas Culturais: As Industrias do Audiovisual», *Tempos Novos*, n.º 35, pp. 51-79.

BUSTAMANTE, E., J. VILLAFANE (1986): *La televisión en España mañana. Modelos televisivos y opciones ideológicas*, Madrid, Siglo XXI-Ente Público RTVE.

BUSTAMANTE, E. e R. ZALLO (1988): *Las industrias culturales en España*, Madrid, Akal.

BUSTAMANTE, E. (1999): *La televisión económica: financiación, estrategias y mercados*, Barcelona, Gedisa.

BUSTAMANTE, E. (2000): «Regiones, televisión y desarrollo», en Vacas Aguilar, F. (coord.): *Televisión y desarrollo: las regiones en la era digital*, Badajoz, Consejería de Educación, Ciencia y Tecnología, Junta de Extremadura, pp. 13-20.

CAFFAREL, C. (15 de xuño, 2004): «La televisión pública en el modelo audiovisual español», Ponencia lida nas III Jornadas de Periodismo, organizadas pola Asociación de Periodistas Europeos.

CALVIÑO GIL, M. (2002): *Galicia TV. Unha canle internacional autonómica* [Traballo de fin de carreira], Pontevedra, Facultade de Publicidade e Relacións Públicas, Universidade de Vigo.

CALLEJO GALLEGO, J. (1995): *La audiencia activa. El consumo televisivo: discurso y estrategias*, Madrid, CIS/Siglo XXI.

CAMPOS FREIRE, F. (1999): «Televisión e publicidade: cambios nos sistemas de financiación, novos modelos para o audiovisual», en PENA RODRÍGUEZ, A. (coord.): *La publicidad en televisión. V Xornadas de Comunicación Social*, Pontevedra, Diputación Provincial, pp. 75-92.

CAMPOS FREIRE, F. (5 de setembro, 1999): «Os retos do audiovisual en Galicia», *La Voz de Galicia*, p. 17.

CAMPOS FREIRE, F. (1999): «Un Espacio de TV transfronteirizo entre Galicia e o Norte de Portugal», en FERNÁNDEZ AREAL, M. e A. PENA RODRÍGUEZ (dirs.): *A comunicación social transfronteiriza*, Pontevedra, Deputación Provincial, pp. 67-92.

CAMPOS FREIRE, F. (2001): «La televisión autonómica en la España del siglo XXI», en MACÍÁ MERCADER, J. (ed.): *Televisión para una sociedad democrática*, Madrid, Universitas, pp. 43-51.

CARAMÉS BLANCO, C. (2003): *30 anos de normalización lingüística*. Santiago de Compostela, Confederación Intersindical Galega, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria – Dirección Xeral de Política Lingüística.

CARRASCO SOLLA, P. (2003): «A televisión local como obxecto de investigación en Galicia», en MARTÍNEZ HERMIDA, M.A. (ed.): *Televisións Locais en Europa: Proximidade, programación e políticas de comunicación* [Edición en CD-Rom], Santiago de Compostela, Unidixital, pp. 305-313.

CASAS, E. et al. (1999): *Televisión e sociedade (TV - locais de Galicia)*, Santiago de Compostela, Lea.

CEBRIÁN HERREROS, M. (1978): *Introducción al lenguaje de la televisión: una perspectiva semiológica*, Madrid, Pirámide.

CEBRIÁN HERREROS, M. (1981): *Diccionario de radio y televisión: bases de una delimitación terminológica*, Madrid, Alhambra.

CEBRIÁN HERREROS, M. (1998): *Información televisiva: mediaciones, contenidos, expresión y programación*, Madrid, Síntesis.

CENDÁN FRAGA, A. (1998): *A televisión en Galicia*, Santiago de Compostela, Lea.

CENDÁN FRAGA, A. (2003): *Xornalismo e medios de comunicación en Galicia durante o franquismo*, Sada (A Coruña), Edición do Castro.

CHINCHILLA MARÍN, C. (ed.) (1988): *Legislación básica de radio y televisión*, Madrid, Tecnos.

CIDADANÍA-REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS (2001): *Estudio-Diagnóstico sobre a situación sociolingüística do concello de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, Concello de Santiago de Compostela.

CILLER TENREIRO, C. (2000): *La televisión de Galicia: un estudio de su programación 1985–1998* [Tese de Doutoramento inédita], Madrid, Universidad Complutense.

CILLER TENREIRO, C. (2004): «Contextualización e análise da Televisión de Galicia no ámbito europeo de televisións rexionais». Comunicación presentada no VI Congreso Lusófono de Ciências da Comunicação, celebrado na Universidade da Beira Interior, en Covilhã (Portugal).

COBREROS, E. (1989): *El régimen jurídico de la oficialidad del euskera*, Oñati, Instituto Vasco de Administración Pública.

CODINA, F. (xaneiro-marzo, 2004): «La anomalía audiovisual española», *El Noticiero de las Ideas*, n.º 17, pp. 36-42.

COIRA, J. (29 de novembro, 2001): «Que quince anos non é nada», *La Voz de Galicia*, suplemento especial «Cultura Galega», pp. 12–13.

COIRA, P. (2004): «A televisión» en Seara, I. (coord.): *Libro Branco de Cinematografía e Artes Visuais en Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 301-309.

COMISIÓN PROMOTORA DA INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR (2001): «A rebelión dos profesionais da CRTVG», *Tempos Novos*, n.º 45, p. 52.

COMISIÓN PROMOTORA DA INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR (2001): «A televisión e a rádio que queremos», *Terra e tempo*, n.º 16, pp. 68–69.

CONDE, E. (16 de novembro, 2003): «Los secretos de un plan en entredicho: La invertebrada admisión del Expediente en Trabajo y la llegada del grupo Planeta crean un caos insostenible», *Diario de Navarra*. Descargado desde o seguinte enderezo web: <http://www.noticiasdenavarra.com/ediciones/20031116/television/d16tve0203.php>

CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA (1999): *Televisión de Galicia, S.A. Ejercicio 1997. Informe de Fiscalización*, Santiago de Compostela, Consello de Contas de Galicia.

CONTRERAS, J. M. (2001): *La programación de televisión*, Madrid, Síntesis.

COROMINAS, M. (2000): *Informe de la comunicació a Catalunya 2000*, Bellaterra (Barcelona), Institut de la Comunicació de la Universitat Autònoma de Barcelona.

CORRAL, Jorge del (4 de maio, 2003): «Un canon para la televisión pública», *La Voz de Galicia*, p. 10.

CORRAL, Jorge del (12 de agosto, 2003): «RTVE: fracaso de la SEPI», *La Voz de Galicia*, p. 4.

CORRAL, Jorge del (18 de xaneiro, 2004): «Las TV públicas deben 8.000 millones», *La Voz de Galicia*, p. 68.

CORRAL, Jorge del (25 de xaneiro, 2004): «La oportunidad de la ley audiovisual», *La Voz de Galicia*, p. 68.

CORRAL, Jorge del (1 de maio, 2004): «RTVE: Propósitos y esperanzas», *La Voz de Galicia*, p. 8.

CORREDOIRA, L. (1991): *Mecenas en pantalla*, Barcelona, Ediciones del Drac.

CORTÉS, J. A. (1997): *La estrategia de la seducción. La programación en la neotelevisión*, Pamplona, Eunsa.

CREMADES, J. (1999): *La liberalización de las telecomunicaciones en un mundo global*, Madrid, La Ley-Actualidad.

CREMADES, J. (30 de maio, 2003): «Por fin una ley para la televisión», *El País*, p. 32.

CRISTOBO, Luis (1991): «Trama de espías en TVG», en *Anuario La Voz de Galicia 1991*, Tomo I, pp. 155-156.

DAYAN, Daniel (1997): *En busca del público: recepción, televisión, medios*, Barcelona, Gedisa.

DE CORA, X. (1990): *Barreiro contra Barreiro*, Vigo, Xerais.

DÍAZ NOCI, Javier (1997): «Los medios de comunicación y la normalización del euskera: Balance de quince años». Artigo descargado da web persoal do autor en: <http://www.ehu.es/diaz-noci/Arts/A24b.PDF>.

DÍAZ NOSTY, B. (1998): *Informe anual de la comunicación 1997-1998. Estado y tendencia de los medios en España*, Madrid, Grupo Zeta.

DURÁN, R. (1989): *O xurdimento dos medios de comunicación galegos*, Santiago de Compostela, Consellería de Presidencia e da Administración Pública, Xunta de Galicia.

ESTEVE PARDO, J. (1984): *Régimen jurídico administrativo de la televisión*, Madrid, Instituto Nacional de Administración Pública.

FANDIÑO, X. e A. PENA (2002): «A publicidade en Galicia», en López García, X.: *A comunicación en Galicia 2002*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 87-100.

FERNÁNDEZ, M. A. (11 de abril, 2001): «A 2 da TVG», *La Voz de Galicia*, p. 53.

FOLGAR DE LA CALLE, J.M. e R. MARTÍN SÁNCHEZ (2003): «A Compañía de Radio Televisión de Galicia, unha creación para a sociedade galega», *Sémata, Ciencias Sociais e Humanidades*, n.º 15, pp. 605-625.

FREIXANES, V.F. (1989): «Algunhas ideas sobre a lingua e os medios de comunicación: (Prensa, radio e TV)», *Seiva*, pp. 32-41.

FREIXANES, V.F. (1994): *A lingua galega nos medios de comunicación: proposta de análise de aspectos simbólicos e comunicacionais da lingua a través das institucións de socialización* [Tese de Doutoramento], Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

FREIXANES, V.F. (2001): «A lingua nos medios. Diante dunha nova modernidade», *Estudios de Comunicación*, n.º 0, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 27-38.

FREIXANES, V.F. (7 de abril, 2001): «Quince anos de TVG», *La Voz de Galicia*, p. 13.

GARCÍA FERREIRO, X. A. (1993): «A CRTVG: o mellor negocio da autonomía», *Cadernos A Nosa Terra de Pensamento e Cultura*, n.º 14-15, pp. 48-54.

GECA CONSULTORES (1999): *El anuario de la televisión 1998. Guía de los profesionales, los programas y las empresas del sector en España*, Madrid, GECA Consultores.

GECA CONSULTORES (2000): *El anuario de la televisión 1999. Guía de los profesionales, los programas y las empresas del sector en España*, Madrid, GECA Consultores.

GECA (2004): *El anuario de la televisión 2004*, Madrid, GECA.

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (dir.) (1996): *Actitudes lingüísticas en Galicia: compendio do III volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega, Seminario de Sociolingüística.

GONZÁLEZ ENCINAR, J.J. (ed.) (1996): *La televisión pública en la Unión Europea*, Madrid, McGraw-Hill.

GOYANES Vilar, H. et al. (1996): *A información en galego*, Santiago de Compostela, Lea.

GURRUCHAGA, I. (xaneiro-marzo, 2004): «El “caso BBC”: el pulso entre la política y los medios», *El Noticiero de las Ideas*, n.º 17, pp. 21-35.

GUYOT, J. *et al.* (1998): *Televisión e interculturalidade en Bretaña, Galicia e País de Gales*, Santiago de Compostela, Tórculo.

HERMIDA GULÍAS, C. (1990): «Unha estratexia para a normalización lingüística», *A trabe de ouro*, Ano I, n.º 4, pp. 593-597.

HERMIDA GULÍAS, C. (1999): «Un modelo de lingua para os medios de comunicación de masas», en ÁLVAREZ, R. e D. VILAVEDRA (eds.), *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Vol. I, pp. 501-518.

HUERTAS BAILÉN, A. (1993): *Sistemas de medición de audiencias en televisión: evolución y tendencias*, Barcelona, Universitat Autònoma de Barcelona.

IGLESIAS, F. (1994): «Las audiencias, un contrapoder informativo», en FERNÁNDEZ AREAL, M. (ed.), *Comunicación social*, Santiago de Compostela, Escola Galega de Administración Pública, pp. 53-62.

Imagen y Comunicación (2000): «TV local», n.º 5, pp. 23-28.

Imagen y Comunicación (2003): «Encuesta/Reportaje: Televisión local», n.º 46, pp. 41-45.

INSITUT DE LA COMUNICACIÓ UAB (2003): *Informe de la comunicació a Catalunya 2001-2002*, Bellaterra (Barcelona), Institut de la Comunicació de la Universitat Autònoma de Barcelona.

KABATEK, J. (2000): *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual*, Vigo, Xerais.

KLEINSTEUBER, H. J. e B. THOMAS (1999): «Alemania: la continuidad del sistema federal y la aparición de la televisión urbana», en MORAGAS SPÀ, M. *et al.* (eds.) (1999): *Televisión de proximidad en Europa. Experiencias de descentralización en la era digital*, Barcelona, Aldea Global (Universitat Autònoma de Barcelona), pp. 43-71.

LA VOZ DE GALICIA (4 de abril, 1994): «Los centros territoriales de TVE, estrellas de “Directo, directo”», p. 81.

LA VOZ DE GALICIA (3 de febreiro, 1999): «Fraga inauguró las instalaciones de Atlas Galicia en A Coruña», p.76.

LEDO ANDIÓN, M. (2000): «Galicia: televisión pública y mercado audiovisual», en VACAS AGUILAR, F. (coord.): *Televisión y desarrollo. Las regiones en la era digital*. Badajoz, Consejería de Educación, Ciencia y Tecnología, Junta de Extremadura, pp. 117-126.

LEDO ANDIÓN, M. (2001a): «15 anos de televisión», *Estudios de Comunicación*, n.º 0, pp. 67-78.

LEDO ANDIÓN, M. (2001b): «O audiovisual», en LÓPEZ GARCÍA, X. (coord.): *A comunicación en Galicia 2000*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 85-101.

LEDO ANDIÓN, M. (2002): «Tamén na televisión “un mundo diverso è possibile”», en LÓPEZ GARCÍA, X. (coord.): *A comunicación en Galicia 2002*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 75-84.

LEDO ANDIÓN, M. (ed.) (1996): *Comunicación na periferia atlántica*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

LOIS SANTOS, R. M. (1994): *Sistemas para a recepción de televisión: terrestre – satélite*, Santiago de Compostela, Ediciones Televés.

LÓPEZ, B. *et al.* (1999): «España: consolidación del modelo autonómico en la era multicanal», en MORAGAS SPÀ, M. *et al.* (eds.) (1999): *Televisión de proximidad en Europa. Experiencias de descentralización en la era digital*, Barcelona, Aldea Global (Universitat Autònoma de Barcelona), pp. 141-191.

LÓPEZ DOBAO, X. A. (1990): «Normalización lingüística e medios de comunicación», *A trabe de ouro*, Ano I, n.º 2, pp. 247-259.

LÓPEZ DOBAO, X. A. (1993): «A lingua galega e a TVG. Situación actual e propostas para unha nova política lingüística (I)», *Cadernos da lingua*, n.º 7, pp. 27-44.

LÓPEZ DOBAO, X. A. (1999): «Un máster de galego na aldea», en ÁLVAREZ, R. e D. VILAVEDRA, (coords.): *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Vol. I, pp. 501-518.

LÓPEZ GARCÍA, X. e M. TÚÑEZ (dirs.) (2000): *Condicións laborais e actitudes profesionais nos medios de comunicación*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

LÓPEZ GARCÍA, X. (coord.) (2000): *A comunicación en Galicia 2000*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

LÓPEZ GARCÍA, X. (coord.) (2002): *A comunicación en Galicia 2002*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

LÓPEZ GARCÍA, X. (coord.) (2004): *A comunicación en Galicia 2004*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

LÓPEZ REDONDO, J.A. (3 de setembro, 1974): «Los centros regionales, olvidados», *La Voz de Galicia*, p. 2.

MACIÁ MERCADÉ, J. (2001): «Publicidad en televisión: de la persuasión a la saturación, pasando por la contestación», en MACIÁ MERCADÉ, J. (ed.): *Televisión para una sociedad democrática*, Madrid, Universitas, pp. 85-117.

MANEIRO VILA, A. (1989): *Funcións da TV autonómica galega e do Centro Rexional de TVE en Galicia: Investigación sobre a razón de ser de dúas ofertas públicas de TV nunha Comunidade Autónoma*. Santiago de Compostela, Consellería de Presidencia e da Administración Pública, Xunta de Galicia.

MANEIRO VILA, A. (1993): *Influencia da TVG na promoción do galego*. Santiago de Compostela, Lea.

MANEIRO VILA, A. e A. CABALEIRO DURÁN (1993): *A TVG: Unha institución pública imprescindible en Galicia*. Santiago de Compostela, Lea.

MARTÍNEZ ABADÍA, J. (1998): *Introducción a la tecnología audiovisual: televisión, vídeo, radio*, Barcelona, Gedisa.

MARTÍNEZ HERMIDA, M. A. (1994): *Televisión y vídeo en Galicia. La intervención de la institución autonómica en el sector audiovisual*. [Tese de Doutoramento], Madrid, Universidad Complutense.

MARTÍNEZ HERMIDA, M. A. (2001): «Televisión local en Galicia: unha aproximación á comunidade de interese e ás relacións medio-comunidade», *Estudios de comunicación*, n.º 0, pp. 169-178.

MARTÍNEZ HERMIDA, M. A. (ed.) (2003): *Televisións Locais en Europa. Proximidade, programación e políticas de comunicación* [Edición en CD-Rom], Santiago de Compostela, Unidixital.

MÉNDEZ ROMEU, J. L. (25 de febreiro, 2001): «TVG y TVE, vendidas», *La Opinión A Coruña*, p. 24.

MINISTERIO DE INFORMACIÓN Y TURISMO (1969): *Las audiencias de la televisión en España*, Madrid, Imprenta del Ministerio de Información y Turismo.

MONTES FERNÁNDEZ, F. J. (1998): *Disposiciones legales fundamentales para la radio y la televisión en España*, Madrid, Dirección de Relaciones Exteriores del Ente Público RTVE.

MORALES NAVARRO, C. (1992): *La publicidad en televisión española: regulación normativa*, Madrid, Dykinson.

MORAGAS SPÀ, M. et al. (eds.) (1999): *Televisión de proximidad en Europa. Experiencias de descentralización en la era digital*, Barcelona, Aldea Global (Universitat Autònoma de Barcelona).

MORAGAS, M. e PRADO, E. (2000): *Repensar la televisión pública en el contexto digital*, Barcelona, Portal de la Comunicación. Disponible en: <http://www.portalcomunicacion.com/observa/polis/tvp.pdf>

MUÑOZ MACHADO, S. (1998): *Servizo público y mercado. Vol. III: La Televisión*, Madrid, Civitas.

NEIRA CRUZ, X.A. (1996): «Antena 3 Televisión», *Xornalistas*, n.º 2, pp. 26-29.

NIGHTINGALE, V. (1999): *El estudio de audiencias. El impacto de lo real*, Barcelona, Paidós.

NOIA CAMPOS, M. C. (1994): «Norma e estandarización, análise da televisión galega», en Lorenzo Vázquez, R.: *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e filoloxía románicas*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, pp. 41-50.

ORTEGA MARTÍNEZ, E. (1992): *La publicidad en televisión: estilos, eslóganes, promociones, inversiones*, Madrid, Síntesis.

PALACIO, M. (2001): *Historia de la televisión en España*, Barcelona, Gedisa.

PAREJA CARRASCAL, E. (1995): *Televisión en pantalla ancha (4/3) 2 = 16/9*, Madrid, Instituto Oficial de Radio y Televisión.

PEIRÓ MARZAL, M. C. (1998): *Evolución del primetime televisivo en Cataluña, 1990-95* [Tese de Doutoramento], Bellaterra (Barcelona), Universitat Autònoma de Barcelona.

PENA RODRÍGUEZ, A. (coord.) (1999): *La publicidad en televisión. V Xornadas de Comunicación Social*, Pontevedra, Diputación Provincial.

PEÑAFIEL, C. et al. (1991): *La televisión que viene: Nuevas tendencias de la programación*, Bilbao, Universidad del País Vasco.

PEÑAFIEL, C. et al. (1992): *Innovaciones en programas de radio y televisión*, Bilbao, Universidad del País Vasco.

PEREIRA FARIÑA, J. (2000): *Identidade cultural galega na ficción televisiva: o caso de 'Mareas Vivas'* [Traballo de Investigación Tutelado inédito], Santiago de Compostela, Facultade de Ciencias da Comunicación, Universidade de Santiago de Compostela.

PÉREZ, Xosé M. (1992): «A normalización lingüística na radio e na televisión de Galicia: propostas dun xornalista», *Cadernos de lingua*, n.º 6, pp. 137-141.

PÉREZ LÓPEZ, E. (1993): *La calidad y sus medidas en la señal de televisión*, Madrid, Instituto Oficial de Radio y Televisión.

PIEDRAHÍTA, M. (1994): *El rapto de la televisión pública*. Madrid, Noesis.

- PORTAS, M. (1997): *Língua e sociedade na Galiza*. A Coruña, Bahía Edicións.
- QUINTANILLA, A. (2000): «As Televisións na sociedade global», en *Galicia e Portugal, a comunicación euro–rexional no século XXI* [26 e 27 de novembro de 1999, Santiago de Compostela]. Santiago de Compostela, Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos, Xunta de Galicia, pp. 91–94.
- RAMALLO, F. e REI DOVAL, G. (1997): *Vender en galego: comunicación, empresa e lingua en Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- RIVAS, M. (13 de febreiro, 1992): «Unha idea futurista», *A Nosa Terra*, p. 3.
- ROBILLARD, S. (1995): *Television in Europe: regulatory bodies. Status, functions and powers in 35 European countries*, Hampshire, John Libbey.
- RODRÍGUEZ, C.L. (8 de setembro, 1989): «Un “máster” de gallego en la aldea», *La Voz de Galicia*, p. 24.
- RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, A.I. (2001): *Os informativos diarios nas televisións locais de Galicia*, [Tese de Doutoramento inédita], Santiago de Compostela, Facultade de Ciencias da Información, Universidade de Santiago de Compostela.
- ROMÁN PORTAS, M. (1997): «Televisións locais en Galicia», *Estudios de periodística V*, pp. 71–85.
- RODIL LOMBARDÍA, J. F. (1998): «A Televisión de Galicia no novo espazo audiovisual europeo». En *Tempos Novos*, n.º 10, pp. 86–89.
- RÚAS, Xosé (2003): «Televisións locais: un monte sin barreras», en MARTÍNEZ HERMIDA, M.A. (ed.): *Televisións Locales en Europa: Proximidad, programación y políticas de comunicación* [Edición en CD-Rom], Santiago de Compostela, Unidixital, pp. 269–283.
- RUBIDO, B. (1996): *Radiodifusión pública: un modelo a redefinir*. Santiago de Compostela, Lea.
- RUSHTON, D. (1997): *Creating local television. Local and community television under the Restricted Services Licenses*, Sheffield, Institute of Local Television.
- SAMPEDRO BLANCO, V. (1996): «Televisións rexionais: cadeas políticas. As canles autonómicas en perspectiva comparada», *A Trabe de Ouro*, n.º 27, pp. 91–98.
- SÁNCHEZ IZQUIERDO, A. (2004): «Audiovisual en Galicia: unha nova mentalidade para un novo mercado», en LÓPEZ GARCÍA, X. (coord.): *Informe da Comunicación en Galicia 2004*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Comunicación, pp. 47–57.

SÁNCHEZ-TABERNEIRO, A. *et al.* (1997): *Estrategias de marketing en las empresas de televisión en España*, Pamplona, EUNSA.

SEOANE PÉREZ, F. (coord.) (2003): *Televisión de Galicia: balance de 15 años: Actas do Ciclo de Debates celebrado en Santiago de Compostela do 2 ó 5 de abril de 2001* [Edición Restrinxida], Santiago de Compostela, Facultade de Ciencias da Comunicación, Universidade de Santiago de Compostela.

SOENGAS PÉREZ, J. (1993): *Los informativos diarios en las televisiones autonómicas (TVG, TV3 y ETB)* [Tese de Doutoramento], Bellaterra (Barcelona), Universitat Autònoma de Barcelona.

SUÁREZ LOZANO, J. A. (2000): *El régimen legal de la coproducción audiovisual*, Madrid, EGEDA.

VACA BERDAYES, R. (1997): *Quién manda en el mando: comportamiento de los españoles ante la televisión*, Madrid, Visor.

VARELA RAMOS, I. *et al.* (dirs.) (2003): *Audiovisual Galego 2003*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

VARELA RODRÍGUEZ, A. P. (1998): *Las audiencias de las retransmisiones y programas de deportes de televisión de Galicia desde 1990 hasta 1996* [Tese de Doutoramento], Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

VARELA RODRÍGUEZ, M. C. (1998): *La infraestructura tecnológica en los informativos de televisión de Galicia, usos y aplicaciones en la realización de los informativos diarios*. [Tese de Doutoramento], Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

VAZ GUERRERO, F. J. (1999): *Las Fuentes de información y el proceso de producción de las noticias en TVG y TVE en Galicia* [Tese de Doutoramento], Bellaterra (Barcelona), Universitat Autònoma de Barcelona.

VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, X. G. (1999): «Uso, percepción e valoración das distintas canles de televisión», en CASAIS, E. *et al.*: *Televisión e sociedade (TV - locais de Galicia)*, Santiago de Compostela, Lea.

VÁZQUEZ GONZÁLEZ, B. *et al.* (1981): *Autonomia i mitjans de comunicació*, Barcelona, Institut de Ciències Socials de la Diputació de Barcelona.

VÁZQUEZ LÓPEZ, M. X. (1991): «A lingua na radio galega», en BREA, M. e FERNÁNDEZ REI, F. (coords.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Vol. 2, pp. 211-217.

VEGA GÓMEZ, Xosé Manuel (5 de abril, 2001): «Televisión pública e democracia». Ponencia presentada nas xornadas *Televisión de Galicia: Balance de 15 anos*, organizadas

pola Comisión de Actividades Extracurriculares da Facultade de Ciencias da Información da Universidade de Santiago.

VENTURA FERNÁNDEZ, R. (2001): *La televisión por cable en España: tendencias y estrategias*, Barcelona, EUB.

VILCHES, L. (1993): *La televisión: los efectos del bien del mal*, Barcelona, Paidós.

VILCHES, L. (2001): *La migración digital*, Madrid, Gedisa.

VILLANUEVA, P. (2001): *Marcos e elementos para establecer as orixes das televisións locais en Galicia* [Traballo de Investigación Titelado inédito], Santiago de Compostela, Facultade de Ciencias da Comunicación, Universidade de Santiago de Compostela.

VV.AA. (2002): *Els valors del servei públic audiovisual en l'era de la liberalització*, Barcelona, Publicacions do Parlament de Catalunya.

WERT, J.I. (2001): «La tele, así que pasen 10 años», en *Academia de la Televisión: La nueva era de la televisión*, Madrid, Corporación Multimedia / Academia de la Televisión.

Arquivos Consultados:

- Arquivo de Comunicación, Consello da Cultura Galega

- Servizo de Documentación e Arquivo Fílmico de TVE-Galicia

CRONOLOXÍA DA HISTORIA DA TELEVISIÓN EN GALICIA

12 de decembro de 1955.- O Plan Nacional de Televisión, elaborado no marco do I Congreso Nacional de Ingenieros de Telecomunicaciones en 1955 (12-17 de decembro de 1955) contempla a creación de emisoras de televisión nos núcleos urbanos da Coruña e Vigo.

22 de xullo de 1958.- A Deputación Provincial da Coruña aproba a concesión dun crédito de 100 000 pesetas para o comezo da estación emisora de Santiago de Compostela, que se instalaría no monte Pedroso, para recibir o sinal televisivo dende Madrid.

1 de setembro de 1961.- A televisión chega a Galicia. Despois de tres anos de obras, o Centro Emisor do Pedroso recibe de xeito definitivo o sinal de Televisión Española. Nesta data recíbese a primeira comunicación da única televisión oficial en Galicia directamente dende Navacerrada. A conexión chegaba ao país galego a través dos repetidores de Villajimena, Matadeón, Brañuelas, Castro Caldelas e Cea.

25 de xullo de 1962.- TVE efectúa a primeira retransmisión televisiva dende Galicia co gallo das festas do Apóstolo en Santiago de Compostela

18 de xullo de 1964.- Coincidindo coa inauguración dos novos estudos de TVE en Prado del Rey, amplíase a potencia da emisora de Santiago de Compostela.

31 de decembro de 1964.- A apertura solemne do Ano Santo Compostelán de 1965 retransmítese, por vez primeira, vía Eurovisión.

1965-1975.- A finais da década dos 60 empeza o fenómeno dos *teleclubs* en Galicia. En 1970, a comunidade contaba cuns 900 locais deste tipo (300 na provincia de Lugo) o que a convertía na rexión española con maior número. Segundo a revista *Teleclub Galicia*, o voceiro destes centros, entre 1972 e 1984, os *teleclubs* galegos representaban o 20% do total nacional. Xogaron un papel fundamental nas zonas rurais (máis do 40%, 416, asentábanse en poboacións inferiores a 250 habitantes) onde non só se vía a televisión: constituían unha sorte de centro cívico e social con actividades de lecer, cultura, deportes e mesmo ensino de técnicas agrarias. O elevado número de *teleclubs* galegos foi posible grazas á estreita colaboración exercida entre o Ministerio de Información e Turismo e a Fundación Pedro Barrié de La Maza. Esta última iniciou o seu programa de creación da rede de *teleclubs* no ano 1968.

1 de outubro de 1967.- A segunda canle de TVE (emisións pola banda UHF) entra a funcionar en Galicia, once meses despois de iniciar a súa programación independente da primeira cadea.

Outubro de 1968.- As «zonas de sombra» (con deficiente recepción televisiva) derivadas das características xeográficas do país fan pensar nun ‘Plan Galicia de Televisión’, que terá como finalidade mellorar a maioría dos distintos reemisores e instalar novas emisoras para unha mellor recepción de TVE.

Curso 1968-1969.- O médico e antigo reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Ángel Jorge Echeverri, principia nese curso a utilización de circuítos pechados de televisión para impartir aos seus alumnos clases de anatomía. É a primeira vez que a televisión se lle aplica ao ensino en España.

1971.- Comezan as obras dos centros emisores do monte Meda (en Ourense, entrará en funcionamento no verán de 1974), A Bailadora (en Ferrol, entrará en funcionamento en outubro de 1972) e Faro Domaio (Pontevedra, entrará en funcionamento a finais de 1973).

25 de xullo de 1971.- Inaugúrase o Centro Territorial de Televisión Española en Galicia con sede na rúa do Vilar (Santiago de Compostela). O director en funcións é Fernando Cubedo.

11 de setembro de 1971.- Noméase director da TVE en Galicia a Luis Salgueiro.

1 de agosto de 1973.- Noméase director da TVE-G a Luis Mariñas Lage.

16 de agosto de 1974.- Comeza a emisión de *Panorama de Galicia*, informativo diario en lingua galega.

29 de decembro de 1976.- Noméase director da TVE-G a Eugenio Pena Leira.

Setembro de 1977.- Aparece en antena *Galicia quiere saber*, un espazo cultural informativo no que se abordan distintos aspectos da vida política, social e cultural galega.

Novembro de 1977.- Comeza a emisión do programa *O adro da cultura*, de periodicidade semanal e de media hora de duración.

25 de xullo de 1978.- Inaugúrase a nova sede de TVE no Pazo de Raxoi, nunha planta cedida polo Concello de Santiago de Compostela. As instalacións levaban unha semana funcionando (dende o 16 de xullo). Comeza a emisión en cor.

10 de xaneiro de 1980.- Estatuto Xurídico de Radio e de Televisión.

7 de xuño de 1980.- Comeza a emitir en período de probas a que se considera como a primeira televisión local española, situada en Cardedeu, unha pequena poboación de 7000 habitantes nas proximidades de Barcelona.

1982.- Comezan a empregarse os equipos ENG en TVE-G.

15 de abril de 1982.- Preséntase en Santiago a sociedade anónima Televisión Galega (que fora constituída en 1981), unha iniciativa do empresario ourensán José Luis Outeiriño Rodríguez, relacionado con *La Región*. Prevíase que a sede central desa televisión estivese en Vigo e que gozase dalgún tipo de compatibilidade con Teleoreense, S.A., que se pretendía constituír naqueles tempos.

8 de febreiro de 1983.- Noméase director da TVE-G a Alexandre Cribreiro Rodríguez. A súa breve etapa (20 meses no cargo) caracterizarase pola posta en marcha de varios programas de carácter cultural, como *Teatro*, *Tempo de Cultura*, *Galego*, *Arte...* así como sobre outros aspectos da vida galega (*Mar a mar*, *Emigración*).

30 de xullo de 1983.- O xornal *El Correo Gallego* publica unha información na que di que vén de descubrir a primeira emisora pirata de televisión en Galicia. O diario mantén no anonimato a identidade da canle, pero localízaa na ría de Pontevedra e, segundo os responsables desa estación, levaría en funcionamento dende 1982.

1983.- *Panorama de Galicia* cambia de nome e pasa a chamarse Telexornal 1. Emítese de luns a venres de 14.30 a 15.00 horas. Telexornal 2 emítese pola segunda cadea polas tardes.

26 de decembro de 1983.- Lei 46/1983 reguladora da terceira canle.

Marzo de 1984.- Constitúese o Consello Asesor de Radio Televisión Española en Galicia, que estende a súa función asesora á CRTVG (na medida na que esta aínda non constituíu o seu propio Consello Asesor). Está formado por 13 membros, elixidos entre os grupos con representación parlamentaria na cámara galega, sendo o seu primeiro presidente José Luis García Casanovas, representante de Alianza Popular.

21 de marzo de 1984.- Créase o Rexistro de Empresas de Material Audiovisual en soporte vídeo.

8 de maio de 1984.- O edificio da Terraza (na Coruña) convértese no Palacio da Comunicación. Acolle os servizos centrais de RNE e de Radio Cadena Española, ademais dunha unidade informativa de TVE.

Xullo de 1984.- Créase o Plan de Cobertura dos Programas de TVE na provincia de Lugo coa intención de mellorar a recepción televisiva.

11 de xullo de 1984.- O Parlamento de Galicia aproba a Lei 9/1984 de creación da CRTVG.

3 de outubro de 1984.- Noméase director da TVE-G a Orestes Vara García.

8 de outubro de 1984.- Comeza a construción da TVG.

22 de maio de 1985.- Decrétase a concesión da terceira canle a Galicia.

24 de xullo de 1985.- Inauguración da TVG, que emite en horario reducido. Noméase director xeral da CRTVG a Luís Losada e da TVG a Guillermo Montes.

1 de setembro de 1985.- A TVG comeza a emitir unha programación regular.

6 de setembro de 1985.- Inicia a súa andaina nas ondas o programa *Ruada*. Presentado por Xosé Luís Blanco Campaña, o espazo será un dos de máis popularidade na cadea.

4 de novembro de 1985.- A TVG incrementa o número de horas de emisión.

31 de xaneiro de 1986.- Comeza a emitirse o espazo semanal *Galicia no cine*.

5 de marzo de 1986.- Noméase director xeral da CRTVG a Lois Caeiro, quen á súa vez nomea a Blanco Campaña director da TVG, até ese momento director da Radio Galega.

7 de maio de 1986.- Noméase director da TVE-G a Manuel Lombao Lombao.

12 de maio de 1986.- Preséntase a nova programación da TVG, na que destacan os espazos culturais: *A Trabe de Ouro*, presentado por Víctor F. Freixanes (primeira emisión: 13 de maio de 1986), céntrase na literatura e no mundo da edición; *Encontros*, presentado por Luís Álvarez Pousa (primeira emisión: 15 de maio de 1986), *Máis Alá*, presentado por Manuel Rivas (primeira emisión: 16 de maio de 1986).

25 de xullo de 1986.- Nova programación de TVE-G para competir coa TVG. O chamado «Plan Lombao» pon en marcha o magacín *Telegalicia* (**primeira emisión: 14 de xaneiro de 1987**), o cultural *Ronsel* (do 29 de agosto de 1986 ao 26 de xuño de 1987) e experimentos televisivos da man de Antón Reixa, como *Gris de Nube* (do 31 de xullo de 1986 ao 30 de abril de 1987). A segunda cadea comeza a emisión dun programa infantil, *Rolda dos nenos* (do 5 de maio ao 30 de xuño de 1987).

12 de xaneiro de 1987.- O director da CRTVG, Lois Caeiro, presenta a súa dimisión. Ao día seguinte noméase director da CRTVG a Abilio Bernaldo de Quirós.

5 de febreiro de 1987.- Noméase director da TVG a Gerardo González Martín.

6 de maio de 1987.- O director da TVG, Gerardo González Martín, presenta a súa dimisión denunciando inxerencias políticas no labor dos profesionais da canle autonómica.

7 de maio de 1987.- O Consello de Administración da CRTVG nomea director da TVG a Xerardo Rodríguez.

3 de xullo de 1987.- Inicia a súa presenza nas ondas o programa de entrevistas *Xente Nosa*, presentado por Xosé María Palmeiro.

13 de xullo de 1987.- Comeza as súas emisións o espazo de variedades *Venres Show*, presentado por Pemón Bouzas.

Novembro de 1987.- A programación do Centro Territorial de TVE-G, que abranguía a franxa horaria entre as 13 e as 15 horas, pasa, por orde da Dirección Xeral de RTVE, á segunda cadea. Soamente queda na primeira o Telexornal, que pasa a emitirse simultaneamente por TVE-2. Os traballadores do Centro Territorial mobilízanse contra esta decisión, que trasladaba o groso da programación a unha canle que non cubría aínda a totalidade da xeografía galega.

18 de decembro de 1987.- Lei 31/1987 de ordenación das telecomunicacións.

1 de xaneiro de 1988.- Noméase director da TVE-G a José María Villot y Villot.

Xaneiro de 1988.- Nace Narón TV (futuro xerme da actual Ferrolvisión Canal 29) a primeira televisión local «estable» de Galicia (antes houbera outras experiencias en lugares tan dispares como o Barco de Valdeorras, Caldas de Reis, Cuntis, Vilanova de Arousa ou Monterroso). Emitía polo canal 28 de UHF. A idea desta emisora xurdiu dun grupo de profesionais que traballaban arredor da empresa Retina, de Narón, que dende un principio concibiron a televisión como unha empresa mixta, na que se mesturaba a propiedade privada coa pública a través do Concello de Narón. A relación entre a institución pública e os promotores oficializábase o 9 de setembro de 1988.

Abril de 1988.- Preséntase a nova programación de TVE-G, que retoma o nome de *Panorama de Galicia* para o magacín que se emitía diariamente entre as 13 e as 14.30 horas.

3 de maio de 1988.- Lei 10/1988 de televisión privada.

30 de maio de 1988.- A TVG asina un convenio coa desaparecida televisión por satélite Canal 10, que establecía un intercambio de coprodución de toda clase de programas de televisión.

6 de xaneiro de 1988.- Canal 11, que anos despois se converterá na televisión municipal de Cerceda, inicia a súa actividade coa retransmisión en directo dun pleno da corporación local. Trátase do xerme da que se converterá na primeira televisión municipal de Galicia.

10 de xullo de 1988.- A Consellería de Cultura e Deportes asina un convenio coa CRTVG para impulsar a creación cinematográfica e videográfica galega.

Agosto de 1988.- Comeza en Bando, San Marcos (Santiago de Compostela) a construción da nova sede do centro rexional de TVE. Ocupa unha parcela de 23 000 metros cadrados.

14 de outubro de 1988.- Xorde Ponteareas TV. Empeza sendo privada, até que o 7 de outubro de 1989 o Concello de Ponteareas asume a súa xestión.

Decembro de 1988.- Inaugúrase o novo edificio da CRTVG, anexo ao Centro de Produción de Programas da TVG.

1989.- Empeza a transmitir de xeito esporádico «La Televisión Cultural La Coruña-Oleiros».

Marzo de 1989.- Ponse en funcionamento a nova torre de comunicacións de enlaces fixos, que mellorará a recepción da TVG.

5 de abril de 1989.- A CRTVG participa na constitución en Bilbao da Federación de Organismos de Radio e Televisión Autonómicos, que logo sería coñecida como FORTA.

17 de abril de 1989.- Comeza a emisión de *Composteláns*, o primeiro «culebrón» televisivo realizado por galegos. Dirixida por Xosé Manuel Pereiro, a serie manterase en antena até o 22 de xuño de 1989, data na que se emitiu o capítulo número 39.

Abril de 1989.- Nunha resposta parlamentaria, o portavoz do Goberno, Vázquez Portomeñe, cifra en máis de 4200 millóns de pesetas o déficit da TVG.

Abril de 1989.- Comeza a emisión do programa didáctico *¿Imos aló?*, dirixido polo humorista gráfico Siro López.

1 de maio de 1989.- Noméase director da TVE-G a Domingo González González.

24 de xullo de 1989.- A TVG emite para máis de vinte países o programa espectáculo *Desde Galicia para o mundo*. Retransmitido vía satélite, este programa converterase no máis visto da historia da televisión en Galicia, con máis de 500 millóns de espectadores.

25 de xaneiro de 1990.- Nace Antena 3 Televisión.

3 de marzo de 1990.- Telecinco comeza as súas emisións.

23 de febreiro de 1990.- Abilio Bernaldo de Quirós cesa como director da CRTVG. Ocupa o seu posto Ramón Villot.

27 de febreiro de 1990.- Noméase director da TVG a José Francisco Rodil Lombardía.

2 de maio de 1990.- Salta o escándalo das chamadas «listas negras» da RTVG, documentos nos que se facían valoracións políticas dos profesionais da radio e da televisión autonómicas. Unha semana despois denúnciase a aparición de micrófonos ocultos nos despachos do director xeral da CRTVG, Ramón Villot, e no do director da TVG, Francisco Rodil.

Agosto de 1990.- A Consellería de Cultura asina cun convenio coa CRTVG para impulsar a produción audiovisual galega.

14 de setembro de 1990.- Canal Plus, con oferta en aberto e codificada, principia a súa andaina nas ondas.

Setembro de 1990.- Chega a Galicia a primeira fase da cobertura das canles privadas. Antena 3, Telecinco e Canal Plus cobren áreas parciais da Coruña e Vigo. En 1993 chegarán ás principais cidades e vilas galegas.

7 de outubro de 1990.- A Radio Televisión de Cerceda principia de xeito regular as súas emisións.

1 de novembro de 1990.- Antón Reixa ponse á fronte de *Sitio distinto*, un espazo da TVG con música, entrevistas e concursos.

Marzo de 1991.- Inaugúrase na Coruña o Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI), que fora creado por decreto 210/1989, de 5 de outubro, da Xunta de Galicia, e depende organicamente da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

22 de abril de 1991.- A TVG inicia a emisión do seu primeiro gran documental, *Galicia no tempo*, dirixido por Eva Veiga, que obtería mencións en distintos festivais internacionais.

21 de maio de 1991.- Inaugúrase o novo centro territorial de TVE-G en San Marcos.

Agosto de 1991.- Coincidindo coa IV Feira de Mostras Val de Lemos, nace o Canal 27 de Monforte de Lemos, que apenas durará uns días.

7 de outubro de 1991.- Comeza as súas emisións regulares a Televisión de Cerceda, a primeira televisión local municipal de Galicia, que iniciara as súas actividades o 6 de xaneiro de 1988 co nome de Canal 11, retransmitindo un pleno da corporación local.

2 de decembro de 1991.- Empeza a emitir Ferrolterra Televisión.

6 de febreiro de 1992.- A Comisión Primeira do Parlamento rexeita unha proposta do PSG-EG sobre a creación dunha segunda canle, cos votos en contra do Partido Popular. A iniciativa trasladaba ao Parlamento un estudo do Consello da Cultura Galega que apoiaba expresamente a creación dunha segunda canle da TVG.

21 de febreiro de 1992.- Narón TV convértese en Canal 4 de Ferrol, quen á súa vez cambiará de nome en 1997 para pasar a chamarse Ferrolvisión-Canal 29, a actual Localia Ferrol.

21 de abril de 1992.- Comeza a emisión do *Supermartes*, na TVG.

Maio de 1992.- Comeza a emitir a televisión por cable do Carballiño, Carballiño TV (Cablevisión O Carballiño). En 1994 inaugurará novas instalacións.

9 de maio de 1992.- Inícianse as primeiras oposicións de persoal da TVG.

30 de setembro de 1992.- Comeza a emisión do programa *Luar*, na TVG.

1 de febreiro de 1993.- Noméase director da TVE-G a Xerardo Rodríguez Rodríguez.

Maio 1993.- O Concello de Tui pon en marcha unha televisión local.

19 de xuño de 1993.- Comeza a emisión de *Desde Galicia para el mundo* en TVE-G.

Xullo 1993.- A Televisión Municipal de Narón e Terra de Trasancos principia as súas emisións.

Novembro de 1993.- O Concello de Arnoia (Ourense) pon en práctica a iniciativa dunha televisión local por cable, TV Arnoia. Permanece pechada entre 1995-1998. Reaparece en novembro de 1998.

Primeiros meses de 1994.- A localidade coruñesa das Pontes de García Rodríguez pon en marcha o primeiro proxecto de televisión local deste concello, TV 6.

3 de febreiro de 1994.- Nunha comparecencia na cámara galega en febreiro de 1994, o director xeral da CRTVG, Ramón Villot, cifra en 7000 millóns de pesetas (42 millóns de euros) a débeda acumulada. Outras fontes cifran a débeda da compañía en 1994 en 55 millóns de euros.

18 de abril de 1994.- Comeza a emisión do *Xabarín Club*, na TVG.

15 de xullo de 1994.- Noméase director da CRTVG a Francisco Campos Freire, quen á súa vez nomea a Arturo Maneiro director da TVG.

1 de agosto de 1994.- Constitúese na Coruña o Grupo Gallego de Empresas para el Cable, S.A. (Grupo Cable), integrado por Unión Fenosa, Televés-Intelsis, Compañía Telefónica, Banco Pastor, Antena 3 Televisión, *La Voz de Galicia* e as Caixas de Aforros de Galicia, Vigo, Ourense e Pontevedra.

14 de agosto de 1994.- Xorde Canal 50 TV Local Guardesa.

Setembro de 1994.- Constitúese en Santiago de Compostela a empresa Telecable Compostela, da que forman parte a Editorial Compostela (editora de *El Correo Gallego* e *O Correo Galego*), Intelsis (do grupo Televés) e Daviña.

14 de outubro de 1994.- RTV Tui, que comezara as súas emisións regulares en marzo dese ano despois de dúas experiencias nas festas de San Telmo dos anos 1992 e 1993, presenta oficialmente a súa programación.

31 de outubro de 1994.- Constitúese Telesalnés, que empezará a emitir para a comarca pontevedresa do Salnés o 21 de novembro de 1994. O 10 de xaneiro de 1995 regularizará as súas emisións.

25 de novembro de 1994.- A TVG emite por primeira vez a través da rede de fibra óptica de telefonía nesta data; foi dende Silleda e ofreceulle aos seus espectadores imaxes do IV Salón da Enerxía e Desenvolvemento Rural.

25 de novembro de 1994.- Canal 60-Hércules TV, nacida en outubro dese mesmo ano, comeza as súas emisións na cidade da Coruña.

Decembro de 1994.- Televoz inicia a emisión da súa carta de axuste.

Decembro de 1994.- Xorde TVM (Televisión do Morrazo) por iniciativa veciñal. En setembro de 1997 créase a sociedade limitada TPM- Producións de Vídeo e Televisión

Península do Morrazo. Dende o 14 de xuño de 1999 (e tras un período de atrancos) intentouse relanzar TVM, mais o proxecto non consolidou.

10 de decembro de 1994.- Televisión Lugo, a primeira televisión local da capital lucense, comeza oficialmente as súas emisións, logo dunha experiencia previa de nove días que coincidiran coas festas patronais de San Froilán (dende o 4 ao 12 de outubro de 1994).

19 de decembro 1994.- As principais produtoras audiovisuais galegas forman a Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI).

25 de decembro de 1994.- Aparece a Radiotelevisión Municipal de Quiroga.

29 de decembro de 1994.- A TVG é a primeira canle autonómica do Estado que emite regularmente vía satélite. Faino co programa *Galeguidade*.

1995.- Créase en Vigo a empresa Vigocable, da que forman parte o Concello de Vigo, Faro de Vigo, Caixavigo e unha empresa americana.

Finais de xaneiro de 1995.- Comeza a emitir de xeito case indefinido a Televisión do Val Miñor-Nigrán. Pecha despois das eleccións locais de maio de 1995.

Principios de 1995.- A TVG emite por primeira vez na súa historia en sistema NICAM-Dual-Estéreo para toda Galicia. O espectador que teña un receptor de TV dotado con este sistema pode elixir o son da versión orixinal, coas voces dos actores ou ben a versión dobrada ao galego.

Febreiro de 1995.- Ourense TV Benposta comeza a emitir cara ao exterior. A «Ciudad de los Muchachos» conta cunha televisión propia dende 1974, de aí que algunhas fontes aventuren que o Padre Silva (o responsable da devandita cidade) foi o promotor da primeira televisión local en España.

Maio de 1995.- Telecidade, a primeira televisión local de Vigo que dará lugar a Televigo, principia a emitir.

Xuño de 1995.- Unha produtora privada pon en marcha Teleboqueixón, no concello coruñés de Boqueixón. Manterase en antena até decembro de 1999.

2 de xuño de 1995.- Comeza a emitir Televisión de Pontevedra, que nacera o 25 de maio de 1995 da man do empresario Manuel Casal.

1995.- A Televisión do Val Miñor comeza as súas emisións na localidade pontevedresa de Nigrán.

25 de xullo de 1995.- A capital galega estrea a súa primeira canle de televisión local, Radio Televisión de Compostela (RTC), coincidindo co Día do Apóstolo. Auspiciada polo empresario Ghaleb Ibrahim, a sociedade será adquirida en xaneiro de 2000 por Xavier Otero, quen a acabará incorporando á rede Localia.

Agosto de 1995.- O ámbito da cobertura da TVG é do 99,7%.

Agosto de 1995.- Nace TV-7 en Monforte de Lemos, unha iniciativa do comunicador e empresario Fidel Fernán.

Outubro de 1995.- A Radio Televisión Municipal de Lemos comeza a súa traxectoria no mundo das ondas televisivas, uníndose deste xeito a TV-7, a outra canle de televisión local que operaba desde hai dous meses na mesma vila luguesa.

Outubro de 1995.- A TVG estrea o sistema Pal Plus, un formato de pantalla ancha (16:9). Faino co apoio da Unión Europea a través do Plano de Acción para Servizos Avanzados de TV.

6 de outubro de 1995.- A TVG e a Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI) asinan un acordo marco para potenciar as producións audiovisuais realizadas en Galicia e por produtoras galegas. Comeza así o programa de investimentos en produción de ficción feita en Galicia, que terá un desenvolvemento ininterrompido a partir deste momento.

11 de outubro de 1995.- A Televisión de Galicia emite por primeira vez un teletexto en galego o 11 de outubro de 1995, iniciando as súas emisións regulares o 15 de decembro de 1995.

15 de novembro de 1995.- Constitúese Asgatel (Asociación Galega de Televisións Locais). Forman parte da súa xunta fundacional as seguintes emisoras: Telecidade (Vigo), RTC (Santiago de Compostela), Canal 60 (A Coruña), Televisión Lugo, Tele Miño (Ourense) e Ferrolterra TV. O presidente desta asociación será o ex director xeral da CRTVG, Lois Caeiro, que actuaba en representación da RTC.

22 de decembro de 1995.- Lei 41/1995 da televisión local por ondas terrestres.

22 de decembro de 1995.- Galivisión Marín e Galivisión A Guarda comezan as súas emisións simultaneamente. Ambas as dúas pertencen á mesma empresa (Sociedad Cable Galicia) que considera como cabeceira desta televisión local á emisora con sede en Marín.

23 de decembro de 1995.- Lei de telecomunicacións por cable.

1995.- A CRTVG reduce o seu déficit en 500 millóns de pesetas (3 millóns de euros). É a primeira vez que as súas sociedades conseguen resultados operativos positivos.

1996.- Inicia a súa actividade Ribeira Sacra TV.

25 de xaneiro de 1996.- A publicación *Intermedios* informa de que o sinal de Televoz, a emisora de televisión do Grupo Voz, chegou a emitirse nas cidades de Vigo, Ferrol, A Coruña e Lugo.

6 de febreiro de 1996.- Antena 3 inaugura a súa delegación en Galicia, dirixida por Bieito Rubido.

23 de febreiro de 1996.- Sae ás ondas a segunda canle lucense de televisión, Lugovisión, promovida pola empresa editora do xornal lucense *El Progreso*.

Abril de 1996.- Comeza a emisión de *Galicia a Fondo*, en Antena 3. É o primeiro programa posto en marcha en Galicia por unha televisión privada.

6 de xuño de 1996.- A Consellería de Cultura pasa a denominarse Consellería de Cultura e Comunicación Social (Decreto 212/1996, do 6 de xuño, publicado no DOG n.º 12, do 7 de xuño de 1996). A Consellería de Cultura asume, pois, as competencias en materia de comunicación social.

14 de xuño de 1996.- Créase, dentro da estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Comunicación Social, a Dirección Xeral de Medios de Comunicación Social e Audiovisual (Decreto 237/1996, do 14 de xuño, publicado no DOG n.º 118, do 17 de xuño de 1996).

6 de agosto de 1996.- Noméase director de TVE-G a Xosé Luís Blanco Campaña.

Agosto 1996.- Arturo Maneiro déixalle o seu cargo a Anxo Quintanilla Louzao, que se converte no director da TVG.

1996.- A TVG sitúase no 70% de produción propia, soamente superada lixeiramente polo Canal 33 de Cataluña e a vasca Euskal Telebista.

Outubro de 1996.- Xunto coas canles autonómicas de Cataluña e Euskadi, a TVG constitúe Galeusca, unha canle de televisión vía satélite destinada a lle enviar aos emigrantes a programación de TVG, TV-3 e ETB.

7 de decembro de 1996.- Prodúcese a maior marca de audiencia da TVG durante a transmisión do encontro de fútbol entre o Real Madrid e o Barcelona. O chamado «partido do século» foi seguido a través da canle autonómica por 745 000 espectadores.

13 de decembro de 1996.- Constitúese Vídeo Voz TV, S.A., coa participación maioritaria de La Voz de Galicia, S.A.

31 de decembro de 1996.- A TVG inicia as súas emisións regulares cara a América vía satélite a través da canle Galeusca ás 14 horas locais.

4 de xaneiro de 1997.- *La Voz de Galicia* publica unha información na que asegura que Televoz –rede de emisoras locais do Grupo Voz– é unha iniciativa xa disposta e perfilada que, porén, verá aprazada a súa presentación pública por mor da falla dun marco legal para actuar con seguridade.

1997.- A Televisión Municipal de Teo inicia as súas emisións regulares en 1997. Ten un modelo de xestión singular. A emisora é propiedade do Concello, pero está xestionada por unha empresa privada que a explota en réxime de concesión durante cinco anos.

1997.- Constitúese Astelga (Sociedade Cable Galicia). Formaban parte dela: Galivisión (Marín e A Guarda), RTVM As Pontes, Cablevisión O Carballiño, Melide TV e Verín TV. A finalidade era a de cobrar forza representativa como operadoras de cable en Galicia.

31 de xaneiro de 1997.- A plataforma Canal Satélite Digital comeza as súas emisións.

14 de febreiro de 1997.- A TVG asina un acordo de colaboración coa cadea CNN para enviar información sobre Galicia e para a inclusión na programación das súas emisións vía satélite.

1 de abril de 1997.- A TVG comeza a emitir a súa programación cara a América vía satélite a través de Galicia TV. Abandónase así o proxecto Galeusca.

Abril de 1997.- Melide TV empeza as súas emisións regulares. En setembro de 2000 anunciaba o seu peche inmediato.

24 de abril de 1997.- Lei 12/1997 de liberalización das telecomunicacións.

17 de maio de 1997.- A TVG comeza as emisións regulares por internet en tempo real.

Xuño de 1997.- Noméase director en funcións da TVE-G a David Formoso.

11 de agosto de 1997.- Noméase director da TVE-G a Alfonso Cabaleiro Durán.

15 de setembro de 1997.- A TVG inicia as emisións da súa canle Galicia TV a través de Vía Digital. Mediante esta plataforma, a TVG chega a España e a Europa.

14 de outubro de 1997.- A TVG inicia as súas emisións en Portugal a través da operadora de cable TV Cabo, coa que se achega a 400 000 fogares portugueses.

18 de novembro de 1997.- A TVG inicia a emisión do Televideo para a canle Galicia TV-América.

17 de decembro de 1997.- O director xeral da CRTVG, Francisco Campos, asina un convenio co presidente de Retecal, José Luis Uribarri, para lle distribuír o sinal galego vía satélite á Comunidade de Castela e León.

22 de decembro de 1997.- Principia as súas emisións As Mariñas TV-Oleiros.

28 de decembro de 1997.- Galicia TV preséntase oficialmente en Uruguay.

Finais de 1997.- O Grupo Voz e a Compañía Telefónica chegan a un acordo para desenvolver a industria do cable en Galicia, creando a sociedade Telefónica Cable Galicia.

O Grupo Voz abandonaba o Grupo Cable, fundado en 1994, e do que *La Voz de Galicia* fora un dos creadores.

Finais de 1997.- O Grupo Voz e Telecinco chegan a un acordo para poñer en marcha desconexións informativas dentro da programación da cadea privada de televisión.

10 de febreiro de 1998.- A TVG estabiliza a súa delegación no Porto, dende a que se cobre toda a información que se xera en Portugal.

7 de marzo de 1998.- A canle autonómica inicia as emisións para Europa en dixital a través do satélite Eutelsat Hot Bird-3.

11 de marzo de 1998.- A TVG comeza a emitir para o Principado de Asturias por medio do cable a través da súa canle internacional Galicia TV.

29 de marzo de 1998.- A cadea autonómica galega celebra o primeiro aniversario da súa canle internacional, Galicia TV, que difunde a súa programación en América, España e Portugal.

16 de abril de 1998.- Galicia TV comeza a emitir con tecnoloxía dixital e en aberto para toda Europa.

26 de maio de 1998.- Comeza a desconexión para Galicia de Telecinco.

19 de xuño de 1998.- O reitor da Universidade da Coruña, José Luis Meilán Gil, e o director xeral da CRTVG, Francisco Campos, subscriben un convenio polo que ambas as dúas entidades coproducirán documentais de interese científico e cultural.

7 de xullo de 1998.- Ás 21 horas e 27 minutos, a TVG realizou a primeira conexión de satélite cunha unidade móbil de enlaces propia. Sería na emisión do "Telexornal Segunda Edición" dende a Expo de Lisboa.

14 de xullo de 1998.- Noméase director da TVE-G a José Octavio Rodríguez Nieto.

16 de outubro de 1998.- Asgatel (Asociación Galega de Televisións Locais) elixe a súa xunta directiva. Son socios dela: Telcelugo, Televigo, RTC, TV Pontevedra, Telesalnés, TV 7 Monforte, TV Boqueixón (desaparecida), Cablevisión O Carballiño, Ferrolvisión, TV Costa Norte (desaparecida), Televinte Chantada, As Mariñas TV-Oleiros, TVM Canal Deza, Tele Miño e Telecoruña-Canal 41.

Novembro de 1998.- Telcelugo empeza as súas emisións despois da fusión de Televisión Lugo S.A., e Lugovisión S.L. É propiedade do Grupo El Progreso.

1 de decembro de 1998.- A TVG comeza a emitir regularmente cara a Europa e América a través do satélite Hispasat.

1 de decembro de 1998.- Televinte, na localidade luguesa de Chantada, empeza as súas emisións.

11 de xaneiro de 1999.- Comeza a emisión da serie *Mareas Vivas* na TVG. Acadará un grande éxito de audiencia. Dende o punto de vista sociolingüístico, destaca o emprego por parte dos actores da variante dialectal da Costa da Morte.

20 de xaneiro de 1999.- A TVG cambia a súa imaxe corporativa.

29 de xaneiro de 1999.- Regularízanse as emisións da TVG cara Europa polo Eutelsat.

1 de abril de 1999.- Televisión Ferrol (Canal 31) empeza as súas emisións. É herdeira directa de Ferrolterra TV, que empezara a súa actividade o 2 de decembro de 1991.

16 de abril de 1999.- Instalaciones de Cables de Galicia, S.A., empresa pertencente ao Grupo Voz, adquire un 15 por cento do accionariado de Telefónica Cable Galicia, S.A.

23 de abril de 1999.- Entra en funcionamento o novo enderezo electrónico da TVG, www.tvg.es.

Mediados de 1999.- O empresario José Manuel Brandariz adquire a emisora Hércules TV-Canal 60 para convertela na actual Telecoruña-Canal 41. Posteriormente farase cos dereitos de emisión de contidos de Telemundo e Venevisión para Galicia e Asturias.

31 de maio de 1999.- Aparece Tele Miño. Pertence ao Grupo La Región, de Ourense.

Xuño de 1999.- Comeza a emitir a través de Televoz a cadea Vivir-Viver.

1 de setembro de 1999. Lei do audiovisual galego, que contempla a creación dun Consorcio do Audiovisual e dun Consello Asesor das Telecomunicacións.

Outubro de 1999.- Aparece Canal Deza, no municipio pontevedrés de Lalín.

22 de febreiro de 2000.- Vídeo Voz TV traslada o seu domicilio social ao Polígono da Grela-Bens (na Coruña) e cambia a súa denominación a NTR Telefábrica, S.A.

4 de maio de 2000.- A Lei 2/2000 do Parlamento catalán constitúe o Consell de l'Audiovisual de Cataluña.

Mediados do ano 2000.- Tele Cíes empeza a emitir unha carta de axuste.

Outubro de 2000.- Nesta data sitúase o inicio oficial das emisións de Telecoruña.

24 de xaneiro de 2001.- Iníciase a emisión en tecnoloxía dixital en TVE-G.

Abril de 2001.- Despois dun pequeno parón (alleo á TVG), a Televisión de Galicia reinicia as súas emisións para Europa, a través do satélite Hispasat.

31 de xullo de 2001.- Deixan de emitirse desconexións territoriais de Telecinco.

Agosto de 2001.- Telecoruña comeza a emitir programación durante as 24 horas do día.

Finais de 2001.- A CRTVG é pioneira en poñer en marcha un sistema de selección pública de programas para a súa posible incorporación á grella de emisión.

28 de decembro de 2001.- A empresa Noroeste de Radiotelevisión, S.L.U., pertencente á Corporación Voz de Galicia, vende a súa participación en Atlas Galicia, S.A., da que posuía o 49,716 por cento das accións.

18 de marzo de 2002.- NTR Telefábrica cambia de novo a súa denominación (orixinarimente chamábase Vídeo Voz TV) e pasa a coñecerse como Voz Audiovisual, S.A.

Marzo de 2002.- A TVG comeza a emitir con tecnoloxía dixital terrestre dende os Centros Emisores de Pedroso (Santiago), A Bailadora (Ares-Ferrol), Domaio (Moaña) e Tomba (Pontevedra).

8 de maio de 2002.- Canal Satélite Digital e Vía Digital, as dúas plataformas de televisión de pago de España, anuncian un acordo de fusión. Este acordo non é máis ca unha absorción por parte de Sogecable de Vía Digital, debido a que esta última acumulaba unhas perdas de preto de 2000 millóns de euros.

13 de maio de 2002.- TVG e Panasonic asinan o acordo de adxudicación da dixitalización para os Servizos Informativos, na que se inclúe o subministro de máis de 200 equipos de DVCPRO50, así como unha rede de servidor con estacións non lineais para informativos.

14 de maio de 2002.- O Parlamento de Galicia rexeita a proposta, a iniciativa lexislativa popular, para modificar a Lei de creación da CRTVG. A proposta pretendía cambiar o modelo de elección do director xeral da CRTVG.

30 de maio de 2002.- Nace a Academia Galega do Audiovisual. Os 110 profesionais que avalan o acto fundacional establecen como obxectivos da institución os seguintes: impulsar a promoción da produción audiovisual galega, defender os seus profesionais e analizar a situación da industria audiovisual en Galicia.

13 de xuño de 2002.- A Corporación Voz de Galicia vende a súa participación na empresa Telefónica Cable Galicia, S.A.

31 de outubro de 2002.- Seis televisións locais únense en Lalín para crear o primeiro canal autonómico privado de Galicia. Constituíuse en Lalín co nome de Cadea Galega Televisión, S.A., aínda que o seu domicilio social será en Silleda e o seu nome comercial será Canal Galicia. Presidida polo xornalista Fidel Fernán, a sociedade está formada por Canal Deza, TV7 Monforte, Tele Salnés-Barbanza, Tele Chantada, Tele Coruña e Tele Miño. A nova

televisión tiña previsto comezar coa súa programación a principios do ano 2003, o que non se cumpriu.

Novembro de 2002.- TV7 Monforte expande a súa cobertura territorial: pasa de cubrir a comarca de Monforte a cubrir a práctica totalidade da provincia de Lugo, agás A Mariña. Incrementa o número de horas de produción propia, que chega até seis horas diarias. Tamén cambia a súa imaxe corporativa, pasando a chamarse A 7 TV.

5 de novembro de 2002.- O director xeral da CRTVG acode ao Parlamento para dar as contas e os presupostos do ente público para o 2003 (108,1 millóns de euros). A súa comparecencia centrouse no esforzo pola redución da débeda da compañía e por unha aposta polo audiovisual galego a través de coproducións e producións propias.

21 de novembro de 2002.- Constitúese o Consorcio Audiovisual de Galicia, formado pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, pola Consellería de Economía e Facenda, pola CRTVG e polas catro deputacións provinciais. O seu obxectivo principal é contribuír ao desenvolvemento e á consolidación do sector audiovisual galego.

17 de xaneiro de 2003.- Faise público o dato de que a TVG foi a quinta produtora de cine que acadou unha maior recadación en todo o estado durante o 2002. Segundo recolle a Revista da Academia das Artes e as Ciencias Cinematográficas, a televisión autonómica sitúase por diante das compañías de Pedro Almodóvar ou Elías Querejeta, entre outras.

20 de xaneiro de 2003.- A Dirección Xeral de Medios de Comunicación Social e Audiovisual pasa a denominarse Dirección Xeral de Comunicación e Audiovisual (Decreto 23/2003, do 20 de xaneiro, publicado no DOG n.º 13, do 21 de xaneiro de 2003).

22 de xaneiro de 2003.- O Concello de Santiago e o Instituto Galego da Vivenda e do Solo asinan un convenio polo que polo que poñen en marcha o proxecto da Cidade da Imaxe, un polígono industrial especializado en empresas dedicadas ao sector audiovisual e novas tecnoloxías. O inicio da súa construción sitúase no 2006 e terá un custo de 24 millóns. A futura cidade da imaxe localizarase en San Marcos, preto dos centros de produción da TVG e TVE. Filmax e AGAPI amosaron interese por mercar fincas.

27 de xaneiro de 2003.- A TVG presenta o seu Plan de Cine, TV Movies, Series e Programas para Televisión de Galicia, S.A., do 2003, co que se establece un concurso público de petición de ofertas para a realización de produtos audiovisuais. A TVG é a única canle de televisión en España que desenvolve este tipo de concorrência pública de ofertas para produtos audiovisuais.

25 de febreiro de 2003.- Constitúese en Santiago o Clúster do Audiovisual Galego con Julio Fernández, de Filmax, como presidente.

30 de maio de 2003.- O Consello de Ministros aproba o Anteproxecto de Lei xeral de radio e de televisión.

31 de maio de 2003.- Os socios da Academia Galega do Audiovisual elixen nova xunta directiva nunha asemblea xeral celebrada en Santiago de Compostela. O produtor Manuel Gómez acada a presidencia da institución.

11 de agosto de 2003.- A Academia Galega do Audiovisual reclama a necesidade de que a TVG cree unha nova canle e promete iniciar contactos neste sentido.

15 de setembro de 2003.- Inicio das emisións de Canal Tambre, televisión local privada con sede en Noia.

10 de outubro de 2003.- A Consellería de Cultura presenta o seu informe sobre o Audiovisual Galego entre os anos 2001 e 2002, que constata un bo desenvolvemento do sector, tanto en número de empresas coma en produtos audiovisuais.

28 de outubro de 2003.- A Xunta comunícalle ao Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual que Galicia aspira á concesión de 80 televisións dixitais de ámbito local, aínda que a Consellería prevé que concederán catro televisións dixitais por cada demarcación (en total vinte concesións). Un feito que obriga a que Pérez Varela anuncie a remodelación do espazo audiovisual cunha nova normativa autonómica para a televisión dixital autonómica e local.

2 de decembro de 2003.- O Partido Popular presenta unha emenda á Lei de televisión privada a través da Lei de acompañamento de 2004. O Goberno accede deste xeito a que as televisións xeralistas participen en cadeas locais.

20 de xaneiro de 2004.- A Compañía de Radio Televisión de Galicia e as dúas asociacións do sector audiovisual galego (AGAPI e AEGA) asinan un convenio co Instituto de Crédito Oficial (ICO), para favorecer o financiamento das distintas actividades de produción que se realizan na Comunidade Autónoma. Neste acto, Francisco Campos sinalou que o reto para o sector audiovisual galego nos próximos cinco anos é lograr que o 40 por cento da produción autóctona chegue a comercializarse fóra.

22 de xaneiro de 2004.- A Academia Galega do Audiovisual presenta en Vigo o «Foro Segunda Canle TVG», co que pretende discutir e impulsar a creación dunha segunda canle de televisión autonómica. A dirección da TVG e o PP descartan a idea por razóns económicas (non sería rendible) e sociais (non existe unha demanda social dunha segunda canle).

7 de marzo de 2004.- Comezo das emisións da televisión local privada Estrada TV, con estudos centrais no concello da Estrada.

12 de marzo de 2004.- Real Decreto 439/2004 polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Local. O texto permitirá a creación dunhas mil emisoras que darán cobertura ao 87% da poboación do Estado. As autonomías serán as responsables de realizar os concursos públicos para optar a algún dos catro programas de televisión local que conterà cada canle múltiple. Destes catro programas reservarase un para a xestión pública, aínda que poden converterse en catro privados no caso de que aquel fiquese deserto. Asígnase

unha canle múltiple -catro programas- para cada demarcación. As demarcacións asignadas a Galicia neste R.D. son as seguintes: Carballo, Coruña, Ferrol, Ribeira, Santiago de Compostela, Vimianzo, Chantada, Lugo, Monforte de Lemos, Vilalba, Viveiro, Barco de Valdeorras, Carballiño, Ourense, Verín, Lalín, Ponteareas, Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa.

Abril de 2004.- Inicio das emisións da televisión local privada Dez TV, con estudos centrais en Lalín. A nova televisión substitúe a Canal Deza e amplía o seu ámbito de cobertura á área da Estrada, ademais da comarca do Deza. Nace como froito do acordo entre a produtora estradense La Nave de Papel, S.L. e mais a lalinense Dezavisión, S.A.

25 de maio de 2004.- Domingo González substitúe a Octavio Rodríguez como director do Centro Territorial de Televisión Española en Galicia. González, que xa fora director do centro entre abril de 1989 e febreiro de 1993, é redactor de Radio Nacional de España dende 1984.

27 de maio de 2004.- O conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Xesús Pérez Varela, anuncia a convocatoria para antes do remate do ano 2004 dos concursos de radio e de televisión dixital de Galicia, unha vez que as súas 204 canles (120 de radio e 84 de televisión) xa están planificadas e asignadas as súas frecuencias polo Estado. O conselleiro informa, asemade, de que a cobertura da televisión dixital chegará en 2004 ao 85 por cento da poboación galega.

15 de novembro de 2004.- O director xeral da CRTVG, Francisco Campos, comparece ante o Parlamento de Galicia para facer públicas as seguintes previsións fundamentais: a) o saneamento total da compañía agárdase para a fin do exercicio 2005-2006; b) a Televisión de Galicia porá en marcha unha segunda canle que emitirá exclusivamente en formato dixital terrestre; c) procurarase emitir en galego toda a publicidade das dúas canles antes de 2008.

22 de novembro de 2004.- Xuntanza do pleno do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual, na que o conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Xesús Pérez Varela, presenta un borrador da normativa que regulará a convocatoria dos concursos para a adxudicación das licencias de televisión dixital terrestre. Sairán a concurso as concesións para dúas canles autonómicas públicas, dúas autonómicas privadas, 20 locais municipais e 60 locais privadas.

2 de decembro de 2004.- O Consello da Xunta aproba o Plan de Promoción do Audiovisual Galego, para o que destinará 3,3 millóns de euros. O proxecto, que se porá en marcha en 2005, pretende impulsar a consolidación do mercado interno e mais a difusión internacional das producións audiovisuais galegas. Para facilitar a saída ao exterior, o Plan de Promoción alberga ademais o Plan de Internacionalización do Audiovisual Galego, que contará cun orzamento de 240 000 euros e será desenvolvido polo Consorcio Audiovisual de Galicia.

3 de decembro de 2004.- Real Decreto 2268/2004, polo que se modifica o Real Decreto 439/2004, de 12 de marzo, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión

Dixital Local. Engádesse unha nova demarcación para Galicia, chamada «Pontes de García Rodríguez», que abrangue os municipios das Pontes, Pontedeume, Cabanas, Monfero, A Capela e Muras.

15 de decembro de 2004.- Julio Fernández, presidente do Clúster do Audiovisual e de Filmax, e Pancho Casal, presidente de Continental, anuncian que un grupo de produtoras galegas se asociarán con entidades financeiras e contratarán equipos de expertos en novas tecnoloxías para optar a algunha das dúas canles autonómicas privadas de televisión dixital terrestre.

16 a 18 de decembro de 2004.- Celebración do II Congreso Galego Audiovisual no Pazo de Congresos e Exposicións de Santiago de Compostela

17 de decembro de 2004.- Presentación dun avance do Libro Branco do Audiovisual Galego no II Congreso Galego Audiovisual. Prevíase a presentación do borrador para marzo de 2005.

18 de decembro de 2004.- Durante a cerimonia de clausura do II Congreso Galego Audiovisual, o Director Xeral da CRTVG, Francisco Campos, anuncia que a presentación oficial da segunda canle da Televisión de Galicia terá lugar 25 de xullo de 2005 e poderá verse a finais do mesmo ano.

21 de decembro de 2004.- Na presentación do Plan de Cine, TV Movies, Series e Programas para Televisión de Galicia do ano vindeiro, Francisco Campos adianta tamén as liñas básicas da segunda canle, que apostará pola programación infantil e xuvenil, a oferta cinematográfica –cun incremento da versión orixinal subtitulada- e a produción audiovisual galega. Procurará niveis de audiencia distintos aos da primeira canle e terá maior vocación de servizo público.

23 de decembro de 2004.- O conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Xesús Pérez Varela, anuncia no Parlamento de Galicia que o seu departamento presentará en xaneiro de 2005 ante o Consello da Xunta o decreto que rexerá os concursos para a concesión de canles de televisión dixital terrestre. A data límite para a resolución é o 4 de agosto do mesmo ano.

GLOSARIO DE TERMOS

Consumo de TV

Número de minutos que os individuos dedican (por media) a ver a televisión durante un período determinado. Faise sobre o total do universo, non sobre o total dos espectadores que viron a televisión.

Docu show

Tamén chamado ‘telerrealidade’. Consiste en vixiar ou facer un seguimento da vida dun grupo de persoas coa participación do público para ir eliminando os concursantes. Tamén se admite a denominación de *docugame* ou *reality*. Algúns exemplos son *Gran Hermano*, *Operación Triunfo*, *La selva de los famosos*, *La casa de tu vida...* Cómpre destacar que este xénero non existe na TVG mentres que en Telecinco e Antena 3 se está a apostar por varios modelos dentro deste formato.

Segundo a definición de Pérez Ornia, unha das particularidades deste xénero é que permite a hibridación. Existen en televisión dous tipos de programación:

- vertical: por franxas horarias en función das oscilacións do público. Ex: informativos.
- *stripe*: en franxas horarias horizontais coma os magacíns diarios, para crear hábitos de consumo.

O que fan os programas como *Gran Hermano* é combinar as dúas: isto é, emisión varias veces ao día e todos os días da semana nunha franxa horaria concreta.

Franxas horarias / Bandas horarias

Períodos horarios caracterizados por unhas tendencias de perfil e por uns niveis de consumo homoxéneos, así como pola existencia dunhas pautas de programación máis ou menos precisas.

Late show

Magacín que se emite na franxa horaria do *late night*. A TVG sumouse na temporada 2003/2004 ao modelo imposto por *Crónicas Marcianas* (Telecinco) co espazo *Máxima Audiencia*, presentado por Manuel Manquiña e Maxo Barjas.

Miles

É a audiencia media expresada en valores absolutos, en milleiros de espectadores e non en porcentaxe.

Rating

É a audiencia media expresada en porcentaxe. O número de individuos que, como termo medio, ve unha cadea de televisión durante un período de tempo determinado (unha franxa horaria, unha emisión concreta). É unha porcentaxe sobre un universo de referencia e está condicionada pola hora de emisión do espazo. O *rating* é o único indicador capaz de proporcionar a verdadeira magnitude da audiencia conseguida.

Reality show

Xénero que converte en espectáculo situacións cotiás, vivencias ou testemuñas de personaxes xeralmente anónimos.

Share

É a parte do mercado, a cota de pantalla. Trátase da porcentaxe que indica a audiencia media dunha cadea, nun período de audiencia definido, en relación ao total de espectadores que nese período están a ver a televisión, isto é, que están a ver calquera cadea de televisión no momento no que se emite o programa que interesa medir. Serve para medir a cota de audiencia dun programa ou dunha cadea nun momento determinado fronte á que ten a competencia.

Sitcom

Tamén chamada comedia de situación. É unha serie de humor ambientada en escenarios interiores, nos mesmos lugares e cos mesmos personaxes.

Talk show

Programa baseado na fórmula de presentador/a e convidados anónimos en directo que ofrecen testemuños persoais sobre un determinado tema.

Target

Público dun programa ou cadea. Sector da audiencia con características comúns.

Televisión retroalimentada

Tamén chamada Televisión sobre si mesma. Segundo a definición de Pérez Ornia, este tipo de televisión faise con programas de telerrealidade que ocupan non só o espazo propio na grella da programación dunha determinada cadea, senón tamén unha grande parte doutros programas de entretemento –especialmente magacíns– que se dedican a comentar o sucedido nestes programas. Trátase de programas sen referentes externos, dedicados exclusivamente a pór a unha serie de personaxes a debateren sobre o sucedido en espazos como *Gran Hermano*, *La casa de tu vida*, *Operación Triunfo*... Pérez Ornia indica que un programa como *A tu lado* (Telecinco) dedica «máis dun terzo do seu tempo a falar doutros espazos da mesma cadea». Ademais, a confluencia entre telerrealidade e crónica rosa pon máis énfase nesa linguaxe interna que existe neses programas de televisión nos que «a televisión só fala de si mesma».

Temporada televisiva

Período no que se concentran os esforzos de produción das cadeas. No caso deste estudo, referímonos ao período entre setembro e xuño.

Territorios de televisión

Cada ámbito xeográfico no que se divide o mercado. En España hai dez territorios televisivos:

- as oito comunidades que contan con televisión autonómica: Andalucía, Cataluña, Castela-A Mancha, Euskadi, Madrid, Valencia, Canarias e Galicia;
- o resto do territorio estatal;
- o total do Estado.

Total de TV (TTV)

Número de individuos que está vendo a televisión nun momento determinado, é dicir, a suma da audiencia de todas as cadeas.

Tramos de programación

Son as distintas situacións de competencia que se producen na franxa de emisión dun determinado programa. Veñen dadas polo comezo e o final dalgún espazo da competencia.

TV movie

É un telefilme, unha película rodada exclusivamente para a televisión.

FONTES:

CENDÁN FRAGA, A. (1998): *A televisión en Galicia*, Santiago de Compostela, Lea.

CENDÁN FRAGA, A. (2003): *Xornalismo e medios de comunicación en Galicia durante o franquismo*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro.

MANEIRO VILA, A. (1989): *Funcións da TV autonómica galega e do Centro Rexional de TVE en Galicia: Investigación sobre a razón de ser de dúas ofertas públicas de TV nunha Comunidade Autónoma*, Santiago de Compostela, Consellería da Presidencia e da Administración Pública, Xunta de Galicia.

MANEIRO VILA, A. (1993): *A influencia da TVG na promoción do galego*, Santiago de Compostela, Lea.

MANEIRO VILA, A. e CABALEIRO DURÁN, A. (1993): *A TVG: unha institución imprescindible en Galicia*, Santiago de Compostela, Lea.

PÉREZ ORNIA, J. R. e GÓMEZ AMIGO, S. (2004): *O mapa televisivo español: públicos, operadores e contidos*, A Coruña, Seminario impartido no marco dos talleres Cero en Conducta organizados polo CGAI (xullo de 2004).

GECA CONSULTORES (1999): *Anuario de la televisión 1999*, Madrid, GECA Consultores.

RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, A. I. (2001): *Os informativos diarios nas televisións locais de Galicia*, [Tese de Doutoramento inédita], Santiago de Compostela, Facultade de Ciencias da Información, Universidade de Santiago de Compostela.

VARELA RAMOS, I. et al. (dirs.) (2003): *Audiovisual Galego 2003*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Webs:

Academia Galega do Audiovisual

<http://www.academiagalegadoaudiovisual.org>

Actores Intérpretes Sociedad de Gestión (AISGE)

<http://www.aisge.es>

Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia (AADTEG)

<http://www.aadteg.org>

Asociación Galega de Guionistas (AGAG)

<http://www.esferobite.com/agag>

Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI)

<http://www.agapi.org>

Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI)

<http://www.cgai.org>

Compañía de Radio Televisión de Galicia

<http://www.crtvg.es>

Consortio Audiovisual de Galicia

<http://www.consortioaudiovisualdegalicia.org>

Cultura Galega. AVG (Soportal do Audiovisual Galego)

<http://www.culturagalega.org/avg/index.php>

EPÍLOGO

Esta publicación non gaña importancia por ver a luz tres décadas despois da primeira emisión de *Panorama de Galicia*. Antes ben, o libro adquire significación porque sae á luz nun momento no que a televisión, tal e como a coñecemos durante os últimos trinta anos, está a vivir o momento da súa extinción. O modelo de televisión que vén parecerase moi pouco ao modelo que o precede, e cada vez menos. Multiplicarase a oferta, mudarán os contidos, mudará a industria e tamén o farán os hábitos e mais as formas de recepción. Ábrese hoxe un panorama de transformación tan fonda, que é posible referirmonos ao presente como a etapa de transición entre dúas eras diferenciadas: a analóxica e mais a dixital.

Iniciada a transformación, as novidades sucédense case a diario. Para dar conta das mesmas ata onde nos fose posible, a cronoloxía e mais este epílogo concibíronse para dotar esta edición da máxima actualización. Nos meses previos á súa publicación afloraba en España un intenso debate sobre a natureza e o financiamento dos medios públicos, a raíz do informe sobre a reforma dos mesmos que debía acometer o «comité de expertos» designado polo Goberno. Por outra banda, dábase a coñecer o número de concesións a concurso para as licencias de televisión dixital terrestre, ademais dun borrador da normativa pola que se rexerán en Galicia e mais a listaxe de demarcacións definitivas para a difusión dixital local. Paralelamente, tamén se avanzaron cambios de importancia no seo da CRTVG. Estes e outros temas salientables son expostos a continuación.

O debate sobre os medios públicos

Tan só uns días antes do peche desta edición, o Consello para a Reforma dos Medios de Comunicación de Titularidade do Estado emitía o informe que preparara dende maio de 2004. Finalmente, o «comité de expertos» esgotou o prazo de nove meses concedido polo Goberno para a elaboración do texto, presentado o 21 de febreiro de 2005 á vicepresidenta primeira do Goberno, María Teresa Fernández de la Vega.

O Informe para a reforma dos medios de comunicación de titularidade do Estado foi entregado sen o consenso dos membros do comité. Emitiron voto favorable o presidente do Consello, Emilio Lledó, e mais os vocais Enrique Bustamante, Victoria Camps e Fernando Savater, pero Fernando González Urbaneja reservou o seu voto. Tamén expresou o seu desacordo Miguel Ángel Arnedo Orbañanos, o experto designado polo Ministerio de Economía para o asesoramento do Consello en materia financeira.

Respecto da forma de financiamento, o informe propón a mantenza da fórmula mixta. Ofrece un paradigma segundo o que entre un 45 e un 50 por cento dos fondos procedería dos presupostos do Estado; entre o 10 e o 15 por cento correspondería á venda de programas; por último, os ingresos por publicidade nunca deberían superar o 40 por cento do total dos ingresos. A débeda acumulada de RTVE, próxima aos 7500 millóns de euros, deberá ser asumida integramente polo Estado, se ben quedaría prohibido por lei un endebedamento financeiro posterior. Aínda que non é partidario da súa implantación, o informe non descarta a introdución dun canon ou taxa por servizo no futuro.

En segundo lugar, contéplase a creación dos seguintes mecanismos de control: por unha banda, e no relativo á información, un Estatuto da Información que inclúa un código deontolóxico e protexa os dereitos dos profesionais, ademais dun Consello de Redacción e mais un Consello de Informativos destinados a asegurar a calidade, independencia e pluralidade informativas; pola outra, un Consello Asesor Estatal que asegure a mantenza dun perfil público de programación e garanta o dereito de acceso dos grupos sociais significativos. Con todo e con isto, apúntase como necesidade perentoria a creación urxente dun Consello Audiovisual, semellante ao modelo catalán -con capacidade de regulación e sanción- para arbitrar a creación dos mecanismos e órganos anteriores e someter os medios públicos a un organismo autónomo de control externo. Os seus membros deben ser elixidos por maiorías reforzadas do Congreso e o seu mandato debe superar o período de lexislatura⁵⁹.

⁵⁹ O 19 de outubro de 2004, o Congreso dos Deputados rexeitou a proposta de lei orgánica para a creación dun Consello Audiovisual para o Estado. A proposición, introducida por CiU e apoiada por PP, PNV e Grupo Mixto, foi freada polos votos negativos de PSOE, Esquerra Republicana, Izquierda Verde e Coalición Canaria. O Partido Socialista considerou necesario aprazar a creación deste organismo ata que se acometa a reforma profunda do sector, que non se iniciaría antes da presentación do informe do comité de expertos. Unha vez demandado este organismo polo comité, é de agardar que o Goberno decida poñer en marcha a súa creación.

En canto ao ordenamento xurídico do ente, as novas bases propostas son, entre outras: unha encomenda legal que defina a natureza e misións dun servizo público; unha plena autonomía xerencial e editorial respecto do poder executivo; a designación do director xeral do ente a mans do Consello de Administración, por un período superior á lexislatura e non reelixible consecutivamente; e un Consello de Administración que comparta poderes executivos co Director Xeral, elixido por amplo consenso político e cun mandato de seis anos non prorrogable. O Consello estaría formado por oito membros con experiencia e solvencia no mundo da comunicación, que terían dedicación exclusiva. Dous deles serían elixidos polo Congreso, dous polo Senado –os catro por maioría de dous terzos da cámara correspondente-, outros dous polo Consello Audiovisual e os dous últimos polos sindicatos maioritarios de RTVE.

Para que se cumpran os estándares esixibles a unha oferta de servizo público, a programación debe encamiñarse a: «satisfacer as necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade española; defender a súa identidade cultural e o seu pluralismo; promover os valores constitucionais; e estimular a participación democrática»⁶⁰. A produción propia é a vía esencial para logralo. Ademais, as dúas canles deberán funcionar de maneira totalmente complementaria: a primeira manterase como canle xeralista e para todos os públicos, mentres que a segunda dará conta das demandas das minorías e dos sectores desfavorecidos, con predominio dos contidos culturais e educativos. A fin de afianzar a vocación de servizo público, recoméndase un descenso gradual da publicidade nos próximos catro anos, logo dos cales a primeira canle terá un límite de 9 minutos de anuncios directos por hora (10% do total da emisión, ata o 15% incluíndo autopromoción e patrocinios), mentres que a segunda canle deberá abandonar toda publicidade agás o patrocinio de programas a cargo de «institucións públicas, de fundacións e empresas privadas que poidan apoiar, sen condicionamentos, o seu labor de servizo público»⁶¹.

Por último, o informe solicita que se incentive e patrocine a actividade cultural mediante a creación dunha Fundación Cultural asociada a RTVE, e recomenda impulsar o Instituto Oficial de Radiotelevisión como Centro de Investigación e Formación Audiovisual

⁶⁰ *Informe para la reforma de los medios de comunicación de titularidad del Estado*, p. 89.

⁶¹ Op. cit., p. 99.

e Multimedia, para a elaboración de análises que orienten a estratexia do servizo público e para a investigación en novos modelos e contidos tendo en conta a transformación dixital.

O propio informe recolle como anexo o escrito no que Fernández Urbaneja explica as razóns do seu desacordo, que atinxen especialmente ao plan financeiro. Para o presidente da Asociación de Periodistas de Madrid, «cabía esperar máis ambición nas propostas financeiras e máis rigor no diagnóstico». A proposta de financiamento é, «continuísta», «insuficientemente fundamentada» e non respectuosa co contribuínte a xuízo de Urbaneja, que acusa o informe de pretender agrandar aínda máis o ente público no canto de fortalecelo e de corrixir os seus problemas actuais reais⁶². O xornalista quéixase, ademais, da escasa atención prestada ás recomendacións e análises realizadas por Miguel Ángel Arnedo Orbañanos, o asesor financeiro que designara o Ministerio de Economía. Á marxe disto, o informe só menciona a discrepancia de Arnedo e non recolle os documentos elaborados por este.

Ademais destas discrepancias internas, as propostas do informe foron acollidas con certo escepticismo no sector da comunicación. O descrédito medrou cando, días despois da presentación do texto, a axencia EFE fixo público un comunicado no que se incluía unha ampla listaxe dos datos inexactos ou errados que sobre a axencia contiña o informe dos expertos. Así e todo, o corpus de propostas elaborado por estes continuará sendo a pauta do Goberno á hora de executar da reforma dos medios públicos, segundo asegurou a vicepresidenta Fernández de la Vega⁶³, quen coordinará a tarefa.

Asemade, nos días previos ao peche desta edición, figuraba na axenda dos medios un novo tema para a polémica: José Luis Rodríguez Zapatero anunciaba que o Goberno estudaría a posibilidade de outorgar novas licencias de televisión analóxica. A patronal Uteca e diversas voces do mundo da comunicación manifestaron o seu desacordo polo que consideraban unha decisión contraditoria coa recente lexislación para o desenvolvemento da tecnoloxía dixital terrestre. Tamén se chegou a apuntar que o Goberno perseguía favorecer os intereses de conglomerados empresariais afíns. O presidente do Goberno declarara que a ampliación da oferta analóxica debera considerarse en virtude do

⁶² Ver «Voto discrepante al Informe del Consejo de reforma de los medios de comunicación del Estado», en Op. cit., a continuación do apartado «Resumo e conclusións».

⁶³ Na información titulada «La reforma de RTVE será supervisada por De La Vega», en *La Voz de Galicia*, 26 de febreiro de 2005, p. 61.

reforzamento da pluralidade e da liberdade de expresión derivadas da multiplicación de canles. Non deixaba de sorprenden, porén, que o Goberno considerase ampliar a oferta analóxica de televisión cando -segundo as súas propias intencións- o cese das emisións neste formato ten de se producir antes de 2010, se ben a lexislación vixente non obriga a facelo antes do 1 de xaneiro de 2012. A partir desta data só se emitiría en formato dixital, e dende o 1 de xaneiro de 2008 xa deberan estar emitindo todas as canles dixitais autonómicas e locais.

En Galicia tamén houbo espazo para o debate sobre a reforma dos medios públicos. O 22 de xaneiro de 2005, o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia convocou en Santiago a un grupo de especialistas da comunicación e das telecomunicacións na Xornada de Propostas e Debate para un Novo Modelo de Medios Públicos Galegos. O evento estaba chamado a iniciar un proceso de debate público para retomar e espallar a demanda dunha reforma na xestión dos medios públicos galegos e dunha nova definición dos mesmos dende a súa natureza de servizo á sociedade. De acordo coa primeira síntese de intervencións elaborada polo propio Colexio de Xornalistas, todo o exposto durante a Xornada de Propostas permite concluír que

(...) é inxustificable esta *anomalía* democrática que impide que os medios de comunicación públicos poidan ser xestionados con rigor e cumpran as funcións de servizo que lles dan a súa razón de ser. É unánime a demanda dunha definición clara das funcións e obxectivos para poder valorar a rendibilidade e a eficiencia dos recursos investidos. Esta redefinición de obxectivos non debe constituír o desmantelamento ou debilitamento de avances socialmente acadados, senón a súa consolidación e ampliación.⁶⁴

O termo de *anomalía* fora introducido na xornada polo presidente do Consell de l'Audiovisual de Catalunya, Francesc Codina, ao aludir á ausencia en España dunha autoridade audiovisual independente, cando en Europa existen 49 consellos audiovisuais

⁶⁴ En «Propostas para un novo modelo de medios públicos galegos», p. 4, tirado da web do Colexio de Xornalistas (www.xornalistas.com). Este texto é unha versión previa ao documento definitivo, que abranguerá a síntese final do exposto durante a xornada de debate e mais a exposición de propostas concretas para a reforma do modelo de xestión dos medios públicos de comunicación de Galicia. Para a redacción definitiva, o Colexio abriu aos colexiados un prazo de recollida de propostas e de contribucións ao debate, prazo aínda aberto á fin desta edición.

repartidos en 39 países. A absoluta necesidade dun organismo tal para Galicia; a definición precisa dos obxectivos dun servizo público de comunicación; a demanda de modificación do sistema de nomeamento da Dirección Xeral da CRTVG; a aposta pola creación de contidos de calidade; e mais a esixencia dun sistema de financiamento menos dependente das audiencias e do mercado publicitario, serán as liñas principais do documento final que elaborará o Colexio de Xornalistas.

Rematado e xa nas mans do Goberno central o informe do comité de expertos para a reforma dos medios públicos, o centro territorial de TVE fica á espera de posibles cambios. Pola súa banda, a CRTVG olla para o debate só de esguello e, mentres, diseña a súa estratexia de incorporación á transformación tecnolóxica nun momento no que xa albisca a redución da débeda a cero. O 15 de novembro de 2004, o seu director xeral, Francisco Campos, transmítelle ao Parlamento de Galicia que as previsións de saneamento total da compañía están fixadas na fin do 2006, sempre e cando o superávit do exercicio anterior (que contará cun presuposto de 114,3 millóns de euros) permita situar a débeda total acumulada en 6,16 millóns de euros. Campos indicou que a política financeira dos últimos dez anos permitíralle ao ente público galego unha redución dos números vermellos en 55,4 millóns, e que o exercicio 2004 sería o noveno ano consecutivo que se pecharía con superávit. Ademais, o director xeral da CRTVG anunciou a emisión de publicidade integramente en galego para 2008 e, finalmente, a próxima aparición da segunda canle autonómica de televisión, que chegará da man da televisión dixital terrestre.

Protección da infancia

Mentres se agardaban os ditames do comité de expertos, a directora xeral de RTVE, Carmen Caffarel, presentaba o 21 de outubro de 2004 un plan de acción para a protección dos menores nas emisións audiovisuais. Tratábase de erradicar o telelixo e os espazos non apropiados para menores durante o horario infantil, a fin de completar e facer cumprir unha lexislación previa que nunca fora respectada. O «Código de RTVE para a protección dos menores nas emisións de televisión e radio» contén un total de 30 apartados entre os que se establecen medidas para a prohibición e mais unha serie de pautas de conduta, ademais de

certos criterios de clasificación dos contidos. Estas pautas serán «de obrigado cumprimento» no caso de RNE e TVE e «de aplicación xeral» nos casos restantes de emisións en aberto. Dentro da franxa horaria de protección do menor contemplada na Directiva europea da Televisión sen Fronteiras –das 6 ás 22 horas-, o documento engade tres franxas de «especial protección do menor»: de 7.30 a 9.00, de 13.00 a 14.30 e de 17.00 a 21.00. Ademais, dispónse que, como medida de control e seguimento e para garantir a aplicación do establecido, a Dirección Xeral de RTVE creará a figura do Defensor do Radioínte e do Telespectador. De acordo co código, diversos espazos estaban condenados a desaparecer das grellas do ente, como a propia Caffarel recoñeceu.

Poucos días despois, o Goberno e os máximos responsables das televisións estatais –RTVE, Antena 3, Tele 5 e Sogecable- pactaban a creación dun código de autorregulación para a eliminación do telelixo e da violencia no horario infantil. O «Acordo para o fomento da regulación sobre contidos televisivos e infancia» asinouse finalmente o 9 de decembro para ser aplicado antes do 9 de marzo de 2005. Os horarios de protección reforzada aos que se comprometen as canles son os seguintes: de luns a venres, entre as 8.00 e as 9.00 horas e entre as 17.00 e as 20.00⁶⁵; sábados e domingos, entre as 9.00 e as 12.00 horas. Polo cumprimento do código velarán, en primeiro lugar, un Comité de Autorregulación formado polas canles asinantes, produtoras de contidos e xornalistas; en segundo lugar, unha Comisión Mixta de Seguimento, formada nun 50% por membros do Comité de Autorregulación e noutro 50% por representantes de pais, infancia e usuarios. Desta Comisión tamén participará a Administración con voz, pero sen voto. Nos días sucesivos, a FORTA e mais Localia TV deciden sumarse ao acordo, para o que solicitan ser incorporados ao Comité de Autorregulación.

Ao peche desta edición -tan só uns días antes de que se cumprise o prazo para a aplicación do acordo-, as medidas de autorregulación asinadas polas canles estatais non pasaban de ser un agregado de boas intencións. Segundo publicaba a edición dixital de *El Mundo* en información do 21 de xaneiro de 2005⁶⁶, as organizacións de espectadores

⁶⁵ Telecinco era partidaria de ampliar a franxa de tarde dende as 17.30 ás 21.00 horas en razón dos datos de Sofres, que sitúan nesta franxa a maior concentración de audiencia infantil diante do televisor. Este punto, con todo, non foi óbice para o acordo.

⁶⁶ «Las televisiones mantienen sus programas más polémicos», en www.elmundo.es, 21 de xaneiro de 2005.

manifestaban que as grellas televisivas continuaban mantendo «os espazos máis polémicos» e que «os cambios nos seus contidos son practicamente inapreciables», polo que, cando os órganos reguladores comezasen a traballar o día 9 de marzo, atoparían un panorama semellante ao de decembro. As distintas canles, incluída TVE, semellaban ter intención de xogar coa ambigüidade do texto para, como moito, modelar os contidos dos espazos preexistentes, no canto de substituílos por outros. Telenovelas, magacíns sensacionalistas e telerrealidade continuaban coexistindo na franxa de tarde de protección reforzada.

A Televisión de Galicia, pola súa banda, aproximábase en termos xerais ao acordado, mais tamén con matices. A grella correspondente á última semana de febreiro (do luns 21 ao domingo 27) ofrecía, de luns a venres, debuxos animados na franxa de protección especial da mañá, mentres que na franxa da tarde incluía a novela mexicana *Tres mulleres* xunto coa serie infantil *Vivan os nenos* e, no último tramo, o comezo da serie de animación *Shin Chan*. É discutible a pertinencia dunha telenovela en horario infantil, mais as canles que as introducen considéranse en condicións de defenderen a súa natureza de espazo para todos os públicos, de forma que só cabe agardar a lectura que fagan os órganos reguladores. En todo caso, a TVG incumpría levemente o establecido no momento da nosa observación ao programar *Shin Chan* -serie non recomendada para menores de 13 anos- ás 19.45, cando a franxa de protección especial remata ás 20 horas.

En canto á fin de semana, a canle apostaba nas mañás por unha programación de servizo público que, se ben non ía dirixida a unha audiencia infantil, tampouco semellaba contravir o acordo de regulación. A programación para nenos –*Xabarín Club*- remataba contra as 10 tanto o sábado coma o domingo. Despois, *Vivir o mar*, *Galicia enteira*, *Empresas galegas do 2000* e mais *Supersport Motor* completaban a franxa do sábado, mentres que a programación relixiosa –*A sentinela* e *Santa Misa*-, un telexornal breve e *Parlamento* cubrían a mañá dominical ata a fin do horario infantil de protección reforzada.

A televisión dixital terrestre

Segundo o disposto polo Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Terrenal (aprobado por Real Decreto 2169/1998, de 9 de outubro), as entidades públicas que explotan unha canle de cobertura autonómica teñen reservados dous programas dentro da

canle múltiple dixital da mesma cobertura. É así que, dos catro programas de televisión que pode albergar a canle múltiple de difusión autonómica, dous fican reservados para a CRTVG, mentres que os dous restantes recaerán en mans privadas. A Televisión de Galicia xa emite con tecnoloxía dixital terrestre dende 2002, polo que xa está en disposición de utilizar o primeiro programa da canle múltiple. En datas próximas, a compañía tamén fará uso do segundo programa.

Durante a cerimonia de clausura do II Congreso Galego Audiovisual, celebrada o 18 de decembro de 2004 en Santiago de Compostela, o director xeral da CRTVG, Francisco Campos, anunciou que a segunda canle autonómica, que emitirá exclusivamente en dixital, será presentada oficialmente o 25 de xullo de 2005 e poderá verse a finais do mesmo ano. Días despois, na presentación do Plan de Cine, TV Movies, Series e Programas da TVG, o propio Campos avanzou algunhas das características definitorias da nova grella, que perseguirá sectores da audiencia distintos aos da primeira canle e converterase nun complemento da primeira en canto a contidos. Segundo o expresado polo director xeral da compañía, a segunda canle centrará a súa atención en tres puntos fundamentais: en primeiro lugar, a programación infantil e xuvenil –que nos últimos anos reduciu a súa presenza na primeira canle-; en segundo lugar, o cinema, tanto en versión dobrada como en versión orixinal subtitulada, á que se lle prestará unha atención crecente; en terceiro lugar, os contidos de servizo público, nomeadamente documentais, programas de debate, entrevistas e análise da actualidade e mais espazos que dean cabida a novos creadores e a produtos de carácter experimental. Á hora de adquirir formatos e producións audiovisuais, primarase en todo momento a industria autóctona.

No que atinxe aos dous programas autonómicos de xestión privada, haberá que agardar a que a Xunta de Galicia resolva o concurso de adxudicación de licencias, non máis aló do verán de 2005. En todo caso, coñecemos a proposta en firme presentada dende o sector audiovisual galego: segundo o anunciado en decembro de 2004 por Julio Fernández, presidente de Filmax, e mais Pancho Casal, presidente de Continental, unha sociedade conformada por produtoras, empresas e entidades financeiras galegas optan á xestión dalgunha das canles a concurso. A industria audiovisual disporía, neste caso, dunha vía propia de difusión dos seus contidos.

Televisión local⁶⁷

O Real Decreto 439/2004, de 12 de marzo, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional de Televisión Dixital Local, establece para Galicia un total de 20 demarcacións de canle múltiple dixital local. Dado que cada canle múltiple é quen de albergar un mínimo de catro programas⁶⁸, Galicia contaría con 80 concesións de televisión dixital local. Porén, o Real Decreto 2268/2004, de 3 de decembro, modifica o anterior engadindo unha nova demarcación galega, baixo a denominación «Pontes de García Rodríguez», que abrangue os concellos da comarca do Eume (As Pontes, Pontedeume, Cabanas, Monfero e A Capela) e mais o concello lucense de Muras. Así pois, o total posible de canles galegas de televisión dixital local ascende a 84. A segmentación é a que segue:

LISTAXE DE DEMARCACIÓNS GALEGAS CON CANLE MÚLTIPLE DE TELEVISIÓN DIXITAL LOCAL

Referencia: TL01C

Denominación: CARBALLO

Canal múltiple: 52

Potencia radiada aparente máxima: 500 W

Ámbito: Carballo, Laracha (A), Coristanco, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños e Laxe.

Superficie total: 557,43 km²

Densidade de poboación: 74 habitantes / km²

Referencia: TL02C

Denominación: CORUÑA

Canal múltiple: 31

Potencia radiada aparente máxima: 4 kW

Ámbito: Coruña (A), Oleiros, Arteixo, Culleredo, Cambre, Betanzos, Sada, Bergondo, Abegondo e Carral.

Superficie total: 566,13 km²

Densidade de poboación: 678 habitantes / km²

⁶⁷ O censo de televisións locais galegas recollido no apartado 2.7 do Bloque III debe incluír unha estación máis, xurdida pouco antes do peche desta edición. Trátase de Televisión Barbanza, que comezou a emitir en probas o 10 de xaneiro de 2005.

⁶⁸ O artigo 5.1 do Real Decreto 439/2004, de 12 de marzo, establece que «cada canle múltiple terá capacidade para a difusión de, polo menos, catro programas de televisión dixital» (de acordo co disposto no artigo 3.2 da Lei 41/1995, de 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres). Porén, o apartado 2 do mesmo artigo deixa ás administracións autonómicas a posibilidade de incrementaren o número de programas por canle, «sempre e cando se asegure unha calidade de servizo satisfactoria».

Referencia: TL03C
Denominación: FERROL
Canal múltiple: 34
Potencia radiada aparente máxima: 1 kW
Ámbito: Ferrol, Narón, Fene, Valdoviño, Neda, Mugardos, Ares e San Sadurniño.
Superficie total: 346,34 km²
Densidade de poboación: 445 habitantes / km²

Referencia: TL07C.
Denominación: PONTES GARCÍA RDGUEZ.
Canal múltiple: 24.
Potencia radiada aparente máxima: 100W.
Ámbito: Pontes de García Rodríguez (As), Pontedeume, Cabanas, Monfero, Capela (A) e Muras.
Superficie total: 702,43 km²
Densidade de poboación: 41,68 habitantes / km².

Referencia: TL04C
Denominación: RIBEIRA
Canal múltiple: 27
Potencia radiada aparente máxima: 500 W
Ámbito: Ribeira, Boiro, Noia, Rianxo, Porto do Son, Muros, Pobra do Caramiñal (A), Outes, Carnota e Lousame.
Superficie total: 715,71 km²
Densidade de poboación: 166 habitantes / km²

Referencia: TL05C
Denominación: SANTIAGO COMPOSTELA
Canal múltiple: 23
Potencia radiada aparente máxima: 1 kW
Ámbito: Santiago de Compostela, Ames, Teo, Padrón, Brión, Negreira, Rois e Vedra.
Superficie total: 610,64 km²
Densidade de poboación: 263 habitantes / km²

Referencia: TL06C
Denominación: VIMIANZO
Canal múltiple: 51
Potencia radiada aparente máxima: 50 W
Ámbito: Vimianzo, Cee, Camariñas, Muxía, Zas, Fisterra, Dumbria e Corcubión.
Superficie total: 711,94 km²
Densidade de poboación: 65 habitantes / km²

Referencia: TL01LU
Denominación: CHANTADA
Canal múltiple: 52
Potencia radiada aparente máxima: 50 W
Ámbito: Chantada, Taboada, y Carballo.
Superficie total: 442,85 km²
Densidade de poboación: 38 habitantes / km²

Referencia: TL02LU
Denominación: LUGO
Canal múltiple: 46
Potencia radiada aparente máxima: 1 kW
Ámbito: Lugo, Friol, Outeiro de Rei, Corgo (O) e Castroverde.

Superficie total: 1075,21 km²
Densidade de poboación: 100 habitantes / km²

Referencia: TL03LU
Denominación: MONFORTE LEMOS
Canal múltiple: 49
Potencia radiada aparente máxima: 100 W
Ámbito: Monforte de Lemos, Saviñao (O), Pantón, Sober, Pobra do Brollón (A) e Bóveda.
Superficie total: 940,48 km²
Densidade de poboación: 38 habitantes / km²

Referencia: TL04LU
Denominación: VILALBA
Canal múltiple: 64
Potencia radiada aparente máxima: 100 W
Ámbito: Vilalba, Guitiriz, Castro de Rei, Cospeito, Pastoriza (A), Begonte, Abadín e Xermade.
Superficie total: 1691,16 km²
Densidade de poboación: 28 habitantes / km²

Referencia: TL05LU
Denominación: VIVEIRO
Canal múltiple: 40
Potencia radiada aparente máxima: 100 W
Ámbito: Viveiro, Foz, Ribadeo, Burela, Cervo, Xove e Barreiros.
Superficie total: 565,75 km²
Densidade de poboación: 96 habitantes / km²

Referencia: TL01OU
Denominación: BARCO VALDEORRAS
Canal múltiple: 56
Potencia radiada aparente máxima: 100 W
Ámbito: Barco de Valdeorras (O), Rúa (A), Vilamartín de Valdeorras, Carballeda de Valdeorras, Rubiá, Veiga (A), Bolo (O), y Petín.
Superficie total: 769,68 km²
Densidade de poboación: 37 habitantes / km²

Referencia: TL02OU
Denominación: CARBALLIÑO
Canal múltiple: 42
Potencia radiada aparente máxima: 100 W
Ámbito: Carballiño (O), Boborás, Maside, San Cristovo de Cea, Irixo (O), Piñor, Beariz e San Amaro.
Superficie total: 535,34 km²
Densidade de poboación: 54 habitantes / km²

Referencia: TL03OU
Denominación: OURENSE
Canal múltiple: 51
Potencia radiada aparente máxima: 2 kW
Ámbito: Ourense, Barbadás, Pereiro de Aguiar (O), San Cibrao das Viñas e Coles.
Superficie total: 242,04 km²
Densidade de poboación: 533 habitantes / km²

Referencia: TL04OU
Denominación: VERIN
Canal múltiple: 49

Potencia radiada aparente máxima: 100 W
Ámbito: Verín, Monterrei, Vilardevós, Cualedro, Riós, Oímbra, Laza e Castrelo do Val.
Superficie total: 1061,38 km²
Densidade de poboación: 27 habitantes / km²

Referencia: TL01PO
Denominación: LALIN
Canal múltiple: 55
Potencia radiada aparente máxima: 100 W
Ámbito: Lalín e Silleda.
Superficie total: 494,79 km²
Densidade de poboación: 60 habitantes / km²

Referencia: TL02PO
Denominación: PONTEAREAS
Canal múltiple: 35
Potencia radiada aparente máxima: 100 W
Ámbito: Ponteareas, Tui, Salvaterra de Miño, Mondariz e Neves (As).
Superficie total: 407,04 km²
Densidade de poboación: 135 habitantes / km²

Referencia: TL03PO
Denominación: PONTEVEDRA
Canal múltiple: 29
Potencia radiada aparente máxima: 1 kW
Ámbito: Pontevedra, Marín, Poio, Ponte Caldelas, Vilaboa e Cotobade.
Superficie total: 447,46 km²
Densidade de poboación: 300 habitantes / km²

Referencia: TL04PO
Denominación: VIGO
Canal múltiple: 34
Potencia radiada aparente máxima: 4 kW
Ámbito: Vigo, Redondela, Cangas, Moaña, Nigrán, Porriño (O), Mos, Bueu, Gondomar, Baiona, Salceda de Caselas e Soutomaior.
Superficie total: 584,21 km²
Densidade de poboación: 787 habitantes / km²

Referencia: TL05PO
Denominación: VILAGARCIA AROUSA
Canal múltiple: 47
Potencia radiada aparente máxima: 500 W
Ámbito: Vilagarcía de Arousa, Estrada (A), Sanxenxo, Cambados, Grove (O), Vilanova de Arousa e Caldas de Reis.
Superficie total: 524,14 km²
Densidade de poboación: 225 habitantes / km²

De inicio, algunhas demarcacións non se axustan á comarcalización preexistente, entendendo por tal a definida polo mapa oficial de comarcas. Mais, ao falarmos de comarcalización, podemos tamén entendela dende o punto de vista socioeconómico ou das

relacións funcionais reais entre municipios dunha área, con independencia de se pertencen ou non á mesma comarca administrativa. E tampouco é posible albiscar un total paralelismo entre as demarcacións de televisión e estas «comarcas funcionais». Nalgúns casos, as demarcacións para o repartimento da televisión dixital evidencian unha segmentación apriorística por canto aglutinan municipios non demasiado imbricados funcionalmente, tanto dende o punto de vista socioeconómico como comunicativo. Por exemplo, a demarcación «Vilagarcía de Arousa» establece un ámbito de difusión conxunto para un grupo de municipios pertencentes a tres comarcas distintas: O Salnés, Caldas e Tabeirós-Terra de Montes. A primeira delas é puramente costeira e nela existe un peso evidente do sector terciario, mentres que a última pode considerarse unha comarca de interior. Máis aínda, esta segmentación pon en relación municipios como O Grove, moi imbricada coa zona norte das Rías Baixas, e A Estrada, que mira especialmente ás comarcas próximas do Deza e Santiago. Ademais, moitas das televisións locais actuais teñen un ámbito de cobertura que pouco ten que ver co que deberán asumir no momento de optaren a unha licenza de televisión dixital terrestre. Para Marcelo Martínez, profesor de Comunicación Audiovisual na Universidade de Santiago, «o que se produce co dixital é unha discriminación do rural que non ten en conta a comarcalización que se creou a partir da televisión local»⁶⁹. Neste sentido, a indefinición crónica que afecta ás estacións locais -por mor da falta dunha regulación axeitada- viría mudar, unha vez alcanzado o abeiro legal, nunha nova caste de indefinición provocada pola obriga de trocar os valores de identidade que cada canle de proximidade leva anos afianzando no seu territorio de influencia.

Dos catro programas dispoñibles en cada demarcación, tres serán de titularidade privada e o restante terá titularidade pública, se ben este último pode ir a mans privadas no caso de ficar deserto. Os concellos integrantes de cada demarcación poden solicitar a xestión do programa reservado e, en caso de o faceren, decidir se optan por unha xestión directa da nova televisión ou por outra indirecta mediante concesión privada ou creación dun organismo destinado a tal efecto. A raíz da aprobación do Plan Técnico, os concellos galegos foron formulando as súas peticións para optaren ao programa municipal de televisión local. Este trámite non obriga a realizar ningún plan detallado de

⁶⁹ En «Pantalla local», reportaxe en http://www.culturagalega.org/temadia_arquivo.php?id=5791 (24 de febreiro de 2005).

desenvolvemento, pero algunhas comarcas pronto comezaron a facer un cálculo de posibilidades. Por exemplo, os concellos reunidos baixo a demarcación «Vilagarcía de Arousa» (a capital arousá, xunto coa Estrada, Sanxenxo, Cambados, O Grove, Vilanova de Arousa e Caldas de Reis) manexaron dende o inicio a posibilidade da xestión indirecta mediante a constitución dun consorcio⁷⁰.

Cómpre lembrar que o presentado por estes concellos é tan só unha solicitude de reserva da concesión, o cal non quere dicir que todos estes proxectos municipais realmente culminen na creación dunha televisión local. O presuposto para un proxecto de televisión dixital podería resultarlles demasiado elevado aos concellos menos solventes, se ben contan coa vantaxe de compartiren eses gastos cos concellos restantes da demarcación. En troques, as estacións locais privadas e con escasos recursos que emiten hoxe en analóxico, esas que pelexan a diario pola subsistencia, probablemente teñan que afrontar integramente ese gasto, ademais de loitar en desigual competencia con outros proxectos de televisión apoiados por potentes organizacións empresariais. Ademais, malia que a chegada da tecnoloxía dixital podería significar a fin da desregulamentación que somete as emisoras dende os inicios, non está claro o futuro das emisoras preexistentes xa que, ademais dos custos da transición tecnolóxica, estas emisoras non poden concorrer no concurso alegando experiencia de emisión debido ao seu carácter ilegal.

A priori, os atrancos fundamentais que as locais -públicas e privadas, novas ou preexistentes- deberán afrontar serán os seguintes: en primeiro lugar, os gastos derivados da posta en marcha e da adquisición de equipos de emisión dixitais que permitan, ademais, o subministro de contidos interactivos; en segundo lugar, o imperativo probable de alugar os servizos de distribución do sinal, xa que ningunha destas iniciativas contará cunha rede propia; en terceiro lugar, a obriga de cubrir con produción propia o 60% do total das 32 horas de programación semanal mínima, tal e como adiantou o conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Xesús Pérez Varela, na presentación do borrador da normativa básica que regulará a concesión de licencias locais, durante a xuntanza do pleno do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual do 22 de decembro de 2004.

⁷⁰ Desta relación fica finalmente excluído o concello de Vilagarcía de Arousa. A participación no proxecto foi rexeitada en votación do pleno do 24 de xuño de 2004.

En principio, a normativa tampouco permitiría a emisión en cadea, o que limita a entrada de grandes grupos de comunicación no ámbito de proximidade. Deste xeito, tal limitación non permitiría ás televisións locais privadas a saída fácil de se encomendaren a unha grande empresa para solucionar as dificultades de financiamento, tal e como aconteceu nos últimos anos no panorama galego da televisión local analóxica. Porén, o borrador da normativa deixa espazo para posibles excepcións sempre que a emisión en cadea non supere as cinco horas diarias nin as 25 horas semanais. E mesmo sería posible para as televisións locais a emisión en cadea durante máis tempo «en atención ás características de proximidade territorial e identidade social e cultural dos concellos afectados», segundo o disposto polo borrador da normativa no seu artigo 13.1. Este apartado de excepcións semella vir suavizar un tanto as restricións, se cadra por temor a que moitas televisións locais non poidan asumir as esixencias e caian no incumprimento da normativa. De feito, en opinión do enxeñeiro de telecomunicacións e presidente de Mundo Conectado, Fernando Pardo, «se a normativa se cumpre ao cen por cento, a maioría das televisións locais terán que pechar»⁷¹.

Ao peche desta edición, nada se escoitara acerca de posibles subvencións ou axudas para facer fronte aos severos gastos por asumir. Resulta difícil aventurar o que sucederá cando as licencias estean adxudicadas e as distintas demarcacións deban enfrontarse ás dificultades de levaren adiante o proxecto. Todas elas teñen o imperativo legal de comezaren as emisións antes do 1 de xaneiro de 2008.

O audiovisual

Semella que será despois da adxudicación das licencias dixitais cando a Xunta de Galicia comece a pensar no proxecto de creación dun Consello Audiovisual que funcione como órgano independente de control dos medios galegos. De momento, o Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual ten o encargo de redactar un informe sobre as características e a posta en funcionamento do organismo, alén doutro texto sobre a regulación de contidos. Ao mesmo tempo, a Consellería de Cultura ocúpase da elaboración

⁷¹ Na conferencia pronunciada no II Congreso Galego Audiovisual, 18 de decembro de 2004, Santiago de Compostela.

do Libro Branco do Audiovisual, do que xa foi presentado un avance no II Congreso Galego Audiovisual en decembro de 2004. Segundo as previsións, o primeiro borrador do libro debera presentarse en marzo de 2005.

A publicación do Libro Branco virá ofrecer datos oficiais e análises actuais sobre o desenvolvemento do sector audiovisual galego. As cifras permitirán comprobar cal é o grao de desenvolvemento do sector e o alcance da súa expansión a día de hoxe, logo dun ano no que a industria audiovisual do país estivo moi presente no discurso dos medios. A celebración do II Congreso Galego Audiovisual -once anos despois daquela primeira edición, na que aínda non era posible pensar nunha verdadeira industria- veu poñer de manifesto o auxe que está a experimentar o sector e serviu para extraer unha serie de conclusións a respecto da estratexia a seguir na presente etapa de consolidación. Na fase actual, o obxectivo a acadar pasa pola amplificación de mercados: a industria galega continúa estando atomizada de máis, a demanda actual no mercado galego é insuficiente e a penetración no español é aínda leve, polo que se impón reforzar este último e mais dar o salto final cara ao mercado internacional. En todo caso, a intención é facelo sen perder de vista a mantenza dos valores culturais propios –tamén como fórmula comercial válida- e o emprego de profesionais autóctonos. Así quedou de manifesto no Congreso e así o quixo salientar o seu coordinador e presidente da Academia Galega do Audiovisual, Manolo Gómez, durante o seu discurso de clausura.

A busca de novos mercados é imprescindible se o sector quere alcanzar a valerse por si mesmo, xa que a súa dependencia do capital público é aínda demasiado acusada. Seguen sendo imprescindibles os fondos recibidos ben directamente da administración, ben da adquisición de produtos pola TVG, cliente máis importante das produtoras galegas. A fin de propiciar a saída ao exterior, o sector logrou que a Xunta dese saída ao Plan de Promoción do Audiovisual Galego, con inicio no ano 2005 e cun presuposto de 3,3 millóns de euros. Destes, 240 000 euros estarán xestionados polo Consorcio do Audiovisual para o desenvolvemento do Plan de Internacionalización do Audiovisual Galego, que servirá para lanzar unha campaña de comunicación, formación e imaxe orientada á promoción exterior.

Como xa foi adiantado, un grupo formado por produtoras, empresas e entidades financeiras galegas optará ás dúas canles autonómicas de televisión dixital. De lograr algunha licenza, os produtores de contidos galegos atoparían no mercado autóctono unha

nova e atractiva saída de negocio. Mesmo se non logran ningunha concesión, a televisión dixital presenta unha oportunidade única para o sector, xa que a multiplicación de canles precisará dunha ampla oferta de contidos, tanto audiovisuais como multimedia e interactivos. Mais, por outra banda, é preciso ter presente que esa proliferación da oferta televisiva conducirá a unha muda paralela nos hábitos de visionado. É de agardar unha segmentación profunda das audiencias, polo que a especialización e a personalización deben guiar a oferta programática e, por extensión, o deseño de contidos. Posto que as novas formas de ver televisión esixen novas formas de producir televisión, o sector galego ten de permanecer atento.

A lingua

O borrador do Decreto polo que se regula o réxime xurídico da xestión do servizo público de televisión dixital na Comunidade Autónoma de Galicia⁷², define no seu artigo 12 os dereitos e obrigas dos titulares das concesións. Nel establécese o seguinte a propósito do emprego da lingua galega:

- Artigo 12.g: «[O titular de concesión debe] Emitir programas de produción propia un mínimo do 60% do total da emisión, do que o 50% debe emitirse en lingua galega. Debe de entenderse dentro daquela porcentaxe aquelas coproducións nas que a participación dunha produtora galega sexa polo menos do 25% da produción audiovisual».
- Artigo 12.i: «[O titular de concesión debe] Empregar o idioma galego de xeito usual nas emisións de conformidade coa Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística».

O primeiro apartado obriga a emitir en galego o 50% da produción propia, fixada nun mínimo dun 60%. Deste xeito, a lei permitiría que unha canle emitise en galego o 30% do total dos contidos. Permitiríase, por exemplo, unha emisión en galego de só 10 horas por semana (o que resulta do 30% do mínimo de 32 horas semanais ao que obriga o artigo

⁷² A actualización do borrador vixente á finalización deste epílogo corresponde ao mes de febreiro de 2005.

12.f). Por outra banda, o artigo 12.i semella vir completar o primeiro apartado mencionado, mais non o logra ao tomar como referencia a vella Lei de normalización de 1983, na que non se marca explicitamente o uso do galego nos medios privados. Deste xeito, as dúas canles autonómicas e as 60 canles locais dixitais de titularidade privada non estarían obrigadas a emitiren en galego máis dun 30% das súas emisións, sempre partindo do suposto de que a porcentaxe de produción propia fose do 60% do total das emisións. Un problema engadido é que moitas emisoras locais quizais atopen moitos atrancos mesmo para alcanzaren esa porcentaxe mínima de contidos propios. Xa que, polo de agora, o borrador do futuro decreto supedita o emprego da lingua á produción propia, o posible incumprimento da legalidade neste aspecto podería rematar estendéndose ao caso da lingua.

É certo, porén, que existirán dúas canles autonómicas integramente en galego a finais de 2005, de se cumpriren as previsións da CRTVG. E cómpre lembrar tamén que a televisión en galego ten unha importancia extraordinaria para o incremento da produción en galego a mans da industria audiovisual.

NOTA

O corpus deste proxecto rematou de realizarse en xullo do 2004. Nel queda fixado un repaso do que foi a televisión en Galicia durante as súas tres décadas de vida. No transcurso dos trámites para a edición desta publicación, foron ampliados cronoloxía e epílogo, coa intención de actualizar ao máximo o corpus do traballo por esixencia das transformacións recentes asociadas, sobre todo, á implantación en España da televisión dixital terrestre. A cronoloxía detense no 31 de decembro de 2004; o epílogo rematou de redactarse o 28 de febreiro de 2005.

Asemade, a Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega quere facer constar que os documentos sonoros e mais as transcricións textuais íntegras dos debates organizados pola mesma –resumidos nos apartados finais de cada un dos capítulos desta publicación- fican na sede do organismo á enteira disposición do investigador ou interesado.